


2003 INFORME

sobre a Situación Sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

2003 INFORME

sobre a Situación Sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

Edita

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

R/ Algalia de Abaixo, 24

Tel.: 981 541 601 ■ Fax: 981 541 610

15704 Santiago de Compostela

Realiza: DIFUX, S.L.

ISSN: 1135-6626

Depósito legal: VG-525-1994

Este informe pode consultarse tamén no sitio web do Consello:
<http://cgrl.xunta.es>

CERTIFICACIÓN

María Peña Cebreiro,

secretaria do Consello Galego de
Relacións Laborais

CERTIFICA

Que no Pleno ordinario celebrado polo Consello Galego de Relacións Laborais o vinte de outubro de dous mil catro acordouse a publicación do Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega en 2003, elaborado por encargo do Consello Galego de Relacións Laborais.

PRESENTACIÓN

É un motivo de satisfacción presentar unha vez máis o Informe da situación sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega, correspondendo este do ano 2003, á súa décimo terceira edición.

O Consello Galego de Relacións Laborais, cumprindo co mandato da súa lei reguladora, pretende con esta publicación, aportar datos, contidos, variables e claves en xeral, que permitan obter unha radiografía da realidade socioeconómica e laboral do noso país. Para esta tarefa, o pleno do consello, depositou a súa confianza nun equipo de autores experto nas respectivas materias e independente, que esmiuza de xeito exhaustivo aspectos como o emprego, a sinistralidade, a conflitividade, a negociación colectiva ou a estrutura empresarial entre outros moitos.

O traballo rigoroso, serio e profesional dos autores, o afondamento e análise da negociación colectiva por parte de persoal do consello, así como unha impecable tarefa de coordinación e apoio técnico por este último, permiten que nos atopemos ante un documento único, cada vez máis valorado e de gran aceptación.

Compre resaltar a vocación e intención de utilidade pública deste informe, é o noso desexo de que o mesmo a través do estudo, a análise e o debate contribúa positivamente ó crecemento e mellora socioeconómica de Galicia.

Pola nosa banda non queda máis que agradecer o traballo ben feito, desexar o proveito para todos aqueles colectivos e persoas que cada ano en maior número o demandan, e comprometernos desde este intre na mellora cara ó informe do ano 2004.

Un cordial saúdo.

Outubro de 2004

Demetrio Fernández López

Presidente do Consello Galego de
Relacións Laborais





2003 INFORME

sobre a Situación Sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega



COORDINACIÓN TÉCNICA E INFORMÁTICA

Eva María Camino Fernández

Ana Iglesias Pardo

Funcionarias do Consello Galego
de Relacións Laborais



Autores



Carlos Domenech de Aspe

Inspector de Traballo e Seguridade Social



Francisco Veloso Cermeño

Interventor da Seguridade Social



Francisco Carballal Lugrís

Letrado da Xunta de Galicia



Manuel Roca Cendán

Catedrático de Tecnoloxía Administrativa



O capítulo 7, sobre a Negociación Colectiva, foi elaborado por

Carmen Cabanas Carlín e Lucía Ansedes Domínguez,

funcionarias do Consello Galego de Relacións Laborais



Capítulo 1

A economía galega no ano 2003

I.1	Crecemento economico: contornos internacional e estatal	21
I.2	Crecemento economico galego	25
I.2.1	Evolucion do PIB e dos seus compoñentes. A pegada do prestige.....	26
I.2.1.1	A perspectiva da demanda.....	26
I.2.1.2	A perspectiva da oferta	27
I.2.1.3	A Pegada do prestige.....	27
I.2.2	Crecemento economico das comunidades autonomas.....	29
I.2.2.1	Crecemento do ano 2003	29
I.2.2.2	Crecemento economico a longo prazo	31
I.3	Crecemento economico e xeracion de emprego.....	34
I.3.1	A xeracion do emprego no ano 2003	35
I.3.2	Crecemento economico e do emprego a longo prazo	36
I.3.3	Estrutura sectorial do emprego por comunidades autonomas.....	39
I.4	Comercio exterior	41
I.4.1	Comercio exterior galego e taxa de cobertura.....	41
I.4.2	Distribucion por productos	43
I.4.3	Distribucion por estados	44
I.5	Ampliacion da UE. Reordenacion de fondos comunitarios. Deslocalizacion	46
I.5.1	Ampliacion da UE e reordenacion de fondos comunitarios.....	46
I.5.2	Ampliacion da UE e deslocalizacion	47
I.6	Evolucion dos prezos, salarios e gastos	48

1.6.1 A inflacion	48
1.6.2 Os salarios e outros custos laborais	52
1.6.3 Gasto e aforro.....	57

Capítulo 2

Estructura Empresarial e Política Industrial

2.1 Introducion.....	63
2.2 As empresas galegas, nos directorios empresariais.....	64
2.2.1 As empresas galegas, no DIRCE	64
2.2.2 As empresas no directorio de Galicia	72
2.3 Estatísticas de sociedades mercantis. Situacion economico-financeira das empresas galegas	77
2.3.1 Estatística de sociedades mercantis.....	77
2.3.2 Situacion economico-financeira das empresas galegas	79
2.4 Analise de enquisas industriais e de opinións empresariais.....	81
2.4.1 Enquisas industriais de empresas e de productos.....	81
2.4.2 Outras enquisas empresariais.....	86
2.4.3 Investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico (I+D)	90
2.4.4 Indicadores de alta tecnoloxía	93
2.5 A empresa industrial pública: a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI)	97
2.6 Política industrial. A aportación das administracións públicas	99
2.6.1 As actuacións da UE	99
2.6.2 A aportación da Administración Xeral do Estado	107
2.6.3 A aportación da Administración Autonómica	114

Capítulo 3

Poboación e mercado de traballo

3.1 A poboación galega	121
3.1.1 Evolución da poboación	121
3.1.2 Movementos naturais de poboación	124
3.1.3 Movementos migratorios	127
3.1.4 Estructura por idades. Índice de envellecemento	130
3.2 Estudo das variables laborais. Cambio metodolóxico.....	132
3.2.1 A EPA-2002	132
3.2.2 Repercusión dos cambios metodolóxicos da EPA	133
3.2.3 Cuantificación do impacto da nova metodoloxía	134
3.3 Resumo das principais variables laborais	135
3.4 A poboación activa.....	137
3.4.1 Poboación activa e taxa de actividade	137
3.4.2 Distribución da poboación activa por sexos, sectores económicos, provincias e grupos de idade	140
3.5 A poboación ocupada	144
3.5.1 Poboación ocupada e taxa de ocupación	144

3.5.2	Distribucion da poboacion ocupada por sexos, provincias, grupos de idade, sectores economicos e situacion profesional.....	148
3.6	O para estimado	153
3.6.1	Poboacion parada e taxa de paro	153
3.6.2	Distribucion do paro por sexo, provincias, idades e tempo de busca de emprego	157
3.7	O paro rexistrado.....	159
3.8	A poboación inactiva.....	164

Capítulo 4

Inicio da Relación Laboral

4.1	Inscrición de empresas e apertura de centros de traballo	167
4.1.1	Inscricións de empresas.....	167
4.1.2	Apertura de centros de traballo	169
4.2	Afiliacións e altas na Seguridade Social	175
4.2.1	Introdución	175
4.2.2	A evolución a medio prazo.....	176
4.2.3	Análise dos sete últimos anos	177
4.2.4	Traballadores afiliados por sexo e réxime	178
4.2.5	Traballadores afiliados por sector de actividade	180
4.2.6	Altas iniciais.....	181
4.2.7	Afiliacións e altas por comunidades autónomas	182
4.3	Estranxeiros	185
4.3.1	Emigración e inmigración	187

Capítulo 5

Contratación. Empresas de traballo temporal e economía social

5.1	Introdución	191
5.2	Modalidades contractuais	196
5.2.1	Contrato eventual.....	196
5.2.2	Obra ou servizo determinado.....	199
5.2.3	Contrato de interinidade	202
5.2.4	Contrato para a formación	205
5.2.5	Contrato de traballo en prácticas	211
5.2.6	Contrato de inserción	215
5.2.7	Contratos de relevo, xubilación parcial e substitución.....	217
5.2.8	Outros contratos.....	221
5.2.9	Contratos indefinidos ordinarios	223
5.2.10	Contrato para o fomento da contratación indefinida	224
	Conclusións de contratación 2003	228
5.3	Empresas de Traballo Temporal	229
5.4	Economía Social	237

Capítulo 6

Formación Profesional Ocupacional e Continua

6.1. Introducción	247
6.2. Formación Ocupacional: Informe da xestión en 2003	250
6.3. Formación ocupacional	275
6.3.1. Programación da formación ocupacional	275
6.3.1.1. Plan FIP	275
6.3.2. Inserción Laboral	277
6.4. Formación continua	279
6.5. Outras políticas activas de Emprego. Balance de resultados 2003.....	283
6.5.1. Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral	283
6.5.2. Actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego	285
6.5.3. Integración laboral dos traballadores con discapacidade	286
6.5.4. Iniciativas de Emprego: Iniciativas locais de emprego (ILES), Iniciativas de Emprego rural (IER) e Iniciativas de Base tecnolóxica (lebt's)	286
6.6. Programas de Cooperación e Escolas Obradoiro	286
6.6.1. Programas de Cooperación con Entidades Locais.....	286
6.6.2. Programas de Cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades se animo de lucro	287
6.7. Escolas obradoiro, Obradoiros de Emprego e Unidades de Promoción e Desenvolvemento	287
6.8. Programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica	288

Capítulo 7

A Negociación Colectiva

Parte I. A negociación colectiva en Galicia	291
7.1. Metodoloxía	291
7.2. Estrutura da negociación colectiva	292
7.3. Ámbitos de aplicación	296
7.3.1. Funcional	296
7.3.2. Territorial	297
7.3.3. Temporal	297
7.3.4. Persoal	298
7.4. Réxime económico	301
7.4.1. Incremento salarial medio ponderado	301
7.4.2. Cláusulas de revisión salarial	304
7.4.3. Réxime de descolgue salarial	314
7.4.4. Abono de atrasos e anticipos	314
7.4.5. Estrutura salarial.....	314
7.5. Tempo de traballo	325
7.5.1. A xornada laboral	325
7.5.2. Horas extraordinarias	327
7.5.3. Vacacións	329

7.5.4. Permisos	332
7.5.4.1. Ampliación dos permisos ás parellas de feito	333
7.5.4.2. Permisos por asuntos propios	333
7.5.4.3. Permisos non retribuídos	334
7.5.5. Conciliación da vida laboral e familiar	334
7.5.6. Absentismo	335
7.6. Outras cláusulas	336
7.6.1. Melloras sociais	337
7.6.2. Saúde laboral	339
7.6.3. Formación profesional	343
7.6.4. Desconto da cota sindical e crédito de horas sindicais	344
7.6.5. Contratación e emprego	346
7.6.6. Mobilidade xeográfica. Traslados e desprazamentos	359
7.6.7. Mobilidade funcional	360
7.6.8. Promoción e ascensos	361
7.6.9. Clasificación profesional	362
7.7. Outros temas obxecto de negociación	363
7.7.1. Cláusulas sobre discriminación e acoso	363
7.7.1.1. Discriminación	363
7.7.1.2. Acoso sexual	364
7.7.2. Réxime disciplinario	365
7.7.3. Cláusulas sobre o idioma	365
7.7.4. Cláusula de sometemento ó AGA	366
Parte II. Convenios colectivos estatais con aplicación en Galicia	367

Capítulo 8

A siniestralidade laboral

8.1. Introducción	375
8.2. Distribución por gravidade e provincias	377
8.3. Distribución dos accidentes de traballo, en xornada de traballo, con baixa por sectores económicos	379
8.4. Distribución por actividades	381
8.5. Distribución por distintas variables	386
8.6. Exame específico dos accidentes mortais	386
8.7. Evolución da sinistralidade laboral	391
8.8. Accidentes de traballo con baixa e enfermidades profesionais, segundo a gravidade, por comunidades autónomas	394
8.9. Índices de incidencia	395
8.10. Enfermidades profesionais	397

Capítulo 9

Conflitividade e medios de solución dos conflitos de traballo

9.1. Folgas	399
9.2. Conciliacións colectivas e individuais	404
9.3. Xestión do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA)	415

9.4. Xulgados do Social	418
9.4.1. Por materias.	420
9.4.2. Por provincias	422
9.5. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social	423

Capítulo 10

A regulación de emprego e o fondo de garantía salarial

10.1. Introducción	431
10.2. Regulación de emprego	432
10.3. Causas dos expedientes	434
10.4. Actividades económicas afectadas	434
10.5. Evolución experimentada	436
10.6. O Fondo de Garantía Salarial.....	437

Capítulo 11

Protección social

11.1. Introducción	443
11.2. Pensións contributivas da Seguridade Social: aspectos xerais.....	446
11.3. Análise dos datos sobre as pensións do sistema	462
11.3.1. Pensións de xubilación	462
11.3.2. Pensións de invalidez permanente	465
11.3.3. Pensións de viuvez.....	469
11.3.4. Pensións de orfandade	471
11.3.5. Pensións en favor de familiares	471
11.4. Outras prestacións	474
11.4.1. Prestacións de incapacidade temporal.....	474
11.4.2. Prestacións de maternidade.....	475
11.4.3. Prestacións familiares por fillo a cargo	476
11.4.4. Prestacións por desemprego.....	479
11.5. Pensións de carácter non contributivo e asistencial	483

Capítulo 12

Eleccións sindicais

491

Anexo

Emprego e investimento público

1. Inversións e cadro de persoal da Administración do Estado en Galicia ..	509
2. Inversións e cadros de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia....	512
3. Cadro de persoal da Administración Local en Galicia.....	520
4. Inversións e cadro de persoal dos entes públicos e sociedades estatais en Galicia	502

Conclusións do equipo autor deste informe.....	525
---	------------

Índice de cadros	532
-------------------------------	------------

INFORME



A ECONOMIA GALEGA
NO ANO 2003

1

1.1 Crecemento económico: contornos internacional e estatal

Neste primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2003 a través da análise de diversas variables macroeconómicas. No primeiro apartado achegarémonos ó crecemento económico do pasado ano nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer-lo marco xeral no que sitúa-lo decorrer económico de Galicia.

No ano 2003 seguen a se consolidar as perspectivas de recuperación económica internacional, aínda que debe subliñarse que o crecemento europeo estivo moi por baixo do previsto. A importante recuperación da economía estadounidense e o notable e continuado empuxe da economía chinesa (auténtico protagonista como dinamizador fundamental do comercio internacional neste comezo de milenio) son dous aspectos a resaltar. Con todo, non hai que esquecer que a economía mundial segue a padecer a incerteza xeopolítica internacional (con importante repercusión no prezo do petróleo) que xa citabamos no *Informe Sociolaboral* do pasado ano.

O gran dinamismo económico que de 1992 a 2000 rexistrou a economía estadounidense entrou en crise no ano 2001. No ano 2002 comezou a recuperación e no 2003 continuou, ao abeiro dunha política monetaria expansiva que estableceu a taxa de interese no 1% (a menor porcentaxe dos últimos corenta anos). O crecemento económico do último ano foi do 3,1% (que ascende ao 4,3% se o medimos pola taxa interanual no cuarto trimestre do ano), pero o crecente déficit público e o elevado déficit exterior (que a notable caída da cotización do dólar non reduciu significativamente) pesan como grandes lousas sobre esa expansión económica.

A Unión Europea, que no ano 2002 subiu un 1,1%, seguiu en 2003 coa ralentización económica, e o seu PIB só medrou un 0,7%, marcando xa un trienio de baixo crecemento económico. A “eurozona”, pola súa banda, na que medrara o PIB nun 0,9% en 2002, reduciu á metade esa taxa no ano 2003 (0,4%). A importante apreciación do euro respecto do dólar estadounidense supuxo un claro freo ás exportacións e un estímulo ás importacións doutras áreas, aínda que foi positivo para un maior control da inflación.

A principal potencia económica de Europa (Alemaña) segue acusando a desaceleración con especial virulencia: se en 2001 crecera un 0,6% (frente ó 3% do ano anterior), e en 2002 tan só un 0,2%, no ano 2003 o seu crecemento económico foi nulo (o peor dato da última década). As cifras do PIB do último trienio, xa que logo, amosan o baixísimo dinamismo económico alemán nese período, ben lonxe do liderazgo expansivo doutras etapas no conxunto da economía europea. Ademais, o seu importante déficit público (por riba do límite establecido no *Plan de Estabilidade e Crecemento*) está xerando tensións con outros socios da UEM e unha polémica ó redor da igualdade de trato á hora das sancións polo seu incumprimento en comparación con estados de menor peso.

Pouco máis perceptible foi o proceso de recuperación económica en Francia, que presentou un modesto crecemento medio do 0,2% no ano 2003. Xapón, pola súa banda, despois do 0,3% de crecemento do ano 2002, conseguiu en 2003 o maior crecemento económico do último trienio (2,7%) e pechou o ano coa menor taxa de desemprego desde xuño de 2001 e cunha taxa intertrimestral anualizada de suba do PIB do 6,4% (a maior dos últimos trece anos).

Pola súa banda, a economía chinesa continúa cun vertixinoso ritmo de crecemento (9,1% en 2003) que no último quinquenio estivo sempre por riba do 7%. No último ano, a inversión en activos fixos creceu un impresionante 26% e a inversión directa estranxeira foi de 53.500 millóns de dólares (China é xa a maior receptora mundial de inversión directa). Xa é a sexta economía mundial polo valor da súa produción, e tamén o estado maior consumidor de cemento, carbón, aceiro, níquel ou aluminio e o segundo maior importador de petróleo. En tempo de globalización e deslocalización industrial, o seu ritmo de crecemento pode continuar nos anos vindeiros (aproveitando ademais o “tirón inversor” vencellado ás infraestruturas co pulo das Olimpíadas de 2008) e conseguir en menos dunha década un posto de “podium” na clasificación das potencias económicas mundiais.

Os índices de crecemento económico do último quinquenio en dezasete estados da OCDE (así como na OCDE, na UE e máis nos estados europeos da OCDE) poden verse no cadro I.1. Con base no ano 1995, sobrancean desde entón as subas acumuladas do PIB de Australia (34%), Finlandia (32,6%), Canada (31,1%), España

(29,8%) e Estados Unidos (29,4%), moi por riba da OCDE (23,5%) e máis aínda do rexistrado nos países europeos da OCDE (19,8%) ou na UE (18,8%).

Dos estados analizados no cadro 1.1, o menor crecemento na última década tiverono Suíza -que só medrou un 0,4% e segue actualmente no nivel do ano 1995-, Alemaña e Xapón (os dous ó redor do 10%) e Italia (12,7%).

No cadro 1.2 presentámo-las taxas de desemprego de vinte países da OCDE no último quinquenio. España segue a ser no ano 2003 o estado con maior taxa de paro da OCDE e repite o dato do ano anterior (e do ano 2000). A taxa de desemprego española de 2003 (11,3%) supera nun 59% a media da OCDE e nun 41% a da UE. Os estados que seguen a España en altas taxas de paro son, por vez primeira, Francia (9,4%) e Alemaña (9,3%); os de menos taxa de paro seguen a ser Holanda, Luxemburgo e Suíza (todos por baixo do 4%).

■ Cadro 1.1

Crecemento económico. OCDE ⁽¹⁾. 1999-2003

	Peso relativo ⁽²⁾	1999	2000	2001	2002	2003
OCDE	100,0	113,2	117,6	118,8	120,9	123,5
OCDE Europa	40,9	110,9	115,3	116,8	118,5	119,8
Unión Europea						
Total UE	35,5	110,4	114,6	116,6	117,9	118,8
España	2,9	115,9	120,8	124,2	126,7	129,8
Alemaña	8,4	106,0	109,3	110,4	110,6	110,5
Francia	5,7	110,2	114,8	117,2	118,6	118,8
Italia	5,5	106,6	110,0	111,9	112,3	112,7
Países Baixos	1,6	116,1	120,1	121,6	121,9	121,0
Reino Unido	5,2	112,4	116,7	119,2	121,1	123,8
Dinamarca	0,6	111,0	114,1	115,9	117,1	117,1
Portugal	0,7	116,8	120,8	122,9	123,5	121,9
Austria	0,8	110,6	114,4	115,3	116,8	117,8
Suecia	0,8	112,3	117,2	118,7	121,0	123,0
Finlandia	0,5	119,8	126,0	127,3	130,2	132,6
Outros países da OCDE						
Suíza	0,9	96,8	99,9	100,8	100,9	100,4
Noruega	0,5	116,1	119,5	122,6	124,3	124,6
EEUU	35,1	117,9	122,2	122,8	125,5	129,4
Canadá	3,2	116,4	122,5	124,8	128,9	131,1
Xapón	13,6	104,3	107,2	107,6	107,3	110,1
Australia	1,9	118,5	122,3	125,4	130,1	134,0

(1) PIB do ano 1995=100

(2) Porcentaxe do PIB sobre o PIB total da OCDE

Fonte: OCDE: "Main Economic Indicators"

No cadro 1.3 recollémo-las taxas de crecemento interanual de diversos agregados macroeconómicos da Contabilidade Nacional de España (elaborada polo INE) para os anos 2000-2003. O PIB español de 2003 reflicte que a taxa de crecemento (2,4%) foi 0,4 puntos superior á do ano anterior. Este crecemento superou en dous puntos á media da "Eurozona" e en 1,7 puntos á media da UE-15. Como estivo moi por riba do crecemento económico na UE ou na "eurozona", supón un achegamento real importante de España cos seus socios comunitarios.

Taxas de paro ⁽¹⁾. OCDE. 1999-2003

■ Cadro 1.2

	1999	2000	2001	2002	2003
OCDE	6,7	6,3	6,5	7,0	7,1
OCDE Europa	9,0	8,5	8,3	8,6	8,8
Unión Europea					
Total UE	8,7	7,8	7,4	7,7	8,0
España	12,8	11,3	10,6	11,3	11,3
Alemania	8,4	7,8	7,8	8,6	9,3
Francia	10,7	9,3	8,5	8,8	9,4
Italia	11,3	10,4	9,4	9,0	8,7
Países Baixos	3,2	2,9	2,5	2,7	3,7
Bélxica	8,6	6,9	6,7	7,3	8,1
Luxemburgo	2,4	2,3	2,1	2,8	3,7
Reino Unido	5,9	5,4	5,0	5,1	5,0
Irlanda	5,6	4,3	3,9	4,3	4,6
Dinamarca	4,8	4,4	4,3	4,5	5,6
Portugal	4,5	4,1	4,1	5,0	6,5
Austria	3,9	3,7	3,6	4,3	4,4
Suecia	6,7	5,6	4,9	4,9	5,6
Finlandia	10,1	9,8	9,1	9,1	9,0
Outros países da OCDE					
Suíza	3,0	2,6	2,6	3,2	3,1
Noruega	3,2	3,4	3,6	3,9	4,5
EEUU	4,2	4,0	4,8	5,8	6,0
Canadá	7,6	6,8	7,2	7,6	7,6
Xapón	4,7	4,7	5,0	5,4	5,2
Australia	6,9	6,3	6,7	6,3	5,9

(1) En medias anuais
Fonte: OCDE: "Main Economic Indicators"

■ Cadro 1.3

Evolución do PIB⁽¹⁾ e dos seus compoñentes. Perspectiva da demanda. España 2000-2003

	2000	2001	2002	2003	2002				2003			
					Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV
Produto interior bruto	4,2	2,8	2,0	2,4	2,2	2,0	1,8	2,1	2,2	2,3	2,4	2,7
Gasto en consumo final												
Total	4,2	3,0	3,0	3,3	2,6	3,2	2,9	3,5	3,3	3,2	3,5	3,4
Consumo de los hogares	4,0	2,9	2,6	3,0	2,0	2,8	2,5	3,3	3,0	2,8	3,1	3,0
Consumo de las ISFLSH	4,7	1,6	4,2	2,4	4,1	5,4	4,7	2,6	1,1	0,9	2,9	4,6
Consumo de las AAPP	5,1	3,6	4,4	4,6	4,6	4,5	4,2	4,2	4,3	4,5	4,8	4,8
Formación bruta de capital fixo												
Total	5,7	3,3	1,0	3,0	0,7	-0,9	1,5	2,9	3,2	3,4	3,0	2,5
Bens de equipo	4,8	-1,2	-5,3	1,9	-7,2	-11,0	-4,8	1,7	3,0	3,1	1,2	0,1
Construción	6,2	5,8	4,2	3,7	4,6	3,9	4,8	3,7	3,5	3,8	3,8	3,6
Variación de existencias ⁽²⁾	-0,1	-0,1	0,0	0,1	-0,3	-0,8	0,0	1,1	0,3	-0,1	0,2	-0,2
Demanda interna ⁽²⁾	4,6	3,0	2,6	3,4	1,9	1,4	2,6	4,5	3,6	3,2	3,7	3,1
Exportación de bens e servizos	10,0	3,7	0,0	4,1	-3,6	-1,9	1,2	4,4	4,4	7,8	2,2	1,8
Importación de bens e servizos	10,7	4,0	1,9	6,8	-4,2	-3,5	3,4	11,8	8,5	10,1	5,9	2,7

(1) Variacións porcentuais interanuais do PIB pm, a prezos constantes base 1995. Datos desestacionalizados e corrixidos do efecto calendario.

(2) Aportación ó crecemento do PIB

Fonte: INE. Boletín trimestral de Conxuntura, I/2004

A análise da evolución por trimestres do PIB español amosa que hai un crecemento continuado nos cinco últimos, que foi especialmente intenso no cuarto trimestre de 2003 (tres décimas máis que no anterior, o triple do que viña subindo en cada un dos catro trimestres anteriores).

Nunha análise máis polo miúdo destacarémo-los seguintes puntos do decorrer económico español do último ano desde a *perspectiva da demanda*:

-A demanda interna gañou forza respecto do ano anterior. No tocante á súa composición, o cadro reflicte unha lixeira expansión do gasto en consumo final (que pasou do 3% ó 3,3%) e unha forte suba da inversión (que pasou do 1% ao 3%) como consecuencia do importante crecemento da inversión en bens de equipo (do -5,3% ao 1,9%); a formación bruta de capital fixo rompeu así a tendencia decrecente do bienio anterior.

-No tocante ó sector exterior, tivo unha contribución á variación do PIB español do ano 2003 negativa (máis aínda que no ano anterior), como consecuencia da maior suba das importacións (pasan do 1,9% ao 6,8%) que das exportacións (soben un 4,1% despois do crecemento nulo do ano anterior). A economía española empeorou, xa que logo, a súa situación financeira respecto do resto do mundo, ao presentar unha necesidade de financiación de case 15.000 millóns de euros (fronte aos 11.000 millóns do ano anterior).

Examinando o cadro macroeconómico español desde a *perspectiva da oferta* (cadro 1.4) destacaremos no ano 2003 que se deu unha desaceleración na construción e no sector agro-gandeiro, unha suba nas ramas enerxético-industriais e unha estabilización nos servizos. Ao igual que no ano precedente, ningún dos sectores presentou signo negativo.

■ Cadro 1.4 Evolución do PIB ⁽¹⁾ e dos seus compoñentes. Perspectiva da oferta. España 2000-2003

	2000	2001	2002	2003	2002				2003			
					Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV
Produto interior bruto	4,2	2,8	2,0	2,4	2,2	2,0	1,8	2,1	2,2	2,3	2,4	2,7
Ramas												
Agraria e pesqueira	1,8	-3,3	1,2	0,7	7,5	2,0	1,8	-6,6	-1,6	-0,6	0,9	4,2
Enerxéticas	4,4	4,3	0,3	1,4	2,1	-1,2	-0,3	0,5	0,3	1,6	2,6	1,0
Industriais	3,9	2,0	0,7	1,3	-0,7	-0,4	1,1	2,7	2,5	1,7	0,2	0,7
Construción	6,1	5,5	4,8	3,6	5,1	4,5	5,5	4,1	3,4	3,7	3,8	3,5
Ramas dos servizos												
Total	4,1	3,3	2,2	2,1	2,1	2,5	1,9	2,2	1,7	1,6	2,5	2,7
Servizos de mercado	4,3	3,3	2,1	1,8	1,8	2,4	1,9	2,3	1,5	1,2	2,2	2,4
Servizos de non mercado	3,3	3,0	2,4	3,3	3,1	2,6	2,0	1,8	2,5	3,0	3,7	3,9

(1) Variacións porcentuais interanuais do PIB pm, a prezos constantes base 1995. Datos desestacionalizados e corrixidos do efecto calendario.

(2) Aportación ó crecemento do PIB

Fonte: INE. Boletín trimestral de Conxuntura, I/2004

1.2 Crecemento económico galego

Neste apartado estudaremos, en primeiro lugar, o crecemento económico galego no último bienio (desde as perspectivas da demanda e da oferta). Despois analizaremos a evolución nun prazo máis longo da produción e a renda (globais e por habitante) nas distintas comunidades autónomas, e remataremos co estudo dos datos galegos e estatais no marco da UE.

1.2.1. Evolución do PIB e dos seus compoñentes. A pegada do Prestige.

Os datos do IGE indican que a economía galega tivo un maior crecemento económico no ano 2003 (2,4%) que no anterior (1,9%). O seguimento da evolución dos compoñentes do PIB que figura no cadro 1.5 amosa que o ritmo da suba do PIB foi continuo nos catro trimestres do ano.

O crecemento económico galego de 2003 foi semellante ao español e notablemente maior que na UE (1,7 puntos máis) e que na UEM (2 puntos máis).

O INE fai a súa propia estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas ao traveso da *Contabilidad Regional de España*, que está adaptada ó novo sistema metodolóxico instaurado no conxunto da UE. Os datos do ano 2003 reflicten tamén que o PIB galego creceu á par da media española.

■ Cadro 1.5 Evolución do PIB ⁽¹⁾ e dos seus compoñentes. Perspectiva da demanda. Galicia 2002-2003

Operacións	Ano		2002				2003			
	2002	2003	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV
Gasto en consumo final	2,7	3,3	2,8	3,0	2,8	2,4	3,2	3,1	3,3	3,5
Gasto en consumo final dos fogares	2,6	3,1	2,7	2,8	2,7	2,1	2,9	2,9	3,1	3,4
Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,4	4,0	3,1	3,8	3,2	3,6	4,2	3,6	4,1	4,0
Formación bruta de capital	1,4	3,3	1,5	0,8	1,0	2,4	2,9	3,6	3,5	3,1
Demanda interna ⁽²⁾	2,7	3,7	2,8	2,7	2,6	2,8	3,5	3,7	3,8	3,9
Exportación de bens e servizos	4,0	6,5	0,9	10,4	3,5	1,6	8,2	4,8	4,4	8,6
Importación de bens e servizos	4,3	7,0	1,5	9,2	4,0	2,7	8,6	5,8	5,2	8,3
Produto Interior Bruto	1,9	2,4	2,2	2,2	1,8	1,7	2,1	2,2	2,5	2,9

(1) Taxas porcentuais de variación interanuais do PIB pm, a prezos constantes, base 1995. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

(2) Achega ó crecemento do PIB

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

1.2.1.1 A perspectiva da demanda

Coincidindo coa presentación das estimacións do cuarto trimestre de 2003, o Instituto Galego de Estatística comezou a proporcionar na súa *Contabilidade Trimestral* series trimestrais dos principais compoñentes da demanda, o que posibilita a realización dunha análise máis completa da conxuntura económica galega. A análise desde a *perspectiva de demanda* dos compoñentes do PIB (cadro 1.5) reflicte que:

A achega da demanda interna (3,7%) superou nun punto á do ano anterior. O maior aumento deuse no ano 2003 no apartado da formación bruta de capital (que subiu case dous puntos).

A achega de demanda externa foi claramente negativa (e con máis intensidade que no ano anterior). O aumento nas exportacións de bens e servizos respecto do ano anterior (pasou dun 4 a un 6,5%) foi inferior ao das importacións (que pasou do 4,3% ao 7%).

1.2.1.2 A perspectiva da oferta

A análise desde a perspectiva da oferta da evolución do PIB de Galicia no último bienio constata que:

■ Respecto do ano anterior, a mellor evolución foi a das ramas de produtos enerxéticos, seguida da construción e dos servizos, mentres que o comportamento máis negativo presentouno o sector agro-pesqueiro, seguido do de produtos industriais.

■ A diferenza dos compoñentes analizados na perspectiva da demanda (que presentaron todos signo positivo) presenta signo negativo no ano 2003 o sector agro-pesqueiro. O impacto do verquido derivado do afundimento do *Prestige* é, sen dúbida, o factor explicativo fundamental, porque o signo negativo céntrase fundamentalmente no primeiro semestre do ano (cunha media de -5,75%), período no que está o tempo de peche da pesca na costa galega.

■ Cadro 1.6

Evolución do PIB ⁽¹⁾ e dos seus compoñentes. Perspectiva da oferta. Galicia 2002-2003

	Ano		2002				2003			
	2002	2003	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV	Tri. I	Tri. II	Tri. III	Tri. IV
Ramas agraria e pesqueira	0,6	3,9	1,8	-0,1	4,1	-3,0	-5,8	5,7	2,8	-1,2
Ramas enerxéticas	-3,4	3,5	-7,5	-5,5	-3,0	2,8	5,1	5,0	4,0	0,0
Ramas industriais	2,7	2,0	4,3	3,4	1,5	1,5	0,5	2,5	2,1	2,6
Construción	3,0	4,1	4,7	2,9	1,6	2,7	2,6	3,9	5,0	5,1
Ramas dos servizos	2,2	2,5	2,2	2,5	1,9	2,1	2,5	2,2	2,7	2,9
Servizos de mercado	2,0	2,1	2,1	2,3	1,7	2,0	2,0	1,8	2,3	2,3
Servizos de non mercado	2,7	3,9	2,6	3,2	2,6	2,3	3,9	3,3	3,8	4,8

(1) Taxas porcentuais de variación interanuais do PIB pm, a prezos constantes, base 1995. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario.
Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

1.2.1.3 A pegada do *Prestige*

Sinalabamos no *Informe Sociolaboral* do ano anterior o seguinte: "comezaron no tramo final do ano (afectando á comercialmente fundamental campaña do Nadal) as consecuencias derivadas do verquido do *Prestige*, aínda que estimamos que os efectos económicos e medioambientais serán moito máis importantes nun prazo longo".

Aínda que só nese prazo longo se terán os informes do impacto que na economía e no medio natural de Galicia tivo o verquido derivado do afundimento do *Prestige*, si que parece xa posible constatar indicios estatísticos macroeconómicos na *Contabilidade Trimestral* de Galicia que apuntan á importancia do mesmo. A *pegada do Prestige* quedou marcada no forte descenso do valor da produción agro-pesqueira no primeiro semestre do ano (case un 6%), que contrasta coa aportación positiva do primeiro ou do terceiro trimestre do ano anterior (1,8% e 4,1% respectivamente) ou mesmo coa estabilización do segundo trimestre. Ademais, o único

trimestre con aportación negativa significativa (-3%) no ano 2002 foi o cuarto, precisamente aquel no que comezou a catástrofe ecolóxica co afundimento do buque na primeira quincena de novembro. Por suposto que a extracción de conclusións sería máis doada se a información do IGE sobre o PIB distinguira entre a rama agrogandeira e a pesqueira, pero actualmente non aparece esa información nos cadro da *Contabilidade Trimestral* de Galicia.

Por outra parte, en decembro de 2003 a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia estimou nun 15% a caída da produción do sector pesqueiro nese ano. Un estudio realizado pola *Coordinadora de Confrarías* de Pescadores feito público en marzo de 2004, pola súa banda, estimou que a catástrofe do *Prestige* provocou unha diminución do 33% nas capturas do sector pesqueiro galego e unhas perdas económicas para o sector de case 72 millóns de euros. Neste Informe recóllese tamén que “non se recuperou a produtividade anterior ao *Prestige*” e que resulta moi probable que as secuelas da marea negra afectasen ao ciclo reprodutivo das especies, o que mantería niveis anormalmente baixos de produtividade no sector pesqueiro.

Con todo, sexan os datos reais máis próximos a un ou a outro estudio, cómpre ser conscientes de que a curto prazo a inxección de diñeiro público para facer fronte aos primeiros efectos da marea negra (por exemplo o pago de rendas para compensar aos pescadores imposibilitados temporalmente de realizar o seu traballo) pode enmascarar temporalmente as consecuencias económicas claramente negativas da catástrofe.

Unha catástrofe ecolóxica da magnitude da do *Prestige* destrúe a riqueza pero temporalmente pode aumentar a renda. Para entendela ben cómpre subliña-la diferenza entre renda e riqueza.

A *renda* é un fluxo anual, que está integrado pola suma de varios compoñentes (salarios, beneficios, transferencias, etc.) que xera un país. O importe das transferencias públicas (da Comunidade Autónoma, do Estado, da UE, de Concellos e Deputacións) e privadas (de empresas, particulares, fundacións...), xunto a outros apoios internacionais (por exemplo o ofrecemento marroquí de permitir temporalmente o acceso de buques ás súas augas xurisdiccionais) e mesmo o aumento temporal do emprego para as labores de limpeza da costa ou os beneficios empresariais derivados da estancia en Galicia dos miles de voluntarios da “marea branca”, teñen un efecto dinamizador da renda dispoñible de Galicia e mesmo pode no ano 2003, crecer a *renda* galega máis do que o tería feito se non se producise a marea negra.

A *riqueza*, en cambio, non é un fluxo temporal senón un fondo ou stock, un total acumulado ao cabo de toda unha historia do país, que se mide para un momento determinado e ten entre os seus compoñentes o capital físico, é dicir, os bens tanxibles (como por exemplo os recursos pesqueiros da plataforma mariña, os recursos naturais da costa –incluíndo, por suposto, o valor paisaxístico e o seu uso para a atracción do turismo–). A *riqueza* é máis difícil de medir que a renda pero a súa conservación é fundamental para asegura-la xeración de renda no futuro ¿Cal é por exemplo a valoración da desfeita do patrimonio natural dunha comunidade? ¿Como cuantifica-la perda derivada do feito de que xeracións futuras non teñan xa certas especies mariñas ou da redución da produtividade pesqueira a consecuencia de quedar afectado pola marea negra o ciclo reprodutivo dalgunhas especies?

Aínda que hai que esperar algún tempo para que os informes económicos e ecolóxicos teñan datos máis precisos para cuantifica-lo destrago causado pola catástrofe do *Prestige*, parece evidente que se pode afirmar que a riqueza de Galicia sufriu un deterioro moi grave (na flora e fauna, nas praias e acantilados, nas áreas naturais e nas construcións e mesmo nos barcos...).

Penso que moi ben podemos recolle-las seguintes palabras de Guillermo de la Dehesa, presidente do CEPR (Centre for Economic Policy Research) como resumo da *pegada do Prestige* en Galicia: "Galicia está a sufrir a maior catástrofe ecolóxica da súa historia. As súas consecuencias económicas van ser moi negativas e duradeiras (...) efectos negativos e duradeiros sobre os recursos naturais de Galicia, é dicir, sobre a súa riqueza, que non son facilmente cuantificables, e, ao mesmo tempo, ten a curto prazo uns efectos positivos sobre a súa renda (...). O feito é que un destroz tan grave da riqueza vai reduci-la renda de Galicia nos anos vindeiros xa que se deteriorou gravemente o seu hábitat, os seus medios de produción, o seu capital físico, o seu potencial turístico, a súa beleza natural. Pan para hoxe, e fame para mañá" (do artigo: "Paradojas económicas de la marea negra", publicado en *El País* o 16-I-2003).

1.2.2. Crecemento económico das comunidades autónomas

Ademais da evolución do PIB en Galicia, España ou a UE aos que fixemos referencia con anterioridade, tamén resulta moi importante facer un estudio do crecemento económico nas diversas comunidades autónomas, para situar a Galicia na posición que lle corresponda dentro dese decorrer económico.

1.2.2.1 Crecemento do ano 2003

Segundo os datos da *Contabilidade Rexional* que elabora o INE, Galicia ocupou a undécima posición na clasificación do crecemento das comunidades autónomas no ano 2003; quedaron por baixo dela: Melilla, Castela A Mancha, Ceuta, Asturias, Cantabria, Cataluña, C.Valenciana e Baleares (ordenadas de maior a menor suba do PIB).

O cadro 1.7 recolle os datos dos crecementos do valor engadido bruto e máis da poboación por comunidades autónomas, segundo a "Fundación de las Cajas de Ahorro para la Investigación Económica y Social" (FUNCAS). Reflicte a perda de ritmo do crecemento económico tanto en Galicia como a nivel estatal no bienio 2001-2002 e a recuperación do ano 2003 nos dous ámbitos territoriais (con maior intensidade en Galicia).

Nas comunidades autónomas o crecemento económico no ano 2003 variou entre o 3,19% de Aragón e o 1,03% de Baleares (comunidade que repite por sétimo ano consecutivo na última posición). Tódalas comunidades autónomas agás unha (Baleares) tiveron no último ano un crecemento económico superior ao 2% e todas (incluída Baleares) superaron a suba media da Unión Europea e máis da UEM.

Galicia, cun 2,68% de suba fronte ó 2,46% estatal, quedou no ano 2003 no sétimo posto (duodécimo o ano anterior) no *ranking* de crecemento económico das comunidades autónomas, que se pode ver polo miúdo no cadro 1,8.

Cadro 1.7 Crecemento económico(*) e variación da poboación. Por comunidades autónomas. 2000-2003

	% Crecemento económico								% Variación da poboación			
	Total				Sectores non agrarios							
	2000	2001	2002	2003	2000	2001	2002	2003	2000	2001	2002	2003
Andalucía	5,15	3,78	2,40	2,21	5,19	4,11	2,56	3,32	0,54	0,87	0,88	1,72
Aragón	4,61	2,19	1,72	3,19	4,70	2,34	1,94	2,90	-0,13	0,81	1,55	1,03
Asturias	4,04	2,41	1,98	2,20	4,11	2,36	2,02	2,20	-0,33	-0,11	-0,25	0,13
Baleares	4,71	2,87	0,24	1,03	4,81	2,96	0,24	1,02	1,23	3,97	4,79	3,31
Canarias	4,14	2,91	1,66	2,09	4,37	3,10	1,77	2,14	1,08	3,79	3,67	2,77
Cantabria	4,65	3,42	1,78	2,69	4,79	3,56	1,85	2,72	-0,01	1,15	0,98	1,37
C. A Mancha	4,83	2,75	1,75	2,48	4,91	3,07	1,99	2,35	0,18	1,35	1,38	1,89
C. León	4,47	2,66	2,49	2,85	4,41	3,37	2,39	2,84	-0,32	0,00	0,14	0,29
Cataluña	4,61	2,72	2,32	2,03	4,56	2,78	2,27	2,15	0,16	1,62	2,62	3,04
C. Valenciana	5,15	4,07	2,15	2,59	5,33	4,14	2,21	2,72	0,43	1,99	3,07	3,33
Extremadura	5,77	2,42	1,86	2,62	4,64	2,68	1,84	3,25	-0,04	0,36	-0,13	0,08
Galicia	4,34	2,73	1,89	2,68	4,76	2,85	2,00	2,72	-0,27	0,04	0,12	0,50
Madrid	4,97	3,37	2,65	2,97	4,97	3,37	2,65	2,97	0,04	3,21	2,85	3,47
Murcia	5,09	3,07	2,85	3,18	5,51	3,22	3,00	3,38	0,76	3,57	3,13	3,44
Navarra	4,83	2,41	2,74	2,95	4,97	2,56	2,81	3,02	0,17	2,16	2,65	1,51
País Vasco	4,10	3,11	1,72	2,12	4,44	2,94	1,86	2,17	-0,20	0,13	0,30	0,19
A Rioxa	4,77	2,62	1,93	2,64	4,87	2,90	2,21	2,76	0,09	2,36	4,02	2,05
Ceuta	4,02	2,54	2,12	2,44	4,04	2,56	2,12	2,44	0,58	0,60	-0,44	-1,60
Melilla	4,03	2,68	1,99	2,34	4,03	2,69	1,98	2,35	0,58	3,81	2,99	-1,04
España	4,76	3,12	2,19	2,46	4,82	3,25	2,25	2,65	0,21	1,53	1,81	2,10

(*) Medido pola variación do valor engadido bruto a prezos constantes
Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2001, 2002, 2003 e 2004

Clasificación das CCAA por crecemento económico (1). 2003

Cadro 1.8		%
	Aragón	3,19
	Murcia	3,18
	Madrid	2,97
	Navarra	2,95
	Castela e León	2,85
	Cantabria	2,69
	Galicia	2,68
	A Rioxa	2,64
	Extremadura	2,62
	Comunidade Valenciana	2,59
	Castela A Mancha	2,48
	Media española	2,46
	Ceuta	2,44
	Melilla	2,34
	Andalucía	2,21
	Asturias	2,20
	País Vasco	2,12
	Canarias	2,09
	Cataluña	2,03
	Baleares	1,03

(1) Medidos pola porcentaxe de variación do VEB
Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", marzo/abril 2001, 2002, 2003 e 2004

O crecemento económico galego en 2003 dos sectores non agrarios (2,72%) superou moi lixeiramente (catro centésimas) á suba xeral do VEB na nosa comunidade e tamén (en sete centésimas) á estatal, a diferenza do trienio anterior.

Na clasificación por crecemento da poboación, Galicia quedou en décimoterceira posición (cunha suba do 0,50% fronte á media estatal do 2,10%), nun ano de notable crecemento da poboación estranxeira residente en España; segundo a estimación de FUNCAS, catro comunidades autónomas tiveron un crecemento demográfico menor que Galicia no ano 2003 (Asturias, Castela-León, País Vasco e Extremadura), ademais das dúas cidades autónomas (Ceuta e Melilla), que foron as únicas nas que diminuíu a poboación nese ano.

O asentamento da poboación seguiu as pautas de anos anteriores, e segue a concentrarse fundamentalmente en Madrid, o arco mediterráneo e as illas Baleares e Canarias: así, as comunidades que tiveron un crecemento demográfico superior á media española foron no ano 2003: Madrid, Murcia, C.Valenciana, Baleares, Cataluña e Canarias (ordenadas de maior a menor suba poboacional).

Cómpre insistir en que os países nos que a poboación medra menos -coma está a ocorrer con Galicia desde hai ben anos- terán na evolución desta compoñente parte da explicación do mellor comportamento do PIB ou da renda *por habitante* en relación a outros de máis dinamismo demográfico, porque hai que lembrar que a evolución destas variables tan usadas para a medida da converxencia económica entre distintas sociedades está condicionada pola andaina de dúas magnitudes: o valor da produción xerada e máis a variación da poboación.

A perda de peso demográfico de Galicia no conxunto estatal a longo prazo foi obxecto de análise en anteriores *Informes Sociolaborais* (ós que remitimos ós interesados) e o estudo máis a fondo da evolución demográfica galega na última década pode consultarse no epígrafe 3.1 deste *Informe*. A igual evolución do PIB en Galicia e España, o PIB *por habitante* galego “converxerá” co estatal na medida en que, pola diferente dinámica demográfica, vai perdendo peso na poboación total española.

1.2.2.2. Crecemento económico a longo prazo

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando esa diferenza. Xa que logo, imos tratar neste epígrafe da converxencia (ou diverxencia) de Galicia na última década cos niveis medios de renda do Estado ou do conxunto da UE.

A evolución do PIB nas distintas comunidades autónomas no período: 1995-2003 reflicte (véxase cadro 1.9) que o crecemento acumulado de Galicia (30,64%) quedou por baixo do estatal (35,56%); só dúas comunidades (Aragón e Asturias) quedaron por baixo do crecemento galego. En taxa media anual de variación do PIB, esto supón unha suba do 3,40% en Galicia e do 3,88% no conxunto estatal.

Nas dúas últimas columnas do cadro 1.9 presentamos os datos da evolución do PIB por habitante nas distintas comunidades nese mesmo período: desta volta, cómprese que Galicia acurtou en 2,5 puntos o seu índice respecto do promedio estatal. O menor dinamismo demográfico de Galicia nesa xeira é a explicación desta diferenza entre a peor evolución (en comparanza coa estatal) do PIB en Galicia e a mellor evolución cos datos do PIB por habitante.

■ Cadro 1.9

Evolución do PIB ⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 1995-2003

	Millóns de euros	1995-2003		Índice de PIBpm por habitante Media española = 100	
	2003	% variación período	Taxa media anual acumulativa	1995	2003
Andalucía	86.598,5	39,78	4,28	73,30	75,72
Aragón	19.500,8	29,31	3,27	107,45	106,48
Asturias	13.689,6	26,45	2,98	84,14	85,31
Baleares	16.395,8	35,46	3,87	135,18	120,00
Canarias	24.367,3	40,25	4,32	92,94	87,66
Cantabria	7.690,3	35,77	3,90	90,81	94,25
Cast. A Mancha	22.628,7	35,83	3,90	82,84	82,45
Cast. e León	36.327,2	32,07	3,54	92,58	96,96
Cataluña	118.215,2	34,13	3,74	122,08	119,49
C. Valenciana	66.018,7	38,02	4,11	101,91	100,63
Extremadura	11.835,5	37,51	4,06	68,19	72,49
Galicia	34.713,2	30,64	3,40	82,14	84,69
Madrid	105.014,6	35,93	3,91	130,06	125,08
Murcia	15.246,3	43,24	4,59	82,67	79,33
Navarra	10.531,8	34,96	3,82	126,19	123,75
País Vasco	37.735,3	33,39	3,67	113,96	121,30
A Ríoxa	4.902,5	38,29	4,14	113,49	112,78
Ceuta	993,9	48,06	5,03	81,55	88,51
Melilla	886,3	37,90	4,10	92,40	85,98
España	633.291,5	35,56	3,88	100,00	100,00

(1) PIB a prezo de mercado. Prezos constantes, de base 1995
Fonte: FUNCAS

Unha fonte alternativa ós datos ofrecidos por FUNCAS son os aportados polo INE na *Contabilidad Regional de España* 1995-2003 (axeitada ó novo sistema metodolóxico instaurado no conxunto da UE). Nos datos difundidos polo INE no momento en que andamos a pechar a elaboración deste Informe (30 de xuño) recóllese que o PIB galego baixou a súa participación no total estatal nese período.

As comunidades autónomas que máis incrementaron a súa participación relativa no conxunto da economía estatal foron: Madrid (0,7 puntos), Canarias (0,4) e C. Valenciana (0,3). Pola súa parte, as que máis peso relativo perderon desde 1995 son Cataluña (-0,6 puntos) e Castela e León (-0,5 puntos).

No cadro 1.10 pódese ver a evolución de 1995 a 2003 dos índices por habitante de tres variables macroeconómicas relevantes: PIB, renda e renda dispoñible en paridade de poder adquisitivo. Como xa anteriormente nos referimos á evolución da primeira, sobrancearemos agora que:

■ No tocante á renda bruta por habitante, Galicia avanzou practicamente o mesmo que no PIB por habitante (ó redor de 2,5 puntos porcentuais) e queda na decimo-

cuarta posición da clasificación no ano 2003 (un posto máis adiante que no ranking por PIB *per capita*).

■ En renda familiar bruta dispoñible en poder de compra (é dicir, en paridade de poder adquisitivo) Galicia avanzou moito máis nese período: 5,5 puntos, pero segue na decimocuarta posición na clasificación do ano 2003.

■ Cadro 1.10

Ranking das autonomías españolas no 2003. Índices por habitante ⁽¹⁾

	PIB ⁽²⁾			Renta Bruta ⁽²⁾			Renta Fam. Bruta Disp. en poder de compra	
	1995	2003		1995	2003		1995	2003
Madrid	130,06	125,08	Madrid	132,41	127,26	Aragón	118,11	117,79
Navarra	126,19	123,75	País Vasco	117,49	124,59	Madrid	122,13	115,71
País Vasco	113,96	121,30	Navarra	125,59	122,78	País Vasco	107,48	115,45
Baleares	135,18	120,00	Cataluña	122,65	120,80	Navarra	116,29	112,24
Cataluña	122,08	119,49	Baleares	127,67	114,81	Cataluña	114,79	111,47
A Ríoxa	113,49	112,78	A Ríoxa	111,59	111,00	Melilla	124,77	110,40
Aragón	107,45	106,48	Aragón	110,86	109,45	Cast. e León	104,88	109,77
C. Valenciana	101,91	100,63	C. Valenciana	98,68	98,94	A Ríoxa	109,16	109,04
Cast. e León	92,58	96,96	Castela e León	93,23	97,41	Ceuta	107,76	105,93
Cantabria	90,81	94,25	Cantabria	93,35	96,00	Baleares	111,13	102,04
Ceuta	81,55	88,51	Ceuta	87,37	92,21	Cantabria	97,14	99,52
Canarias	92,94	87,66	Melilla	96,51	89,89	C. Valenciana	87,57	97,93
Melilla	92,40	85,98	Asturias	86,02	86,63	Cast. A Mancha	87,47	95,73
Asturias	84,14	85,31	Galicia	82,69	85,30	Galicia	88,63	94,09
Galicia	82,14	84,69	Canarias	85,09	81,92	Asturias	90,47	90,98
Cast. A Mancha	82,84	82,45	Cast. A Mancha	83,22	81,26	Canarias	93,24	86,39
Murcia	82,67	79,33	Murcia	82,16	78,63	Extremadura	78,36	86,23
Andalucía	73,30	75,72	Andalucía	72,86	74,40	Andalucía	77,29	80,50
Extremadura	68,19	72,49	Extremadura	68,95	72,40	Murcia	82,12	79,26

(1) Media española = 100

(2) A prezo de mercado.

Fonte: FUNCAS

Os datos deste cadro son especialmente relevantes desde o punto de vista económico-social porque, se dunha banda amosan o crecemento económico real por habitante (ao traveso do PIB e da renda bruta), pola outra dan conta (coa terceira variable) de canto varía a renda despois dun dobre axuste derivado das transferencias monetarias públicas netas (ó traveso do sistema impositivo e das prestacións da Seguridade Social) e máis da corrección dos prezos relativos dos bens e servizos.

A renda familiar dispoñible en paridade de poder de compra é a variable que amosa o volume das rendas percibidas polos fogares e institucións non lucrativas -excluídas as administracións públicas- residentes en cada comunidade autónoma, tendo en conta o nivel relativo do índice de prezos de consumo de cada unha das comunidades. Non só inclúe aportacións que proceden da vía da produción de bens e servizos (coma por exemplo as rendas salariais ou as rendas mixtas -traballo e capital- percibidas polos traballadores por conta propia) senón tamén as prestacións sociais e outras transferencias recibidas polos fogares e institucións non lucrativas.

O cadro 1.11 infórmanos da posición relativa en renda en termos de poder de compra *por habitante* das distintas comunidades autónomas no ano 2003 respecto da media da Unión Europea, de acordo cos datos de FUNCAS. Obsérvase que só cinco comunidades autónomas superan a media da UE-15, e que Galicia sitúase na

■ **Cadro 1.11** **Índices de converxencia ⁽¹⁾ das distintas comunidades autónomas coa UE-15. 2003**

	Superior ó 100%		Do 90 ó 100%		Do 80 ó 90%		Menor do 80%
Madrid	113,05	A Ríoxa	97,56	C. Valenciana	89,58	Asturias	79,57
Navarra	108,13	Cast. e León	92,85	Ceuta	88,50	Canarias	77,58
País Vasco	107,77			Cantabria	88,08	Extremadura	72,88
Cataluña	105,73			Melilla	85,79	Murcia	72,27
Aragón	102,61			Cast. A Mancha	81,01	Andalucía	69,25
Baleares	100,57			Galicia	81,00		

(1) Media UE-15 = 100, renda en paridade de poder adquisitivo
Fonte: FUNCAS

cola do grupo de comunidades clasificadas no terceiro nivel (no de 80 ao 90%), cun 81%.

Cómpre subliñar que unha análise máis a fondo da converxencia *real* -que supera os obxectivos deste Informe- debería ter en conta tamén outros factores (como a taxa de paro ou o nivel de desenvolvemento tecnolóxico), o que certamente situaría a Galicia e a España nunha posición de maior diverxencia coa media da UE.

¿Cal é a posición de Galicia e das outras comunidades autónomas no contorno da nova Unión Europea de 25 Estados?. Eurostat vén de facer públicas en xuño de 2004 as súas estimacións de PIB por habitante en termos de paridade de poder adquisitivo (e tendo en conta a nova composición da UE, Eurostat anunciou que no futuro deixará de calcula-lo índice para a xa inexistente UE-15)

■ As tres últimas comunidades do noso estado na clasificación (e os seus índices respectivos sendo 100 o promedio da UE-25) son: Galicia (76), Andalucía (72) e Extremadura (62). As tres primeiras son Madrid (128), Navarra (121) e País Vasco (119). O promedio español acada o índice 95.

1.3 Crecemento económico e xeración de emprego

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable. Achegarémonos agora á análise de en que medida o crecemento económico se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia. No apartado terceiro do capítulo 3 tratamos máis polo miúdo o comportamento do emprego en Galicia, desagregado por sexos, sectores económicos, ramas de actividade, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, tipo de xornada (a tempo parcial ou total), etc. Remitimos a ese epígrafe ós interesados en afondar nalgún deses aspectos da ocupación en Galicia.

1.3.1 A xeración do emprego no ano 2003

O emprego das distintas comunidades autónomas no último bienio preséntase no cadro 1.12, no que se comproba que a xeración de emprego de Galicia no ano 2003 (1,6%) foi pouco máis da metade que no conxunto da economía española (3,0%), a diferenza do ocorrido no ano anterior (no que as porcentaxes de creación de emprego eran moi similares).

■ Cadro 1.12

Poboación ocupada ⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2002-2003

	Valores absolutos (en miles)		Distrib. porcentual	Variacións anuais				
	2002	2003		2003	Miles		%	
					2002	2003	2002	2003
Andalucía	2.499,9	2.615,1	15,5	46,7	115,2	1,9	4,6	
Aragón	480,0	489,1	2,9	9,0	9,1	1,9	1,9	
Asturias	377,8	397,0	2,4	11,2	19,2	3,1	5,1	
Baleares	373,3	384,4	2,3	11,4	11,1	3,2	3,0	
Canarias	748,5	785,4	4,7	21,6	36,9	3,0	4,9	
Cantabria	210,1	219,7	1,3	-0,8	9,6	-0,4	4,6	
Cast. A Mancha	655,8	666,6	4,0	18,3	10,8	2,9	1,6	
Cast. e León	938,6	941,5	5,6	16,1	2,9	1,7	0,3	
Cataluña	2.786,8	2.889,7	17,1	25,1	102,9	0,9	3,7	
C. Valenciana	1.772,3	1.819,4	10,8	12,2	47,1	0,7	2,7	
Extremadura	363,6	375,7	2,2	7,0	12,1	2,0	3,3	
Galicia	1.087,8	1.104,8	6,6	17,8	17,0	1,7	1,6	
Madrid	2.330,4	2.375,5	14,1	27,0	45,1	1,2	1,9	
Murcia	458,6	481,5	2,9	18,3	22,9	4,2	5,0	
Navarra	238,2	242,7	1,4	0,5	4,5	0,2	1,9	
País Vasco	895,3	910,4	5,4	15,3	15,1	1,7	1,7	
A Rioxa	111,2	112,7	0,7	-0,4	1,5	-0,4	1,3	
Ceuta e Melilla	49,0	50,8	0,3	0,0	1,8	0,0	3,7	
España	16.377,3	16.862,0	100,0	256,3	484,7	1,6	3,0	

(1) Datos do 4º trimestre de cada ano

Fonte: INE, EPA (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral nº 68, marzo 2004)

A andaina trimestral da ocupación en Galicia no último bienio pódese facer cos datos do cadro 1.13, que recolle tamén a desagregación sectorial do emprego.

Evolución trimestral do emprego ⁽¹⁾. Por sectores. Galicia. 2002-2003

■ Cadro 1.13

	2002				2003			
	I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Poboación activa	1,9	1,6	1,9	3,3	3,4	3,8	4,1	3,3
Emprego	0,4	1,1	0,4	1,7	4,1	3,8	2,9	1,6
Primario	-18,2	-15,2	-11,6	5,0	0,7	-1,6	1,9	-5,1
Emprego non primario	4,0	4,0	2,4	2,7	4,6	4,7	3,1	2,5
Industria	7,2	7,0	4,3	4,0	1,2	1,0	-3,4	-5,0
Construcción	10,7	5,0	0,6	-5,6	-0,3	-7,9	-2,4	-1,1
Servizos	1,5	2,7	2,1	4,3	7,1	9,0	6,8	6,1
Taxa de paro	13,4	11,9	11,4	12,0	12,9	11,9	12,4	13,5

(1) En porcentaxes de variación interanual (agás a taxa de paro, que reflicte o valor desta variable en cada trimestre)

Fonte: INE, EPA (recollido de: Fundación Caixa Galicia, "Informe de conxuntura da economía galega", marzo 2004).

Salienta no ano 2002 a progresiva diminución ó longo do ano da porcentaxe de perda de emprego no sector primario da economía galega nos tres primeiros trimestres, ata chegar ó 5% de suba do mesmo no cuarto trimestre de 2002 respecto do mesmo período do ano anterior. A ocupación nos sectores non primarios, pola súa banda, subiu menos no segundo semestre do ano que no primeiro; no primeiro semestre sobranceou especialmente a xeración de emprego do sector secundario (industria e construción) pero a perda de folgos da construción fixo que no segundo semestre os servizos tiveran a maior taxa de variación interanual.

No ano 2003 reflíctese unha forte suba da poboación activa (que comezou xa no último trimestre de 2002), con taxas de crecemento sempre superiores ao 3%, mentres que nos tres primeiros trimestres de 2002 non chegou nunca ao 2%. O aumento porcentual da ocupación (decrecente progresivamente a medida que avanzaba o ano 2003) non foi quen de absorber o forte aumento da poboación activa, polo que aumentou o desemprego, e pechouse o ano coa maior taxa de paro dos oito últimos trimestres.

Sectorialmente, en 2003 destruíuse emprego nos catro trimestres na construción e en dous trimestres no sector primario e máis na industria. O sector servizos foi o gran motor xerador do emprego nos catro trimestres (cun mínimo do 6,1% no cuarto trimestre e un máximo do 9% no segundo).

1.3.2 Crecemento económico e do emprego a longo prazo

Unha visión comparativa da xeración de emprego a longo prazo en Galicia e no conxunto do Estado é a que figura no cadro 1.14, que resume a creación neta de postos de traballo en valores absolutos e porcentuais desde 1992. Dado o importante cambio metodolóxico da EPA desde o ano 2002 (do que trataremos máis polo miúdo no epígrafe 3.2 deste Informe) presentamos separadamente os datos do período 1992-2001 e os dos últimos anos. No primeiro período compróbase que Galicia perdeu emprego neto mentres que en España creceu un 18% (2.268,000 persoas ocupadas máis). No ano 2002, en cambio, a xeración porcentual de emprego foi moi semellante en Galicia e en España (superior en Galicia, anque tan só unha décima) e no 2003 foi case o dobre no conxunto de España que en Galicia.

Cadro 1.14 Variación do emprego (1). Galicia/ España. 1992/2001/2002/2003

	1992-2001		2002		2003	
	En valor absoluto	En %	En valor absoluto	En %	En valor absoluto	En %
Galicia	-19.800	-2,00	17.800	1,7	17.000,0	1,6
España	2.268.000	18,00	256.300	1,6	484.700,0	3,0

Elaboración propia
(1) Cos datos do 4º trimestre de cada ano
Fonte: INE



Crecemento económico ⁽¹⁾ e xeración de emprego ⁽²⁾. Galicia/ España. 1997-2003**■ Cadro 1.15**

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Galicia							
% crecemento	3,4	4,0	3,8	4,3	2,7	1,9	2,7
% variación emprego	0,7	2,1	3,1	3,6	-0,2	1,7	1,6
España							
% crecemento	3,8	4,6	4,2	4,8	3,1	2,2	2,5
% variación emprego	3,0	3,3	5,2	4,1	1,8	1,6	3,0

Elaboración propia

(1) Datos FUNCAS

(2) Datos do INE: EPA do 4º trimestre de cada ano



O cadro 1.15 presenta o seguimento anual da andaina desde 1997 dos crecementos económico e do emprego en Galicia e España. En España xerouse emprego neto tódolos anos (cando menos un 1,6% anual) mentres que en Galicia houbo unha lixeira destrución de emprego no ano 2001. Só en 2002 acadou Galicia unha taxa de suba do emprego maior que o estatal (aínda que ben lixeira: unha décima máis).

A media anual de xeración de emprego no período analizado foi do 1,80% en Galicia e do 3,14% no conxunto do Estado. A maior dificultade de transforma-lo crecemento económico en xeración de emprego en Galicia explíctase co seguimento comparativo entre Galicia e España dos datos do período analizado: compróbase que a diferenza en favor de España é maior no crecemento económico que na xeración de emprego tan só no ano 2002.

¿Hai algún cambio importante na estrutura do emprego para que Galicia teña maior dificultade para transforma-lo seu crecemento económico en xeración neta

de emprego? A desagregación por sectores económicos da variación da ocupación desde 1997 que ofrece o cadro 1.16 explicita que o principal factor diferencial neses anos foi a evolución do emprego do sector agrario galego. De feito, o único ano que subiu o emprego na agro-gandería (o 2000) no período analizado posibilitou a maior creación de emprego neto na economía galega neses sete anos.

Variación do emprego. Por sectores económicos. Galicia. 1997-2003

■ Cadro 1.16

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Agricultura	-28,1	-6,1	-16,6	6,0	-24,5	-1,8	
Pesca	-2,7	-1,6	8,0	-1,3	-6,8	-5,4	
Subtotal sector agropesqueiro	-30,8	-7,7	-8,6	4,7	-31,3	-7,2	-7,1
Industria	5,8	15,4	0,6	12,4	11,5	8,4	-11
Construcción	4,1	-2,8	12,3	6,0	9,9	-7,9	-1,5
Servizos	27,1	13,9	24,1	11,5	7,7	24,5	36,6
Subtotal sect. non primarios	37,0	26,5	37,0	29,9	29,1	25,0	23,1
Total	6,2	18,8	28,4	34,6	-2,2	17,8	16

Elaboración propia
(1) En miles
Fonte: INE: EPA do 4º trimestre

Compróbase no cadro que a creación de emprego nos sectores “non primarios” é bastante estable e oscilou no período estudado entre un mínimo de 25.000 e un máximo de 37.000 , mentres que a oscilación da xeración de emprego total é moito maior; e vai da destrución de emprego do ano 2001 á creación de 34.600 postos de traballo máis no ano 2000. A evolución do emprego agro-pesqueiro é a principal clave explicativa desa variación.

¿Cal foi, ano por ano, a variación do emprego diferenciada entre os sectores primario e non primarios na economía galega no último sexenio?:

■ En 1997 a suba nos sectores non primarios tivo un notable aumento (37.000 novos ocupados) e foi moi pouco menor a destrución de ocupación agro-pesqueira (30.800).

■ En 1998 a xeración de emprego neto dos sectores secundario e servizos (26.500) baixou algo pero diminuíu moito máis a perda de emprego agro-pesqueiro (7.700 persoas), polo que aumentou significativamente a ocupación total.

■ En 1999 a xeración de emprego nos sectores secundario e terciario voltou ó nivel de 1997 (37.000) pero desta volta a perda de emprego do sector primario foi moito menor que entón (8.600, pouco máis da cuarta parte que dous anos antes), polo que a suba da ocupación foi moi notable.

■ No ano 2000 a creación de emprego nos sectores non primarios foi de 29.900 (7.100 menos que no ano anterior) pero foi positiva a aportación do sector primario (4.700 empregos), o que permitiu acadar a maior suba da ocupación total galega do período analizado.

■ O emprego dos sectores non primarios presentou no ano 2001 un avance semellante ó do ano anterior, pero a fortísima destrución de emprego no sector primario nese ano (a maior do período 1996-2001 en termos absolutos e moi especialmente en termos relativos) produciu a única diminución da ocupación total en Galicia nos sete anos estudados.

■ En 2002 o sector servizos volve a se-lo principal dinamizador do emprego galego (coma en 1997 e 1999) e o sector pesqueiro ten -no ano que comezan os efectos económicos e ecolóxicos da marea negra do *Prestige*- a segunda maior perda do período. O descenso da ocupación na construción provocou que o emprego dos sectores non primarios tivera a menor creación de postos de traballo nos sete anos.

■ Por último, en 2003 o sector servizos acentúa a forte expansión do ano anterior e se converte no único sector xerador de emprego (co mellor dato, ademais, dos sete anos analizados). A falla de desagregación da perda de emprego agro-pesqueiro entre o sector agro-gandeiro e o pesqueiro impide facer un achegamento preciso aos efectos da catástrofe do *Prestige* na ocupación na pesca cos datos da EPA.

1.3.3 Estructura sectorial do emprego por comunidades autónomas

Posto que é moi importante a estrutura do emprego para coñecer o limiar de crecemento económico a partir do cal se crea emprego nunha sociedade, ofrecemos no cadro 1.17 unha visión comparativa da porcentaxe de ocupados de cada sector económico nas diversas comunidades autónomas en 2003. Sobranceramos que:

Porcentaxe de ocupados de cada sector económico ⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2003.

■ Cadro 1.17

	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	9,9	11,6	14,2	64,3
Aragón	6,0	24,1	9,7	60,2
Asturias	7,1	18,9	11,7	62,3
Baleares	2,0	9,5	13,7	74,7
Canarias	4,6	5,6	14,9	74,9
Cantabria	6,2	20,5	13,1	60,2
Cast. e León	9,0	19,0	12,3	59,7
Cast. a Mancha	9,4	18,7	14,7	57,2
Cataluña	2,5	26,7	10,6	60,2
C. Valenciana	3,8	22,8	13,0	60,4
Estremadura	13,5	10,4	14,0	62,1
Galicia	12,4	19,4	11,7	56,5
Madrid	0,6	14,4	9,4	75,6
Murcia	10,4	18,0	11,4	60,2
Navarra	5,9	28,8	9,7	55,7
País Vasco	1,4	28,0	9,7	60,9
A Ríoxa	6,4	30,7	10,9	52,0
Ceuta e Melilla	0,3	2,5	6,4	90,8
España	5,6	18,7	11,9	63,8

(1) En medias anuais da EPA.
Fonte: INE Base.

■ Galicia é, despois de Estremadura, a comunidade ca maior porcentaxe de persoas traballando no sector agro-pesqueiro, pese á importante redución das últimas décadas. A porcentaxe galega é superior á dobre da española.

■ Cadro 1.18

Porcentaxe de ocupados de cada sector económico ⁽¹⁾.
Por sexos e comunidades autónomas. 2003.

Homes	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	10,9	14,3	21,0	53,8
Aragón	8,4	30,1	14,3	47,1
Asturias	6,0	26,6	17,8	49,7
Baleares	3,0	11,7	21,2	64,0
Canarias	4,8	7,2	22,9	65,1
Cantabria	6,3	27,0	19,9	46,9
Cast. e León	11,3	23,8	18,4	46,5
Cast. A Mancha	12,4	20,7	21,5	45,4
Cataluña	3,3	32,7	16,5	47,5
C. Valenciana	4,8	26,3	20,1	48,8
Estremadura	17,4	13,0	19,9	49,8
Galicia	10,9	23,8	18,9	46,4
Madrid	1,0	18,0	14,7	66,4
Murcia	12,2	21,9	16,9	49,0
Navarra	7,5	35,7	15,4	41,4
País Vasco	1,7	38,6	15,0	44,6
A Rioxa	8,3	34,9	16,7	40,1
Ceuta e Melilla	0,3	2,8	9,0	87,8
España	6,7	22,9	18,2	52,2

Mulleres	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos
Andalucía	8,1	6,4	1,4	84,1
Aragón	2,1	14,1	2,2	81,6
Asturias	8,8	6,8	2,0	82,3
Baleares	0,5	6,4	3,0	90,0
Canarias	4,4	3,0	2,1	90,5
Cantabria	6,1	9,5	1,6	82,8
Cast. e León	4,8	10,4	1,4	83,5
Cast. a Mancha	3,5	14,8	1,3	80,5
Cataluña	1,3	18,0	2,1	78,6
C. Valenciana	2,2	17,2	1,7	78,9
Estremadura	6,1	5,4	2,6	85,9
Galicia	14,6	13,0	1,0	71,4
Madrid	0,1	9,3	1,7	89,0
Murcia	7,2	11,3	1,7	79,8
Navarra	3,4	18,2	1,1	77,4
País Vasco	1,0	12,3	1,7	84,9
A Rioxa	3,2	23,4	0,7	72,7
Ceuta e Melilla	0,1	1,7	0,1	98,0
España	4,0	11,9	1,7	82,4

(1) En medias anuais da EPA.
Fonte: INE Base

■ É moi semellante a porcentaxe de poboación ocupada en Galicia e España na construción (dúas décimas menos en Galicia) e na industria (sete décimas máis en Galicia), mentres que no sector servizos a diferenza é de 7,3 puntos máis en España.

A diferenciación por sexos do cadro I.18 reflicte:

■ Que as diferenzas son especialmente acusadas entre as mulleres no sector agro-pesqueiro, no que Galicia ocupa a primeira posición do Estado, cunha porcentaxe superior á triple da media estatal e moi por riba (6,5 puntos) da comunidade que a segue (Andalucía).

■ A escasísima participación da muller no traballo na construción é aínda moito máis evidente en Galicia (1%) que no promedio estatal (1,7%).

■ No emprego masculino, as diferenzas sectoriais entre as porcentaxes galega e española son moito menos importantes que na ocupación das mulleres.

1.4. Comercio exterior

1.4.1. Comercio exterior galego e taxa de cobertura

Na análise dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española do ano 2003 debemos ter en conta cando menos dous factores:

■ O tipo de cambio do euro subiu de forma importante respecto do dólar, o que afectou negativamente ás nosas exportacións fóra da “área euro”, ao tempo que lle deu pulo ás importacións de fóra da Eurozona.

■ A crise económica no contorno europeo (e moi concretamente en Francia, Portugal e Alemaña, receptores de case a metade -46,5%- das nosas exportacións), xunto á crecente penetración nos mercados internacionais de China (xa integrada na OMC) tiveron unha nidia repercusión negativa no noso comercio internacional.

No cadro I.19 podemos aprecia-la evolución trimestral en 2003 das exportacións, as importacións e o saldo comercial (valor das exportacións menos o das importacións). Constátase que o superávit do primeiro semestre transformouse en déficit na segunda metade do ano, e pechou no último trimestre cun valor absoluto de 114 millóns de euros.

Comercio exterior. Por trimestres. 2003

■ Cadro 1.19

	I T.	II T.	III T.	IV T.
Exportacións	-6,3	10,3	-3,1	4,4
Importacións	5,1	15,8	9,3	3,4
Saldo comercial ⁽²⁾	2,0	62,0	-202,0	-114,0

(1) En porcentaxe de variación

(2) Sen deflactor. En millóns de euros

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

A evolución da taxa de cobertura no último sexenio (con desagregación por trimestres nos dous últimos anos) pódese ver no cadro 1.20. Nel destacaremos no ano 2002 que presentou una melloría espectacular no primeiro trimestre (despois xa dun cuadrenio de continuo ascenso) a taxa de cobertura (ou porcentaxe do valor das exportacións sobre a das importacións), que se situou nun valor certamente histórico: 112,3. O decrecemento continuado nos outros tres trimestres fixo que no cuarto baixara de novo do nivel 100 (que é o que marca o equilibrio entre o valor das exportacións e o das importacións). No ano 2003 a importante mellora do saldo comercial no primeiro semestre compróbase co bo dato da taxa de cobertura nese período, pero no segundo semestre a balanza comercial volveu á súa situación tradicional de déficit e, xa que logo, a taxa de cobertura baixou de novo do nivel 100.

■ Cadro 1.20 Taxa de cobertura. Galicia 1998-2003

	1998	1999	2000	2001	2002				2003			
					1 T.	2 T.	3 T.	4 T.	1 T.	2 T.	3 T.	4 T.
T. cob. (%)	86,3	90,1	93,4	98,9	112,3	107,4	104,1	94,5	100,1	102,3	92,2	95,6

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

A provincia de Pontevedra segue a ser o auténtico motor de explosión do vehículo das exportacións galegas, posto que o valor das súas exportacións dobra á suma das outras tres provincias, e ocupa xa a cuarta posición por provincias no Estado por exportacións e é a sexta polo seu superávit comercial.

No cadro 1.21 podemos comprobar o saldo exterior (sumando o do comercio internacional e mais o do comercio coas outras comunidades autónomas do Estado). Compróbase nel que sete comunidades rexistraron no ano 2003 un saldo positivo: Cataluña, Madrid, País Vasco, C. Valenciana, Baleares, Navarra e A Rioxa. Entre as que presentan un saldo negativo, Galicia é a segunda en valor absoluto e a sexta en valor relativo (na porcentaxe do déficit do saldo exterior sobre o seu PIB).

■ Cadro 1.21 Saldo exterior (estranxeiro e CCAA). Por comunidades autónomas. 2003

	Comunidades con saldo exterior positivo (estranxeiro e CCAA)			Comunidades con saldo exterior deficitario (estranxeiro e CCAA)	
	Saldo ⁽¹⁾	% do PIB pm		Saldo ⁽¹⁾	% do PIB pm
Cataluña	11.556,20	7,57	Andalucía	-14.121,40	12,86
Madrid	6.228,10	4,57	Galicia	-5.761,40	12,97
País Vasco	3.083,40	6,31	Cast. a Mancha	-5.368,40	18,81
C. Valenciana	2.463,50	2,87	Cast. e León	-5.341,70	11,62
Baleares	2.361,40	10,90	Extremadura	-3.364,50	22,67
Navarra	1.265,40	9,28	Asturias	-2.348,50	13,43
A Rioxa	230,50	3,73	Murcia	-1.198,30	6,24
			Canarias	-1.068,70	3,38
			Aragón	-738,90	2,96
			Melilla	-529,60	47,20
			Ceuta	-480,30	38,00
			Cantabria	-223,40	2,26
Total	27.188,50	5,84	Total	-40.545,10	-11,61

(1) En millóns de euros
Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica. Nº 179. Marzo-abril 2004

1.4.2. Distribución por produtos

Unha das características do comercio exterior galego é o seu carácter intraindustrial: importan moitas mercancías os mesmos sectores que logo exportan os seus produtos. A notable importancia do comercio intraindustrial reflíctese coa comparanza dos cadros 1.22 e 1.23, pois constátase que coinciden sete dos dez primeiros capítulos arancelarios nas exportacións e máis nas importacións.

En canto ás principais mercancías exportadas por Galicia sobrancearemos primeiramente a notable estabilidade: os dez capítulos do arancel con maior valor das exportacións son os mesmos que no ano anterior, aínda que certamente con algún cambio na orde (como os avances nos de navegación ou téxtil ou os retrocesos das manufacturas de pedra ou dos preparados de carne ou peixe). Tamén subliñaremos que se dá no comercio internacional galego un grao de concentración sectorial moi elevado, xa que ó redor do 75% se concentra en tan só sete capítulos do arancel.

Principais capítulos de exportación. Galicia. 2003

■ Cadro 1.22

	Exportacións	Millóns de euros	% (1)	TVI % (2)
1	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos	4.592	46,3	-3,7
2	Peixes, crustáceos e moluscos	777	7,8	3,3
3	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	671	6,8	36,9
4	Prendas e complementos de vestir de punto	416	4,2	53,4
5	Navegación marítima e fluvial	354	3,6	72,8
6	Manufacturas de pedra, xeso e cemento	313	3,2	-3,2
7	Preparados de carne e de peixe	289	2,9	-2,7
8	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	186	1,9	-11,9
9	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes	185	1,9	6,4
10	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	175	1,8	-2,1
	Resto de produtos	1.957	19,7	7,4
	Total exportacións	9.915	100,0	4,4

(1) Datos en porcentaxe de participación sobre o valor total das exportacións galegas

(2) Taxa de variación interanual

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica". Nº 179. Marzo-abril 2004

No cadro 1.22 presentámo-los dez capítulos principais das exportacións galegas no ano 2003. Case a metade do valor das exportacións galegas pertencen ó automovilístico, pero o valor das súas exportacións baixou un 3,7% respecto do ano anterior, nun ano de forte caída da demanda mundial de vehículos. Os catro primeiros apartados seguen concentrando dous de cada tres euros das mercancías que Galicia vendeu para fóra de España.

Polo ritmo de crecemento do último ano, sobrancean dous apartados: "Navegación" e "Confección"; no primeiro cómpre non esquecer que aínda que a construción dun buque é unha actividade plurianual, a súa contabilización nun exercicio concreto fai dispararse nese ano o valor das exportacións (como ocorreu no ano 2003, no que se contabilizou unha venda a Liberia por valor de 133,7 millóns de euros); no segundo, subliñaremos que as notables subas (53,4% en prendas de punto e 36,9% nas restantes prendas) certifican o crecente protagonismo do sector téxtil no conxunto da economía galega.

No tocante ás importacións (cadro I.23), a estabilidade dos principais capítulos arance-
larios é aínda superior á das exportacións: os dez apartados principais seguen a ser os
mesmos que no ano anterior e os cambios de orde entre eles son moi pequenos
(intercambio de posicións do 2º co 3º e do 6º co 7º). Máis da cuarta parte do valor
total das importacións se producen no sector automobilístico e o grao de concen-
tración dos tres primeiros capítulos importadores é moi alto (53,2%), pero dous pun-
tos menor que no ano anterior e bastante inferior ó das exportacións (60,9%).

Principais capítulos de importación. Galicia. 2003

Cadro 1.23

	Importacións	Millóns de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	2.718	26,7	7,4
2	Peixes, crustáceos e moluscos	1.355	13,3	9,6
3	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	1.341	13,2	7,7
4	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	477	4,7	24,6
5	Reactores nucleares, caldeiras e máquinas	422	4,1	17,2
6	Fundición, ferro e aceiro	388	3,8	25,6
7	Prendas e complementos de vestir de punto	371	3,6	10,6
8	Produtos farmacéuticos	369	3,6	25,0
9	Madeira, carbón vexetal e manufacturas da madeira	285	2,8	5,7
10	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes	217	2,1	47,8
	Resto de produtos	2.235	22,0	12,1
	Total	10.178	100,0	11,8

(1) Datos en porcentaxe de participación sobre o valor total das importacións galegas
(2) Taxa de variación interanual
Fonte: FUNCAS "Cuadernos de Información Económica". Nº 179. Marzo-abril 2004

I.4.3. Distribución por estados

A distribución por estados das exportacións galegas (cadro I.24) constata que os
dez primeiros clientes de Galicia son en 2003 os mesmos -e pola mesma orde- do
ano anterior e concentran un 78,9% do valor total das nosas vendas ao exterior (e
a metade concéntrase en Francia-Mónaco, Portugal e Reino Unido); os sete
primeiros e o noveno da lista son estados da Unión Europea.

Principais estados clientes de Galicia. 2003

Cadro 1.24

		Millóns de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1	Francia e Mónaco	2.275	22,9	-5,1
2	Portugal	1.677	16,9	1,6
3	Reino Unido	1.017	10,3	-8,1
4	Italia	978	9,9	27,5
5	Alemaña	662	6,7	4,1
6	Bélxica	388	3,9	9,2
7	Países Baixos	385	3,9	40,1
8	EE.UU.	154	1,6	-19,5
9	Grecia	149	1,5	25,2
10	Marrocos	143	1,4	21,6
	Resto de países	2.088	21,1	10,9
	Total	9.916	100,0	4,4

(1) Porcentaxe sobre o total das exportacións de Galicia
(2) Taxa de variación interanual
Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica". Nº 179. Marzo-abril 2004

Nas importacións, pola súa banda, subliñaremos que:

■ Dos dez estados que estaban nesta clasificación no ano 2002, saen os dous últimos (Rusia e Libia) e entran Noruega e Suecia.

■ Hai tamén cambio de posicións entre estados que continúan nesta clasificación: avanza unha posición Estados Unidos e Reino Unido (a conta de México e Alemaña respectivamente), o mesmo que Arxentina.

■ Os tres estados aos que lles mercamos por un importe superior son os mesmos que encabezan a clasificación dos nosos clientes principais –e pola mesma orde–, despois do ascenso do Reino Unido ao terceiro posto na clasificación dos nosos provedores principais.

Principais estados provedores de Galicia. 2003

■ Cadro 1.25

	Millóns de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1 Francia e Mónaco	2.655	26,1	6,3
2 Portugal	1.070	10,5	8,4
3 Reino Unido	559	5,5	18,5
4 Alemaña	466	4,6	-9,8
5 Italia	432	4,2	7,7
6 EEUU	411	4,0	42,6
7 México	337	3,3	-14,1
8 Noruega	324	3,2	60,2
9 Arxentina	286	2,8	41,6
10 Suecia	230	2,3	
Resto de países	3.410	33,5	15,2
Total	10.180	100,0	11,8

(1) Porcentaxe sobre o total das exportacións de Galicia

(2) Taxa de variación interanual

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica". Nº 179. Marzo-abril 2004

■ Respecto do visto cos estados clientes, é menor a concentración territorial, e os tres primeiros clasificados non chegan a concentrar a metade do valor total das nosas importacións (quédase no 42,1%).

■ Dos dez principais estados provedores, os cinco primeiros e o décimo pertencen á Unión Europea.

■ Respecto do ano anterior, baixou o valor das importacións en dous estados: México (-14,1%) e Alemaña (-9,8%) , mentres que os maiores aumentos tiveron Noruega (60,2%), Estados Unidos (42,6%) e Arxentina (41,6%); sen dúbidas, a notable depreciación do euro respecto do dólar tivo unha relación directa con esas subas.

1.5 Ampliación da UE. Reordenación de fondos comunitarios. Deslocalización

1.5.1. Ampliación da UE e reordenación de fondos comunitarios

Un informe do CEPREDE (Centro de Predicción Económica) estudou as repercusións previstas para cada unha das comunidades autónomas pola ampliación en dez estados da UE en maio de 2004 (en aplicación do Tratado de Atenas). Segundo o informe deste organismo dependente da Cámara de Comercio de Madrid e máis da Fundación Universidade-Empresa, Galicia será a comunidade autónoma máis prexudicada por esa ampliación da UE. Xustifica esta previsión por varias razóns, entre elas:

■ Os dez Estados que en maio de 2004 entran na UE representan un 4,5% das exportacións galegas e só un 2,4% das nosas importacións. Cómpre aumentar o fluxo exportador de Galicia cara estes estados para procurar compensar na balanza comercial a posible perda de mercado na actual UE pola maior competitividade destes estados ao caer as barreiras arancelarias.

■ No *ranking* de dependencia exportadora da Unión Europea, Galicia é a terceira comunidade do Estado (só ten por diante a Estremadura e Castela e León, que teñen en común con nós o feito de estar entre as comunidades cun desenvolvemento económico inferior á media estatal). E se isto nos favoreceu en plena revalorización do euro (porque non afectou negativamente ás nosas exportacións na “eurozona”) pode non selo nos anos vindeiros, nos que parten de mellor posición as comunidades cunha maior diversificación xeográfica das súas exportacións (como Canarias, Baleares, Andalucía, Madrid ou Murcia).

■ O descenso -a medio prazo- da inversión estranxeira nas comunidades periféricas da UE-15 (como a galega) e o aumento da mesma nos novos estados, que adoitán ter custos laborais moito máis baixos e unha elevada produtividade.

Ademais cómpre non esquecer outra consecuencia a medio prazo da ampliación da UE: a reordenación dos fondos comunitarios de axuda ó seu desenvolvemento económico-social. Aínda no caso de seguir formando parte das “rexións” obxectivo I, parece evidente que as maiores axudas serán para as zonas xeográficas de menor renda por habitante (fundamentalmente integrantes dos novos estados da UE).

A reordenación de fondos europeos está previsto que comece en 2007 (ano no que se conta con que entren na UE Romanía e Bulgaria) e vai ter un notable impacto en Galicia, tendo en conta que na última década España recibiu da UE o equivalente a máis dun 1% do PIB estatal en cada ano, e en Galicia –comunidade incluída como “obxectivo I”- esa porcentaxe é aínda maior.

Aínda que a suba nos últimos anos do PIB por habitante galego non se debe só ao noso crecemento económico real, senón que en boa medida obedece a cuestións demográficas (pola menor suba poboacional) e estatísticas (elevouse ao entrar os dez novos estados na UE, polo seu menor PIB por habitante), o certo é que Galicia ten segundo os datos máis recentes de Eurostat un 76% de PIB por habitante (en paridade de poder adquisitivo) en relación ao promedio da UE, polo que supera xa (ben certo que moi lixeiramente) o limiar do 75% que establece a normativa comu-

nitaria para acceder aos fondos da UE como “rexión obxectivo 1” e a perda –total ou gradual– deses fondos está xa no horizonte.

Para non minusvaloralas importancia da posible perda do acceso aos fondos comunitarios nas condicións que actualmente temos, hai que lembrar que o 62% dos ingresos de capital da Xunta de Galicia proceden da UE; só en dúas comunidades autónomas é maior esa porcentaxe: Murcia (68%) e Estremadura (63%) e xa moi de lonxe veñen Andalucía (51%), Asturias (41%) e Castela A Mancha (35%).

Un estudio que vén de publicar no segundo trimestre de 2004 o Ministerio de Economía e Facenda (ao traveso do Instituto de Estudios Fiscais) cuantifica o impacto en Galicia da reordenación dos fondos comunitarios do seguinte xeito para o período 2007-2011:

No caso de suprimirse, a Xunta de Galicia deixaría de percibir case 3.000 millóns de euros (medio billón de pesetas) nese quinquenio, ou o que é o mesmo, tería un 56% menos en diñeiro para inversións cada ano.

■ No caso de que quedase reducido á metade o importe dos fondos comunitarios que recibe Galicia, a Xunta deixaría de ingresar uns 1.600 millóns de euros no quinquenio sinalado, o que supón máis dun tercio do diñeiro total que destina a inversión.

Nese estudio non se cuantifica a diminución do PIB galego que se deriva da redución da inversión pública (debido ao “efecto multiplicador” da inversión) pero, sen dúbidas, os efectos inducidos son moi relevantes para a nosa economía.

Cómpre non esquecer, ademais, que:

■ Unha boa parte da inversión estatal en Galicia é dependente dos fondos que recibe España da UE e que teñen unha xestión centralizada no goberno español.

■ A recadación total dos tributos transferidos á Xunta de Galicia representa actualmente un 7% do PIB galego, mentres que o diñeiro que recibe Galicia dos fondos e subvencións da UE ou do goberno central supón un 12% do noso PIB.

Á vista do horizonte de diminución dos ingresos galegos vía UE parece urxente ir traballando na reforma do Fondo de Compensación Interterritorial para:

■ Incrementar notablemente a súa dotación, para procurar –cando menos– compensalo baleiro que deixarán os fondos da UE (e os do Estado que procedían do fondos comunitarios de xestión centralizada).

■ Cambiarlo criterio de selección das comunidades beneficiarias, potenciando máis o transvase de fondos ás comunidades cun menor PIB por habitante, para aseguralo cumprimento do principio constitucional de solidariedade recollido nos artigos 138.1 e 158.2; isto pode ser moito máis importante aínda á vista das presións dalgunha comunidade autónoma para o cambio do modelo de financiamento autonómico actualmente vixente (que podería reducir substancialmente os ingresos de Galicia ao diminuí-lo saldo positivo da súa “balanza fiscal”).

1.5.2. Ampliación da UE e deslocalización

Os novos socios da UE presentan uns custos laborais moi inferiores aos de Galicia (como se pode ver no cadro 1.42 do anterior *Informe Sociolaboral*). En estados como Letonia, Lituania, Estonia, Eslovaquia, Hungría ou a República Checa podemos avalía-

lo custo laboral por hora traballada ó redor do 40% do promedio galego. É previsible, xa que logo, que coa desaparición das barreiras arancelarias se faga moito máis patente o aproveitamento de “vantaxes comparativas” deses países (como a salarial ou a súa “renda de situación”) e aumente o seu atractivo como polo de atracción de novas empresas.

Nese proceso, cómpre elaborar plans para evitar a deslocalización empresarial, para procurar evita-lo peche (e mesmo a redución) das actividades empresariais que se están a desenvolver no noso territorio. Evita-lo transvase de actividades produtivas cara eses estados (ou outros de fóra da UE como Marrocos, China, etc.) esixe unha aposta clara pola mellora da produtividade, verdadeiro pilar sólido da competitividade internacional dos países desenvolvidos economicamente; o fomento da inversión en capital humano e a potenciación da I+D+I son, desde logo, bos camiños de contrarrestar outras vantaxes comparativas de estados menos desenvolvidos (como moi ben demostrou Irlanda desde o seu ingreso na UE).

Hai que ter en conta que a internacionalización das empresas galegas é relativamente recente, porque o 85% da inversión empresarial galega noutros estados produciuse no último quinquenio, pero na actualidade as empresas multinacionais galegas empregan xa a 20.000 persoas fóra de España (e máis da metade foron contratadas en establecementos abertos no último quinquenio).

No bienio 2004-2005 nove empresas galegas teñen previstas inversións no estranxeiro por un importe que ronda os 600 millóns de euros (116.470,2 millóns de pesetas). As empresas son: Rodman Polyships, Dalphimetal, Copo, Viza, Ence, Koala, Hermasa, Madeiras Iglesias e Leite Celta; os seus proxectos inversores inclúen a instalación de fábricas en estados da UE (como Eslovaquia, Polonia, República Checa ou Portugal) e noutros de distintos continentes (como Marrocos, Uruguai ou China).

Estas empresas veñen a segui-la andaina aberta xa nas dúas décadas anteriores por Pescanova e continuada por outras como Inditex, Fadesa, Ence, Fenosa, Adolfo Domínguez, Calvo ou Losán. A pesca é (cuns 600 millóns de euros) o sector galego que máis investiu no estranxeiro, seguido dos sectores eléctrico, automóbil, téxtil, conserva e madeira.

Pero non todo son ameazas; a entrada na UE dos dez novos estados (doce en 2007), coas fortes axudas que van recibir dos fondos comunitarios, posibilitará un aumento da renda por habitante neses estados que presentará novas oportunidades para as empresas galegas que saiban aproveitar ben as vantaxes asociadas ao maior desenvolvemento económico-social deses países e á desaparición de barreiras arancelarias que erguían muros dificilmente franqueables polas nosas empresas (como a tarifa arancelaria superior ao 30% para algunhas conservas).

1.6. Evolución dos prezos, salarios e gasto

1.6.1. A inflación

A taxa de inflación rexistrada en Galicia no ano 2002 superou á estatal en tres décimas e rexistrou un importante crecemento respecto da do ano anterior (1,7 puntos), dando lugar á maior suba dos prezos desde 1995 en Galicia (e tamén en España), moi por riba da previsión oficial e máis da suba media na Unión Europea.


No ano 2003 o IPC galego presenta unha notable redución (dous puntos) respecto do ano anterior; quedou no nivel máis baixo do último quinquenio (como tamén sucedeu en España), tres décimas por baixo da media estatal e no posto quinto entre as comunidades autónomas de menor suba dos prezos. O cadro 1,26 certifica esta contención da inflación, favorecida pola revalorización do euro respecto do dólar.

■ Cadro 1.26

Taxa de variación do IPC ⁽¹⁾. Galicia/España. 1997-2003

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Galicia	1,9	1,4	3,2	3,7	2,6	4,3	2,3
España	2,0	1,4	2,9	4,0	2,7	4,0	2,6

(1) De decembro a decembro
Fonte: INE, IPC decembro 2003



A inflación subxacente (que é a que non ten en conta o comportamento dos prezos dos produtos enerxéticos e máis dos alimentos non elaborados) quedou unha décima por riba da suba do IPC xeral (xa que foi dun 2,5% na media estatal, único ámbito territorial para o que o INE calcula este dato).

Os datos do IPC harmonizado en cada un dos estados da UE-15 (cadro 1.27) permiten sinalar que a inflación galega de 2003 situouse no mesmo nivel que a de Portugal, só tres décimas por riba da media da UEM e medio punto por riba da media dos socios da UE-15.

Índice de precios de consumo armonizado. UE. 2003⁽¹⁾

■ Cadro 1.27

	Índice ⁽¹⁾	Taxa ano 2003
Alemania	109,5	1,1
Austria	110,9	1,3
Bélxica	113,0	1,7
España	122,2	2,7
Finlandia	113,7	1,2
Francia	111,6	2,4
Grecia	131,4	3,1
Holanda	120,4	1,6
Irlanda	127,5	2,9
Italia	118,4	2,5
Luxemburgo	116,2	2,4
Portugal	123,4	2,3
Unión Monetaria	114,2	2,0
Dinamarca	115,7	1,2
Reino Unido	110,7	1,3
Suecia	112,7	1,8
Unión Europea	113,9	1,8

*Datos provisionais
(1) Base 1996
Fonte: EUROSTAT

A información do cadro 1.28 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto; obsérvase nel que o comportamento dos prezos no pasado ano foi descendente nas comunicacións nos tres ámbitos territoriais estudados e máis no apartado de cultura na UE-15, mentres que os grupos máis inflacionistas (por riba do 3%) foron en Galicia e España ensino, hostalería e alimentación (e na UE ensino e bebidas. Cómpre subliñar que só en catro dos doce grupos de gasto subiron os prezos en Galicia máis que na media española (foran oito no ano 2002).

■ Cadro 1.28

Taxas de variación dos grupos de gasto do IPC ⁽¹⁾. Galicia/ España/UE. 2003

	Aliment.	Bebidas	Vestido	Vivenda	Enxoval	Medicina	Transp.	Comun.	Cultura	Ensino	Hostal.	Outros
España	4,1	2,8	2,5	2,8	1,7	2,0	1,0	-0,2	0,1	4,3	4,1	3,1
Galicia	3,3	2,1	2,3	2,9	2,2	1,8	0,8	-0,4	0,3	4,5	3,6	3,0
UE ⁽²⁾	2,6	6,1	0,3	2,4	0,8	1,9	2,0	-0,7	-0,7	3,7	2,8	2,4

(1) De decembro de 2002 a decembro de 2003
(2) Datos provisionais
Fonte: INE, IPC decembro 2003

A baixa inflación galega e española do ano 2003 (dato certamente positivo) non debe tapa-lo feito de que as subas de prezos prexudicaron máis aos fogares de rendas máis baixas, porque consumen nunha maior proporción os bens nos que máis subiron os prezos. O 10% dos fogares máis pobres dedican ao redor do 40% da súa renda ás compras do apartado alimentario e outro 20% aos alugamentos e outros gastos de vivenda, apartados nos que os prezos subiron entre un mínimo do 2,8% e un máximo do 4,1% no pasado ano nos ámbitos territoriais sinalados. Ademais, cómpre non esquecer que a evolución do IPC non recolle as variacións debidas á suba do prezo da vivenda (senón tan só a dos alugueiros), pero a vivenda nova subiu en 2003 un 10,9% en Galicia (e un 15,8% no promedio estatal) e a realidade é que o pago da hipoteca é o primeiro capítulo de gastos dos fogares galegos (cunha media de 342,6 euros), como se reflicte no cadro 1.36.

A cuantificación acumulada do carácter regresivo da inflación no último trienio a nivel estatal pode verse nun recente Informe de Conxuntura de Caixa Catalunya, que compara a inflación acumulada do período 2001-2003 para o 30% dos fogares de menor renda e o 30% dos fogares de maior renda e conclúe que para estes últimos a inflación subiu bastante menos.

Un estudio do Ministerio de Economía e Facenda de seguimento da evolución dos prezos de trinta alimentos frescos no ano 2003 constata que once presentan unha suba superior ao 10% (nalgún de tanto consumo como as patacas un 23,7%) mentres que só oito subiron menos que a inflación media dese ano. No tocante aos trinta produtos elaborados de maior consumo, ese informe chama ao control do prezo do aceite de oliva (que subiu un 6,77% en 2003).

O cadro 1.29 reflicte a desagregación por provincias no último ano do índice xeral de prezos e da evolución do IPC no ano 2003. As provincias nos que o índice de prezos ao consumo detecta unha suba acumulada no último trienio maior que a media estatal foron A Coruña, Lugo e Pontevedra. No ano 2003, ningunha provincia galega superou a inflación española; a provincia galega na que máis subiu o IPC nese ano (A Coruña) rexistrou, despois da de Vizcaya, o peor dato das catro comunidades autónomas da cornixa cantábrica.

IPC. Por provincias. Galicia/España. 2003

■ Cadro 1.29

	Índice	% Variación 2003
A Coruña	109,1	2,6
Lugo	108,5	1,9
Ourense	107,4	2,2
Pontevedra	108,4	2,3
Galicia	108,6	2,3
España	108,2	2,6

(1) Base 2001
Fonte: INE, IPC decembro 2003

No tocante á variación acumulada do IPC en Galicia e España no último trienio, desagregada por grupos de gasto, o cadro 1.30 explicita que os valores extremos foron –tanto en Galicia como en España- os de comunicacións (o único que baixou) e vestido-calzado (o único que superou o 15% de suba).

Cadro 1.30

IPC por grupos de gasto ⁽¹⁾. Galicia e España. 2003

Grupos de gasto	Galicia	España
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	110,6	111,3
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	108,9	109,9
3. Vestido e calzado	119,1	116,3
4. Vivenda	106,2	106,1
5. Enxoval	106,2	105,1
6. Medicina	107,0	105,4
7. Transportes	103,4	103,6
8. Comunicacións	93,3	93,7
9. Ocio e cultura	103,7	103,4
10. Ensino	112,2	111,7
11. Hoteis, cafés e restaurantes	111,1	111,3
12. Outros	107,8	108,2
Total	107,5	107,2

(1) Base 2001

Fonte: INE

I.6.2. Os salarios e outros custos laborais

O Índice de Custos Laborais estudia os salarios e outros custos laborais diferentes dos salariais (como as cotizacións á Seguridade Social ou as indemnizacións por despi-do). É unha operación estatística continua realizada polo INE, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que Eurostat solicitou ós países da área euro co obxectivo de medi-la potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros. Por iso, unha das súas posibles aplicacións será a de permitir ac-tualizar anualmente a Encuesta de Coste Laboral que se realiza cuadienalmente nos estados da UE.

Cómpre sinalar que se entende por custo laboral (ou custo laboral bruto) o custo total que ten o empregador pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e máis outros custos), por custo salarial o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea e que outros cus-tos inclúen por unha parte as percepcións non salariais (como os pagos por inca-pacidade temporal, desemprego, indemnizacións por despedimento, traslado ou finalización do contrato, quebranto de moeda, desgaste de ferramentas ou prendas de traballo) e por outra parte as cotizacións obrigatorias do empregador en favor dos seus empregados á Seguridade Social. O custo salarial neto é o bruto menos as

subvencións (sexan nas cotizacións da Seguridade Social, á contratación, á formación profesional ou ben deducións fiscais).

O cadro 1.31 recolle os custos laborais (por traballador/mes e por hora efectiva) nas distintas comunidades autónomas (e no conxunto do Estado) no ano 2003. Compróbase que:

■ En Galicia o *custo laboral por traballador* e mes creceu 1,4 puntos menos que no promedio estatal; foi, despois de Canarias, a comunidade na que menos subiu. O índice que presenta a variación acumulada no último cuadrienio reflicte que nese período a suba galega foi inferior en 1,2 puntos á media española.

■ O *custo laboral por hora efectiva* de traballo tamén subiu menos en Galicia que en España (0,8 puntos de diferenza), sendo Galicia a quinta comunidade por menor incremento (tras Aragón, Canarias, Navarra e País Vasco). O índice constata que no período 2000-2003 este custo subiu 1,4 puntos máis en Galicia que no promedio estatal.

Índice de custos laborais. Por CCAA. 2003 ⁽¹⁾

■ Cadro 1.31

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
Andalucía	1.948,77	121,5	2,9	13,96	122,9	3,1
Aragón	2.104,22	121,6	2,6	15,22	120,5	1,0
Asturias (Ppdo. De)	2.107,82	120,1	4,6	15,57	120,3	4,7
Baleares (Illes)	1.964,73	125,4	5,7	13,90	128,5	4,5
Canarias	1.719,13	114,3	1,6	12,20	115,7	1,6
Cantabria	1.950,81	117,8	3,5	14,08	118,9	2,9
Castela A Mancha	1.828,52	120,0	5,7	12,77	120,6	5,3
Castela e León	1.961,93	117,9	2,7	14,51	121,3	4,2
Cataluña	2.259,58	122,7	4,0	16,23	121,3	3,6
Com. Valenciana	1.917,90	120,9	4,5	13,51	119,7	3,9
Extremadura	1.736,29	120,2	3,4	12,73	123,8	4,2
Galicia	1.831,87	119,4	2,3	13,05	121,5	2,6
Madrid (Com. De)	2.490,92	119,7	4,5	17,06	116,8	3,6
Murcia (Rexión de)	1.785,12	122,9	5,6	12,73	120,8	4,7
Navarra (Com. Foral)	2.378,55	122,9	3,1	17,62	124,0	2,0
País Vasco	2.459,00	119,6	3,3	18,15	118,0	2,3
A Rioxa	1.976,09	119,0	4,2	14,12	119,5	4,2
España	2.119,69	120,6	3,7	15,09	120,1	3,4

(1) Datos do 4º trimestre 2003

(2) Base 2000

(3) % de variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior

Fuente: INE. Índice de Custos Laborais

No ano 2003 o crecemento do custo salarial neto en Galicia foi inferior en nove décimas ó estatal. O cadro 1.32 reflicte que as comunidades de maior suba do custo salarial neto foron Cataluña, Canarias e Navarra; as de menores incrementos foron a C. Valenciana e Castela León. Para facilitar (ás persoas interesadas) afondar no estudio do custo salarial neto, recolleemos nese mesmo cadro a desagregación da composición interna do mesmo nos dous compoñentes para cada unha das comunidades.

Custo salarial neto e os principais compoñentes. Por comunidades autónomas. 2003

■ Cadro 1.32

	Custo neto		Soldos e salarios		Outros custos ⁽²⁾	
	Euros	Taxa ⁽¹⁾	Euros	Taxa ⁽¹⁾	Euros	Taxa ⁽¹⁾
Andalucía	21.199,63	4,8	15.653,53	4,7	5.546,10	5,0
Aragón	22.888,20	3,6	16.868,21	4,1	6.019,99	2,1
Asturias	23.047,21	3,8	16.724,69	3,8	6.322,52	3,9
Baleares	20.683,51	4,5	15.304,30	4,2	5.379,21	5,2
Canarias	19.465,11	4,9	14.330,70	4,7	5.134,41	5,2
Cantabria	21.351,80	2,5	15.627,82	3,1	5.723,98	1,0
Castela e León	19.446,80	2,1	14.397,49	3,0	5.049,31	-0,3
Castela A Mancha	21.823,82	3,2	15.897,13	3,4	5.926,69	2,5
Cataluña	24.621,06	5,1	18.279,37	4,8	6.341,69	6,0
Com. Valenciana	20.632,17	2,0	15.167,16	2,1	5.465,01	1,8
Extremadura	18.791,31	3,2	13.892,57	3,0	4.898,74	3,8
Galicia	20.252,09	3,0	14.921,04	3,7	5.331,05	0,9
Madrid	27.529,14	3,6	20.460,56	3,6	7.068,58	3,7
Murcia	18.878,61	4,1	13.780,09	4,3	5.098,52	3,5
Navarra	25.445,30	4,9	18.864,84	5,0	6.580,46	4,6
País Vasco	26.905,91	3,9	19.929,65	4,3	6.976,26	2,9
A Rioxa	21.364,65	2,5	15.582,15	2,3	5.782,50	3,0
España	23.162,36	3,9	17.118,36	3,9	6.044,00	3,8

(1) Porcentaxe de variación respecto ó ano anterior

(2) Outros custos: Exclúe axudas de custo e gastos de viaxe

Fonte: INE. Encuesta anual de coste laboral

Nos dous cadros seguintes recolleemos datos procedentes da *Encuesta anual de coste laboral*, que se elabora a partir dun cuestionario anexo ó do *Índice de custos laborais* (ICL), co obxecto de completar os datos que no ICL se obteñen trimestralmente, cunha perspectiva anual dos mesmos. No ICL o período de referencia para a información solicitada no cuestionario é o mes natural; evidentemente, hai unha serie de partidas do custo que non se rexistran con esa periodicidade porque o seu período de vencemento é superior ao mes (por exemplo as prestacións sociais directas, os gastos en formación, etc.). Estes compoñentes do custo laboral son os que figuran no módulo que dá lugar á Enquisa Anual de Custo Laboral; nos datos que ofrecemos neste *Informe Sociolaboral* o período de recollida de datos foi o último cuatrimestre do ano 2003.

Os cadros I.33 e I.34 proporcionan para cada comunidade o importe en euros por traballador e ano dos distintos compoñentes do custo laboral (ou “custo bruto”) e a estrutura porcentual dos compoñentes respecto do custo laboral. Sobrancearemos como dato máis relevante na comparanza Galicia-España a menor porcentaxe que no custo laboral representan en Galicia as indemnizacións por despedimento, gastos por despedimento e varios máis que se inclúen no apartado de “outros”, no que a media estatal supera nun 36% (e o da comunidade de Madrid nun 87%) ao valor galego.

■ **Cadro 1.33** Estructura porcentual dos compoñentes do custo laboral. Por comunidades autónómicas. 2003.

	Custo bruto	Soldos e salarios	Cotizacións obrigatorias	Cotizacións voluntarias	Prestacións sociais directas	Outros
Andalucía	100,00	73,21	23,45	0,58	0,90	1,85
Aragón	100,00	73,00	23,27	0,58	0,89	2,26
Asturias (Ppdo. De)	100,00	71,84	24,20	0,93	1,09	1,94
Baleares (Illes)	100,00	73,34	23,38	0,56	0,97	1,74
Canarias	100,00	73,16	23,44	0,44	0,83	2,15
Cantabria	100,00	72,58	24,17	0,80	1,14	1,31
Castela A Mancha	100,00	73,45	23,59	0,69	0,93	1,35
Castela e León	100,00	72,25	23,21	1,11	1,29	2,14
Cataluña	100,00	73,55	22,77	0,53	0,92	2,23
Com. Valenciana	100,00	72,83	23,67	0,61	0,89	2,00
Extremadura	100,00	73,43	23,46	0,55	0,80	1,76
Galicia	100,00	73,02	23,56	0,69	1,16	1,58
Madrid (Comunidade de)	100,00	73,77	21,03	1,05	1,20	2,95
Murcia (Rexión de)	100,00	72,34	24,44	0,44	1,18	1,59
Navarra (Com. Foral de)	100,00	73,25	23,75	0,46	1,08	1,45
País Vasco	100,00	73,31	23,18	0,73	1,20	1,59
A Ríoxa	100,00	72,18	24,06	1,00	0,71	2,05
España	100,00	73,26	22,85	0,71	1,03	2,15

(1) Inclúe indemnizacións por despedido, gastos en formación profesional, en transporte, gastos de carácter social, indemnizacións fin de contrato pagos compensatorios, ferramentas - ropa de traballo e outros gastos. Exclúe axudas de custo e gastos de viaxe.
Fonte: INE. Enquisa de custo laboral.

■ **Cadro 1.34** Custo laboral e os seus compoñentes ⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2002.

	Custo bruto	Soldos e salarios	Cotizacións obrigatorias	Cotizacións voluntarias	Prestacións sociais directas	Outros ⁽²⁾	Subvencións e deducións	Custo neto
Andalucía	21.381,49	15.653,53	5.014,80	124,55	193,40	395,21	181,86	21.199,63
% Galicia sobre total nacional	2,81	3,29	2,52	4,66

Importes en en miles de euros
Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

No cadro 2.58 agrúpanse os catro anos do Profit 2000-2003 por programas, dos 43 millóns 605 mil euros da axuda total (sumada a subvención e o préstamo) que representan os catro anos a contía máis importante tanto do número de expedientes aprobados como do total da axuda corresponden ós 38 proxectos de deseño que acadaron un total de máis de 19 millóns 157 mil euros seguíndolle en importancia os 16 expedientes aprobados no eido da automoción cun valor de 10 millóns 339 mil euros.

■ Cadro 2.58

PROFIT. Programas aprobados en Galicia no periodo 2000-2003

	Expedientes presentados	Expedientes aprobados	Inversión total	Subvención	Préstamo	Axuda total
Bioteecnoloxía	18	14	15.671,43	1.242,92	645,77	1.888,69
Deseño	62	38	111.254,86	352,13	18.805,40	19.157,53
Máquina-ferramenta	10	5	2.201,51	218,77	786,20	1.004,97
Ferroviario	-	-	-	-	-	-
Materiais	33	10	9.357,88	484,34	1.718,24	2.202,58
P.N. Produtos químicos	6	1	1.248,90	-	147,85	147,85
P.N. Recursos naturais	15	2	4.713,44	566,00	295,00	861,00
Agroalimentarias	33	12	10.747,90	394,80	1.187,10	1.581,90
Socioeconomía	14	3	133,91	53,20	-	53,20
Biomedicina	-	-	-	-	-	-
Aeronáutico	2	1	567,00	-	193,92	193,92
Automoción	21	16	38.455,99	711,07	9.628,01	10.339,09
Enerxía	10	1	326,35	54,09	-	54,09
M. Ambiente	43	15	28.585,78	1.176,51	2.710,17	3.886,68
Transportes	4	4	5.803,14	41,47	1.260,95	1.302,42
Centros	61	15	5.433,66	483,35	448,50	931,85
Garantías	-	-	-	-	-	-
Total xeral	332	137	234.501,76	5.778,64	37.827,11	43.605,76

Datos en en miles de euros

Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

○ **Plan de Competitividade Téxtil-Confección** é un sistema de axudas promovido polo antigo Ministerio de Industria e Enerxía e mantido con nova regulación polo actual Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Vai dirixido ó fomento da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico do sector téxtil-confección, con vistas a incrementala súa competitividade e favorece-la súa integración no mercado internacional. O plan 1997-1999 rematou e aprobouse o 1 de xuño de 2000 un novo plan que vai dirixido prioritariamente á aplicación das novas tecnoloxías ás pequenas e medianas empresas do sector. No cadro 2.59 ofrécese agrupados os datos do antigo plan 1997-1999 e os datos dos anos 2000 a 2003 do vixente. Como podemos observar trala diminución en 2001 do número de empresas ou proxectos beneficiarios do plan incrementábase en 2002 o número de proxectos e volve a caer neste caso a nove proxectos en 2003, se ben incrementábase en máis do dobre a contía total das subvencións e/ou anticipos ata máis de catro millóns 342 mil euros dos que o 44,85% corresponden á provincia de Pontevedra.

○ **Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI)** ten encomendado, dentro dos Plans de Actuación Tecnolóxica, a concesión de créditos, actualmente a interese cero, que poden chegar ata un 50% do presuposto do proxecto e cun período de amortización de 5 anos, para os seguintes proxectos:

Desenvolvemento tecnolóxico-novos proxectos e/ou produtos, de cara á súa comercialización.

■ Cadro 2.59

Plan de competitividade téxtil. Galicia.1997-2003

	Nº de empresas/ proxectos							Subvención/anticipo						
	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
A Coruña	11	10	13	7	5	5	4	858.401,55	591.828,64	637.048,79	398.278,70	604.744,45	587.273,50	1.169.760,00
Lugo	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Ourense	-	-	-	2	-	1	2	-	-	-	361.015,95	-	67.445,69	1.224.874,00
Pontevedra	11	5	10	5	3	6	3	388.151,65	241.138,08	679.696,61	1.553.838,66	309.476,14	1.367.066,22	1.947.721,00
Galicia	22	15	23	14	8	12	9	1.246.553,20	832.966,72	1.316.745,40	2.313.133,32	914.220,59	2.021.785,41	4.342.355,00

Elaboración propia

Contía subvención en euros

Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

Innovación tecnolóxica-incorporación ás empresas de novas tecnoloxías con baixo risco técnico.

Promoción tecnolóxica cara ó exterior:

Proxectos concertados de risco elevado e resultados non comercializables directamente.

O CDTI concedeu a Galicia, durante 2003 préstamos por un valor de 4 millóns 940 mil euros distribuídos en 11 proxectos para apoiar unha inversión de 6 millóns 237 mil euros-(cadro 2.60), salientando desde o punto de vista provincial, como en anos anteriores, tanto o número como a contía da aportación en Pontevedra.

Aportacións do CDTI. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 2.60

	Nº de proxectos			Orzamento subvencionable			Aportación CDTI		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
A Coruña	6	4	2	8.189,5	3.365,1	2.163,8	3.244,6	1.225,7	1.161,7
Lugo	2	1	2	2.075,9	923,6	1.325,4	625,7	461,8	498,7
Ourense	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Pontevedra	7	2	7	7.641,5	1.372,4	6.237,1	3.153,4	780,3	3.280,4
Galicia	15	7	11	17.906,9	5.661,1	9.726,3	7.023,7	2.467,8	4.940,8

Contías económicas en miles euros

Fonte: Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI)

O programa de reindustrialización (cadro 2.61) contempla subvencións e préstamos para zonas que sufriran declive industrial; aprobou para Galicia en 2003 once proxectos, outorgando subvencións de 665.000 euros e créditos por valor de 12,57 millóns de euros a empresas con actividade no contorno de Ferrol e As Pontes.

Programa de reindustrialización. Galicia. 2003

■ Cadro 2.61

Municipio	Entidade beneficiaria	Subvención concedida	Préstamo concedido
A Coruña	Bebidas Gaseosas del Noroeste, SA	0	5.500.000
As Pontes	Contrachapados del Eume, SA	0	229.861
As Pontes	Einsa Print International, SA	0	810.000
As Pontes	Gallega de Contrachapados, SA	0	594.000
As Pontes	Mecanizados Acebron, SL	0	140.000
Cerceda	Sumtec, SL	0	1.000.000
Ferrol	Fundación Parque Científico-Tecnológico Río do Pozo	165.000	0
Ferrol	Fundación Parque Científico-Tecnológico Río do Pozo	500.000	0
Laracha	Protección Medio Ambiental, SL	0	800.000
Mesía	Campo Brick, SL	0	2.500.000
Mesía	Cerámica Vereia, SA	0	1.000.000
		665.000	12.573.861

Importe en euros

Fonte: Administración Xeral do Estado

■ Os incentivos económicos rexionais

Os incentivos económicos rexionais creados pola Lei 50/1985 constitúen un mecanismo incentivador da inversión privada en zonas configuradas na actualidade (reforma do Real-decreto 1328/2001 do 30 de novembro) como Zona de Promoción Económica -ZPE- que queda constituída pola totalidade da comunidade autónoma: a consideración de ZPE supón que os proxectos de investimentos relacionados coa industria extractiva e transformadora, en industrias agroalimentarias, de acuicultura e de transformación e conserva de produtos pesqueiros, os servizos de apoio á industria e os de establecementos hoteleiros poden ser susceptibles de subvencións ata o 40% do investimento total).

Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia, acollidos á Lei 50/1985, aprobados entre o 01.01.2003 e o 31.12.2003

■ Cadro 2.62

	Expedientes	Investimento	Subvención	A crear	A manter
A Coruña	34	171.952.382	21.430.714,64	687	1.732
Lugo	11	15.355.154	2.650.796,36	65	586
Ourense	14	35.142.888	5.066.860,92	130	1.414
Pontevedra	41	173.495.518	25.986.346,61	638	2.350
Galicia	100	395.945.942	55.134.718,53	1.520	6.082

Datos de Investimento e Subvención en euros

Fonte: Ministerio de Economía

A partir do 1 de xaneiro de 1996 suprímese a ZID (Zona Industrial en declive, que ten ata esa data a zona de Ferrolterra, cun tratamento máis xeneroso con respecto a porcentaxe das subvencións) e a totalidade de Galicia constitúe ZPE a efectos da normativa sobre os incentivos económicos, se ben a porcentaxe que obteñen as empresas pode complementarse con outras actuacións subvencionadoras co tope xeral do 40% a partir de 2002 fronte ó anterior do 50%.

Como pode apreciarse no cadro 2.63 aprobáronse en Galicia, desde 1988, ano de iniciación dos incentivos, ata decembro de 2003, un total de 1.484 proxectos que obtiveron unha subvención total de 612 millóns 626 mil euros.

**Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia,
acollidos á Lei 50/1985, aprobados entre o 01.06.1988 e o 31.12.2003**

■ Cadro 2.63

	Exp.	Investimento	Subvención	%	Emprego/crear	Emprego/manter
Galicia	1.484	3.407.034	612.626	17,98	22.301	68.350

Elaboración Propia

Datos de Investimento e Subvención en miles de euros

Fonte: Ministerio de Economía

O cadro 2.64 contempla a evolución, nos últimos dez anos, observándose a nivel galego, nos anos 1997, 1998 e 1999 un aumento moi notable tanto do investimento subvencionable como da axuda concedida, destacando a estes efectos e tamén a contía do tanto por cento correspondente, o ano 1997.

En 2000 aprobáronse un total de 52 expedientes –un número inferior ó ano anterior e similar ós anos precedentes- para un investimento de 131 millóns 754 mil euros-, outorgáronse subvencións de 21 millóns 679 mil euros-, pero en 2001 apróbanse 109 expedientes, a cantidade maior destes últimos nove anos cun alto, tamén, investimento previsto, outorgando como subvención 46 millóns 184 mil euros cun compromiso de creación de 1.744 novos empregos e de mantemento de 7.308.

No ano 2002 baixa o número de expedientes a 47, aínda que a contía do investimento -330 millóns 394 mil euros- é importante. O importe da subvención baixa con respecto ó ano anterior e acada un importe de algo máis de 30 millóns de euros cun compromiso de creación de 1.267 empregos e de mantemento de 3.181. Finalmente no ano 2003 –cadro 2.62- volven a subir tanto o número de expedientes -100- como a subvención concedida 55 millóns 135 mil euros con 1.520 empregos creados e a garantía de mantemento de 6.082.

**Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia,
acollidos á Lei 50/1985, aprobados de 1994 a 2003**

■ Cadro 2.64

	Exp.	Investimento	Subvención	%	Emprego/crear	Emprego/manter
1994	63	147.055,64	26.071,91	17,73	873	3.144
1995	63	133.034,03	23.265,18	17,49	823	4.515
1996	39	68.713,71	10.746,10	15,64	486	2.251
1997	51	378.126,77	87.801,86	23,22	1.114	4.273
1998	53	270.455,45	48.958,45	18,10	1.042	10.225
1999	83	259.793,49	45.737,02	17,60	1.724	4.654
2000	52	131.753,87	21.678,51	16,45	923	2.025
2001	109	445.221,60	46.184,20	10,37	1.744	7.308
2002	47	330.394,13	30.059,31	9,10	1.267	3.181
2003	100	395.946,00	55.135,00	13,92	1.520	6.082

Datos de Investimento e Subvención en miles de euros

Fonte: Ministerio de Economía

Cadro 2.65

Incentivos económicos rexionais. Proxectos por sectores. Galicia. 2003

	Expedientes	Investimento aprobado	Subvención %	Emprego a crear (%)	Emprego a manter (%)
03. Extracción e 1ª trans. de minerais metálicos non enerxéticos	4	11.036.218	1.969.943,64	111	70
04. Extracción e industria de minerais non metálicos	21	63.787.513	10.220.844,52	196	1.154
05. Industria química e produción de fibras artificiais	4	25.122.808	3.841.314,44	29	167
06. Fabricación de prod. metálicos. Maquinaria e equipo mec.	17	18.747.667	3.082.405,22	158	390
08. Const. automóviles e pezas de reposto. Material de transporte	9	49.621.860	7.065.905,14	196	1.068
10. Industria de prod. alimenticios, bebidas e tabaco	2	24.920.486	2.546.502,34	22	329
11. Industria téxtil, coiro, calzado e vestido	9	20.513.448	4.246.362,84	238	932
12. Industrias da madeira e do papel. Artes gráficas	17	130.785.463	13.775.096,82	303	1.611
13. Industria do caucho e transformación de materiais plásticos	1	3.799.962	455.995,44	7	66
14. Outras industrias manufactureiras	5	8.923.428	1.252.551,12	49	290
16. Turismo	6	30.152.872	5.055.111,45	160	5
18. Outros sectores económicos	5	8.534.217	1.622.685,56	51	0
Total	100	395.945.942	55.134.718,53	1.520	6.082

Importes en en miles de euros

Fonte: Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

2.6.3. A aportación da Administración Autonómica

A análise da política industrial da Xunta de Galicia en 2003 lévanos primeiramente a examina-lo labor do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), os fondos de capital risco -Emprende, Adiante, e da Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia (SODIGA) que xestiona XESGALICIA; e, posteriormente, cun achegamento moi sucinto ás liñas de actuación orzamentaria de promoción industrial que veñen desenvolvendo as consellerías sectoriais: a de Innovación, Industria e Comercio co apoio da de Economía e Facenda; a de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural; a de Pesca, e Asuntos Marítimos; e a de Medio Ambiente.

Desde a súa creación, coa Lei 5/1992, do 10 de xuño, o IGAPE vén a traballar en diversos programas de promoción e apoio ó contorno empresarial galego, a través da tramitación dos incentivos económicos rexionais -que xa estudiamos no anterior epígrafe-, da concesión de préstamos e avais, de distintas modalidades de bolsas para posgraduados (de contratos en prácticas, de investigación no exterior, “de promoción”, etc.) e de programas como LANZA -para a promoción da creación de empresas innovadoras lideradas por xoves-, PIMEGA -plan integral para mellora-la competitividade da empresa galega- ou IGATEL -que fomenta as telecomunicacións e aporta unha base de datos con información especializada ó empresariado-.

Desde a aprobación do Decreto 309/1995, do 23 de novembro, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, o IGAPE configúrase, máis claramente, como o eixe fundamental de potenciación do sector produtivo galego, potenciada polo novo marco de actuación que introduce o “Acordo sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia”, asinado o 13 de xullo de 1998 pola Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios e as centrais sindicais Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores. Nel contéñense as liñas de actuación no período 1998-2001, mantendo e reforzando en parte as políticas que de promoción e fomento da actividade empresarial viñan realizándose con anterioridade -subsidiación ós tipos de xuro dos préstamos, subvencións a fondo perdido en proxectos que contribúan á creación e ó mantemento de emprego estable, préstamos participativos, saneamento financeiro, avais, etc.-.

En xuño de 2000 o IGAPE dá a coñece-las directrices que seguirá o ente no período 2000-2003, presentando novos retos -duplica-los resultados do período 1997-

1999- incidindo nas liñas dos programas previstos no Acordo coas centrais sindicais SN de CCOO de Galicia e UGT-Galicia e a Confederación de Empresarios de Galicia. O Decreto 172/2001 do 12 de xullo fixa as bases que regulan as modalidades de axudas do IGAPE que foron potenciadas e modificadas o 31 de marzo de 2003 no marco do plan de dinamización económica, Plan Galicia, incorporando e establecendo melloras de carácter xeral e iniciativas orientadas a prestar apoio ás pequenas empresas nas zonas especialmente afectadas polo sinistro do **Prestige** (Costa da Morte) ou nas áreas de dinamización prioritaria de Lugo e Ourense. Na actualidade, contempla para o período 2000-2006 as seguintes liñas de actuación:

- Apoios a investimentos
- Apoios a novas iniciativas empresariais
- Apoio á continuidade e á mellora competitiva
- Apoio a empresas (reestructuracións)
- Formación
- Servizos

O Acordo do 13 de xullo de 1998 aporta como principal novidade unha nova dimensión de apoio ás empresas, creando unha xestora de capital risco: **XESGALICIA** (constituída en marzo de 1999), cun presuposto de 16.000 millóns de pesetas e que dispón de tres instrumentos en función das demandas empresariais:

■ Fondo Emprende, dotado inicialmente con mil millóns de pesetas e ampliándose ata chegar ós 4.000 millóns a finais de 2001, componse de aportacións da Xunta de Galicia, das Caixas de Aforro, e o BBVA, co obxectivo de promover as empresas de nova creación.

■ Fondo Adiante, cunha dotación inicial de mil millóns de pesetas, e ampliándose ata chegar a 3.500 millóns de pesetas en 2001, financiado con diñeiro público e destinado ó apoio ás empresas con problemas de viabilidade.

■ SODIGA, que pasa a constituírse exclusivamente nunha sociedade de capital risco. Prevese mante-los actuais socios e ampliarase a outras entidades financeiras; apoia proxectos de desenvolvemento de empresas con estrutura financeira equilibrada e un grao de madurez significativo. Xestiona directamente o Fondo Galicia-Norte de Portugal, acoillido ó programa comunitario Interreg-3, formado por capital aportado a partes iguais –820 millóns de pesetas e mil millóns de escudos- pola Xunta de Galicia e a Rexión Norte de Portugal que financian investimentos en Portugal promovidos por empresas de Galicia e viceversa, primándose a creación de **joint ventures** entre empresas.

No cadro 2.66 contéplanse as inversións aprobadas dos fondos de XESGALICIA nos anos 2000 a 2003. Como se pode observar en 2000 aprobáronse 31 expedientes de inversión que supuxeron máis de 16 millóns de euros, descende en 2001 o número de inversións a 16 e lixeiramente a contía total –15,71 millóns de euros-. En 2002 trámítanse o mesmo número de expedientes de inversión co ano anterior: 16, baixando o importe total a 11,14 millóns de euros e no ano 2003 os 20 expedientes aprobados alcanzan un montante total entre as subvencións de capital e préstamo de 25,45 millóns de euros dos que a parte máis importante corresponde ós 11 proxectos de Sodiga.

Cadro 2.66

Fondos de capital de risco de XESGALICIA. 2000-2003

	Inversións aprobadas por fondos ⁽¹⁾															
	Nº				Capital				Préstamo				Total			
	2000	2001	2002	2003	2000	2001	2002	2003	2000	2001	2002	2003	2000	2001	2002	2003
	2000	2001	2002	2003	2000	2001	2002	2003	2000	2001	2002	2003	2000	2001	2002	2003
ADIANTE	6	5	2	1	1.949,74	1.983,34	396,50	0,00	2.404,05	1.472,48	859,45	1.202,00	4.353,79	3.455,82	1.257,95	1.202,00
EMPRENDE	13	3	7	8	2.644,99	552,81	2.203,07	3.521,42	1.203,65	288,49	2.347,34	1.513,55	3.848,64	841,30	4.557,41	5.034,96
SODIGA	12	8	7	11	7.081,79	5.820,80	4.471,78	16.860,18	913,54	5.592,30	847,43	2.352,01	7.995,32	11.413,10	5.326,21	19.212,19
Total	31	16	16	20	11.676,52	8.356,95	7.071,35	20.381,60	4.521,23	7.353,26	4.054,22	5.067,56	16.197,76	15.710,22	11.141,57	25.449,15

Elaboración propia
(1) En miles de euros
Fonte: IGAPE

A Consellería de Innovación, Industria e Comercio controla na actualidade o Centro de Innovación e Servizos de Deseño e Tecnoloxía (CIS), creado no seo do IGAPE en 1995, e que desenvolve o seu labor no eido da formación e das novas tecnoloxías empresariais, co obxectivo de espallar, no tecido empresarial galego, accións de I+D e complétase na súa actividade co Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira, no Parque Tecnolóxico de Galicia, creado en 1996, e o Centro Europeo de Empresas. Xunto a estes instrumentos, o IGAPE creou en Porriño, en colaboración coa Zona Franca de Vigo, o Centro de Iniciativas Empresariais (CIE), coa finalidade de apoiar a creación de empresas, especialmente as baseadas en ideas innovadoras e/ou promovidas por mozos emprendedores.

Dentro da modalidade de subvencións ó investimento, o IGAPE continúa cunha acción de política industrial xa “clásica” en Galicia, porque se vén mantendo desde hai máis dunha década: a **subvención do tipo de interese dos créditos bancarios ás Pequenas e Medianas Empresas (PEMES) galegas**. Dita modalidade complementábase coa concesión de **avais** co obxecto de subministrar garantías ás empresas galegas (ou ás que teñan unidades produtivas en Galicia e destinen integramente ese diñeiro á creación, ampliación, reconversión ou reestructuración das mesmas) para investimentos e refinanciamento.

Cadro 2.67

Programas de apoio financeiro ás PEMES. Por provincias. Galicia. 1999-2003

	Nº de expedientes					Importe do préstamo ⁽¹⁾				
	1999	2000	2001	2002	2003	1999	2000	2001	2002	2003
A Coruña	366	323	353	257	235	112.277	95.418	61.405	58.608	54.679
Lugo	212	159	172	142	119	33.705	39.655	35.058	28.578	31.821
Ourense	147	94	186	89	71	33.285	32.798	25.703	16.867	8.833
Pontevedra	336	288	374	245	242	109.266	81.943	96.040	65.912	83.261
Fóra de Galicia				2	1				422	225
Galicia	1.061	864	1.085	735	668	288.533	249.815	218.206	170.387	178.819

Elaboración propia
(1) Datos en miles de euros
Fonte: Igape

No cadro 2.67 contémanse os datos dos programas de **apoyo financeiro ás PEMES** de 2000 a 2003, desde o perspectiva provincial. En 2003 o número de expedientes diminúe nas catro provincias en troques a contía total dos préstamos concedidos que foi de 178 millóns 819 mil euros aumentan con respecto ó ano anterior en todas as provincias excepto Ourense.

O cadro 2.68 presenta a información do programa de investimento produtivo, en 2003, por sectores. A maioría das axudas por número de expedientes foron para o comercio, transporte e industria. A contía maior do préstamo, correspondente máis do 38%, foi para empresas do sector de comercio ocupando o lugar posterior, a considerable distancia, o montante do préstamo concedido ó sector pesqueiro.

Programas financeiros a PEMES. Por sectores. Galicia. 2003

■ Cadro 2.68

	Expedientes	Inversión	Préstamo	Ptos. Subsid. pond.	Subvención estimada	Emprego crear	Emprego manter
Agricultura	6	1.714,22	1.200	3,50	102,89	17	131
Comercio	247	108.484,62	68.153,32	2,96	8.640,74	389	2.666
Construción	37	5.561,91	5.478,49	2,15	251,43	25	1.231
Industria	127	34.082,80	22.226,17	2,72	2.066,00	272	2.036
Medio Ambiente	2	300,43	255,35	3,20	18,11	1	17
Pesca	52	59.351,37	38.102,70	3,67	5.026,42	44	244
Servizos	5	9.310,50	4.274,94	3,10	433,66	36	36
Transporte	135	27.629,16	21.175,26	1,88	1.785,00	40	1.345
Turismo	57	27.929,49	17.935,39	2,79	1.490,62	224	273
Total	668	274.364,50	178.801,57	2,70	19.814,87	1.048	7.979

Datos en miles de euros
Fonte: IGAPE

No cadro 2.69 contéplase os datos en 2003 do **programa de apoio a continuidade e mellora competitiva da Peme**, unha das liñas importantes do Plan de consolidación e competitividade da Peme de actuación actual do IGAPE. Do número total de expedientes a maioría corresponden ós programas de calidade e máis de deseño nas empresas o 66% , pero en base subvencionable e contía da subvención as cantidades máis importante son as correspondentes ós programas Innovación na Xestión e Sociedade da Información que con 3 millóns 939 mil euros e algo máis de 2,8 millóns de euros respectivamente e tan só 15 e 19 expedientes, respectivamente acaparan o 53,69% da subvención total, seguen en importancia con respecto a subvención os programas de mellora competitiva con 1 millón 966 mil euros e de deseño que con 159 expedientes outorgou máis de 1 millón 595 mil euros no ano 2003.

Programa de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME. Galicia. 2003

■ Cadro 2.69

Modalidade	Nº de expedientes	Subvencionable	Subvención
Mellora competitiva	60	9.020.467,00	1.965.997,00
Modernización da hostalaría na Costa da Morte	83	2.124.093,00	849.637,00
PCCP-Sociedade da información	19	5.253.262,78	2.809.829,03
PCCP-Deseño	159	3.132.627,16	1.595.059,13
PCCP- Cooperación	1	114.192,31	75.366,93
PCCP- Calidade	173	3.019.969,25	1.336.424,02
PCCP- Innovación na xestión	15	5.070.493,16	3.939.472,05
Total	510	27.735.104,66	12.571.785,16

PCCP: Plan de Consolidación e Competitividade da PEME
Fonte: Igape- Xunta de Galicia

■ Cadro 2.70

**Subvencións e axudas das Consellerías de Economía e Facenda e Industria e Comercio
(capítulo VII). Galicia. 2001-2003**

	Programa	Concepto	2001	2002	2003
432A	Plan Galego de I+D Tecnolóxico	I+D Industrial. Plan Galego de IDT I+D Minería Premios innovación empresarial I+D Maquinaria e bens de equipo para minería I+D Enerxía Fundac. Fomento da Calidade Ind. E Des. Tecnol. *	2.440.109 240.405 18.030 540.911 721.215 1.111.872	2.632.061 70.000 18.031 600.000 349.796 601.012	2.632.061 18.030 630.112
521A	Regulación do comercio interior Regulación do comercio interior e política de prezos	Convenio IGAPE potenciación comercio minorista Equipamentos comerciais de carácter social (Corporacións Locais) Mercado Madalena de Ferrol (Corporacións Locais) Fundacións de interese galego de carácter feiral Fundacións PROVIGO Fundacións feiras e exposicións A Coruña Fundacións feiras e exposicións Lugo Concello de Santiago de Compostela Recinto Feiral Vilagarcía Fundación Ferrol Metrópoli Federación de mercados centrais da comarca de Vigo Centro formación téxtil Confederación Empresarios de Pontevedra	184.709 3.180.039 660.019 1.111.872 30.051 4.507.591 325.749 4.207.085 36.061 150.253 132.000	527.386 4.380.000 752.000 46.000 1.962.549 456.000 36.100 132.000	375.000 5.000.000 943.900 46.000 360.500 36.100 100.000 18.100
631A	Conservación e aforo de enerxía	Instituto Enerxético de Galicia Uso racional da enerxía nos Concellos (Corporacións Locais) Uso racional da enerxía nas industrias II Fase de Gasificación(*) Gas nos polígonos industriais Infraestruturas enerxéticas municipais Infraestruturas eléctricas no medio rural Mellora de infraestruturas enerxéticas Plantas Satélite GNL Fomento de enerxías renovables a empresas privadas Fomento da enerxía solar	480.810 901.518 289.808 3.005.061 601.012 6.010.121 601.012 1.007.982	788.960 1.600.000 300.000 1.500.000 222.222 8.888.198 750.000 200.000 1.007.982	1.375.000 1.800.000 300.000 1.000.000 200.000 1.567.911 8.924.281 1.700.000 200.000 500.000 600.000
641A	Fomento da minería	Convenio coa Cámara Mineira* Restauración mineira seguridade laboral no sector mineiro Convenio Confederación Hidrográfica do Norte	60.101 180.304 180.304 55.208.179	60.000 210.000 58.569.777	90.000 150.000 150.000 250.000 63.858.633
661C	Ordenación e creación doutras industrias	IGAPE Polígonos industriais (Corporacións Locais) Fomento da calidade industrial Fomento de servizos ás asociacións Seguridade industrial Proxecto Rechar II	1.442.429 661.113 300.506 120.202 25.243	2.053.509 751.265 300.506 250.000 150.092	2.400.000 863.950 300.506 700.000 150.092
661D	Apoio á artesanía	Parque tecnolóxico de Galicia Convenio coa S.A. Desenvolvemento Comarcal de Galicia (Interrexional II) Centro de Artesanía de Lugo (Corporación Local) Axudas á artesanía galega Apoio á artesanía. Apertura das novas canles Centro Galego de Artesanía e deseño Transferencia capital a MEISA	300.506 300.506 781.316 781.316 150.253 60.101 1.202.024	300.506 781.315 150.253 60.101 1.202.024	300.506 781.316 150.253 1.653.000
723B	Fomento e cooperación empresarial sector naval	Aportación anual convenio PYMAR Aportación pymar para prexubilacións Fomento sector naval Normalización, técnicas de xestión e Web Conglomerado do Naval	570.961 724.640 931.569 2.103.542	845.512 527.445	570.962 69.408 527.445
732 A	Mellora empresarial e cooperación entre as empresas da madeira	Axudas ás industrias do complexo da madeira	2.103.542	2.103.542	2.420.000
741 A	Potenciación da cooperación empresarial: Fomento grupo de actividades Automoción	Axudas ás industrias do complexo de automoción Centro tecnolóxico de automoción	3.906.579	3.756.326 3.906.579	4.320.000 1.414.367
742 A	Promoción grupo de actividades téxtil-confección	Axudas á industria do complexo téxtil-confección (RETEX)	1.652.783	1.652.783	1.652.783
743 A	Fomento grupo de actividades minerais non metálicos	Fomento da investigación de minerais non metálicos	1.803.036	900.000	600.000
		Convenio con universidades Apoio a maquinaria galega para a pedra Fundación da Lousa e do Granito Subvencións a empresas en materia de calidade e seguridade Subvencións en materia de Innovación Tecnolóxica Convenio fomento da investigación empresas públicas Centros tecnolóxicos da lousa e o granito	1.202.024 1.202.025 100.000	2.400.000 1.202.025 100.000	605.000 120.000 400.000 2.375.719
744 A	Fomento grupo de actividades Telecomunicacións e Audiovisual	Axudas á industria do complexo de telecomunicacións e audiovisual	1.081.822	1.081.820	1.244.000
753 A	Distribución loxística e Promoción Comercial	Cámaras de Comercio. Plan Internacional Pemes Cámaras de Comercio. Plan Fomento das Exportacións Galegas Asociacións para promoción e distribución comercial Galicia Calidade Asociacións do sector comercial minorista Plan de cese anticipado de actividade comercial Axudas o comercio minorista galego Distribución loxística e promoción comercial Proxectos de desenvolvemento do sector comercial Plans de internalización das Pemes galegas Plans de fomento das exportacións galegas-FOEXGA	601.012 1.202.024 3.005.061 721.215 901.518 865.457 1.081.822 1.682.834 1.953.331	300.600 1.203.000 790.000 800.000 5.500.000 3.430.000 1.700.000 1.617.186 1.953.707	300.600 790.000 4.100.000 2.200.000 3.430.000 2.500.000 300.600 1.320.000 1.921.860 2.001.245
754 A	Servicios a empresas	Apoio ó Desenvolvemento de Conglomerados Potenciación acceso empresarial á sociedade da información	1.682.834 1.953.331	1.617.186 1.953.707	1.921.860 2.001.245
754 B	Apoio á Actividade Industrial	Fomento das actividades industriais Potenciación de actividades empresariais Apoio ó Desenvolvemento de Conglomerados e Industrias Productivas Plan viabilidade Alfares-Santa Clara	1.678.735 3.115.076 121.701.063	3.606.073 5.688.406 165.279 137.739.836	4.147.000 10.395.123
	Total		121.701.063	137.739.836	149.550.763

Elaboración propia

Datos en euros

*Incluídos en programas distintos noutros anos

Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da C. A. Galega

Nos cadros 2.70 a 2.73 recóllense as subvencións e axudas das distintas consellerías da Xunta de Galicia, agrupadas por programas segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega de 2001 a 2003 que teñen incidencia na incentiación empresarial e industrial.

■ Cadro 2.71 Subvencións e axudas da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural (capítulo VII). Galicia.2001-2003

	Programa	Concepto	2001	2002	2003
422 D	Desenvolvemento rural	Programas leader ou asimilados	6.345.612		
		Desenrolo e diversificación económica en zonas rurais	2.561.279		
		Adquisición de terras procedentes de arrendamentos históricos(*)	240.405	240.405	120.202
		Axencia Galega de Desenvolvemento Rural		12.050.293	15.425.804
	Divulgación da tecnoloxía agraria	Primeiro establecemento	222.374		
		Fomento asociacionismo agrario		1.793.282	1.790.000
		Fomento maquinaria en común		947.799	626.504
613 A	Sanidade vexetal e animal	Programas sanitarios especiais (Corporacións Locais)	318.536	318.536	378.536
		Programas sanitarios especiais (empresas)	2.159.503	2.159.503	2.159.503
		Agrupacións de defensa sanitaria	1.367.381	1.391.356	2.003.000
		Axudas ATRIAS	238.361		
614 A	Ordenación, reestruturación, fomento e	Plan apícola galego		480.810	480.810
		Plan integral de mellora xenética	1.532.581	3.580.529	
		Apoio á eficacia dos sistemas produtivos	905.124	3.942.604	4.942.604
		Fomento da mellora tecnolóxica e mecanización en común	2.094.227		
		Programa de defensa dos vexetais	279.471		
		Aportación ó Instituto Lácteo e Gandeiro (ILGA)	90.790.806	29.058.927	29.058.928
		Reestruct. e recon. dos sistemas produtivos	597.406		
		Programas Agrarios Especiais		674.172	
		Fomento de actividades agrícolas complementarias		1.600.000	1.600.000
		Fomento de sistemas e ciclos agrarios sostibles		650.000	685.935
		Producción integrada e outras técnicas		787.993	890.000
		Potenciación da agricultura e gandería ecolóxica		9.379.391	
		Axudas a explotacións e cooperativas		27.778.481	29.044.674
		Abandono da produción leiteira		317.337	317.337
		Promoción de sementes e plantas de viveiro		675.200	675.200
		Mellora das explotacións		28.236.981	36.525.937
615 A	Regulación das producións e Mercados agrarios	Programa de Mellora Gandeira		1.643.119	5.833.843
		Medidas agroambientais (potenciación agricultura e gandería ecolóxica)			2.000.000
		Indemnizacións compensatorias			4.128.100
		Ordenación de Producción e Mercados Agrarios	3.529.624	3.528.884	2.790.000
711 B	Fomento de cultivos alternativos	Programa de acción e desenvolvemento da produción integrada	2.367.387		
712 A	Fomento do sector gandeiro	Apoio á eficacia dos sistemas produtivos	901.518		
713 A	Fomento das industrias agroalimentarias	Apoio á industrialización e comercialización	26.741.895	25.316.079	24.952.666
714 A	Fomento da comercialización agroindustrial	Mellora da comercialización agroalimentaria	3.942.135	3.020.314	3.120.000
		Promoción e comercialización agroalimentaria	150.253	150.253	150.000
		Apoio a Entidades Asociativas	318.536		
Total			147.604.414	159.722.248	169.699.583

Datos en euros

Inclúe tamén ó FEOGA

Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da C. A. Galega

(*) Incluídos en distintos programas noutros anos

■ Cadro 2.72

Subvencións e axudas da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (capítulo VII). Galicia. 2001-2003

	Programa	Concepto	2001	2002	2003
432 A	Plan Galego de Investigación e Desen. Tecnol.	Axudas á investigación empresas públicas	210.354		
		Axudas á investigación empresas privadas	180.304	65.001	22.959
614 B	Orde, reestrut. fomento e mellora da produc. pesqueira e cult. mariños	Desenvolvemento de proxectos pilotos	166.895		142.226
		Axuste do Esforzo Pesqueiro	3.277.319	3.275.109	3.272.894
		Paralización Temporal e outras compensacións financeiras	2.891.752	4.138.163	5.277.102
		Consolidación da flota galega (NEAFC)	626.423	4.666.261	
		Medidas socioeconómicas (a familias)	963.915	963.268	962.617
		Compensación por paralización. Temporal a familias		2.177.381	2.610.748
721 B	Desenvolvemento sostible da explotación de recursos mariños	Desenvolvemento da acuicultura e dos cultivos mariños	13.090.603	13.081.765	13.072.925
722 A	Transf., conserv., e comercialización de produtos mariños	Axudas a empresas de transf. e comercialización de produtos da pesca e acuicul.	30.628.118	33.787.778	40.316.118
		Outras subvencións			636.745
722 B	Promoción de produtos pesqueiros e	Promoción de produtos e inves. de mercado	567.614		
		Promoción fomento da calidade e búsqueda novas saídas comerciais			48.834
		Fomento da internacionalización			48.834
722 C	Equipamentos pesqueiros	Convenio co Ente Público Portos de Galicia			
		Equipamentos Públicos dos Portos pesqueiros	2.000.493	2.141.935	2.140.488
723 A	Reestrut. e renovación da flota pesqueira	Reestrut. e Renovación da flota pesqueira	29.324.372	32.016.413	32.173.281
		Plan de Renovación da Flota Pesqueira Artesanal	2.702.301		
		Convenio IGAPe: renovación da flota	238.001	208.251	
		Accións sobre a Pesca Costeira Artesanal (familias)	2.698.971	2.697.149	2.695.327
752 A	Servizos ás actividades marítimas	Programa de creación de infraestrut. turístico-culturalis nos portos	330.557		
		Axudas á creación de empresas de servizos no mar	210.354		
		Axudas a empresas de servizos vinculadas ó mar		270.000	270.000
		Desenvolvemento turístico		210.000	210.000
	Total		90.108.346	99.698.474	103.901.098

Datos en euros

Inclúe tamén ó IFOP

Fonte: Xunta de Galicia. Presupostos xerais da CA Galega

■ Cadro 2.73

Subvencións e axudas da Consellería de Medio Ambiente (capítulo VII). Galicia. 2001-2003

	Programa	Concepto	2001	2002	2003
342 A	Protección e mellora do medio ambiente ⁽¹⁾	Acción de fomento de riquezas piscícolas e cinexética			335.405
		Medidas compensatorias no contorno dos espazos protexidos(empresas)	444.749	725.367	354.263
		Medidas compensatorias no contorno dos espazos protexidos (familias e instts. sen fin de lucro)			602.920
		Axudas para a ordenación da actividade cinexética e piscícola			335.405
		Axudas para a conservación da biodiversidade			22.778
422 C		Subvencións en materia de medio ambiente industrial	907.528		463.010
614 C	Prevenção e defensa contra incendios forestais (Plan Forestal de Galicia) ⁽²⁾	Subvención empresas privadas por investimentos de prevención de incendios	985.660	505.563	851.000
	Orde, reestruc. fomento e desenvolvemento do sector forestal (Plan Forestal de Galicia)	Axudas empresas privadas para a creación e mellora de masas forestais	22.714.399	15.482.707	18.390.200
		Á Confederación Hidrográfica do Norte			100.000
	Mellora da estrut. forestal e 1ª transformación	Ó Mº de Agricultura, Pesca e Alimentación			292.212
731 A		Axudas para a creación e mellora das masas forestais	13.222.266	15.573.324	11.857.800
		Mellora da competitividade (empresas privadas)	601.012		
	Total		38.875.614	32.286.961	33.604.993

Datos en euros

(1) Só comprende subvencións a empresas, non a corporacións locais e organismos autónomos administrativos da Comunidade Autónoma

Fonte: Xunta de Galicia. Orzamentos xerais da C. A. Galega

POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

3

3.1. A poboación galega

Antes de entrar na análise da poboación desde a perspectiva do mercado laboral (poboación de polo menos 16 anos, activa, ocupada, desempregada, etc.) cómpre realizar un achegamento á situación demográfica de Galicia nos últimos anos, porque vai ser un claro condicionante da evolución dalgunha das variables significativas para a análise do mercado laboral.

3.1.1. Evolución da poboación

O cadro 3.1. dá fe da diferente evolución demográfica de Galicia e o conxunto do Estado no último quinquenio. A poboación galega permaneceu practicamente estancada de 1999 a 2002, período no que a poboación española subiu en 1.635.734 habitantes; no ano 2003 a poboación galega aumentou en 13.724 habitantes (case o dobre que no conxunto do trienio anterior) mentres que a española o fixo en 879.170 persoas, polo que o incremento demográfico de Galicia no último ano foi do 0,5% (a cuarta parte da suba media estatal: 2,1%).

Poboación de Galicia e España. 1999-2003

■ Cadro 3.1

	1999	2000	2001	2002	2003
Andalucía	7.305.117	7.340.052	7.403.968	7.478.432	7.606.848
Aragón	1.186.849	1.189.909	1.199.753	1.217.514	1.230.090
Asturias	1.084.314	1.076.567	1.075.329	1.073.971	1.075.381
Baleares	821.820	845.630	878.627	916.968	947.361
Canarias	1.672.689	1.716.276	1.781.366	1.843.755	1.894.868
Cantabria	528.478	531.159	537.606	542.275	549.690
C. León	2.488.062	2.479.118	2.479.425	2.480.369	2.487.646
C. A Mancha	1.726.199	1.734.261	1.755.053	1.782.038	1.815.781
Cataluña	6.207.533	6.261.999	6.361.365	6.506.440	6.704.146
C. Valenciana	4.066.474	4.120.729	4.202.608	4.326.708	4.470.885
Extremadura	1.073.574	1.069.420	1.073.381	1.073.050	1.073.904
Galicia	2.730.337	2.731.900	2.732.926	2.737.370	2.751.094
Madrid	5.145.325	5.205.408	5.372.433	5.527.152	5.718.942
Murcia	1.131.128	1.149.328	1.190.378	1.226.993	1.269.230
Navarra	538.009	543.757	556.263	569.628	578.210
País Vasco	2.100.441	2.098.596	2.101.478	2.108.281	2.112.204
A Ríoxa	265.178	264.178	270.400	281.614	287.390
Ceuta	73.704	75.241	75.694	76.152	74.931
Melilla	56.929	66.263	68.789	69.184	68.463
España	40.202.160	40.499.791	41.116.842	41.837.894	42.717.064

Fonte: INE (INE Base cos datos do Padrón municipal de habitantes)

No último cuadrenio, a poboación española medrou un 6,26% (2.514.904 persoas) mentres que a galega o fixo nun 0,76% (20.757 persoas); xa que logo, nese período a nosa poboación subiu oito veces menos que o promedio estatal.

A desagregación provincial do cadro 3.2 permite comprobar que tan só a provincia de Pontevedra presenta unha continua evolución demográfica positiva no último cuadrenio, mentres que en Lugo e Ourense foi sempre negativa e na Coruña lixeiramente negativa no primeiro bienio e positiva –con máis forza– no segundo.

Poboación de Galicia. Por provincias. 1999-2003

■ Cadro 3.2

	1999	2000	2001	2002	2003
A Coruña					
Homes	532.943	531.744	532.039	533.914	538.469
Mulleres	576.037	576.675	575.963	577.972	582.345
Total	1.108.980	1.108.419	1.108.002	1.111.886	1.120.814
Lugo					
Homes	178.537	177.594	176.856	175.583	174.906
Mulleres	188.397	188.025	187.269	186.199	185.606
Total	366.934	365.619	364.125	361.782	360.512
Ourense					
Homes	165.844	165.472	165.295	164.967	164.171
Mulleres	179.776	179.769	179.328	178.801	178.042
Total	345.620	345.241	344.623	343.768	342.213
Pontevedra					
Homes	435.557	437.581	439.888	442.257	446.839
Mulleres	473.246	475.040	476.288	477.677	480.716
Total	908.803	912.621	916.176	919.934	927.555
Galicia					
Homes	1.312.881	1.312.391	1.314.078	1.316.721	1.324.385
Mulleres	1.417.456	1.419.509	1.418.848	1.420.649	1.426.709
Total	2.730.337	2.731.900	2.732.926	2.737.370	2.751.094

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

O crecemento da poboación na provincia galega na que máis subiu (a de Pontevedra) foi de 18.752 persoas no cuadrienio analizado, o que en termos relativos é un 2,06% (a terceira parte da media española).

A variación poboacional no ano 2002 de cada unha das provincias galegas pode verse no cadro 3.3, no que quedan nitidamente reflectidas as “dúas velocidades” existentes na Galicia actual: A Coruña - Pontevedra (que crece ó redor do 0,8%) e Lugo – Ourense (que decrece ó redor do 0,4%).

Variación da poboación 2002-2003. Por provincias. Galicia

■ Cadro 3.3

	Poboación		Variación da poboación	
	a 01/01/02	a 01/01/03	absoluta	porcentual
A Coruña	1.111.886	1.120.814	8.928	0,80
Lugo	361.782	360.512	-1.270	-0,35
Ourense	343.768	342.213	-1.555	-0,45
Pontevedra	919.934	927.555	7.621	0,83
Galicia	2.737.370	2.751.094	13.724	0,50

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes 2003

A evolución das dúas décadas anteriores (cadro 3.4) explicita a diminución natural da poboación galega nos tres últimos quinquenios e o descenso da poboación total no último quinquenio (e tamén no de 1986 a 1991). Salientan os continuados saldos negativos das provincias de Lugo e Ourense, mentres que Pontevedra é a provincia que presenta máis saldos positivos no período estudado.

Variación da poboación 1981-2001. Por provincias. Galicia

■ Cadro 3.4

	Porcentaxe de crecemento medio anual				Porcentaxe de crecemento natural medio anual			
	1981-1986	1986-1991	1991-1996	1996-2001	1981-1986	1986-1991	1991-1996	1996-2001
A Coruña	0,303	-0,233	0,201	-0,035	0,279	-0,056	-0,241	-0,249
Lugo	-0,024	-1,040	-0,745	-0,280	-0,214	-0,461	-0,658	-0,677
Ourense	-0,037	-3,878	-0,376	-0,110	-0,168	-0,406	-0,612	-0,645
Pontevedra	0,384	-0,079	0,403	0,020	0,464	0,149	-0,011	-0,066
Galicia	0,230	-0,809	0,080	-0,071	0,199	-0,096	-0,270	-0,354

Fonte: IGE. (<http://www.xunta.es/auto/ige/>)

3.1.2. Movementos naturais de poboación

Nos últimos tres quinquenios o número de mortes superou ao de nacementos en Galicia, polo que se deu unha clara diminución natural da poboación, que na última década está ó redor de 9.000 persoas/ano; o cadro 3.5 dá fe desta evolución demográfica.

Movementos naturais de poboación. Galicia. 1975-2003

■ Cadro 3.5

	Nacementos	Defuncións	Creceemento natural
1975	43.850	25.834	18.016
1980	39.154	24.681	14.473
1985	28.427	26.295	2.132
1990	22.501	27.979	-5.478
1995	18.799	28.464	-9.665
2000	19.418	28.858	-9.440
2001	19.361	28.300	-8.939
2002	19.350	28.275	-8.925
2003*	20.435	29.727	-9.292

*Dato provisional

Fonte: IGE (<http://www.xunta.es/auto/ige/>) e INE (INE Base)

A posición relativa da variación natural da poboación galega entre as distintas comunidades autónomas no último ano reflíctese no cadro 3.6: Galicia rexistrou o maior descenso de poboación de tódalas comunidades, nun ano no que o creceemento vexetativo de España foi de 56.134 persoas (6.154 persoas máis que no ano anterior; mentres que en Galicia diminuíu en 367 persoas máis que en 2002); nese mesmo cadro podemos comprobar que a taxa de natalidade galega é das menores do Estado (só por detrás da de Asturias e igualada coa de Castela e León) e a de mortalidade é das maiores (por diante están só Asturias e Aragón).

Creceemento natural. Taxas de natalidade e mortalidade. Por comunidades autónomas. 2003

■ Cadro 3.6

	Matrimonios	Nacementos	Defuncións	Creceemento vegetativo	Taxa de natalidade ⁽¹⁾	Taxa de Mortalidade ⁽¹⁾
Andalucía	43.241	86.015	64.715	21.300	11,49	8,64
Aragón	5.931	11.034	13.561	-2.527	9,03	11,10
Asturias	5.453	7.186	12.702	-5.516	6,79	12,00
Baleares	4.436	10.591	8.052	2.539	11,87	9,03
Canarias	6.551	19.050	12.552	6.498	10,84	7,14
Cantabria	2.999	4.783	5.519	-736	8,84	10,20
C. León	12.263	18.590	26.508	-7.918	7,56	10,78
C. A Mancha	10.034	17.336	17.292	44	9,60	9,58
Cataluña	30.875	73.084	61.379	11.705	11,12	9,34
C. Valenciana	24.521	47.257	41.028	6.229	10,89	9,45
Extremadura	5.471	9.929	10.821	-892	9,39	10,23
Galicia	11.780	20.435	29.727	-9.292	7,56	11,00
Madrid	24.527	67.259	41.942	25.317	11,90	7,42
Murcia	6.680	16.416	9.793	6.623	13,15	7,85
Navarra	2.855	6.190	5.310	880	10,88	9,33
País Vasco	10.258	19.421	19.225	196	9,29	9,19
A Rioxa	1.524	2.833	2.681	152	9,96	9,43
Ceuta	337	1.151	467	684	16,08	6,53
Melilla	419	1.303	455	848	19,58	6,84
España	210.155	439.863	383.729	56.134	10,50	9,16

(1) En tanto por mil
Fonte: INE (INE Base)

A desagregación provincial do cadro 3.7 salienta que nas catro é negativo o crecemento natural da poboación, con especial intensidade en Lugo e Ourense (no entorno do -7,6%) e moi lixeiro en Pontevedra.

■ Cadro 3.7

Resultados provisionais ^(p)

	Natalidade ⁽¹⁾	Mortalidade ⁽¹⁾	Crecemento ⁽¹⁾ natural
A Coruña	7,21	10,35	-3,14
Lugo	5,37	13,15	-7,79
Ourense	5,39	12,89	-7,50
Pontevedra	8,53	8,73	-0,20
Galicia	7,18	10,49	-3,31

(1) En tanto por mil
(p) Resultados provisionais
Fonte: INE (INE Base)

A evolución a longo prazo da taxa de natalidade galega e de cada unha das provincias pódese ver no cadro 3.8, no que destaca a forte diminución do último cuarto de século (aínda que é perceptible unha lixeira pero continua recuperación no último quinquenio analizado, no conxunto de Galicia e máis nas provincias da Coruña e Pontevedra).

■ Cadro 3.8

Taxa de natalidade e indicador de fecundidade. Por provincias. Galicia. 1975-2001

	Taxa bruta de natalidade ⁽¹⁾									Indicador conxuntural de fecundidade								
	1975/76	1980/81	1985/86	1990/91	1996	1997/98	1998/99	1999/00	2000/01	1975/76	1980/81	1985/86	1990/91	1996	1997/98	1998/99	1999/00	2000/01
A Coruña	17,31	13,94	9,78	8,05	6,65	6,82	6,83	6,99	7,16	2,45	2,01	1,39	1,11	0,89	0,89	0,89	0,91	0,93
Lugo	11,62	11,35	8,63	7,20	5,35	5,52	5,48	5,51	5,47	2,01	1,93	1,39	1,14	0,83	0,84	0,84	0,83	0,83
Ourense	10,94	9,18	7,08	6,73	5,67	5,43	5,30	5,30	5,27	1,63	1,42	1,07	1,08	0,89	0,84	0,82	0,81	0,80
Pontevedra	19,51	15,78	11,01	9,19	7,94	7,85	7,97	8,18	8,30	2,77	2,23	1,50	1,22	1,01	0,99	1,00	1,02	1,03
Galicia	16,13	13,42	9,60	8,13	6,78	6,81	6,83	6,98	7,08	2,36	1,99	1,38	1,15	0,92	0,91	0,92	0,93	0,94

(1) En tanto por mil
Fonte: IGE. (<http://www.xunta.es/auto/ige/>)

Nese mesmo cadro podemos ve-la evolución do indicador conxuntural de fertilidade (o número de fillos por muller en idade fértil) en Galicia de 1975 a 2000. O continuo descenso das dúas primeiras décadas deu paso no último cuatrienio a unha lixeirísima (pero continuada) recuperación –non perceptible en Lugo nin Ourense–, pero é unha realidade incontestable que o valor do índice está no 40% do valor que tiña en 1975. O indicador conxuntural de fecundidade é baixísimo,

nun Estado que no ano 1976 ocupaba o segundo posto da UE-15 (por detrás de Irlanda) e que pasou á última posición (á par de Italia), pese á suba do último quinquenio. O cadro 3.9 reflicte esta realidade e comparando o dato de España co de Galicia do cadro anterior, compróbase que o indicador conxuntural de fertilidade de Galicia está un 25% por baixo da media española.

Indicador sintético de fecundidade. UE-15. 1976-2001

■ Cadro 3.9

	1976	1981	1986	1991	1996	1999	2000	2001
Alemania	1,51	1,53	1,41	1,33	1,32	1,36	1,36 ^(e)	1,29
Austria	1,67	1,67	1,45	1,49	1,42	1,32	1,34	1,29
Bélgica	1,73	1,66	1,54	1,66	1,55	1,61	1,66	1,65
Dinamarca	1,75	1,44	1,48	1,68	1,75	1,73	1,77	1,74
España	2,80	2,04	1,56	1,33	1,16	1,20	1,24	1,24^(p)
Finlandia	1,70	1,64	1,60	1,79	1,76	1,74	1,73	1,73
Francia	1,83	1,95	1,83	1,77	1,72	1,79	1,88 ^(p)	1,90 ^(e)
Grecia	2,35	2,09	1,60	1,38	1,30	1,30	1,29 ^(e)	1,29 ^(e)
Holanda	1,63	1,56	1,55	1,61	1,53	1,65	1,72	1,69 ^(p)
Irlanda	3,31	3,09	2,46	2,09	1,88	1,89	1,89 ^(p)	1,98 ^(p)
Italia	2,10	1,59	1,34	1,31	1,21	1,19	1,24 ^(e)	1,24 ^(e)
Luxemburgo	1,48	1,55	1,43	1,60	1,76	1,73	1,80	1,70 ^(p)
Portugal	2,58	2,13	1,66	1,57	1,43	1,49	1,52	1,42 ^(e)
Reino Unido	1,74	1,82	1,78	1,81	1,72	1,68	1,64	1,63 ^(e)
Suecia	1,68	1,63	1,80	2,11	1,60	1,50	1,54	1,57
Total Unión Europea	1,92	1,77	1,59	1,53	1,44	1,45	1,48^(e)	1,47^(e)

(e) Datos estimados

(p) Datos provisionais

Fonte: New Cronos. EUROSTAT

A análise a longo prazo da taxa de mortalidade galega, pola súa banda, explicita no cadro 3.10 que é un punto maior que un cuarto de século atrás e está practicamente estabilizada no 10,5‰. As maiores taxas téñenas as dúas provincias coa estrutura de idades máis envellecida: Lugo e Ourense.

Taxa de mortalidade⁽¹⁾. Por provincias. Galicia. 1975-2001

■ Cadro 3.10

	Taxa bruta de mortalidade								
	1975/76	1980/81	1985/86	1990/91	1996	1997/98	1998/99	1999/00	2000/01
A Coruña	8,96	8,42	9,10	9,66	10,07	9,69	9,97	10,11	9,87
Lugo	12,11	11,48	12,06	13,20	13,53	13,41	13,71	13,90	13,60
Ourense	10,27	9,73	9,87	12,16	13,10	13,17	13,27	13,28	12,95
Pontevedra	8,28	7,91	8,18	8,77	8,87	8,75	8,82	8,99	8,83
Galicia	9,43	8,90	9,35	10,19	10,52	10,32	10,51	10,64	10,41

(1) En tanto por mil

Fonte: IGE (<http://www.xunta.es/auto/ige/>)

3.1.3. Movementos migratorios

A importante chegada de poboación do estranxeiro (inmigrantes e emigrantes retornados) é un dos fenómenos demográficos característicos da poboación galega (e da española) na alborada do século XXI. O cadro 3.11 dá conta dos movementos migratorios en Galicia de 1990 a 2001 e constata que no último bienio analizado acadouse o saldo migratorio positivo máis intenso dos doce anos. A composición interna destes movementos migratorios reflicte:

■ Cadro 3.11

Movementos migratorios. Galicia. 1990-2001

	Emigrantes			Inmigrantes			Saldo migratorio		
	Ó resto do Estado	Ó estranxeiro	Total	Do resto do Estado	Do estranxeiro	Total	Co resto do Estado	Co estranxeiro	Total
1990	11.404	115	11.519	10.196	4.532	14.728	-1.208	4.417	3.209
1991	5.978	109	6.087	5.812	3.557	9.369	-166	3.448	3.282
1992	7.916	261	8.177	8.523	6.308	14.831	607	6.047	6.654
1993	8.136	101	8.237	9.246	5.155	14.401	1.110	5.054	6.164
1994	9.272	32	9.304	10.024	4.286	14.310	752	4.254	5.006
1995	10.410	13	10.423	10.011	4.354	14.365	-399	4.341	3.942
1996	8.110	3	8.113	6.434	3.204	9.638	-1.676	3.201	1.525
1997	11.653	3	11.656	9.515	5.908	15.423	-2.138	5.905	3.767
1998	14.169	3	14.172	10.595	6.850	17.445	-3.574	6.847	3.273
1999	15.880	1	15.881	10.742	8.506	19.248	-5.138	8.505	3.367
2000	17.281	1	17.282	11.628	12.547	24.175	-5.653	12.546	6.893
2001	16.028	0	16.028	11.799	11.395	23.194	-4.229	11.395	7.166

Fonte: INE, Estatística de Variacións Residenciais (migracións interiores e inmigracións dende o estranxeiro). 1990-2001/ Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (emigración ó estranxeiro). Elaboración do IGE

■ A forte suba da entrada en Galicia de persoas chegadas do estranxeiro (inmigrantes e máis emigrantes retornados), que fai que o saldo migratorio co estranxeiro acade o valor máis positivo no último bienio.

■ Pola contra, o saldo migratorio co resto do Estado presenta un claro signo negativo desde 1995, que é cada vez máis intenso ata o ano 2000.

Nese mesmo cadro pódese ver a progresiva diminución da emigración galega ao estranxeiro desde 1993 (ate a desaparición na estatística no 2001), que contrasta coa importante suba da emigración galega ao resto do Estado (dobrouse no quinquenio 1996-2001, no que o seu crecemento foi continuado, agás no último ano).

A chegada de persoas do resto do Estado (en boa medida emigrantes galegos a outras comunidades autónomas retornados) está no entorno das 10.000 persoas/ano na última década, pero desde 1995 os seus valores non dan compensado a emigración galega cara outras comunidades, polo que o saldo migratorio co resto do Estado presenta tódolos anos (desde entón) valores negativos.

Para as persoas interesadas en afondar máis no tema das migracións, presentamos no cadro 3.12 as taxas medias anuais de variación migratoria en Galicia (e en cada unha das provincias) para o longo período analizado e os datos máis actualizados sobre os movementos migratorios nos cadros 3.13 a 3.17, nos que se comproba por exemplo que o 64% da emigración galega ao exterior dáse cara estados de Europa ou que o 46% das persoas que veñen a Galicia do estranxeiro son emigrantes retornados (no ano 2002 o número de emigrantes retornados de América a Galicia aumentou un 35%, clara pegada demográfica consecuencia da forte crise económica nalgúns dos estados aos que emigrou moita poboación galega).

Taxas⁽¹⁾ de variación migratoria media anual. Por provincias. 1975-2001

■ Cadro 3.12

	1975/81	1981/86	1986/91	1991/96	1996/2001
A Coruña	-0,209	0,024	-0,177	0,442	0,214
Lugo	-0,196	0,190	-0,580	-0,088	0,396
Ourense	-0,193	0,131	-3,472	0,236	0,535
Pontevedra	-0,249	-0,079	-0,228	0,414	0,085
Galicia	-0,217	0,032	-0,713	0,350	0,283

(1) Expresadas en porcentaxe

Fonte: INE, Estadísticas de Variacións Residenciais (migracións interiores e inmigracións dende o estranxeiro). 1990-2001/Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais (emigración ó estranxeiro)

Elaboración do IGE

Movementos migratorios entre comunidades autónomas. 2002

■ Cadro 3.13

	Entradas	Saídas	Saldo migratorio
Andalucía	190.645	187.583	3.062
Aragón	29.724	30.942	-1.218
Asturias	21.518	23.855	-2.337
Baleares	46.354	40.812	5.542
Canarias	70.425	68.779	1.646
Cantabria	19.912	18.399	1.513
C. León	70.080	75.314	-5.234
C. A Mancha	60.662	51.685	8.977
Cataluña	265.043	263.494	1.549
C. Valenciana	148.607	133.237	15.370
Extremadura	20.957	23.966	-3.009
Galicia	67.252	70.904	-3.652
Madrid	193.624	211.732	-18.108
Murcia	32.562	31.729	833
Navarra	21.006	20.870	136
País Vasco	53.172	56.721	-3.549
A Ríoxa	8.847	8.599	248
Ceuta	1.810	2.624	-814
Melilla	1.727	2.682	-955
España	1.323.927	1.323.927	0

Fonte: INE (INE Base)

Migracións das distintas comunidades autónomas a Galicia. 2002

■ Cadro 3.14

Andalucía	1.023
Aragón	210
Asturias	1.005
Baleares	758
Canarias	3.032
Cantabria	206
C. León	1.465
C. A Mancha	267
Cataluña	1.889
C. Valenciana	711
Extremadura	137
Galicia	52.220
Madrid	2.643
Murcia	263
Navarra	147
País Vasco	1.119
A Ríoxa	92
Ceuta	31
Melilla	34
Total	67.252

Fonte: INE (INE Base)

Migración de Galicia ás distintas comunidades autónomas. 2002

■ Cadro 3.15

Andalucía	1.357
Aragón	289
Asturias	853
Baleares	1.539
Canarias	3.829
Cantabria	283
C. León	1.477
C. A Mancha	344
Cataluña	2.592
C. Valenciana	1.343
Extremadura	129
Galicia	52.220
Madrid	2.907
Murcia	304
Navarra	229
País Vasco	998
A Ríoxa	125
Ceuta	33
Melilla	53
Total	70.904

Fonte: INE (INE Base)

■ **Cadro 3.16**

Emigración galega ó estranxeiro. Por provincias. 2002

	Europa	UE	Resto de Europa	África	América	Asia	Oceanía	Total
A Coruña	1.240	472	768	53	521	9	6	1.829
Lugo	131	85	46	1	63	1	1	197
Ourense	392	206	186	2	297	-	3	694
Pontevedra	848	506	342	48	448	7	4	1.355
Galicia	2.611	1.269	1.342	104	1.329	17	14	4.075

Fonte: INE (INE Base)

■ **Cadro 3.17**

Inmigración exterior. Por provincias. Galicia. 2002

	De estranxeiros	De españois procedentes do estranxeiro
A Coruña	4.569	3.662
Lugo	841	469
Ourense	645	1.478
Pontevedra	3.696	2.826
Galicia	9.751	8.435

Fonte: INE (INE Base)

3.1.4. Estrutura por idades. Índice de envellecemento

Para remata-la análise demográfica achegarémonos á estrutura por idades da poboación galega, xa que vai ser un claro condicionante da poboación en idade de traballar e influirá notablemente en variables laborais que estudaremos ao longo deste capítulo (como a evolución da poboación activa ou da inactiva).

O cadro 3.18 presenta a evolución a longo prazo da poboación galega (e de cada provincia) desagregada en tres tramos de idade: menores de 20 anos, 20 a 64 e maiores de 64. Salientaremos:

■ O forte e continuo descenso da poboación galega (e de cada provincia) menor de 20 anos, que acada no total de Galicia un 43,5% no período analizado.

■ O notable e continuo crecemento da poboación maior de 64 anos (que acada un 67% no último cuarto do século anterior), responsable de que entremos no século XXI cunha persoa maior de 64 anos por cada cinco habitantes de Galicia.

Estructura da poboación por idades. Por provincias. Galicia. 1975-2001

■ Cadro 3.18

	1975	1981	1991	1999	2000	2001
A Coruña						
A	32,10	31,84	26,50	19,52	18,70	17,69
B	56,25	55,54	58,49	62,03	62,38	62,76
C	11,66	12,62	15,01	18,46	18,92	19,55
Lugo						
A	26,93	25,51	21,75	17,22	16,53	15,77
B	56,70	56,44	56,32	56,62	56,84	57,01
C	16,36	18,05	21,93	26,16	26,63	27,22
Ourense						
A	27,36	26,44	21,95	16,95	16,33	15,70
B	58,13	57,52	56,02	56,68	56,84	56,89
C	14,51	16,05	22,03	26,37	26,82	27,42
Pontevedra						
A	35,76	35,18	29,45	21,79	20,88	19,82
B	53,71	53,76	57,29	61,85	62,33	62,88
C	10,52	11,06	13,27	16,35	16,80	17,31
Galicia						
A	31,70	31,15	26,21	19,64	18,84	17,90
B	55,84	55,41	57,47	60,57	60,92	61,29
C	12,46	13,44	16,32	19,79	20,24	20,81

Datos en porcentaxes de poboación menor de 20 anos (A), de 20 a 64 anos (B) e maior de 64 anos (C)
 Fonte: IGE (<http://www.xunta.es/auto/ige/>)

Ese importante incremento da poboación galega de máis idade disparou nas últimas décadas o noso índice de avellentamento; o cadro 3.19 amosa que se triplicou ese índice en Galicia no período analizado (con valores semellantes nas catro provincias, pois varía entre 3,29 en Ourense e 2,84 en Lugo).

Índice de envellecemento. Por provincias. Galicia. 1975-2001

■ Cadro 3.19

	1975	1981	1991	1999	2000	2001
A Coruña	36,31	39,64	56,62	94,57	101,15	110,51
Lugo	60,76	70,75	100,85	151,99	161,05	172,60
Ourense	53,01	60,71	100,36	155,59	164,21	174,66
Pontevedra	29,42	31,45	45,06	75,05	80,45	87,33
Galicia	39,30	43,14	62,26	100,79	107,43	116,29

Fonte: IGE (<http://www.xunta.es/auto/ige/>)

A evolución nese mesmo período do índice de dependencia senil explícita (no cadro 3.20) o seu importante e continuo crecemento: En Galicia subiu un 52,12%, sobranceando os incrementos das dúas provincias menos desenvolvidas economicamente: Ourense (93,2%) e Lugo (65,5%).

Índice de dependencia senil. Por provincias. Galicia. 1975-2001

■ Cadro 3.20

	1975	1981	1991	1999	2000	2001
A Coruña	20,72	22,72	25,65	29,76	30,32	31,15
Lugo	28,86	31,98	38,94	46,21	46,84	47,75
Ourense	24,95	27,90	39,32	46,52	47,18	48,20
Pontevedra	19,59	20,58	23,16	26,44	26,95	27,52
Galicia	22,32	24,25	28,39	32,68	33,22	33,96

Fonte: IGE (<http://www.xunta.es/auto/ige/>)

3.2. Estudio das variables laborais. Cambio metodolóxico

No resto deste capítulo analizáremo-lo comportamento das variables básicas do mercado laboral galego no último ano, e enxertarémolas nun contorno temporal máis amplo, para estudar mellor a súa evolución. Cómpre subliñar, no tocante á EPA, que o importante cambio metodolóxico do ano 2002 introduciu diferenzas grandes á hora de avalia-los datos das diversas magnitudes do mercado laboral respecto dos anos anteriores; comezaremos co seu análise.

3.2.1. A EPA-2002

No ano 2002 o INE introduciu modificacións moi importantes na enquisa de poboación activa, que afectaron ós aspectos metodolóxicos relativos ás definicións das variables e ó proceso de cálculo dos resultados. Concretamente, os cambios a partir da enquisa realizada no primeiro trimestre de 2002 foron os seguintes:

1.- Pasan a usarse as novas proxeccións de poboación do INE, que teñen en conta o importante incremento de poboación desde a segunda metade da década dos noventa debido ó aumento da inmigración (e do retorno de emigrantes); a poboación estranxeira “con papeis” triplicouse en España de 1995 a 2002 (cunha suba absoluta próxima ás 900.000 persoas). Consecuentemente, o INE revisou as proxeccións que viña utilizando (que tiñan como punto de partida o Censo de Poboación de 1991).

2.- Incorpórase un cambio técnico (reponderación dos factores de elevación) que quere corrixir máis axeitadamente a falla de resposta dalgúns colectivos á enquisa. A EPA é unha enquisa dirixida ós fogares e o INE atopa dificultades sobre todo para entrevistar a aqueles formados por unha soa persoa ou por unha parella na que os dous membros traballan, xa que é máis difícil contactar con eles; pese ás medidas que se toman para afrontar este problema (como a repetición das visitas

dos entrevistadores ou as chamadas telefónicas) a EPA tende a sobrerrepresentar a poboación de maior idade (que adoita estar máis nos fogares).

Para que a enquisa reflicta ben o peso que cada grupo de idade ten na poboación introduciuse unha mellora técnica coñecida como “reponderación dos factores de elevación”. Esta reponderación dos factores de elevación do deseño da enquisa está prevista no artigo 3.5 do Regulamento 577/1998 do Consello da Unión Europea, de 9 de marzo de 1998.

3.- Ven regulamentado pola Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat) e consiste en que se aplica a nova definición de persoa desempregada, establecida no Regulamento (CE) N° 1897/2000 da Comisión Europea, de 7 de setembro de 2000. Esta nova definición segue a recoller nas liñas fundamentais a definición de desemprego establecida pola OIT pero prodúcese un importante cambio na interpretación de que se entende por “busca activa de emprego”, xa que o novo Regulamento establece especificamente instrucións que sinalan que se consideran métodos de busca activa de emprego, nas catro semanas anteriores á entrevista, os seguintes:

- Estar en contacto cunha oficina pública de emprego có fin de atopar traballo, calquera que sexa a parte que tome a iniciativa (e establécese que a renovación da inscrición como desempregado por razóns puramente administrativas non é busca activa de emprego).
- Estar en contacto, co obxectivo de atopar traballo, cunha oficina privada (empresa especializada en contratación, oficina de emprego temporal, etc.).
- Enviar a candidatura na busca de emprego directamente ós empregadores.
- Indagar a través de relacións persoais, por mediación de sindicatos, etc.
- Anunciarse ou responder a anuncios de xornais.
- Participar nunha proba, concurso ou entrevista, no marco dun procedemento de contratación.
- Buscar terreos, local ou material.
- Realizar xestións para obter permisos, licencias ou recursos financeiros.

Galicia (e España en xeral) vese moi afectada por estes novos requisitos porque ate agora a simple inscrición nunha oficina pública de emprego como demandante de emprego, válida por tres meses, era requisito suficiente para considerar desempregada a esa persoa. A partir de xaneiro de 2002, de acordo co visto anteriormente, esíxese que cumpra algún dos nove requisitos alí sinalados (son os do Regulamento 1897/2000). Vale tamén se a persoa se inscribe despois dun período de emprego ou inactividade, se informa sobre posibles ofertas de emprego ou recibe unha proposta de traballo da oficina de emprego.

3.2.2. Repercusión dos cambios metodolóxicos da EPA

Unha consecuencia moi importante dun dos cambios metodolóxicos da EPA no ano 2002 (as novas proxeccións de poboación) conleva unha suba da poboación utilizada na EPA, polo que sube tamén o valor absoluto de tódalas variables do mercado laboral (poboación de 16 ou máis anos, ocupados, parados e inactivos). As taxas (de actividade, emprego ou paro) practicamente non se ven afectadas por

este factor, debido a que se incrementan nunha proporción semellante numerador e denominador da fórmula que se usa para calculalas.

O INE cuantificou o incremento da poboación en idade de traballar (16 ou máis anos) no conxunto de España nun 2,5%, aínda que afecta menos a algunhas comunidades (como Extremadura, Aragón ou as dúas Castelas) e moito máis a outras (como Canarias ou Baleares); Galicia está nun lugar intermedio.

Outro cambio (a reponderación dos factores de elevación da enquisa) fixo que a poboación en idade de traballar presente variacións importantes nos grupos de idade de 25 a 54 anos (que sube a súa representación na enquisa dun 49,3% a un 52,7%) e de 55 ou máis anos (que baixa a representación na EPA do 35,3% ó 31,7%). Como consecuencia, modifícanse outros resultados relevantes desta enquisa; en particular aumenta o número de persoas ocupadas -debido a que hai unha maior proporción de ocupados no grupo de idade de 25 a 54 anos, que agora gaña peso na enquisa-.

O INE estimou o efecto conxunto dos dous últimos cambios metodolóxicos analizados nos parágrafos anteriores (as novas proxeccións de poboación ocupada e a reponderación dos factores de elevación) nunha suba do emprego en España no ano 2001 superior ó millón de persoas ocupadas e en Galicia de 85.000 persoas.

A variación dos requisitos para considerar desempregada a unha persoa trouxo como consecuencia que unha parte das persoas que se consideraban desempregadas pasan a considerarse inactivas. Co obxecto de poder cuantifica-lo impacto do cambio na definición de persoa desempregada, o INE no ano 2001 modificou os cuestionarios da enquisa para poder rexistra-los datos tanto coa antiga como coa nova definición pero os cuestionarios anteriores ó ano 2001 non incluían o matiz sobre si a busca de emprego era ou non activa, polo que non é posible determinar para o ano 2000 -ou calquera dos anteriores- que cifras de desemprego tería dado a EPA no caso de se ter usado a nova definición de persoa desempregada. Os datos do bienio 2001-2002 son, pois, perfectamente comparables cando se toman os datos de 2001 coa nova metodoloxía EPA-2002.

Como resumo, diremos que o impacto conxunto dos tres cambios da EPA son realmente importantes, como avaliou o propio INE. Co fin de paliar -na medida do posible- a ruptura das series da EPA, este organismo proporcionou unha corrección dos microdatos de tal xeito que os resultados podan ser comparables no cuarto de século: 1976-2001. Non obstante, estas series históricas non se puideron corrixir do efecto inducido polo cambio na definición de desemprego e polo tanto séguese a producir unha ruptura das series de actividade, paro e inactividade dende o primeiro trimestre do ano 2001, que cómpre ter moi en conta á hora de sacar conclusións na análise das estatísticas destas variables laborais para medio ou longo prazo que se inclúen neste Informe Sociolaboral de Galicia.

3.2.3. Cuantificación do impacto da nova metodoloxía

O INE realizou unha cuantificación da medición do impacto dos cambios metodolóxicos nas principais variables laborais para cada un dos trimestres do ano 2001, tanto no conxunto do Estado como en cada unha das comunidades autónomas. Presentamos a continuación os datos para Galicia e o conxunto do Estado (este último entre parénteses) no cuarto trimestre de 2001:

- poboación de 16 ou máis anos: + 34.300 (+825.400)
- poboación activa: 61.100 (+932.500)
- poboación ocupada: + 84.900 (+ 1.254.100)
- poboación desempregada: -23.800 (-321.600)
- taxa de actividade: + 1,9 (+ 1,5)
- taxa de emprego: + 3,0 (+ 2,6)
- taxa de paro: -2,7 (-2,5)

Como se pode apreciar, nas variables en termos absolutos a repercusión é especialmente importante na poboación ocupada (subíndoa en máis de un millón de persoas no total español). Das taxas, a variación é maior en Galicia que no termo medio estatal; das tres taxas é especialmente intenso o cambio na suba da de emprego e a diminución da de paro.

3.3. Resumo das principais variables laborais

Comezaremos o estudo do mercado de traballo en Galicia co resumo da evolución xeral no último trienio en Galicia de distintas variables nas que logo afondaremos na nosa análise ó longo deste mesmo capítulo: A poboación de 16 ou máis anos, a activa, a ocupada, a parada (con desglose da que busca o seu primeiro emprego) e a inactiva. O cadro 3.21 amosa esa evolución; nel destacaremos os seguintes puntos:

- A poboación galega de 16 e máis anos presenta no último ano un aumento moi lixeiro (0,37%), menor que o do ano anterior.
- A poboación activa galega no ano 2003 presentou unha forte suba (3,66%), maior que a do ano anterior tanto en termos absolutos coma relativos. Foi moito maior nas mulleres (5,77%).
- A poboación ocupada de Galicia creceu tamén en 2003 con máis forza que no ano anterior (desta volta un 3,1%) pero non foi abondo para absorbe-lo maior crecemento da poboación activa. A suba da ocupación tamén foi especialmente forte nas mulleres (4,77%), aínda que un punto por baixo da porcentaxe de suba das activas.
- O paro estimado pola EPA de Galicia subiu no ano 2003 por segundo ano consecutivo (desta volta un 3,1%) e fíxoo nos dous sexos, pero con especial intensidade nas mulleres (10,6%).
- As persoas desempregadas que buscan o seu primeiro emprego aumentaron en 2003 por segundo ano consecutivo (desta volta un 8%), algo máis nos homes (8,9%) que nas mulleres (7,6%).
- A poboación inactiva baixou (un 3,2%) máis intensamente que no ano anterior, con maior forza nas mulleres (3,4%) que nos homes (2,4%).

■ Cadro 3.21

**Poboación de 16 e máis anos por sexo, provincia e relación coa actividade económica⁽¹⁾
Galicia. 2001-2003**

	2001					2002					2003				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Homes															
De 16 e máis anos	459,2	155,2	146,9	365,6	1.126,9	465,8	152,5	146,4	367,3	1.132,0	463,4	152,2	146,9	373,0	1.135,5
Activos	281,3	92,7	85,3	234,0	693,4	290,1	88,9	85,0	240,5	704,6	299,7	88,3	83,5	248,0	719,5
Poboación ocupada	257,6	86,4	80,8	214,9	639,7	263,1	83,4	79,5	220,9	646,8	273,1	83,3	78,5	224,8	659,8
Poboación parada	23,7	6,2	4,5	19,2	53,6	27,0	5,6	5,6	19,6	57,8	26,6	5,0	4,9	23,2	59,7
Parados que buscan 1º emprego	4,6	0,8	0,8	2,3	8,5	4,3	1,3	1,0	2,5	9,0	4,7	1,0	0,8	3,2	9,8
Inactivos	177,2	61,7	61,5	130,6	430,9	175,7	63,6	61,4	126,8	427,4	163,7	63,9	63,5	125,0	416,1
Mulleres															
De 16 e máis anos	502,4	162,6	155,6	412,9	1.233,5	501,5	164,7	157,0	417,1	1.240,2	508,1	164,0	157,0	416,3	1.245,4
Activos	196,0	70,0	58,5	176,6	501,1	206,3	67,3	62,5	179,8	515,9	229,6	68,8	59,2	188,1	545,7
Poboación ocupada	166,2	61,7	50,9	144,2	423,0	169,6	58,6	55,5	141,7	425,4	183,8	61,1	52,1	148,7	445,7
Poboación parada	29,8	8,3	7,6	32,4	78,1	36,7	8,8	7,0	38,1	90,5	45,8	7,8	7,1	39,4	100,1
Parados que buscan 1º emprego	8,1	3,1	1,2	7,0	19,5	10,9	2,1	1,7	8,8	23,5	14,0	1,1	1,9	8,2	25,3
Inactivos	306,4	92,7	97,1	236,3	732,4	295,2	97,4	94,5	237,3	724,3	278,5	95,2	97,8	228,2	699,6
Total															
De 16 e máis anos	961,7	317,8	302,5	778,5	2.360,4	967,2	317,2	303,4	784,4	2.372,2	971,5	316,2	303,9	789,3	2.380,9
Activos	477,3	162,6	143,9	410,7	1.194,5	496,4	156,2	147,5	420,3	1.220,5	529,3	157,1	142,7	436,2	1.265,2
Poboación ocupada	423,7	148,1	131,8	359,1	1.062,7	432,7	141,9	134,9	362,6	1.072,2	456,9	144,3	130,6	373,6	1.105,4
Poboación parada	53,6	14,5	12,1	51,6	131,8	63,7	14,3	12,6	57,7	148,3	72,4	12,8	12,0	62,6	159,8
Parados que buscan 1º emprego	12,7	3,9	2,0	9,3	28,0	15,2	3,3	2,7	11,3	32,5	18,8	2,2	2,8	11,4	35,1
Inactivos	483,6	154,3	158,5	366,9	1.163,3	470,8	160,9	155,9	364,1	1.151,8	442,2	159,1	161,3	353,1	1.115,7

(1) A partir do 1º trimestre do ano 2001, os datos reflicten a nova definición do paro (Regulamento 1897/2000 da CE) e, polo tanto, os valores de activos, parados e inactivos non son directamente comparables co de anos anteriores. Para máis información consulta-lo segundo epígrafe do capítulo 3

Datos en miles. Medias anuais

Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

O balance do mercado de traballo no conxunto do Estado no último trienio pódese ver no cadro 3.22. Comparando os datos cos vistos para Galicia anteriormente comprobamos que no ano 2003:

- O crecemento da poboación galega de 16 ou máis anos foi a metade do español.
- A poboación activa medrou un punto máis en Galicia que no promedio estatal.
- A poboación ocupada galega subiu 0,4 puntos por riba da española.
- As persoas desempregadas subiron un punto máis en Galicia, pero a diferenza amplíase notablemente (ate os 9 puntos) nas mulleres.

■ Cadro 3.22

Balance do mercado de traballo⁽¹⁾. Por sexo. España. 2001-2003

	Variación absoluta en miles			Variacións con respecto ao ano anterior en porcentaxe		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Poboación de 16 e máis anos						
Homes	16.362,8	16.495,5	16.608,7	1,1	0,8	0,7
Mulleres	17.325,9	17.469,5	17.594,4	1,1	0,8	0,7
Total	33.688,6	33.964,9	34.203,1	1,1	0,8	0,7
Activos						
Homes	10.837,1	11.034,6	11.199,1	2,3	1,8	1,5
Mulleres	6.977,6	7.305,9	7.622,9	2,8	4,7	4,3
Total	17.814,6	18.340,5	18.821,9	2,5	3,0	2,6
Ocupados				5,0		
Homes	10.029,1	10.146,6	10.284,3	3,0	1,2	1,4
Mulleres	5.916,4	6.111,0	6.410,2	5,0	3,3	4,9
Total	15.945,6	16.257,6	16.694,6	3,7	2,0	2,7
Parados						
Homes	808,0	887,9	914,7	-4,5	9,9	3,0
Mulleres	1.061,1	1.194,9	1.212,6	-6,0	12,6	1,5
Total	1.869,1	2.082,9	2.127,4	-5,4	11,4	2,1

(1) Os datos estan calculados coa nova metodoloxía EPA-2002

Datos en medias anuais

Fonte: INE, EPA (cadro tomado do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, Coyuntura Laboral nº 68, marzo 2004))

3.4. A poboación activa

Neste apartado afondaremos no estudio da poboación activa galega, analizando primeiramente a evolución da poboación activa e mais da taxa de actividade e despois a distribución da poboación activa por sexos, por sectores económicos, por grupos de idade e por provincias.

3.4.1. Poboación activa e taxa de actividade

Comezarémo-lo estudio da poboación activa coa presentación da súa distribución por comunidades autónomas no último trienio. O cadro 3.23 reflicte que tódalas comunidades aumentaron a súa poboación activa no cuarto trimestre de 2003 en comparanza co mesmo período de 2002. A maior suba porcentual tivérona (aparte das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, pouco significativas estatisticamente) Canarias e Asturias. En Galicia subiu un 3,3%, seis décimas por riba da media española.

A taxa de actividade (porcentaxe de persoas activas respecto da poboación de dezaseis e máis anos) subiu en Galicia en 2003 catro décimas máis que a estatal (xusto ao contrario do ano anterior), e queda case dous puntos por baixo da media española. Nos informes de anos anteriores salientabámo-la clara tendencia decrecente que presenta na análise a longo prazo a taxa de actividade galega e tamén que esta taxa se sitúa moi por baixo do nivel medio da OCDE ou da Unión Europea.

■ Cadro 3.23

Poboación activa⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2001-2003

	Valores absolutos (en miles)			Distribución porcentual		Variacións anuais			
	2001	2002	2003	2002	2003	Absolutas (miles)		En %	
						2002	2003	2002	2003
Andalucía	3.038,4	3.132,5	3.207,4	16,9	16,9	94,1	74,9	3,1	2,4
Aragón	494,5	512,3	521,4	2,8	2,7	17,8	9,1	3,6	1,8
Asturias	393,5	419,8	441,3	2,3	2,3	26,3	21,5	6,7	5,1
Baleares	380,6	406,2	424,1	2,2	2,2	25,6	17,9	6,7	4,4
Canarias	814,9	843,5	893,5	4,6	4,7	28,6	50,0	3,5	5,9
Cantabria	231,5	235,2	245,0	1,3	1,3	3,7	9,8	1,6	4,2
C. A Mancha	699,7	726,1	737,4	3,9	3,9	26,4	11,3	3,8	1,6
C. León	1.027,1	1.043,3	1.056,8	5,6	5,6	16,2	13,5	1,6	1,3
Cataluña	3.024,4	3.082,7	3.172,1	16,7	16,7	58,3	89,4	1,9	2,9
C. Valenciana	1.933,7	1.980,3	2.026,6	10,7	10,7	46,6	46,3	2,4	2,3
Extremadura	414,8	448,8	453,2	2,4	2,4	34,0	4,4	8,2	1,0
Galicia	1.196,3	1.235,7	1.276,5	6,7	6,7	39,4	40,8	3,3	3,3
Madrid	2.478,3	2.503,5	2.554,4	13,5	13,5	25,2	50,9	1,0	2,0
Murcia	494,9	517,8	537,9	2,8	2,8	22,9	20,1	4,6	3,9
Navarra	248,8	251,4	257,9	1,4	1,4	2,6	6,5	1,0	2,6
País Vasco	972,9	986,9	1.004,0	5,3	5,3	14,0	17,1	1,4	1,7
A Ríoxa	117,1	118,4	120,2	0,6	0,6	1,3	1,8	1,1	1,5
Ceuta e Melilla	51,4	51,1	59,5	0,3	0,3	-0,3	8,4	-0,6	16,4
España	18.012,8	18.495,4	18.989,1	100,0	100,0	482,6	493,7	2,7	2,7

(1) Os datos correspóndense coa nova metodoloxía EPA-2002. Datos do 4º trimestre de cada ano
Fonte: INE, EPA (cadro tomado do MTAS. Coyuntura Laboral Nº 68, marzo 2004)

Taxas de actividade⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2001-2003

■ Cadro 3.24

	Taxas de actividade			Variacións anuais		
	2001	2002	2003	En puntos porcentuais		
				2001	2002	2003
Andalucía	51,3	52,5	53,3	1,6	1,2	0,9
Aragón	49,6	51,5	52,5	0,2	1,9	1,0
Asturias	42,6	45,5	47,9	-0,2	2,9	2,4
Baleares	56,7	59,2	60,5	-0,7	2,5	1,3
Canarias	56,8	57,3	59,3	1,8	0,5	2,0
Cantabria	50,9	51,5	53,5	2,8	0,6	2,0
C. A Mancha	49,3	50,8	51,4	0,7	1,5	0,5
C. León	48,6	49,5	50,2	0,3	0,9	0,7
Cataluña	57,4	58,2	59,6	0,2	0,8	1,4
C. Valenciana	56,1	56,8	57,5	0,6	0,7	0,7
Extremadura	46,9	50,4	50,7	-1,2	3,5	0,3
Galicia	50,6	52,0	53,6	0,0	1,4	1,5
Madrid	56,3	56,3	57,0	1,3	0,0	0,6
Murcia	53,5	55,3	56,8	-0,5	1,8	1,5
Navarra	54,7	55,0	56,2	-0,3	0,3	1,2
País Vasco	54,5	55,2	56,2	0,7	0,7	0,9
A Ríoxa	51,5	51,8	52,3	1,0	0,3	0,5
Ceuta e Melilla	46,9	46,1	53,0	1,6	-0,9	6,9
España	53,3	54,3	55,4	0,7	1,0	1,1

(1) Os datos correspóndense coa nova metodoloxía EPA-2002. Datos do 4º trimestre de cada ano
Fonte: INE, EPA (cadro tomado do MTAS. Coyuntura Laboral Nº 68, marzo 2004)

A análise do cadro 3.25 reflicte que a taxa de actividade global galega subiu catro décimas máis que a española no último bienio. A maior suba da taxa de actividade feminina galega en 2003 permitiulle volver a superar á española, mentres que a masculina está catro puntos por baixo.

Taxas de actividade⁽¹⁾ por sexo e provincia. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.25

		Taxas de actividade		
		2001	2002	2003
A Coruña				
Homes		61,3	62,3	64,7
Mulleres		39,0	41,1	45,2
Total		49,6	51,3	54,5
Lugo				
Homes		59,7	58,3	58,0
Mulleres		43,0	40,9	42,0
Total		51,2	49,3	49,7
Ourense				
Homes		58,1	58,1	56,8
Mulleres		37,6	39,8	37,7
Total		47,6	48,6	46,9
Pontevedra				
Homes		64,0	65,5	66,5
Mulleres		42,8	43,1	45,2
Total		52,8	53,6	55,3
Galicia				
Homes		61,5	62,2	63,4
Mulleres		40,6	41,6	43,8
Total		50,6	51,4	53,1
España				
Homes		66,2	66,9	67,4
Mulleres		40,3	41,8	43,3
Total		52,9	54,0	55,0

En medias anuais

(1) A partir do 1º trimestre do ano 2001, os datos reflicten a nova definición do paro (Regulamento 1897/2000 da CE) e, polo tanto, os valores de activos, parados e inactivos non son directamente comparables cos de anos anteriores. Para máis información consulta-lo segundo epígrafe do capítulo 3

Fonte: INE, EPA (os datos de Galicia están recollidos de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

A desagregación por sexos e grupos de idade do cadro 3.26 para Galicia e España no último trienio permítelle ás persoas interesadas afondar na análise da evolución da taxa de actividade.

Taxas de actividade por sexo e grupos de idade⁽¹⁾. Galicia/España. 2001-2003

■ Cadro 3.26

	Galicia			España		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Homes						
de 16 a 19 anos	23,6	24,0	25,0	30,4	31,0	30,4
de 20 a 24 anos	59,8	60,0	63,2	65,2	66,2	67,7
de 25 a 54 anos	88,8	89,5	90,8	91,6	92,1	92,4
de 55 e máis anos	24,6	24,9	24,7	26,5	26,9	27,3
Total	61,5	62,2	63,4	66,2	66,9	67,4
Mulleres						
de 16 a 19 anos	13,1	13,0	13,3	20,1	18,9	18,6
de 20 a 24 anos	43,5	45,0	51,9	54,0	55,8	56,8
de 25 a 54 anos	64,6	66,9	70,0	61,2	63,9	66,3
de 55 e máis anos	13,9	12,8	12,9	8,8	9,1	9,7
Total	40,6	41,6	43,8	40,3	41,8	43,3
Total						
de 16 a 19 anos	18,4	18,6	19,2	25,4	25,1	24,7
de 20 a 24 anos	51,7	52,6	57,6	59,7	61,1	62,4
de 25 a 54 anos	76,7	78,2	80,4	76,5	78,1	79,4
de 55 e máis anos	18,5	18,0	18,0	16,7	17,0	17,5
Total	50,6	51,4	53,1	52,9	54,0	55,0

(1) En medias anuais. A partir do 1º trimestre do ano 2001, os datos reflicten a nova definición do paro (Regulamento 1897/2000 da CE) e, polo tanto, os valores de activos, parados e inactivos non son directamente comparables cos de anos anteriores. Para máis información consulta-lo segundo epígrafe do capítulo 3

Fonte: INE, EPA (os datos de Galicia recollidos de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

3.4.2. Distribución da poboación activa por sexos, sectores económicos, provincias e grupos de idade

O desglose por sexos e grupos de idade do cadro 3.27 permite constatar que no ano 2003 salienta en Galicia a forte suba das activas de 20 a 24 anos e a diminución da poboación activa de 16 a 19 anos.

Poboación activa por sexo e grupos de idade. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.27

	Poboación activa ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
Homes					
de 16 a 19 anos	16,0	15,4	15,1	-4,0	-1,9
de 20 a 24 anos	64,3	62,1	62,5	-3,4	0,6
de 25 a 54 anos	524,3	536,2	550,6	2,3	2,7
de 55 e máis anos	88,7	90,8	91,3	2,4	0,5
Total	693,4	704,6	719,5	1,6	2,1
Mulleres					
de 16 a 19 anos	8,6	8,0	7,8	-6,5	-3,2
de 20 a 24 anos	45,8	45,6	50,2	-0,4	10,0
de 25 a 54 anos	381,2	401,3	425,8	5,2	6,1
de 55 e máis anos	65,5	61,0	62,0	-6,8	1,5
Total	501,1	515,9	545,7	3,0	5,8
Total					
de 16 a 19 anos	24,6	23,4	22,9	-4,9	-2,3
de 20 a 24 anos	110,1	107,8	112,7	-2,1	4,6
de 25 a 54 anos	905,6	937,4	976,4	3,5	4,2
de 55 e máis anos	154,2	151,9	153,2	-1,5	0,9
Total	1.194,5	1.220,5	1.265,2	2,2	3,7

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA-2002

Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

Poboación activa por sexo e provincia. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.28

	Poboación activa ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña					
Homes	281,3	290,1	299,7	3,1	3,3
Mulleres	196,0	206,3	229,6	5,2	11,3
Total	477,3	496,4	529,3	4,0	6,6
Lugo					
Homes	92,7	88,9	88,3	-4,1	-0,7
Mulleres	70,0	67,3	68,8	-3,8	2,2
Total	162,6	152,2	157,1	-3,9	0,5
Ourense					
Homes	85,3	85,0	83,5	-0,4	-1,8
Mulleres	58,5	62,5	59,2	6,8	-5,3
Total	143,9	147,5	142,7	2,5	-3,3
Pontevedra					
Homes	234,0	240,5	248,0	2,8	3,1
Mulleres	176,6	179,8	188,1	1,8	4,6
Total	410,7	420,3	436,2	2,4	3,8
Galicia					
Homes	693,4	704,6	719,5	1,6	2,1
Mulleres	501,1	515,9	545,7	3,0	5,8
Total	1.194,5	1.220,5	1.265,2	2,2	3,7

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA-2002
 Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

A análise por provincias e sexos reflicte que só na provincia de Ourense baixou en 2003 a poboación activa e que a maior suba foi a das activas na Coruña (11,3%), que duplicou o crecemento medio galego da poboación activa feminina.

Por provincias e grupos de idade (cadro 3.29) as principais variacións porcentuais da poboación activa déronse en Lugo nos dous estratos máis novos da poboación.

A distribución da poboación activa galega por sectores económicos e maila súa desagregación provincial figuran no cadro 3.30. A suba relativa dos activos que están traballando é especialmente importante na construción en Pontevedra (10,9%) e nos servizos na Coruña (10,7%) mentres que destaca pola súa diminución a construción en Lugo (-15,2%). No conxunto de Galicia, os servizos foron os de maior suba porcentual e os sectores agro-pesqueiro e construción os que presentaron un descenso da poboación activa.

Poboación activa por grupos de idade e provincia. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.29

	Poboación activa ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña					
de 16 a 19 anos	10,0	8,0	10,0	-20,0	25,6
de 20 a 24 anos	44,4	44,8	44,7	0,9	-0,3
de 25 a 54 anos	361,4	379,3	413,7	5,0	9,1
de 55 e máis anos	61,5	64,3	60,8	4,5	-5,4
Total	477,3	496,4	529,3	4,0	6,6
Lugo					
de 16 a 19 anos	1,9	2,4	1,7	26,5	-31,1
de 20 a 24 anos	11,6	9,6	12,3	-16,9	27,2
de 25 a 54 anos	122,5	119,7	118,8	-2,3	-0,7
de 55 e máis anos	26,6	24,5	24,4	-7,8	-0,6
Total	162,6	156,2	157,1	-3,9	0,5
Ourense					
de 16 a 19 anos	2,0	2,2	2,0	11,1	-7,7
de 20 a 24 anos	10,0	10,1	10,9	1,1	7,9
de 25 a 54 anos	112,4	116,6	109,8	3,8	-5,9
de 55 e máis anos	19,5	18,5	19,9	-4,7	7,3
Total	143,9	147,5	142,7	2,5	-3,3
Pontevedra					
de 16 a 19 anos	10,7	10,8	9,1	0,6	-15,5
de 20 a 24 anos	44,1	43,2	44,8	-2,0	3,8
de 25 a 54 anos	309,2	321,9	334,1	4,1	3,8
de 55 e máis anos	46,6	44,5	48,2	-4,5	8,1
Total	410,7	420,3	436,2	2,4	3,8
Galicia					
de 16 a 19 anos	24,6	23,4	22,9	-4,9	-2,3
de 20 a 24 anos	110,1	107,8	112,7	-2,1	4,6
de 25 a 54 anos	905,6	937,4	976,4	3,5	4,2
de 55 e máis anos	154,2	151,9	153,2	-1,5	0,9
Total	1.194,5	1.220,5	1.265,2	2,2	3,7

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA-2002

Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

Poboación activa por sector económico e provincia. Galicia. 2001-2003

■ **Cadro 3.30**

	Poboación activa ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña					
Agricultura e pesca	50,0	43,8	47,0	-12,3	7,2
Industria	85,4	92,3	92,3	8,0	0,0
Construcción	62,8	66,9	62,8	6,6	-6,2
Servizos	256,0	267,8	296,4	4,6	10,7
Parados que buscan 1º emprego ou deixaron o último fai 3 anos ou máis	23,2	25,6	30,9	10,2	20,7
Total	477,3	496,4	529,3	4,0	6,6
Lugo					
Agricultura e pesca	51,1	41,6	41,2	-18,6	-1,1
Industria	19,7	19,4	20,8	-1,5	7,0
Construcción	13,5	15,9	13,5	17,8	-15,2
Servizos	71,7	73,7	76,8	2,8	4,2
Parados que buscan 1º emprego ou deixaron o último fai 3 anos ou máis	6,6	5,6	4,9	-14,6	-13,0
Total	162,6	156,2	157,1	-3,9	0,5
Ourense					
Agricultura e pesca	16,9	15,9	14,9	-6,2	-6,3
Industria	26,7	27,0	25,0	1,2	-7,2
Construcción	19,1	17,4	18,0	-9,0	3,5
Servizos	76,7	81,9	79,6	6,8	-2,9
Parados que buscan 1º emprego ou deixaron o último fai 3 anos ou máis	4,5	5,4	5,2	19,4	-3,1
Total	143,9	147,5	142,7	2,5	-3,3
Pontevedra					
Agricultura e pesca	43,9	40,8	37,9	-7,0	-7,1
Industria	89,4	96,9	98,6	8,4	1,8
Construcción	46,1	44,3	49,2	-3,8	10,9
Servizos	212,7	216,6	229,7	1,8	6,0
Parados que buscan 1º emprego ou deixaron o último fai 3 anos ou máis	18,5	21,7	20,8	17,0	-4,3
Total	410,7	420,3	436,2	2,4	3,8
Galicia					
Agricultura e pesca	161,9	142,2	140,9	-12,2	-0,9
Industria	221,2	235,6	236,7	6,5	0,5
Construcción	141,5	144,5	143,4	2,2	-0,8
Servizos	617,1	640,0	682,4	3,7	6,6
Parados que buscan 1º emprego ou deixaron o último fai 3 anos ou máis	52,8	58,2	61,7	10,3	6,0
Total	1.194,5	1.220,5	1.265,2	2,2	3,7

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA-2002
 Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

3.5. A poboación ocupada

De forma semellante ao estudo que no anterior epígrafe fixemos coa poboación activa, analizaremos agora a poboación ocupada; en primeiro lugar analizáremo-la súa evolución global e maila da taxa de ocupación, e posteriormente veremos cómo se distribúen os ocupados por sexos, sectores económicos, provincias, grupos de idade ou situación profesional.

3.5.1. Poboación ocupada e taxa de ocupación

O cadro 3.31 preséntano-los datos da poboación ocupada en cada unha das comunidades autónomas no último trienio (corrixidos do cambio metodolóxico da EPA en 2001) así como a variación que en termos absolutos e relativos presentou cada unha delas. O emprego subiu en tódalas comunidades no último ano; a maior intensidade na xeración de emprego presentárona Asturias (5,1%), Murcia (5%) e Canarias (4,9%) mentres que a menor tivérona Castela e León (0,3%), A Rioxa (1,3%), Galicia (1,3%) e Castela A Mancha (1,6%). Na maioría das comunidades autónomas o crecemento do emprego foi superior ó do ano 2002 (sobranceando o caso de Cantabria pola súa notable mellora).

Galicia tivo un 1,6% de suba do emprego, moi por baixo do estatal (3%) e unha décima por baixo da taxa de crecemento de 2002.

■ Cadro 3.31

Poboación ocupada⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2001-2003

	Valores absolutos (en miles)			Distribución porcentual		Variacións anuais			
	2001	2002	2003	2003	2003	Miles		%	
						2002	2003	2002	2003
Andalucía	2.453,2	2.499,9	2.615,1	15,3	15,5	46,7	115,2	1,9	4,6
Aragón	471,0	480,0	489,1	2,9	2,9	9,0	9,1	1,9	1,9
Asturias	366,6	377,8	397,0	2,3	2,4	11,2	19,2	3,1	5,1
Baleares	361,9	373,3	384,4	2,3	2,3	11,4	11,1	3,2	3,0
Canarias	726,9	748,5	785,4	4,6	4,7	21,6	36,9	3,0	4,9
Cantabria	210,9	210,1	219,7	1,3	1,3	-0,8	9,6	-0,4	4,6
C. A Mancha	637,5	655,8	666,6	4,0	4,0	18,3	10,8	2,9	1,6
C. León	922,5	938,6	941,5	5,7	5,6	16,1	2,9	1,7	0,3
Cataluña	2.761,7	2.786,8	2.889,7	17,0	17,1	25,1	102,9	0,9	3,7
C. Valenciana	1.760,1	1.772,3	1.819,4	10,8	10,8	12,2	47,1	0,7	2,7
Extremadura	356,6	363,6	375,7	2,2	2,2	7,0	12,1	2,0	3,3
Galicia	1.070,0	1.087,8	1.104,8	6,6	6,6	17,8	17,0	1,7	1,6
Madrid	2.303,4	2.330,4	2.375,5	14,2	14,1	27,0	45,1	1,2	1,9
Murcia	440,3	458,6	481,5	2,8	2,9	18,3	22,9	4,2	5,0
Navarra	237,7	238,2	242,7	1,5	1,4	0,5	4,5	0,2	1,9
País Vasco	880,0	895,3	910,4	5,5	5,4	15,3	15,1	1,7	1,7
A Rioxa	111,6	111,2	112,7	0,7	0,7	-0,4	1,5	-0,4	1,3
Ceuta e Melilla	49,0	49,0	50,8	0,3	0,3	0,0	1,8	0,0	3,7
España	16.121,0	16.377,3	16.862,0	100	100	256,3	484,7	1,6	3,0

(1) Os datos correspóndense coa nova metodoloxía EPA-2002. Datos do 4º trimestre de cada ano
Fonte: INE, EPA (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral nº 68, marzo 2004)

A taxa de ocupación (porcentaxe de ocupados respecto da poboación de dezaseis ou máis anos) analizada no cadro 3.32 reflicte que esta taxa presentou en Galicia (e máis aínda en España) unha clara tendencia ascendente no último trienio. No ano 2003 destacaron pola súa suba Asturias, Cantabria e Murcia mentres que as de menor crecemento da taxa de ocupación foron Castela e León e A Rioxa.

Na análise comparativa por comunidades autónomas, vese que a nosa taxa de emprego (46,4%) está moito máis próxima á menor (Extremadura, cun 42%) que á maior (Balears, cun 54,8%); só en catro comunidades (e nas cidades autónomas: Ceuta e Melilla) está por baixo de Galicia: Extremadura, Asturias, Andalucía e Castela e León.

Taxas de ocupación⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2002-2003

■ Cadro 3.32

	Taxas de ocupación			Variacións anuais (En puntos porcentuais)		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Andalucía	41,5	41,9	43,5	1,7	0,4	1,6
Aragón	47,3	48,2	49,2	-0,1	0,9	1,0
Asturias	39,7	40,9	43,1	1,3	1,2	2,2
Balears	53,9	54,4	54,8	0,3	0,5	0,5
Canarias	50,6	50,8	52,1	1,1	0,2	1,3
Cantabria	46,4	46,0	48,0	3,3	-0,4	2,0
C. A Mancha	44,9	45,9	46,4	0,9	1,0	0,5
C. León	43,7	44,5	44,7	0,5	0,8	0,2
Cataluña	52,4	52,6	54,3	0,0	0,2	1,7
C. Valenciana	51,1	50,8	51,6	1,2	-0,3	0,8
Extremadura	40,3	40,9	42,0	-0,2	0,6	1,2
Galicia	45,2	45,8	46,4	0,6	0,5	0,6
Madrid	52,4	52,4	53,0	1,9	0,1	0,5
Murcia	47,6	49,0	50,8	-0,6	1,4	1,9
Navarra	52,2	52,1	52,9	-0,6	-0,1	0,8
País Vasco	49,3	50,1	50,9	1,4	0,8	0,9
A Rioxa	49,1	48,6	49,0	0,9	-0,5	0,4
Ceuta e Melilla	44,7	44,1	45,3	2,4	-0,5	1,1
España	47,7	48,1	49,2	1,0	0,4	1,1

(1) Os datos correspóndense coa nova metodoloxía EPA-2002. Datos do 4º trimestre de cada ano
Fonte:INE, EPA (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral nº 68, marzo 2004)

A análise comparativa das taxas de ocupación galega (con desagregación provincial) e española do cadro 3.33 amosa que esta última supera no ano 2003 á das catro provincias galegas. A diferenza en medias anuais é, respecto da galega, de 2,4 puntos en favor da estatal. Na desagregación por sexos, conséntase que a taxa estatal de ocupación dos homes situouse cun diferencial no ano 2003 de 3,8 puntos respecto da galega. A taxa de emprego feminino de Galicia queda en 2003 (en medias anuais) 0,6 puntos por baixo da estatal. Ningunha provincia galega superou en 2003 a taxa de emprego masculino estatal e só a de Lugo superou á feminina.

Taxas de ocupación⁽¹⁾ por sexo e provincia. Galicia/España. 2001-2003

■ Cadro 3.33

	Taxas de ocupación		
	2001	2002	2003
A Coruña			
Homes	56,1	56,5	58,9
Mulleres	33,1	33,8	36,2
Total	44,1	44,7	47,0
Lugo			
Homes	55,7	54,7	54,7
Mulleres	37,9	35,6	37,2
Total	46,6	44,7	45,6
Ourense			
Homes	55,0	54,3	53,5
Mulleres	32,7	35,3	33,2
Total	43,6	44,5	43,0
Pontevedra			
Homes	58,8	60,1	60,3
Mulleres	34,9	34,0	35,7
Total	46,1	46,2	47,3
Galicia			
Homes	56,8	57,1	58,1
Mulleres	34,3	34,3	35,8
Total	45,0	45,2	46,4
España			
Homes	61,3	61,5	61,9
Mulleres	34,1	35,0	36,4
Total	47,3	47,9	48,8

En medias anuais

(1) A partir do 1º trimestre do ano 2001, os datos reflicten a nova definición do paro (Regulamento 1897/2000 da CE) e, polo tanto, os valores de activos, parados e inactivos non son directamente comparables cos de anos anteriores. Para máis información consulta-lo segundo epígrafe do capítulo 3

Fonte: INE, EPA (datos de Galicia recollidos de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

O cadro 3.34 presenta as taxas de ocupación galega e española por sexos e grupos de idade no último trienio. No ano 2003 destacaremos que a taxa de emprego da poboación galega só é maior que a estatal nun grupo de idade (o de 55 e máis anos). Na desagregación por sexos compróbase que nos homes as taxas de emprego galegas son inferiores ás españolas nos catro estratos de idade mentres que nas mulleres son superiores en Galicia nos dous de maior idade (os de 25 ou máis anos), especialmente no de 55 e máis anos, no que hai unha importante poboación feminina ocupada no sector agro-pesqueiro galego (como se pode constatar no cadro 3.38).

Xa en anteriores informes subliñámo-lo feito de que as economías galega e española presenten unhas taxas de ocupación especialmente baixas en comparación coas da UE e coas da OCDE, porque reflicte a incapacidade para dar unha saída produtiva ós recursos humanos que axude á converxencia real cos países máis desenvolvidos economicamente. Ben lonxe nos queda aínda (pese á suba dos últimos anos) o obxectivo que a UE se marcou para o ano 2010 no Cumio de Lisboa: unha taxa de ocupación global do 70%.

Taxas de ocupación⁽¹⁾ por sexo e grupos de idade. Galicia/España. 2001-2003

■ Cadro 3.34

	Galicia			España		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Homes						
de 16 a 19 anos	17,4	17,4	19,3	23,3	23,4	22,1
de 20 a 24 anos	50,1	50,1	52,2	55,7	55,3	56,1
de 25 a 54 anos	83,0	83,1	74,0	85,8	85,8	86,0
de 55 e máis anos	23,3	23,5	23,5	25,1	25,3	25,8
Total	56,8	57,1	58,1	61,3	61,5	61,9
Mulleres						
de 16 a 19 anos	8,6	9,1	8,9	12,6	11,9	11,2
de 20 a 24 anos	29,1	29,8	32,5	40,7	41,7	42,9
de 25 a 54 anos	54,8	55,2	57,8	52,8	54,2	56,5
de 55 e máis anos	13,3	12,2	11,9	8,1	8,3	8,8
Total	34,3	34,3	35,8	34,1	35,0	36,4
Total						
de 16 a 19 anos	13,1	13,4	14,2	18,1	17,8	16,8
de 20 a 24 anos	39,7	40,1	42,5	48,4	48,6	49,6
de 25 a 54 anos	68,9	69,1	70,9	69,4	70,1	71,3
de 55 e máis anos	17,6	17,1	16,9	15,7	15,9	16,4
Total	45,0	45,2	46,4	47,3	47,9	48,8

En medias anuais

(1) A partir do 1º trimestre do ano 2001, os datos reflicten a nova definición do paro (Regulamento 1897/2000 da CE) e, polo tanto, os valores de activos, parados e inactivos non son directamente comparables cos de anos anteriores. Para máis información consulta-lo segundo epígrafe do capítulo 3

Fonte: INE, EPA (datos de Galicia recollidos de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

3.5.2. Distribución da poboación ocupada por sexos, provincias, grupos de idade, sectores económicos e situación profesional

A desagregación territorial e por sexos do cadro 3.35 reflicte que a provincia de maior xeración porcentual de emprego no ano 2003 foi a da Coruña, mentres que a de Ourense foi a única na que diminuíu a poboación ocupada. A análise cruzada por provincias e sexos constata que o maior crecemento porcentual da ocupación deuse no último ano nas mulleres na Coruña (8,3%) mentres que a maior diminución foi a das ocupadas de Ourense (-6,1%).

Poboación ocupada por sexo e provincia. Galicia 2001-2003

■ Cadro 3.35

	Poboación ocupada ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña					
Homes	257,6	263,1	273,1	2,1	3,8
Mulleres	166,2	169,6	183,8	2,1	8,3
Total	423,7	432,7	456,9	2,1	5,6
Lugo					
Homes	86,4	83,4	83,3	-3,6	-0,1
Mulleres	61,7	58,6	61,1	-5,1	4,2
Total	148,1	141,9	144,3	-4,2	1,7
Ourense					
Homes	80,8	79,5	78,5	-1,7	-1,2
Mulleres	50,9	55,5	52,1	9,0	-6,1
Total	131,8	134,9	130,6	2,4	-3,2
Pontevedra					
Homes	214,9	220,9	224,8	2,8	1,8
Mulleres	144,2	141,7	148,7	-1,7	4,9
Total	359,1	362,6	373,6	1,0	3,0
Galicia					
Homes	639,7	646,8	659,8	1,1	2,0
Mulleres	423,0	425,4	445,7	0,6	4,8
Total	1.062,7	1.072,2	1.105,4	0,9	3,1

En medias anuais

Fonte: INE, EPA (datos de Galicia recollidos de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

O desglose por sexos e idades do cadro 3.36 certifica que a maior suba porcentual de emprego tiveróno as mulleres de 25 a 54 anos, mentres que a maior diminución foi o das mulleres de 16 a 19 anos; os homes non tiveron tanta variación, e oscilou entre unha suba do 4,5% para os de 16-19 anos e unha lixeira diminución (-0,4%) para os de 20 a 24 anos.

Poboación ocupada por sexo e grupos de idade. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.36

	Poboación ocupada ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
Homes					
de 16 a 19 anos	11,8	11,2	11,7	-5,6	4,5
de 20 a 24 anos	53,8	51,8	51,6	-3,7	-0,4
de 25 a 54 anos	490,1	498,0	509,6	1,6	2,3
de 55 e máis anos	84,0	85,8	86,9	2,2	1,2
Total	639,7	646,8	659,8	1,1	2,0
Mulleres					
de 16 a 19 anos	5,6	5,6	5,2	0,2	-8,0
de 20 a 24 anos	30,6	30,2	31,4	-1,2	4,0
de 25 a 54 anos	323,9	331,1	351,9	2,2	6,3
de 55 e máis anos	62,9	58,4	57,2	-7,0	-2,2
Total	423,0	425,4	445,7	0,6	4,8
Total					
de 16 a 19 anos	17,5	16,8	16,9	-3,7	0,3
de 20 a 24 anos	84,4	82,0	83,0	-2,8	1,2
de 25 a 54 anos	814,0	829,1	861,5	1,9	3,9
de 55 e máis anos	146,8	144,2	144,0	-1,8	-0,2
Total	1.062,7	1.072,2	1.105,4	0,9	3,1

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA 2002
 Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

A desagregación provincial dos ocupados de cada sector económico podemos vela no cadro 3.37. Respecto da ocupación global por provincias, sobrancearemos que no ano 2003 o 75,13% do emprego total galego se concentra nas provincias da Coruña e Pontevedra. Destaca a importancia da poboación ocupada no sector agro-pesqueiro en Lugo (28,6% da ocupación total), máis do dobre que a provincia seguinte nesa clasificación (Ourense, cun 11,2%). Só unha provincia galega (Ourense) veu reducirse en 2003 o número de ocupados mentres que a provincia da Coruña tivo a maior suba da ocupación (cun 5,6%).

Poboación ocupada por sector económico e provincia. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.37

	Poboación ocupada ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña					
Agricultura e pesca	49,0	42,5	45,0	-13,3	5,7
Industria	80,8	85,5	83,8	5,8	-2,0
Construción	57,2	61,0	55,8	6,6	-8,4
Servizos	236,7	243,7	272,3	3,0	11,8
Total	423,7	432,7	456,9	2,1	5,6
Lugo					
Agricultura e pesca	50,4	40,7	41,2	-19,1	1,0
Industria	18,3	18,3	19,5	-0,3	6,7
Construción	12,4	15,0	12,6	20,8	-16,4
Servizos	67,0	67,9	71,1	1,3	4,7
Total	148,1	141,9	144,3	-4,2	1,7
Ourense					
Agricultura e pesca	16,6	15,1	14,6	-9,0	-3,4
Industria	25,6	25,8	23,8	0,8	-7,7
Construción	17,9	16,4	17,2	-8,7	4,7
Servizos	71,6	77,7	75,1	8,4	-3,3
Total	131,8	134,9	130,6	2,4	-3,2
Pontevedra					
Agricultura e pesca	42,3	39,8	36,0	-6,1	-9,4
Industria	81,8	88,5	87,5	8,2	-1,1
Construción	42,7	41,0	43,9	-4,0	7,0
Servizos	192,2	193,3	206,2	0,6	6,6
Total	359,1	362,6	373,6	1,0	3,0
Galicia					
Agricultura e pesca	158,3	138,1	136,7	-12,8	-1,0
Industria	206,5	218,1	214,6	5,6	-1,6
Construción	130,3	133,4	129,4	2,4	-3,0
Servizos	567,6	582,6	624,7	2,7	7,2
Total	1.062,7	1.072,2	1.105,4	0,9	3,1

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA-2002
Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

A distribución dos ocupados galegos por sexo, sector económico e grupo de idade no último cuatrienio podemos velos no cadro 3.38, que constata un proceso de cambio que vai achegando algo máis a nosa estrutura do emprego á estatal e en xeral á dos países máis desenvolvidos.

■ Cadro 3.38

Poboación ocupada⁽¹⁾ por sexo, grupos de idade e sector económico. Galicia. 2002-2003

	2002					2003				
	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Total
Homes										
de 16 a 19 anos	1,6	3,3	3,4	2,9	11,2	1,1	3,5	2,9	4,2	11,7
de 20 a 24 anos	3,4	15,4	15,3	17,7	51,8	3,6	17,5	12,8	17,7	51,6
de 25 a 54 anos	53,2	117,6	95,1	232,1	498,0	49,6	118,0	95,4	246,6	509,6
de 55 e máis anos	17,8	15,9	13,9	38,2	85,8	17,4	17,7	13,7	38,0	86,9
Total	76,0	152,1	127,7	290,9	646,8	71,7	156,8	124,8	306,4	659,8
Mulleres										
de 16 a 19 anos	-	2,1	-	3,5	5,6	0,3	0,9	-	4,0	5,2
de 20 a 24 anos	0,3	6,7	0,4	22,8	30,2	1,4	3,3	0,4	26,4	31,4
de 25 a 54 anos	36,3	53,2	4,9	236,7	331,1	38,3	50,0	4,1	259,5	351,9
de 55 e máis anos	25,4	4,0	0,5	28,6	58,4	25,0	3,5	0,2	28,4	57,2
Total	62,1	65,9	5,7	291,7	425,4	65,0	57,8	4,6	318,3	445,7
Total										
de 16 a 19 anos	1,6	5,4	3,4	6,4	16,8	1,4	4,5	2,9	8,2	16,9
de 20 a 24 anos	3,7	22,0	15,7	40,6	82,0	5,0	20,8	13,2	44,0	83,0
de 25 a 54 anos	89,5	170,8	99,9	468,8	829,1	87,9	168,1	99,5	506,1	861,5
de 55 e máis anos	43,2	19,9	14,3	66,8	144,2	42,5	21,2	13,8	66,4	144,0
Total	138,1	218,1	133,4	582,6	1.072,2	136,7	214,6	129,4	624,7	1.105,4

(1) Datos en miles. Medias anuais
Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

O sector que concentra máis poboación ocupada (o de servizos) tivo no ano 2003 unha forte suba e supón xa máis da metade do emprego total galego (56,5%) aínda que segue bastante por baixo da media estatal.

Na desagregación da poboación ocupada por sexos, os homes son maioritarios no ano 2003 no emprego de tódolos sectores produtivos agás nos servizos; a diferenza é especialmente notable na construción e máis pequena no sector agro-pesqueiro (no que a muller é predominante no grupo de maior idade). Para as persoas que desexen estudar máis polo miúdo esta distribución sectorial, ofrecemos nese cadro a desagregación en catro grupos de idade para cada un dos sexos.

Para coñecer a situación profesional dos ocupados de Galicia presentamos o cadro 3.39, que inclúe a desagregación por sexo e sector económico no último bienio. Os asalariados subiron no ano 2003 de novo e supoñen xa un 74% da poboación ocupada de Galicia; séguenlle en importancia cuantitativa os empresarios ou membros de cooperativas e, xa de moi lonxe, os “axudas familiares”, que tiveron un novo e forte descenso no último ano (do 13,3%). Aproxímase máis, deste xeito, a porcentaxe galega de asalariados ás medias do Estado e máis da Unión Europea, aínda que segue por baixo delas.

Por sexos, subliñaremos que no ano 2003 en Galicia dúas de cada tres persoas ocupadas como “axudas familiares” son mulleres, e están fundamentalmente empregadas no sector primario e no de servizos -nos que duplican ós homes-. No conxunto das persoas asalariadas de Galicia, en cambio, as mulleres non chegan ao limiar dunha por cada dúas persoas con emprego (supoñen só un 39,5%).

■ **Cadro 3.39** Poboación ocupada por sexo⁽¹⁾, situación profesional e sector económico. Galicia. 2002-2003

	2002					2003				
	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servicios	Total	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servicios	Total
Homes										
Asalariados	24,6	137,4	99,8	215,0	476,7	23,4	138,6	98,8	234,7	495,4
Empresario ou membro de cooperativa	43,9	13,7	27,5	73,5	158,5	40,9	18,1	26,0	69,3	154,2
Axudas familiares	7,5	1,0	0,4	2,1	11,1	7,1	0,1	0,1	2,5	9,8
Outra situación	-	0,1	-	0,3	0,5	0,4	-	-	-	0,4
Total	76,0	152,1	127,7	290,9	646,8	71,7	156,8	124,9	306,4	659,8
Mulleres										
Asalariados	3,3	61,0	4,1	235,6	304,1	5,6	51,7	3,8	262,3	323,4
Empresario ou membro de cooperativa	42,9	4,2	1,4	48,2	96,6	44,4	5,1	0,7	50,8	101,0
Axudas familiares	15,7	0,7	0,2	7,7	24,3	14,9	0,9	0,1	5,0	20,9
Outra situación	0,1	-	-	0,2	0,4	0,1	0,1	-	0,1	0,3
Total	62,1	65,9	5,7	291,7	425,4	65,0	57,8	4,6	318,3	445,7
Total										
Asalariados	27,9	198,4	103,9	450,6	780,8	28,9	190,4	102,5	497,0	818,8
Empresario ou membro de cooperativa	86,8	17,9	28,9	121,7	255,2	85,3	23,1	26,7	120,1	255,3
Axudas familiares	23,3	1,7	0,7	9,8	35,4	22,0	1,0	0,2	7,4	30,7
Outra situación	0,2	0,1	-	0,6	0,8	0,5	0,1	-	0,1	0,7
Total	138,1	218,1	133,4	582,6	1.072,2	136,7	214,6	129,4	624,7	1.105,4

(1) Datos en miles. Medias anuais

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

A distribución porcentual da poboación ocupada por sectores económicos que figura no cadro 3.40 presenta os datos galego (con desagregación provincial) e español no ano 2003; deles sobrancearemo-los seguintes aspectos:

- Galicia ten máis do dobre da porcentaxe española de persoas ocupadas no sector agro-pesqueiro.
- A porcentaxe estatal de ocupados supera amplamente á galega nos servizos, mentres que a taxa galega supera á estatal na industria e son semellantes na construción.

Distribución porcentual do emprego. Por sectores e provincias. Galicia/España. 2003

■ Cadro 3.40

	Sectores productivos			
	Agro-pesqueiro	Industria	Construcción	Servicios
A Coruña	9,9	18,4	12,2	59,5
Lugo	28,6	13,6	8,7	49,1
Ourense	11,2	18,2	13,2	57,4
Pontevedra	9,6	23,4	11,7	55,3
Galicia	12,4	19,4	11,7	56,5
España	5,6	18,7	11,9	63,8

Elaboración propia, con datos do INE: EPA, tomados en medias anuais

A comparanza por tipos de contrato das persoas asalariadas (temporais ou indefinidos, a tempo completo ou a tempo parcial, etc.) é obxecto de estudio no capítulo 5, polo que remitimos alí ás persoas interesadas no seu estudio. Cómpre subliñar, de tódolos xeitos, o importante descenso da información estatística proporcionada (neste e noutros aspectos procedentes da EPA) polo IGE nos últimos anos.

3.6. O paro estimado

Unha vez rematado o estudio da poboación ocupada, comezamos o estudio do outro compoñente da poboación activa -a poboación parada- ó través dos datos que proporcionan as Enquisas de Poboación Activa elaboradas polo INE.

Seguindo o esquema utilizado nos epígrafes anteriores, analizaremos primeiramente as cifras de paro das distintas comunidades autónomas e a taxa de paro. Posteriormente centrarémonos na análise da distribución do paro por sexos, provincias, idades e tempo de busca de emprego.

3.6.1. Poboación parada e taxa de paro

O cadro 3.41 recolle a poboación desempregada nas distintas comunidades autónomas no último trienio (con datos de 2001 da nova metodoloxía da EPA). O desemprego baixou no ano 2003 en cinco comunidades: Estremadura, Andalucía, Murcia, Cataluña e a C.Valenciana. O maior crecemento absoluto foi o de Galicia (23.800), seguida de Canarias (13.100); porcentualmente a maior suba do paro deuse en Baleares (20,7%) e Galicia (16,1%), sen considera-las cidades autónomas de Ceuta e Melilla porque o seu baixo valor absoluto fainas moi pouco representativas estatisticamente.

■ Cadro 3.41

Poboación desempregada⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2001-2003

	Valores absolutos (miles)			Distribución porcentual		Variacións anuais			
	2001	2002	2003	2001	2003	Miles		%	
						2002	2003	2002	2003
Andalucía	585,2	632,6	592,3	29,9	27,8	47,4	-40,3	8,1	-6,4
Aragón	23,5	32,3	32,3	1,5	1,5	8,8	0,0	37,4	0,0
Asturias	26,9	42,0	44,3	2,0	2,1	15,1	2,3	56,1	5,5
Baleares	18,7	32,9	39,7	1,6	1,9	14,2	6,8	75,9	20,7
Canarias	88,0	95,0	108,1	4,5	5,1	7,0	13,1	8,0	13,8
Cantabria	20,6	25,1	25,3	1,2	1,2	4,5	0,2	21,8	0,8
C. A Mancha	62,2	70,3	70,8	3,3	3,3	8,1	0,5	13,0	0,7
C. León	104,6	104,7	115,3	4,9	5,4	0,1	10,6	0,1	10,1
Cataluña	262,7	295,9	282,4	14,0	13,3	33,2	-13,5	12,6	-4,6
C. Valenciana	173,6	208,0	207,2	9,8	9,7	34,4	-0,8	19,8	-0,4
Estremadura	58,2	85,2	77,5	4,0	3,6	27,0	-7,7	46,4	-9,0
Galicia	126,3	147,9	171,7	7,0	8,1	21,6	23,8	17,1	16,1
Madrid	174,9	173,1	178,9	8,2	8,4	-1,8	5,8	-1,0	3,4
Murcia	54,6	59,2	56,4	2,8	2,7	4,6	-2,8	8,4	-4,7
Navarra	11,1	13,2	15,2	0,6	0,7	2,1	2,0	18,9	15,2
País Vasco	92,9	91,6	93,6	4,3	4,4	-1,3	2,0	-1,4	2,2
A Ríoxa	5,5	7,2	7,5	0,3	0,4	1,7	0,3	30,9	4,2
Ceuta e Melilla	2,4	2,1	8,7	0,1	0,4	-0,3	6,6	-12,5	314,3
España	1.891,8	2.118,1	2.127,1	100	100	226,3	9,0	12,0	0,4

(1) Os datos correspóndense coa nova metodoloxía EPA-2002. Datos do 4º trimestre
Fonte: INE, EPA (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral nº 68, marzo 2004)

A taxa de paro (porcentaxe de parados sobre a poboación activa) é no ano 2003 dun 13,5% en Galicia (2,3 puntos maior que no conxunto do Estado). O cadro 3.42 permíteno-lo seguimento comparativo das taxas de desemprego nas distintas comunidades autónomas no último trienio, evidenciando que:

■ No último ano en Galicia aumentou sensiblemente a taxa de desemprego, mentres que diminuíu lixeiramente no conxunto do Estado. No último bienio investiu-se en Galicia a tendencia do ano 2001 e presentou dúas subas que fan quedar a taxa de desemprego case tres puntos por riba da existente en 2001.

■ No ano 2003 Galicia foi a comunidade que tivo unha maior suba da taxa de desemprego (1,5 puntos), se exceptuámo-la de Ceuta e Melilla pola pouca representatividade estatística á que xa aludimos noutras ocasións. Séguena Baleares e Castela e León, mentres que no outro extremo Extremadura e Andalucía presentan os maiores descenso da porcentaxe de paro.

■ Sen ter en conta Ceuta- Melilla, Galicia segue a ser no ano 2003 a terceira comunidade do Estado por alta taxa de desemprego. A diferenza respecto das dúas primeiras (Extremadura e Andalucía) reduciuse notablemente no último ano (en máis de tres puntos) polo desigual comportamento das taxas de desemprego de Andalucía e Extremadura (as comunidades nas que máis descendeu) e Galicia (unha das de maior crecemento).

Taxas de desemprego⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2001-2003

■ Cadro 3.42

	Taxas de desemprego			Variacións anuais (en puntos porcentuais)		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Andalucía	19,3	20,2	18,5	-0,8	0,9	-1,7
Aragón	4,7	6,3	6,2	0,4	1,6	-0,1
Asturias	6,8	10,0	10,0	-3,1	3,2	0,0
Baleares	4,9	8,1	9,4	-1,6	3,2	1,3
Canarias	10,8	11,3	12,1	0,8	0,5	0,8
Cantabria	8,9	10,7	10,3	-1,7	1,8	-0,4
C. A Mancha	8,9	9,7	9,6	-0,7	0,8	-0,1
C. León	10,2	10,0	10,9	-0,6	-0,2	0,9
Cataluña	8,7	9,6	8,9	0,4	0,9	-0,7
C. Valenciana	9,0	10,5	10,2	-1,1	1,5	-0,3
Extremadura	14,0	19,0	17,1	-1,4	5,0	-1,9
Galicia	10,6	12,0	13,5	-1,2	1,4	1,5
Madrid	7,1	6,9	7,0	-1,4	-0,2	0,1
Murcia	11,0	11,4	10,5	0,3	0,4	-0,9
Navarra	4,5	5,2	5,9	0,4	0,7	0,6
País Vasco	9,5	9,3	9,3	-1,4	-0,2	0,0
A Rioxa	4,7	6,1	6,2	0,0	1,4	0,1
Ceuta e Melilla	4,7	4,2	14,6	-2,0	-0,5	10,4
España	10,5	11,5	11,2	-0,7	0,9	-0,3

(1) Os datos correspóndense coa nova metodoloxía EPA-2002. Datos do 4º trimestre
Fonte: INE, EPA (cadro tomado do MTAS: Coyuntura Laboral nº 68, marzo 2004)

A provincia da Coruña é ao final do ano 2003 a de maior taxa de desemprego das nove provincias das comunidades autónomas cantábricas (Galicia, Asturias, Cantabria e o País Vasco), seguida das de Pontevedra e Vizcaya.

En anteriores informes sinalabamos: “nos últimos anos subiu a emigración galega cara outras comunidades autónomas (como Canarias ou Baleares), válvula de escape que certamente impediu o aumento do paro en Galicia pero co importante custo humano (tan experimentado ó longo da nosa historia) que supón abandonar-la propia terra”. No último bienio estase poñendo de manifesto de novo a incapacidade da economía galega para xerar postos de traballo de abondo que permitan transforma-la importante suba da poboación activa en ocupación (e non nun incremento do desemprego).

A comparanza da nosa taxa de desemprego coas da UE (8%) ou a OCDE (7,1%) que figuran no cadro 1.2 deste Informe explicita que en 2003 a nosa taxa de desemprego superounas respectivamente en 5,5 e 6,4 puntos; a taxa de paro feminino de Galicia, pola súa banda (18,3%) é practicamente o dobre que a da UE-15. Velaí una notoria “diverxencia” real da nosa estrutura económico-social que cómpre reducir no posible para achegarnos ó nivel medio de benestar dos nosos socios na UE ou da OCDE.

A importancia obxectiva do desemprego en Galicia que a EPA constata é avaliada tamén subxectivamente como algo moi importante pola cidadanía galega. Así, no informe do pasado ano salientabamos que o desemprego e a precariedade laboral ocupan o primeiro posto nas preocupacións básicas da sociedade galega para a maioría das persoas entrevistadas (50,8%), por riba da suma do conxunto das outras 16 preocupacións e a moita distancia das que a seguen (a segunda cun 11% e a terceira cun 7,1%).

O desglose por sexos da taxa de paro de Galicia permite observar (no cadro 3.43) que a taxa feminina é máis do dobre que a masculina sempre no último trienio, no que a diferenza foise ampliando cada ano. En 2003 aumentou máis nas mulleres que nos homes (nos que só subiu unha décima), polo que se abriu aínda máis o diferencial entre a taxa de paro das mulleres e a dos homes (ata acadar os dez puntos).

Na comparanza das taxas de desemprego de Galicia e España por sexos, compróbase que no ano 2003 as taxas masculinas son practicamente coincidentes mentres que a feminina de Galicia queda 2,4 puntos por riba da estatal. O diferencial entre as taxas masculina e feminina é nese ano moito maior en Galicia (10 puntos) que no conxunto do Estado (7,7 puntos).

As taxas de paro de cada un dos sexos e grupos de idade presentámolas para Galicia e España no cadro 3.44. Nel destacaremos-los seguintes aspectos relativos ó ano 2003:

■ Globalmente aumentou a taxa de paro en Galicia agás no grupo de idade máis novo. No Estado só subiu a taxa de desemprego no último ano precisamente nese estrato de idade.

■ Na análise galega diferenciada por sexos dentro de cada grupo concreto de idade, vese nese cadro que as taxas de paro son moito maiores nas mulleres en tódolos grupos de idade (con especial intensidade nos dous estratos intermedios).

Taxas de desemprego⁽¹⁾. Por sexo e provincia. Galicia/España. 2001-2003
■ Cadro 3.43

	Taxas de desemprego		
	2001	2002	2003
A Coruña			
Homes	8,4	9,3	8,9
Mulleres	15,2	17,8	19,9
Total	11,2	12,8	13,7
Lugo			
Homes	6,7	6,3	5,7
Mulleres	11,8	13,0	11,3
Total	8,9	9,2	8,1
Ourense			
Homes	5,3	6,5	5,9
Mulleres	13,0	11,2	12,0
Total	8,4	8,5	8,4
Pontevedra			
Homes	8,2	8,2	9,3
Mulleres	18,4	21,2	21,0
Total	12,6	13,7	14,4
Galicia			
Homes	7,7	8,2	8,3
Mulleres	15,6	17,5	18,3
Total	11,0	12,2	12,6
España			
Homes	7,5	8,0	8,2
Mulleres	15,2	16,4	15,9
Total	10,5	11,4	11,3

En medias anuais

(1) A partir do 1º trimestre do ano 2001, os datos reflicten a nova definición do paro (Regulamento 1897/2000 da CE) e, polo tanto, os valores de activos, parados e inactivos non son directamente comparables cos de anos anteriores. Para máis información consulta-lo segundo epígrafe do capítulo 3

Fonte: INE, EPA (os datos de Galicia recollidos de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

Taxas de desemprego⁽¹⁾ por sexo e grupos de idade. Galicia/España. 2001-2003
■ Cadro 3.44

	Galicia			España		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Homes						
de 16 a 19 anos	26,1	27,3	22,6	23,3	24,6	27,3
de 20 a 24 anos	16,3	16,6	17,4	14,5	16,5	17,1
de 25 a 54 anos	6,5	7,1	7,4	6,3	6,8	6,9
de 55 e máis anos	5,4	5,6	4,9	5,3	5,6	5,6
Total	7,7	8,2	8,3	7,5	8,0	8,2
Mulleres						
de 16 a 19 anos	34,3	29,5	33,1	37,4	37,2	40,0
de 20 a 24 anos	33,2	33,8	37,4	24,6	25,2	24,5
de 25 a 54 anos	15,0	17,5	17,4	13,7	15,1	14,8
de 55 e máis anos	4,0	4,2	7,8	7,7	9,2	8,9
Total	15,6	17,5	18,3	15,2	16,4	15,9
Total						
de 16 a 19 anos	28,9	28,1	26,1	28,7	29,2	31,9
de 20 a 24 anos	23,3	23,9	26,3	18,9	20,4	20,4
de 25 a 54 anos	10,1	11,6	11,8	9,3	10,2	10,2
de 55 e máis anos	4,8	5,0	6,0	6,0	6,7	6,6
Total	11,0	12,2	12,6	10,5	11,4	11,3

En medias anuais

(1) A partir do 1º trimestre do ano 2001, os datos reflicten a nova definición do paro (Regulamento 1897/2000 da CE) e, polo tanto, os valores de activos, parados e inactivos non son directamente comparables cos de anos anteriores. Para máis información consulta-lo segundo epígrafe do capítulo 3

Fonte: INE, EPA (os datos de Galicia recollidos de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

3.6.2. Distribución do paro por sexos, provincias, idades e tempo de busca de emprego

O cadro 3.45 presenta as cifras de paro -global e por sexos- das catro provincias galegas no último trienio. Como conclusións principais subliñaremos que no ano 2003:

Poboación parada por sexo e provincia. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.45

	Poboación parada ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña					
Homes	23,7	27,0	26,6	13,8	-1,6
Mulleres	29,8	36,7	45,8	22,8	24,9
Total	53,6	63,7	72,4	18,9	13,6
Lugo					
Homes	6,2	5,6	5,0	-10,7	-9,9
Mulleres	8,3	8,8	7,8	5,9	-11,3
Total	14,5	14,3	12,8	-1,3	-10,7
Ourense					
Homes	4,5	5,6	4,9	23,4	-11,3
Mulleres	7,6	7,0	7,1	-7,8	1,0
Total	12,1	12,6	12,0	3,8	-4,4
Pontevedra					
Homes	19,2	19,6	23,2	2,5	18,0
Mulleres	32,4	38,1	39,4	17,5	3,5
Total	51,6	57,7	62,6	11,9	8,4
Galicia					

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA-2002
 Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

■ Baixou o desemprego nas dúas provincias menos desenvolvidas economicamente (con especial intensidade na de Lugo), mentres que subiu en Pontevedra e, sobre todo, na Coruña.

■ O paro feminino só baixou na provincia de Lugo, mentres que, pola contra, o masculino só subiu en Pontevedra.

A distribución da poboación parada segundo o sexo e grupo de idade que figura para o último trienio no cadro 3.46 permite ás persoas interesadas nunha análise máis polo miúdo do desemprego en Galicia afondar no tema (con datos do ano 2001 adaptados á nova metodoloxía da EPA).

Poboación parada por sexo e grupos de idade. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.46

	Poboación parada ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
Homes					
de 16 a 19 anos	4,2	4,2	3,4	0,5	-19,0
de 20 a 24 anos	10,5	10,3	10,9	-1,6	5,2
de 25 a 54 anos	34,2	38,2	41,0	11,7	7,4
de 55 e máis anos	4,8	5,1	4,4	6,1	-12,4
Total	53,6	57,8	59,7	7,7	3,3
Mulleres					
de 16 a 19 anos	2,9	2,4	2,6	-19,5	8,4
de 20 a 24 anos	15,2	15,4	18,8	1,3	21,8
de 25 a 54 anos	57,4	70,2	73,9	22,3	5,3
de 55 e máis anos	2,6	2,6	4,8	-0,9	86,1
Total	78,1	90,5	100,1	15,9	10,5
Total					
de 16 a 19 anos	7,1	6,6	6,0	-7,7	-9,1
de 20 a 24 anos	25,7	25,7	29,6	0,1	15,2
de 25 a 54 anos	91,6	108,4	114,9	18,3	6,1
de 55 e máis anos	7,4	7,6	9,2	3,6	20,9
Total	131,8	148,3	159,8	12,5	7,7

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA-2002
Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

No cadro 3.47 recollémo-la distribución da poboación desempregada galega no ano 2003 segundo o tempo de busca no emprego. Sobrancearemos que:

■ Subiu especialmente o número de persoas desempregadas que levan máis de seis meses sen atopar emprego (e en cada un deses tres estratos subiu máis dun 10% o desemprego).

■ Aumentaron sobre todo en Galicia os desempregados que levan entre un semestre e un ano buscando emprego (13,9%).

■ Despois da suba do ano 2003 (superior ao 10%) o paro de longa duración afecta xa a 70.600 persoas en Galicia (que representa un 44,2% do total de persoas desempregadas). O paro de longa duración ten moito maior incidencia nas mulleres que nos homes (nos homes é dun 31,7%, 12,5 puntos por baixo da media global sinalada nas liñas anteriores).

Parados por tempos de búsqueda de emprego. Galicia. 2003

■ Cadro 3.47

	2003		
	Poboación en miles	Variación absoluta	% variación
Menos de 6 meses	52,8	1,1	2,1
De 6 a 11 meses	26,7	3,3	13,9
De 1 ano a menos de 2	24,9	2,3	10,2
2 anos ou máis	45,7	4,3	10,4
Xa atopou traballo	9,7	0,5	5,7
Total	159,8	11,5	7,7

Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

3.7. O paro rexistrado

O paro rexistrado é unha fonte alternativa á vista no apartado anterior. Os seus valores para a nosa comunidade autónoma obtéñense do rexistro que a tal efecto existe nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e no Instituto Social de la Marina, onde os parados se poden inscribir para solicitar servizos de intermediación laboral, formación, prestacións, etc.

Para explica-la diferenza entre os datos do paro estimado e os do paro rexistrado hai que ter en conta que o primeiro resulta dunha estimación estatística e o segundo dun rexistro, e neste último caso non tódolos colectivos teñen motivos para inscribirse (por exemplo por ter unha baixa expectativa de acceder ó traballo); ademais varios colectivos de desempregados non son computados como parados, como por exemplo os estudantes de ensino oficial menores de 25 anos (ou ben os que superando esa idade sexan demandantes de primeiro emprego), demandantes de emprego por período inferior a tres meses, demandantes con xornada semanal menor de 20 horas ou traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego. Na EPA, en cambio, considéranse parados a todas as persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego (ou xa atoparon traballo e están á espera de se incorporar).

Tendo en conta as moitas situacións que se inclúen na lexislación que regula cales son as demandas de emprego pendentes nas Oficinas de Emprego que non se consideran incluídas no concepto de paro rexistrado, e dado que os datos de paro homologables por Eurostat son os da EPA, non afondaremos no estudio do paro rexistrado.

O cambio de metodoloxía da EPA no ano 2002 non afecta, obviamente, ó paro rexistrado, pero si que ten a súa repercusión indirecta nas taxas de paro rexistrado, posto que supón un cambio na variable que se toma como denominador (a poboación activa) na fórmula de cálculo desas taxas. Dado que o INE estima que a nova metodoloxía supón unha suba da poboación activa (que para o cuarto trimestre de 2001 calculou en 61.100 persoas en Galicia e de 923.500 persoas no total español), conlevará unhas taxas de paro rexistrado a partir de entón meno-

res das que resultarían coa vella metodoloxía. Cómpre sinalar que o novo goberno manifestou xa a súa vontade de deixar de proporcionar no ano 2004 os datos da taxa de paro rexistrado, dado que resulta mestura de datos rexistrais (número de desempregados) con datos de estimación estatística (poboación activa).

As taxas de paro rexistrado das diferentes provincias galegas no ano 2003 figuran no cadro 3.48, no que se comproba que é máis alta en Pontevedra (que rexistrou tamén nese ano a maior suba do número de desempregados) e máis baixa en Lugo.

Paro rexistrado e taxa de paro. Por provincias. Galicia e España. 2003

■ Cadro 3.48

	Decembro 2003		Variación no ano do nº de desempregados	
	Parados	Taxa de paro	Absoluta	%
A Coruña	66.035	12,28	2.016	3,05
Lugo	16.496	10,80	924	5,60
Ourense	18.439	12,65	225	1,22
Pontevedra	56.367	12,91	3.157	5,60
Galicia	157.337	12,36	6.322	4,20
España	1.711.500	9,04	23.400	1,40

Fonte: Xunta de Galicia (Informe do paro rexistrado) e Inem

As taxas de paro rexistrado de Galicia no ano 2003 por sexos e grupos de idade do cadro 3.49 constatan que nas mulleres case dobra á masculina globalmente (e tamén no grupo dos maiores de 25 anos). A evolución mensual do desemprego e da taxa de paro de Galicia figuran no cadro 3.50.

Paro rexistrado e taxa de paro. Por sexos. Galicia. Decembro 2003

■ Cadro 3.49

	Total		Menores de 25 anos		Maiores de 25 anos	
	Nº parados	Taxa de paro	Nº parados	Taxa de paro	Nº parados	Taxa de paro
Homes	63.593	8,80	10.040	12,35	53.553	8,35
Mulleres	93.744	17,05	13.186	21,30	80.558	16,51

Fonte: Xunta de Galicia, Informe do paro rexistrado

**Paro rexistrado e taxa de paro.
Por meses e media anual. Galicia. 2003**

■ Cadro 3.50

	Persoas desempregadas	Taxa de paro
Xaneiro	155.179	12,69
Febreiro	153.999	12,46
Marzo	152.777	12,36
Abril	146.650	11,67
Maio	142.197	11,32
Xuño	141.544	11,27
Xullo	135.478	10,80
Agosto	134.214	10,69
Setembro	138.005	11,00
Outubro	144.501	11,35
Novembro	149.872	11,77
Decembro	157.337	12,36
Media anual	145.979	11.65

Fonte: Xunta de Galicia, Informe do paro rexistrado

O paro rexistrado aumentou en Galicia no ano 2003 en 6.322 persoas (4,98%), o que supón que un de cada catro novos desempregados de España dese ano son de Galicia.

A distribución sectorial do paro rexistrado de Galicia ao final de 2003 e a súa variación nese ano figura no cadro 3.51, que reflicte que o sector servizos ten máis desempregados (1.745 persoas máis) que a suma dos outros catro apartados do cadro, e desde logo moito máis (29.275 persoas) que os outros tres sectores produtivos xuntos (agro-pesqueiro, industrial e construción). Na variación do último ano, só baixaron os desempregados no colectivo: “sen emprego anterior”, subiu porcentualmente pouco na industria e moito máis nos outros tres sectores.

Paro rexistrado. Por sectores. Galicia. 2003

■ Cadro 3.51

	Parados decembro 2003	Variación no ano	
		Absoluta	%
Agricultura e pesca	3.987	289	7,25
Industria	26.828	364	1,36
Construcción	19.451	1.389	7,14
Servizos	79.541	5.429	6,83
Sen emprego anterior	27.530	-1.149	-4,17

Fonte: Xunta de Galicia, Informe do paro rexistrado

O cadro 3.52 explicita a situación do paro rexistrado por niveis académicos: os niveis de EXB e certificado de estudos primarios concentran case dúas de cada tres persoas desempregadas de Galicia ao final do ano 2003 (65,9%).

Paro rexistrado. Por nivel académico. Galicia. 2003

■ Cadro 3.52

	Parados decembro 2003
Sen estudos	252
Sen certificado de estudos primarios	5.219
Con certificado de estudos primarios	46.067
EXB	57.677
BUP	18.690
FP	13.193
Estudios medios	7.117
Estudios superiores	9.122

Fonte: Xunta de Galicia, Informe do paro rexistrado

Dúas vantaxes do paro rexistrado respecto do paro-EPA ou paro estimado son a posibilidade de estudo mensual e unha maior desagregación espacial dos datos (por comarcas, ou mesmo por concellos). No cadro 3.53 recolleemos o paro rexistrado nas distintas comarcas de Galicia, coa súa correspondente distribución por idades (con detalle por sexos en cada unha delas) e máis por sectores económicos.

■ Cadro 3.53
Paro rexistrado por comarcas. Por idades e sectores económicos. Galicia.2003

Comarcas	Total	Distribución por idades						Distribución por sectores económicos				
		Menores de 25 anos			25 ou máis anos			Agric./gand.	Industria	Construc.	Servizos	Sen emprego
		Global	Homes	Mulleres	Global	Homes	Mulleres					
A Barcala	633	66	30	36	567	317	250	20	64	151	313	85
Muros	875	123	58	65	752	297	455	45	241	158	349	82
Noia	1.956	280	108	172	1.676	695	981	97	396	324	887	252
O Sar	1.125	173	66	107	952	421	531	21	249	171	513	171
Ordes	1.771	260	108	152	1.511	732	779	29	383	358	646	355
Ortegal	829	141	61	80	688	280	408	60	179	103	342	145
Santiago	9.279	1.474	583	891	7.805	3.131	4.674	77	901	1.047	5.015	2.239
Terra de Melide	520	85	33	52	435	205	230	11	87	72	200	150
Terra de Soneira	1.156	162	54	108	994	507	487	47	196	323	411	179
Xallas	1.043	106	53	53	937	529	408	19	151	371	381	121
A Coruña	21.223	2.616	1.275	1.341	18.607	7.504	11.103	289	3.030	2.060	12.671	3.173
Arzúa	852	140	55	85	712	347	365	25	146	161	345	175
Barbanza	4.373	667	221	446	3.706	1.108	2.598	219	1.657	434	1.662	401
Bergantiños	4.728	634	293	341	4.094	1.643	2.451	124	1.412	965	1.697	530
Betanzos	1.784	283	133	150	1.501	645	856	26	262	252	919	325
Eume	1.450	255	117	138	1.195	480	715	27	173	227	702	321
Ferrol	10.749	1.629	684	945	9.120	3.254	5.866	120	1.574	1.301	4.619	3.135
Fisterra	1.689	265	125	140	1.424	612	812	62	229	346	736	316
A Fonsagrada	183	33	13	20	150	85	65	22	26	30	72	33
A Mariña Central	1.155	235	97	138	920	331	589	38	119	154	652	192
A Mariña Occidental	1.373	270	107	163	1.103	379	724	76	105	126	869	197
A Mariña Oriental	681	127	57	70	554	215	339	17	63	102	402	97
A Ulloa	439	74	22	52	365	205	160	20	60	91	217	51
Chantada	691	81	34	47	610	316	294	20	89	134	384	64
Lugo	6.290	955	403	552	5.335	2.130	3.205	80	600	633	3.810	1.167
Meira	216	34	12	22	182	76	106	5	29	13	132	37
Os Ancares	462	69	40	29	393	239	154	22	36	96	265	43
Quiroga	385	55	28	27	330	151	179	34	50	60	179	62
Sarria	1.094	164	75	89	930	423	507	19	132	151	581	211
Terra Chá	1.802	258	121	137	1.544	853	691	34	284	411	848	225
Terra de Lemos	1.725	229	90	139	1.496	681	815	36	175	276	877	361
A Limia	1.485	166	69	97	1.319	586	733	62	213	290	691	229
Allariz-Maceda	656	75	40	35	581	249	332	29	121	119	296	91
Baixa Limia	417	38	21	17	379	207	172	48	44	84	214	27
O Carballiño	1.448	174	80	94	1.274	592	682	27	221	224	709	267
O Ribeiro	871	132	60	72	739	348	391	41	131	115	441	143
Ourense	8.338	1.130	480	650	7.208	2.650	4.558	119	1.154	964	4.573	1.528
Terra de Caldelas	153	29	12	17	124	85	39	8	14	23	84	24
Terra de Celanova	1.134	113	50	63	1.021	523	498	31	174	211	568	150
Terra de Trives	258	20	14	6	238	161	77	6	40	65	120	27
Valdeorras	1.240	188	100	88	1.052	413	639	22	338	157	575	148
Verín	1.946	191	83	108	1.755	749	1.006	54	389	356	817	330
Viana	493	53	34	19	440	249	191	18	40	147	223	65
A Paradanta	679	89	42	47	590	316	274	22	88	156	285	128
Caldas	2.150	388	144	244	1.762	651	1.111	38	484	329	822	477
O Baixo Miño	2.914	578	246	332	2.336	895	1.441	242	525	336	1.280	531
O Condado	2.504	452	160	292	2.052	781	1.271	107	506	314	1.103	474
Deza	1.205	215	91	124	990	422	568	36	200	176	509	284
O Morrazo	4.982	929	425	504	4.053	1.533	2.520	392	806	395	2.631	758
O Salnés	7.609	1.282	473	809	6.327	2.252	4.075	232	1.539	782	3.992	1.064
Pontevedra	6.379	1.057	441	616	5.322	2.099	3.223	161	832	692	3.302	1.392
Taboas-T. de Montes	1.334	246	96	150	1.088	466	622	20	149	249	554	362
Vigo	26.611	3.738	1.723	2.015	22.873	8.535	14.338	531	5.722	2.166	14.056	4.136
Total	157.337	23.226	10.040	13.186	134.111	53.553	80.558	3.987	26.828	19.451	79.541	27.530

Datos de decembro. En miles

Fonte: Xunta de Galicia, Informe do paro rexistrado

3.8. A poboación inactiva

O cadro 3.54 presenta os datos da poboación inactiva de Galicia -con desagregación provincial- para o último trienio (xa corrixido no ano 2001 o efecto do cambio metodolóxico da EPA), así como as porcentaxes de variación do último bienio. Destacarémo-lo seguinte no ano 2003:

■ A poboación inactiva galega presentou (en medias anuais) unha diminución do 3,1%, descenso que foi menor nos homes (2,7%) que nas mulleres (3,4%).

■ A presenza das mulleres na poboación inactiva galega é moito maior que a dos homes, posto que o número de inactivas está un 68% por riba do dos inactivos. O número de inactivas supera amplamente ó de inactivos nas catro provincias, sobranceando especialmente a proporción de Pontevedra (82,6% superior á dos homes).

■ Só na provincia de Ourense subiu a poboación inactiva. A porcentaxe de diminución foi especialmente intensa na Coruña (6,1%).

■ A análise cruzada por provincias e sexos salienta que a maior diminución porcentual deuse entre os inactivos da Coruña e a maior suba entre as mulleres de Ourense.

Poboación inactiva por sexo e provincia. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.54

	Poboación inactiva ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña					
Homes	177,2	175,7	163,7	-0,9	-6,8
Mulleres	306,4	295,2	278,5	-3,7	-5,6
Total	483,6	470,8	442,2	-2,6	-6,1
Lugo					
Homes	61,7	63,6	63,9	3,1	0,6
Mulleres	92,7	97,4	95,2	5,1	-2,2
Total	154,3	160,9	157,1	4,3	-1,1
Ourense					
Homes	61,5	61,4	63,5	-0,1	3,3
Mulleres	97,1	94,5	97,8	-2,7	3,5
Total	158,5	155,9	161,3	-1,7	3,5
Pontevedra					
Homes	130,6	126,8	125,0	-2,9	-1,4
Mulleres	236,3	237,3	228,2	0,4	-3,9
Total	366,9	364,1	353,1	-0,7	-3,0
Galicia					
Homes	430,9	427,4	416,1	-0,8	-2,7
Mulleres	732,4	724,3	699,6	-1,1	-3,4
Total	1.163,3	1.151,8	1.115,7	-1,0	-3,1

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA-2002
Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

O cadro 3.55 presenta os datos da poboación inactiva de Galicia -con desagregación provincial e máis por situacións de inactividade- para o último trienio (xa corrido no ano 2001 o efecto do cambio metodolóxico da EPA), así como as porcentaxes de variación do último bienio. Destacarémo-lo seguinte no ano 2003:

Máis da metade das persoas inactivas galegos están encadradas no grupo de “xubilados e pensionistas” (51,86%), que está uns dez puntos por riba da media española. A nivel provincial, destacan moi por riba da media galega as provincias coa estrutura demográfica máis envellecida: Lugo (60%) e Ourense (55,5%).

Na análise cruzada de situacións de inactividade e provincia, as principais variacións porcentuais foron os descenso de “outra situación” (na Coruña e Lugo) e de “incapacidade permanente” (en Lugo) mentres que a maior suba foi a de “labores de casa” (en Ourense).

Poboación inactiva por situación de inactividade e provincia. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.55

	Poboación inactiva ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
A Coruña					
Estudiantes	101,4	94,4	85,5	-6,9	-9,4
Labores de casa	127,2	121,9	115,1	-4,2	-5,5
Retirados, Xubilados e pensionistas	227,7	224,3	216,0	-1,5	-3,7
Incapacitado permanente	13,7	16,8	17,5	22,3	4,4
Outra situación	13,7	13,6	8,1	-1,1	-40,1
Total	483,6	470,8	442,2	-2,6	-6,1
Lugo					
Estudiantes	24,6	21,7	22,5	-11,6	3,6
Labores de casa	24,0	25,7	25,8	7,1	0,4
Retirados, Xubilados e pensionistas	89,8	96,5	100,0	7,5	3,6
Incapacitado permanente	11,6	13,7	8,9	18,7	-35,0
Outra situación	4,4	3,2	1,9	-26,8	-40,4
Total	154,3	160,9	159,1	4,3	-1,1
Ourense					
Estudiantes	29,0	27,6	24,0	-5,0	-12,9
Labores de casa	31,3	28,6	35,6	-8,7	24,4
Retirados, Xubilados e pensionistas	85,9	86,5	91,9	0,7	6,2
Incapacitado permanente	8,7	9,0	6,9	3,6	-23,6
Outra situación	3,6	4,2	3,0	18,2	-29,8
Total	158,5	155,9	161,3	-1,7	3,5
Pontevedra					
Estudiantes	70,8	71,2	65,0	0,6	-8,8
Labores de casa	95,9	102,3	94,1	6,7	-8,1
Retirados, Xubilados e pensionistas	170,1	164,2	170,8	-3,5	4,0
Incapacitado permanente	14,1	12,8	12,1	-8,7	-6,1
Outra situación	16,0	13,5	11,3	-15,7	-16,5
Total	366,9	364,1	353,1	-0,7	-3,0
Galicia					
Estudiantes	225,8	214,9	196,9	-4,8	-8,4
Labores de casa	278,4	278,6	270,6	0,0	-2,9
Retirados, Xubilados e pensionistas	573,4	571,5	578,6	-0,3	1,2
Incapacitado permanente	48,0	52,3	45,3	9,0	-13,4
Outra situación	37,7	34,5	24,3	-8,5	-29,6
Total	1.163,3	1.151,8	1.115,7	-1,0	-3,1

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA-2002
 Fonte: INE. EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

Como remate do estudo da poboación e o mercado do traballo presentamos no cadro 3.56 a distribución das persoas inactivas de Galicia en catro grupos de idade no último trienio, con desglose por sexos. Sobrancearemos no ano 2003 que:

- Un 62,6% da poboación inactiva galega concéntrase no grupo de idade de 55 ou máis anos. A porcentaxe é maior neste grupo de idade nos homes (66,9%) que nas mulleres (60%).
- Hai máis inactivas que inactivos nos catro grupos de idade. A diferenza é especialmente forte no de 25 a 54 anos (hai máis do triplo de mulleres que de homes), sobre todo polo amplo colectivo de mulleres comprendidas entre estas idades que forman parte da poboación inactiva no colectivo de “traballo da casa”. A menor diferenza dáse no estrato máis novo.

Poboación inactiva por sexo e grupos de idade. Galicia. 2001-2003

■ Cadro 3.56

	Poboación inactiva ⁽¹⁾			% Variación	
	2001	2002	2003	2002	2003
Homes					
de 16 a 19 anos	51,0	48,8	45,4	-4,3	-6,9
de 20 a 24 anos	42,1	41,3	36,4	-1,9	-11,9
de 25 a 54 anos	65,8	62,9	56,1	-4,3	-10,9
de 55 e máis anos	272,0	274,4	278,2	0,9	1,4
Total	430,9	427,4	416,1	-0,8	-2,7
Mulleres					
de 16 a 19 anos	56,9	53,8	50,5	-5,5	-6,0
de 20 a 24 anos	59,5	55,7	46,4	-6,4	-16,6
de 25 a 54 anos	209,4	198,7	182,7	-5,1	-8,1
de 55 e máis anos	406,6	416,1	420,0	2,3	0,9
Total	732,4	724,3	699,6	-1,1	-3,4
Total					
de 16 a 19 anos	107,9	102,5	95,9	-5,0	-6,4
de 20 a 24 anos	101,7	97,0	82,8	-4,6	-14,6
de 25 a 54 anos	275,2	261,7	238,8	-4,9	-8,8
de 55 e máis anos	678,6	690,5	698,2	1,8	1,1
Total	1.163,3	1.151,8	1.115,7	-1,0	-3,1

(1) Datos en miles. Medias anuais. Datos da nova metodoloxía EPA-2002
 Fonte: INE, EPA (recollido de: ige.xunta.es/ga/sociais/traballo/epa)

4.1. Inscripción de empresas e apertura de centros de traballo

Inclúense neste apartado dous datos que, se ben non poden tomarse como reflexo real do número de empresas de Galicia, si poden considerarse como un índice aproximado, aínda que requiren precisións en cada apartado.

4.1.1. Inscripcións de empresas

As cifras que se inclúen non son referidas exactamente ó número de empresas, senón ós códigos de conta de cotización existentes en cada provincia a 31 de decembro de 2003, agás nas cifras relativas ó Réxime Especial do Mar cuxa contabilización corresponde a empresarios independentemente dos códigos ou embarcacións coas que contén. Isto supón que non coinciden, nos demais réximes, as cifras coa consideración de empresas ou centros de traballo, xa que un código pode ter varios centros de traballo e as empresas poden ter varios códigos.

No cadro 4.1, ofrécese o dato estático do número de empresas a 31 de decembro de 2003 que, aínda coas salvidades antes apuntadas, permite extraer algunha conclusión.

Empresas en alta. Por réximes. Galicia. 2002-2003

■ Cadro 4.1


	Réxime Xeral		Réximes especiais						Mar ⁽¹⁾		Total	
			Agrario		Emp. Fogar		Minería	Carbón				
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
A Coruña	36.266	37.205	904	419	3.958	4.013	1	1	940	964	42.069	42.602
Lugo	12.266	12.553	1.988	450	1.027	1.053	0	0	213	212	15.494	14.268
Ourense	11.397	11.442	592	98	1.151	1.155	0	0	0	0	13.140	12.695
Pontevedra	32.514	33.749	828	314	2.814	2.841	0	0	1.787 ⁽²⁾	1.822 ⁽²⁾	37.943	38.726
Galicia	92.443	94.949	4.312	1.281	8.950	9.062	1	1	2.940	2.998	108.646	108.291

Elaboración propia

(1) As cifras deste réxime corresponden a empresarios independentemente dos códigos conta de cotización que teñan

(2) Inclúe as empresas dependentes do ISM-Dirección Provincial de Vilagarcía-das que parte corresponden á Coruña. Tódolos datos a 31 de decembro

Fontes: Tesourería Xeral da Seguridade Social e Instituto Social da Mariña



Obsérvase que no ano 2003, agás no réxime especial agrario que experimenta un considerable descenso, increméntanse as cifras de empresas en alta, reflectíndose globalmente unha cifra similar á do ano anterior.

Nos cadros 4.2 e 4.3, con datos extraídos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e referido ó Réxime Xeral, agrúpase nunha única conta de cotización á Seguridade Social a un colectivo de traballadores pertencentes a unha mesma empresa que desenvolven a súa actividade laboral nunha mesma provincia e que teñen características homoxéneas fronte á cotización, agrupando nunha única unidade –empresa- a tódalas contas co mesmo Número de Identificación Fiscal. O tamaño de cada empresa obtívose en función do número de traballadores da empresa en cada

unidade territorial, independentemente do tamaño da empresa a nivel nacional. Agrúpanse así mesmo por tamaño das empresas e segundo o tipo destas podéndose observar nas cifras o importante número de empresas de pequeno tamaño, que supón que o 87,13% das empresas teñen menos de 10 traballadores, e a ocupación elevada de traballadores en empresas cuxa titularidade corresponde a persoas xurídicas.

■ **Cadro 4.2** **Empresas. Por tamaño e provincia de radicación dos seus centros de traballo. Réxime Xeral. Galicia. 2003**

	De 1 a 2 trab.	De 3 a 5 trab.	De 6 a 9 trab.	De 10 a 25 trab.	De 26 a 49 trab.	De 50 a 249 trab.	De 250 a 499 trab.	De 500 a 999 trab.	1000 e máis trab.	Total
A Coruña	17.896	7.313	3.059	2.940	870	618	53	28	12	32.789
Lugo	6.503	2.456	992	815	217	124	9	5	3	11.124
Ourense	5.671	2.142	898	796	201	141	13	6	2	9.870
Pontevedra	15.687	6.811	2.916	2.702	838	489	42	13	11	29.509
Galicia	44.413	17.911	7.556	6.804	2.004	1.320	101	56	39	80.204

A suma do número de empresas por provincia non coincide necesariamente co total de Galicia, por canto unha mesma empresa pode ter centros de traballo en máis dunha provincia

Datos a 31 de decembro

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Anuario 2003

Empresas e traballadores segundo tipo de empresa. Por provincias. Galicia. 2003

■ **Cadro 4.3**

	Empresas			Traballadores(en miles)		
	Persoa física	Persoa xurídica	Total	Persoa física	Persoa xurídica	Total
A Coruña	13.270	19.507	32.789	28,7	251,8	280,5
Lugo	5.195	5.927	11.124	10,9	60,8	71,7
Ourense	4.121	5.749	9.870	8,5	60,6	69,2
Pontevedra	10.872	18.636	29.509	22,8	215,5	238,4
Galicia	33.322	46.867	80.204	71,0	588,8	659,8

A suma do número de empresas por provincia non coincide necesariamente co total de Galicia, por canto unha mesma empresa pode ter centros de traballo en máis dunha provincia

Datos a 31 de decembro de 2003

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Anuario 2003

4.1.2. Apertura de centros de traballo

Inclúense os cadros 4.4 e 4.5 relativos ás comunicacións de aperturas de centros de traballo, na súa acepción laboral, como unidade produtiva con organización específica que, polo tanto, non poden ser tomados conceptualmente como empresas, xa que estas poden ter un ou varios centros de traballo. Por outra banda, a falta de comunicación dos cesamentos dos centros de traballo, unha vez amortizados os cadros de persoal, impiden coñecerlo dato máis preciso do total neto de centros de traballo creados nun período. En consecuencia, estas cifras refírense a aquelas comunicacións de apertura de centros de traballo que, con carácter preceptivo, realizan as empresas.

Cadro 4.4
Aperturas de centros de traballo. Galicia. 2003

Actividade CNAE 93	Datos do centro de traballo					Traballadores ocupados		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
A	139	2	0	0	141	317	96	413
B	25	4	0	3	32	94	19	113
C	18	0	0	2	20	48	7	55
D	554	20	5	60	639	1.657	750	2.407
E	26	0	0	3	29	73	10	83
F	6.038	131	11	87	6.267	39.274	757	40.031
G	2.581	80	14	135	2.810	2.073	2.833	4.906
H	1.341	107	6	22	1.476	716	1.313	2.029
I	331	11	1	33	376	791	158	949
J	167	7	0	40	214	243	219	462
K	971	31	9	94	1.105	1.178	1.013	2.191
L	5	0	0	1	6	79	106	185
M	135	3	0	2	140	248	345	593
N	205	1	1	13	220	124	265	389
O	529	32	1	33	595	392	660	1.052
P	9	0	0	0	9	2	6	8
Total	13.074	429	48	528	14.079	47.309	8.557	55.866

Códigos da rama de actividade económica segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 93)

A Agricultura, gandería, caza e silvicultura

B Pesca

C Industrias extractivas

D Industrias manufactureiras

E Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga

F Construción

G Comercio: reparación de vehículos de motor, motocicletas, ciclomotores, artigos persoais e de uso doméstico

H Hostalería

I Transporte, almacenamento e comunicacións

J Intermediación financeira

K Actividades inmobiliarias e de aluguer: servizos empresariais

L Administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria

M Educación

N Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais

O Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade: servizos persoais

P Fogares que empregan persoal doméstico

Q Organismos extraterritoriais

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

Sen extraer conclusións, dado o aleatorio das cifras, podemos observar que, en 2003, o sector de construción é o que maior número de centros de traballo abre, supoñendo máis do 40% do total, e, con gran diferenza, o que reflicte máis traballadores ocupados, coas reservas con que debe ser tomado este dato, xa que as obras sucesivas provocan unha repetición na contabilización dos produtores. Desglósase a continuación por actividades económicas e provincias.

■ Cadro 4.5

Aperturas de centros de traballo. Por provincias. Galicia. 2003

A Coruña Actividade	Datos do centro de traballo					Traballadores ocupados		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
A	32	0	0	0	32	61	25	86
B	13	4	0	2	19	75	8	83
C	2	0	0	0	2	6	7	13
D	209	12	1	26	248	860	332	1.192
E	12	0	0	1	13	38	3	41
F	2.564	92	7	53	2.716	17.125	271	17.396
G	862	34	6	56	958	791	931	1.722
H	470	35	2	8	515	304	491	795
I	117	3	0	12	132	257	52	309
J	60	6	0	16	82	108	99	207
K	395	21	4	45	465	660	503	1.163
L	2	0	0	0	2	25	45	70
M	43	1	0	1	45	24	124	148
N	83	0	0	5	88	55	142	197
O	216	17	0	12	245	126	263	389
P	0	0	0	0	0	0	0	0
Q	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	5.080	225	20	237	5.562	20.515	3.296	23.811

Lugo Actividade	Datos do centro de traballo					Traballadores ocupados		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
A	59	1	0	0	60	148	32	180
B	1	0	0	1	2	13	6	19
C	1	0	0	0	1	3	0	3
D	79	4	0	6	89	251	85	336
E	11	0	0	0	11	26	7	33
F	959	16	1	2	978	7.400	346	7.746
G	306	10	4	10	330	215	242	457
H	163	13	1	5	182	88	176	264
I	59	2	0	1	62	46	18	64
J	15	0	0	1	16	11	9	20
K	72	2	0	3	77	70	66	136
L	1	0	0	0	1	15	15	30
M	36	1	0	0	37	201	177	378
N	29	0	0	0	29	18	21	39
O	50	3	0	2	55	17	45	62
P	0	0	0	0	0	0	0	0
Q	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	1.841	52	6	31	1.930	8.522	1.245	9.767

Ourense Actividade	Datos do centro de traballo					Traballadores ocupados		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
A	14	0	0	0	14	59	5	64
B	0	0	0	0	0	0	0	0
C	4	0	0	0	4	12	0	12
D	30	1	0	3	34	55	8	63
E	1	0	0	0	1	1	0	1
F	556	6	1	2	565	3.517	16	3.533
G	137	4	0	5	146	107	149	256
H	78	8	0	0	86	49	83	132
I	10	0	0	0	10	8	4	12
J	20	0	0	7	27	31	29	60
K	59	0	0	3	62	42	39	81
L	1	0	0	0	1	11	25	36
M	9	0	0	0	9	0	5	5
N	10	0	0	1	11	6	11	17
O	42	1	0	0	43	22	27	49
P	0	0	0	0	0	0	0	0
Q	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	971	20	1	21	1.013	3.920	401	4.321

Pontevedra Actividade	Datos do centro de traballo					Traballadores ocupados		
	De nova creación	Reanudación de actividade	Cambio de actividade	Traslado	Total	Homes	Mulleres	Total
A	34	1	0	0	35	49	34	83
B	11	0	0	0	11	6	5	11
C	11	0	0	2	13	27	0	27
D	236	3	4	25	268	491	325	816
E	2	0	0	2	4	8	0	8
F	1.959	17	2	30	2.008	11.232	124	11.356
G	1.276	32	4	64	1.376	960	1.511	2.471
H	630	51	3	9	693	275	563	838
I	145	6	1	20	172	480	84	564
J	72	1	0	16	89	93	82	175
K	445	8	5	43	501	406	405	811
L	1	0	0	1	2	28	21	49
M	47	1	0	1	49	23	39	62
N	83	1	1	7	92	45	91	136
O	221	11	1	19	252	227	325	552
P	9	0	0	0	9	2	6	8
Q	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	5.182	132	21	239	5.574	14.352	3.615	17.967

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

■ Cadro 4.5a

Táboa de centros de traballo rexistrados por CNAE

Act. CNAE 93	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
01A Agricultura, gandería, caza	19	40	6	29	94
02A Silvicultura e explotación forestal	13	20	8	6	47
05B Pesca e acuicultura	19	2	0	11	32
11C canalización do gas	2	0	0	0	2
14C Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	0	1	4	13	18
15D Industria de produtos alimenticios e bebidas	30	22	7	28	87
17D Industria téxtil	4	1	1	3	9
18D Industria da confección e da peletería	29	4	2	22	57
19D Preparación, curtido e acabado do coiro; marroquinería	1	1	0	0	2
20D Industria da madeira e da cortiza, agás mobles	40	9	4	9	62
21D Industria do papel	0	0	1	1	2
22D Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	29	7	5	31	72
24D Industria química	6	0	1	4	11
25D Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	1	0	0	6	7
26D Fabricación de produtos de minerais non metálicos	15	9	2	16	42
27D Metalurxia	15	1	0	2	18
28D Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	28	17	5	42	92
29D Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	9	0	1	24	34
30D Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	2	0	0	0	2
31D Fabricación de maquinaria e material eléctrico	4	2	0	3	9
32D Fabricación de material electrónico	0	1	0	2	3
33D Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos,	0	0	1	1	2
34D Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1	0	0	2	3
35D Fabricación doutro material de transporte	10	1	0	18	29
36D Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	19	14	4	52	89
37D Reciclaxe	5	0	0	2	7
40E Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor	11	10	1	4	26
41E Captación, depuración e distribución de auga	2	1	0	0	3
45F Construción	2.716	978	565	2.008	6.267
50G Venda, mantemento e reparación de equipos de motor	66	36	11	97	210
51G Comercio por xunto e intermediarios do comercio	172	56	15	283	526
52G Comercio polo miúdo, agás vehículos de motor	720	238	120	996	2.074
55H Hostalería	515	182	86	693	1.476
60I Transporte terrestre, transporte por tubos	97	54	8	116	275
61I Transporte marítimo, de cabotaxe e por navegación interior	2	0	0	1	3
63I Actividades anexas aos transportes; axencias de viaxes	28	6	2	51	87
64I Correos e telecomunicacións	5	2	0	4	11
65J Intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	48	6	16	31	101
66J Seguros e plans de pensións, agás seguridade social	29	10	11	10	60
67J Actividades auxiliares á intermediación financeira	5	0	0	48	53
70K Actividades inmobiliarias	139	10	24	147	320
71K Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario	9	5	3	31	48
72K Actividades informáticas	19	0	5	32	56
73K Investigación e desenvolvemento	1	0	0	0	1
74K Outras actividades empresariais	297	62	30	291	680
75L Amón. Pública, defensa e seguridade social obrigatoria	2	1	1	2	6
80M Educación	45	37	9	49	140
85N Sanidade	88	29	11	92	220
900 Actividades de saneamento público	11	0	1	6	18
910 Actividades asociativas	31	4	1	21	57
920 Actividades recreativas, culturais e deportivas	62	19	9	90	180
930 Actividades diversas de servizos persoais	141	32	32	135	340
95P Fogares que empregan persoal doméstico	0	0	0	9	9
Galicia	5.562	1.930	1.013	5.574	14.079

Fonte: INE. DIRCE

Cadro 4.5b

Táboa de traballadores por CNAE

Act. CNAE 93	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
01A Agricultura, gandería, caza	56	124	11	76	267
02A Silvicultura e explotación forestal	30	56	53	7	146
05B Pesca e acuicultura	83	19	0	11	113
11C canalización do gas	13	0	0	0	13
14C Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	0	3	12	27	42
15D Industria de produtos alimenticios e bebidas	113	195	7	244	559
17D Industria téxtil	73	1	1	7	82
18D Industria da confección e da peletería	132	22	3	66	223
19D Preparación, curtido e acabado do coiro; marroquinería	1	1	0	0	2
20D Industria da madeira e da cortiza, agás mobles	77	20	7	32	136
21D Industria do papel	0	0	5	14	19
22D Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	81	5	6	22	114
24D Industria química	3	0	3	19	25
25D Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	0	0	0	27	27
26D Fabricación de produtos de minerais non metálicos	52	17	2	48	119
27D Metalurxia	70	0	0	3	73
28D Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	359	36	9	85	489
29D Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	37	0	4	47	88
30D Fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	4	0	0	0	4
31D Fabricación de maquinaria e material eléctrico	13	3	0	9	25
32D Fabricación de material electrónico	0	2	0	1	3
33D Fabricación de equipo e instrumentos médico-cirúrxicos,	0	0	0	0	0
34D Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	16	0	0	16	32
35D Fabricación doutro material de transporte	36	10	0	92	138
36D Fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	56	24	16	67	163
37D Reciclaxe	69	0	0	17	86
40E Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas, vapor	34	29	1	8	72
41E Captación, depuración e distribución de auga	7	4	0	0	11
45F Construción	17.396	7.746	3.533	11.356	40.031
50G Venda, mantemento e reparación de equipos de motor	174	84	24	284	566
51G Comercio por xunto e intermediarios do comercio	361	72	46	319	798
52G Comercio polo miúdo, agás vehículos de motor	1.187	301	186	1.868	3.542
55H Hostalería	795	264	132	838	2.029
60I Transporte terrestre, transporte por tubos	213	52	7	261	533
61I Transporte marítimo, de cabotaxe e por navegación interior	15	0	0	2	17
F. Técnicos e profesionais de apoio	27.861	4.256	2.492	14.532	49.141	672.454
G. Empregados de tipo administrativo	28.634	5.804	3.861	23.219	61.518	1.299.784
H. Traballadores do servizo de restauración e servizos persoais	30.427	11.345	6.220	26.424	74.416	1.570.605
J. Traballadores dos servizos de protección e seguridade	2.046	677	814	2.068	5.605	86.704
K. Dependentes de comercio e asimilados	36.685	3.289	4.187	17.170	61.331	895.339
L. Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	3.081	1.488	966	5.621	11.156	1.085.665
M. Traballadores cualificados na construción	27.898	5.352	4.935	22.683	60.868	1.359.743
N. Traballadores cualificados das industrias extractivas, metalúrxica, const. maquinaria e asimilados	12.565	1.546	1.389	8.906	24.406	288.284
P. Trab. cualificados de artes gráficas, téxtil e confección, elab. alimentos, ebanistas, artesáns e asimilados	8.196	1.311	734	11.335	21.576	195.843
Q. Operadores de instalacións industriais de maquinaria fixa, montadores e ensambladores	15.525	490	3.061	8.671	27.747	234.389
R. Condutores e operadores de maquinaria móbil	15.678	3.885	3.146	24.964	47.673	579.162
S. Traballadores non cualificados en servizos, excepto transportes	23.162	4.722	3.719	16.844	48.447	1.308.492
T. Peóns de agricultura, pesca, construción, industria manufacturera	56.579	11.769	10.983	70.779	150.110	3.806.873
U. Forzas armadas	2	0	0	1	3	37
Total	310.890	71.452	50.587	281.952	714.881	14.114.240

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003

Cadro 5.5

Contratos por actividade económica e provincias. Galicia/España. 2003

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
A. Agricultura, gandería, caza e silvicultura	2.056	1.848	1.344	3.373	8.621	1.726.163
B. Pesca	3.400	912		5.998	10.310	23.505
C. Industrias extractivas	180	484	1.860	744	3.268	17.382
D. Industria manufacturera	38.807	4.253	6.016	37.640	86.716	1.135.196
E. Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	490	15	133	128	766	17.822
F. Construción	44.211	7.608	8.033	32.344	92.196	2.185.473
G. Comercio, rep. de vehíc. de motor, motocicletas e ciclomoteres e art. persoais	47.591	6.673	6.821	29.323	90.408	1.462.846
H. Hostalería	16.860	6.458	4.115	22.824	50.257	1.242.268
I. Transporte, almacenamento e comunicacións	20.141	3.738	1.402	39.788	65.069	679.848
J. Intermediación financeira	1.327	235	170	1.122	2.854	63.981
K. Actividades inmobiliarias	75.158	8.842	9.112	54.786	147.898	3.343.695
L. Administración Pública, defensa e seguridade social obrigatoria	11.169	5.664	2.389	8.027	27.249	467.788
M. Ensino	5.944	1.394	1.983	6.618	15.939	319.867
N. Actividades sanitarias e veterinarias. Servizos sociais	11.756	18.583	3.217	23.326	56.882	636.506
O. Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade	31.646	4.703	3.963	15.628	55.940	772.805
P. Fogares que empregan persoal doméstico	153	42	29	280	504	18.751
Q. Organismos extrateritoriais	1	0	0	3	4	344
Total	310.890	71.452	50.587	281.952	714.881	14.114.240

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003

5.2. Modalidades contractuais

A continuación examinaremos-lo comportamento dos contratos máis importantes, segundo o sector da actividade económica e sexo e idade dos contratados, duración dos contratos e tipo de xornada contratada.

5.2.1. Contrato eventual

O obxecto do contrato eventual é atender esixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, aínda tratándose da actividade normal da empresa (arts. 15.1.b) ET e 3.1 Rd 2720/1998).

En numerosas ocasións o Tribunal Supremo admitiu que a insuficiencia de cadro de persoal xustifica un contrato eventual (por todas, STS, ud, do 15 de febreiro de 1995). Esta doutrina cambiou, sen embargo, recentemente (por todas, SSTS, ud., do 26 de outubro de 1999 ou do 31 de maio de 2000).

Por **convenio colectivo** poderanse determinar as actividades nas que se poden contratar traballadores eventuais (art. 15.1.b) ET).

Neste sentido, cabe matizar que non é posible que a negociación colectiva cree formas de contratación temporal novas, distintas das legais, coa escusa da identificación das tarefas eventuais. Así, será ilegal a creación convencional da figura do “contrato eventual discontinuo” (SSTS do 17 e 21 de decembro de 2001).

Por convenio colectivo poderanse fixa-los criterios xerais respecto da axeitada relación entre o volume desta modalidade contractual e o cadro de persoal total da empresa (art. 15.1.b) ET), procedendo á súa limitación numérica.

Os contratos eventuais deberán formalizarse **por escrito** cando a súa duración sexa superior a catro semanas ou se concerten a tempo parcial (arts. 8.2 ET e 6.1 Rd 2720/1998). Non existe modelo oficial obrigatorio, se ben o INEM proporciona periodicamente modelos non oficiais de contrato.

Nos contratos eventuais deberán constar, entre outros extremos (arts. 3.2.a) e 6.1. Rd 2720/1998):

- a) A causa ou circunstancia que o xustifique, que deberá ser específica e referida a realidades fácticas concretas (por todas, STS do 5 de maio de 1997), non bastando cunha reprodución literal do art. 15.1.b) ET (STS, ud, do 18 de novembro de 1998).
- b) O tempo da súa vixencia.
- c) O traballo a desenvolver.

Os contratos eventuais poderán celebrarse a tempo completo ou a tempo parcial (art. 5.1 Rd 2720/1998).

A duración máxima deste contrato será de 6 meses dentro dun período de 12 meses. O período de 12 meses computará a partir da data na que se produza a causa ou circunstancia que xustifique a súa utilización, isto é, a eventualidade (arts. 15.1.b) ET e 3.2.b) Rd 2720/1998).

Por convenio colectivo sectorial estatal e, no seu defecto, por convenio colectivo sectorial de ámbito inferior (nunca por convenio colectivo de empresa), poderán modificarse a duración máxima destes contratos ou o período dentro do cal se poden concertar, debendo vir xustificada tal modificación “en atención ó carácter estacional da actividade na que se poden producir circunstancias sinaladas”. En tal suposto, o período máximo será de 18 meses, non podendo superar a duración do contrato as tres cuartas partes do período de referencia que se estableza nin, como máximo, doce meses (arts. 15.1.b, ET).


No caso de que se concertase o contrato por un prazo inferior ó máximo legal ou convencionalmente establecido, poderá ser prorrogado mediante acordo das partes, por unha soa vez, sen que a duración total poida exceder de dita duración máxima (art. 15.1.b) ET).

Esta modalidade contractual sitúase por primeira vez como o contrato máis utilizado, representa o 38,46% do total de contratos (cadro 5.6). Subscribíronse 274.962 (2002: 262.835), é dicir realizáronse 12.127 contratos máis que no ano precedente (un 4,61% máis). Utilízase de xeito predominante no sector servizos (81,83%), séguelle a industria (11,47%), a construción (5,75%) e tan só representa un 0,94% na agricultura. Por sexo (cadro 5.8) as distancias van diminuindo ata contratarse un 52% con homes e un 48% con mulleres. Respecto ós grupos de idade (cadro 5.6), o 80,24% no caso dos homes e un 84,77% no das mulleres esta modalidade materialízase con menores de 39 anos. Vai descendendo a un 8,27 e 6,70% respectivamente no grupo de idades de 40 a 44, e pasa a ser do 11,48% e 8,25% tamén respectivamente no amplo grupo de idade de maiores de 45 anos.

■ **Cadro 5.6** **Contratos de eventuais por circunstancias da produción. Segundo sexo, idade e provincias. Galicia. 2003**

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	19.662	14.190	14.672	5.014	7.170	26.327	15.946	12.343	3.412	5.053	123.789
Lugo	3.651	2.017	2.131	692	1.010	2.683	2.208	2.417	791	917	18.517
Ourense	2.925	2.000	2.127	706	877	2.760	2.397	2.416	916	931	18.055
Pontevedra	22.766	13.926	14.631	5.422	7.350	16.926	12.857	12.514	3.723	4.486	114.601
Galicia	49.004	32.133	33.561	11.834	16.407	48.696	33.408	29.690	8.842	11.387	274.962

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003



O cadro 5.7 amósanos o comportamento deste contrato en función da súa duración. Un 41,48% non supera o mes, entre un mes e tres está un 29,51% e alcanzan os seis meses o 25,04%. É o contrato tipo máis empregado, as súas notas, alto número combinado coa súa escasa duración refírennos un contrato de natureza coñecidamente precaria. A superación de seis meses na súa duración require a previa habilitación nun convenio colectivo sectorial, a porcentaxe do 3,80% dos que superan este límite temporal en 2003, resulta expresivo da escasa introdución desta posibilidade na negociación colectiva.

**Contratos de eventuais por circunstancias da produción.
Por duración e provincias. Galicia. 2003**

■ Cadro 5.7

	Duración				Total
	<= 1 mes	>1a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 meses	
A Coruña	56.268	33.463	30.307	3.751	123.789
Lugo	5.602	6.284	5.605	1.026	18.517
Ourense	4.526	5.875	6.848	806	18.055
Pontevedra	48.106	35.527	26.132	4.836	114.601
Galicia	114.502	81.149	68.892	10.419	274.962

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003

A variable xornada (cadro 5.8: completa ou parcial) amosa en datos que a eventualidade anóase, sen introduci-la diferenciación por sexo, nun 72,46% de veces a xornada completa e un 27,54% a tempo parcial. Porcentaxes que se ven modificadas cando se introduce a variable sexo, de novo no caso das mulleres, a contratación a tempo parcial representa o 40,11%, que contrasta o mesmo dato para os homes (15,93%; coherentemente o contrato eventual a tempo completo representa o 84,07% dos realizados con homes e o 59,88% coas mulleres.

A variable tempo parcial introduce un incremento porcentual invariablemente, con calquera modalidade contractual, cando se celebran con mulleres.

■ Cadro 5.8

**Contratos eventuais por circunstancias da produción.
Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia. 2003**

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	60.708	11.394	49.314	63.081	28.392	34.689	123.789	39.786	84.003
Lugo	9.501	1.416	8.085	9.016	3.025	5.991	18.517	4.441	14.076
Ourense	8.635	1.247	7.388	9.420	3.176	6.244	18.055	4.423	13.632
Pontevedra	64.095	8.711	55.384	50.506	18.362	32.144	114.601	27.073	87.528
Galicia	142.939	22.768	120.171	132.023	52.955	79.068	274.962	75.723	199.239

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003

5.2.2. Obra ou servizo determinado

O obxecto deste contrato é a realización de obras ou servizos determinados con autonomía e substantividade propias dentro da actividade normal da empresa e cuxa execución, aínda que limitada no tempo, é en principio de duración incerta (arts. 15.1.a) ET e 2.1 Rd 2720/1998).

A obra ou servizo determinado obxecto deste contrato temporal non ten por qué corresponderse con actividades anormais da empresa, podendo tratarse de actividades normais (por todas, STS do 26 de maio de 1997). Neste último caso, para ter **“autonomía e substantividade propia”**, a obra ou servizo non deberá inserirse nun ciclo produtivo constante e permanente da empresa, senón nunha

actividade que teña unha vida separable desa actividade permanente, isto é, que se trate de “unha tarefa mensurable, concreta e identificable no espazo” ou de “unha acción que se consuma e conclúa na súa total realización”.


Os **convenios colectivos estatutarios sectoriais estatais e de ámbito inferior, incluídos os de empresa**, poderán identifica-los traballos ou tarefas que poden cubrirse con esta modalidade contractual, debendo estar en tal caso ó disposto no mesmo (arts.15.1.a) ET e 2.1 Rd 2720/1998).

■ Cadro 5.9

Contratos de obra ou servizo. Por sexo, idade e provincia. Galicia. 2003

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	22.586	17.890	19.931	6.839	12.110	12.604	12.511	13.324	4.563	5.924	128.282
Lugo	3.790	2.875	3.352	1.341	2.617	1.579	1.513	1.807	551	631	20.056
Ourense	4.054	2.605	3.720	1.411	2.949	1.717	1.538	1.768	585	720	21.067
Pontevedra	19.188	13.604	17.783	6.132	10.301	8.100	8.620	10.874	4.161	4.941	103.704
Galicia	49.618	36.974	44.786	15.723	27.977	24.000	24.182	27.773	9.860	12.216	273.109

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003



A remisión legal ós convenios colectivos da liberdade ás partes negociadoras para concreta-las posibilidades de contratación, pero sempre que se trate de verdadeiras e propias obras ou servizos con autonomía e substantividade propias dentro da actividade da empresa, sendo en caso contrario ilegais os convenios colectivos, xa que “a determinación dos supostos de contratación temporal e os seus requisitos... constitúe un núcleo de dereito necesario indispoñible para as partes”

O contrato de obra ou servizo determinado deberá formalizarse sempre **por escrito** (arts. 8.2 ET e 6.1 Rd 2720/1998). Non hai un modelo oficial obrigatorio, se ben o INEM proporciona periodicamente modelos non oficiais de contrato.

Nestes contratos deberán constar, entre outros extremos (arts. 2.2.a) e 6.1 Rd 2720/1998):

- O carácter da contratación.
- O tempo da súa vixencia.
- O traballo a desenvolver.

d) A identificación suficiente da obra ou servizo que constituía o seu obxecto, non valendo referencias xenéricas. O contrato de obra ou servizo determinado poderá celebrarse **a tempo completo ou a tempo parcial** (arts. 5.1 Rd 2720/1998).

A duración do contrato de obra ou servizo determinado será a do tempo esixido para a realización da obra ou servizo (art. 2.2.b) Rd 2720/1998).

No contrato poderá sinalarse unha data de finalización do contrato, pese á dicción legal (“duración incerta”), se ben deberá ceder en favor da data de finalización da obra ou servizo contratado no caso de que ámbalas datas non coincidan (STS do 28 de decembro de 1993).

Os traballadores terán os mesmos dereitos e obrigas que nos contratos por tempo indefinido (art. 15.5 ET).

Por isto, serán **discriminatorias** e atentatorias dos arts. 4.2.c) e 17.1 ET as cláusulas convencionais que exclúsen ós contratos temporais do seu ámbito de aplicación (por todas, STC 136/1987, do 22 de xullo) e, en xeral, as que establezan diferenzas nas condicións de traballo ou retributivas (STC 177/1993, do 31 de maio).

Os traballadores temporais teñen dereito a que o empresario lles informe da existencia de postos de traballo vacantes, mediante anuncio público nun lugar axeitado da empresa ou centro de traballo ou mediante outros medios previstos na negociación colectiva que aseguren a transmisión da información (art. 15.7 ET).

No ano 2003 realizáronse 273.109 (en 2002, 268.773) contratos desta modalidade, o que representa, un 38,20% do total de contratos rexistrados. Primeiro ano no que esta modalidade de contrato se ve superada polo contrato eventual, perdendo unha hexemonía que se mantiña en Galicia, cando a modalidade eventual ganara xa a primeira posición no total de España nos últimos anos. En todo caso celebráronse tan só 4.336 contratos máis que o ano anterior, desacelerando o crecemento no uso desta modalidade que caracterizou os últimos anos.

A maior parte do total de contratos da obra ou servizo determinado realízase en tres sectores de actividade económica (cadro 5.3), por porcentaxe de uso, o sector servizos (53,54%), o sector da construción (24,84%) e o sector industrial (17,39%). O seu uso no sector agrario representa o 4,22%.

Esta modalidade contractual contrátase en 64,10 % de veces con homes e un 35,90% con mulleres. A maior porcentaxe relativa de contratación de homes realízase nun 75,11% cos grupos de idade inferior á de 39 anos. O grupo de 40 a 44 anos de idade é contratado un 8,98% de veces e un 16% con maiores de 45 anos. O mesmo valor relativo á contratación de mulleres segundo idade, realízase nun 77,48% cos grupos de idades inferior á de 39 anos. O grupo de 40 a 44 anos de idade é contratado un 10,05% de veces e un 12,46% con maiores de 45 anos.

En canto á variable segundo duración desta modalidade contractual (5.10) é incerta ou indeterminada nun 85,43% dos casos. Nun 14,35% de casos non superan un ano de duración.

En canto á variable tipo de xornada contratada (cadro 5.11: completa ou parcial) vinculada a esta modalidade contractual, a porcentaxe asociada representa que un 80,14% de veces celébranse a xornada completa e un 19,85% a tempo parcial. Ditas porcentaxes varían cando os asociamos á variable sexo, así nos homes repre-

senta respectivamente o 87,32% (xornada completa) e 12,68% (xornada parcial), o que en mulleres, representa tamén respectivamente o 67,35% (xornada completa) e 32,65% (xornada parcial). A xornada parcial asociada ós distintos contratos altera porcentualmente a xeral preponderancia masculina que caracteriza a contratación nos seus totais.

Mención aparte facemos do uso desta modalidade no entorno das ETT.

■ Cadro 5.10

Contratos de obra ou servizo. Por duración e provincia. Galicia. 2003

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminada	
A Coruña	3.432	683	1.120	3.213	2.056	2.479	68	51	81	115.099	128.282
Lugo	636	148	360	1.177	812	648	18	10	31	16.216	20.056
Ourense	947	121	331	932	712	606	27	4	6	17.381	21.067
Pontevedra	10.437	733	1.042	2.313	2.064	2.203	83	28	174	84.627	103.704
Galicia	15.452	1.685	2.853	7.635	5.644	5.936	196	93	292	233.323	273.109

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003

■ Cadro 5.11

Contratos por obra ou servizo. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. Decembro 2003

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	79.356	11.948	67.408	48.926	17.174	31.752	128.282	29.122	99.160
Lugo	13.975	1.832	12.143	6.081	2.670	3.411	20.056	4.502	15.554
Ourense	14.739	1.354	13.385	6.328	1.829	4.499	21.067	3.183	17.884
Pontevedra	67.008	7.070	59.938	36.696	10.337	26.359	103.704	17.407	86.297
Galicia	175.078	22.204	152.874	98.031	32.010	66.021	273.109	54.214	218.895

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003

5.2.3. Contrato de interinidade

Existen dúas modalidades de contrato de interinidade:

a) O contrato de substitución: Ten por obxecto a substitución dun traballador ausente da empresa con dereito a reserva de praza en virtude de norma, convenio colectivo ou contrato individual (arts. 15.1.c) ET e 4.1 Rd 2720/1998).

b) O contrato de ocupación de vacante: Ten por obxecto cubrir temporalmente un posto de traballo vacante durante o proceso de selección ou de promoción para a súa cobertura definitiva (3. Formart. 4.1 Rd 2720/1998).

Os contratos de interinidade deberán formalizarse **por escrito** (art. 6.1 Rd 2720/1998). Non existe modelo oficial obrigatorio, se ben o INEM proporciona periodicamente modelos non oficiais de contrato. Nos contratos de interinidade deberán figurar, entre outros extremos (arts. 4.2.a) e 6.1 Rd 2720/1998):

- a) O carácter da contratación.
- b) O tempo da súa vixencia.
- c) O traballo a desenvolver.

A identificación do traballador substituído e a causa da substitución, indicando se o posto a desempeñar será o do traballador substituído ou o de outro traballador da empresa que pase a desempeñar o posto de aquel (no contrato de substitución) ou a identificación do posto de traballo cuxa cobertura definitiva se producirá tralo proceso de selección externo ou de promoción interna (no contrato de ocupación de vacante).

O contrato de interinidade deberá celebrarse **a tempo completo, agás nos dous casos seguintes** (art. 5.2 Rd 2720/1998):

- a) Cando o traballador substituído estea contratado a tempo parcial ou se trate de cubrir temporalmente un posto de traballo vacante cuxa cobertura definitiva se vaia a realizar a tempo parcial.
- b) Cando o contrato se realice para complementa-la xornada reducida dos traballadores por coidado de fillos menores ou de familiares (art. 37.5 ET) ou naqueles outros supostos en que, de conformidade co establecido legal ou convencionalmente, se acordara unha redución temporal da xornada do traballador substituído (por estudos ou por desempeño dun cargo público, por exemplo).

A duración do contrato de substitución será a do tempo durante o cal subsista o dereito do traballador substituído á reserva de praza ou ata tanto non se reincorpore efectivamente o traballador substituído dentro dos prazos legais ou convencionais. A duración do contrato de ocupación de vacante será a do tempo que dure o proceso de selección ou de promoción, sen que a súa duración poida ser superior a 3 meses, agás cando se trate da Administración Pública, en cuxo caso a duración será a prevista na normativa específica.

Os traballadores en situación de excedencia por coidado de fillos, sempre e cando o traballador interino sexa beneficiario de prestacións de desemprego no seu nivel contributivo ou asistencial e leve máis dun ano inscrito como desempregado na Oficina Pública de Emprego correspondente, terán dereito a unha serie de reducións nas cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns (Disposición Adicional 14 ET):

- a) 95 por 100, durante o primeiro ano de excedencia.
- b) 60 por 100, durante o segundo ano.
- c) 50 por 100, durante o terceiro ano.

Estes beneficios non serán de aplicación cando o traballador interino contratado sexa cónxuxe, ascendente, descendente ou parente por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, do empresario ou de quen ostenten o cargo de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade e nas contratacións que se deduzan con estes últimos.

O Rd-Lei 11/1998, do 4 de setembro, establece unha bonificación do 100 por 100 nas cotas empresariais da Seguridade Social, incluídas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as aportacións empresariais das cotas de recadación

conxunta, nos contratos de interinidade realizados con persoas desempregadas para substituír a traballadores que teñan suspendido o seu contrato de traballo durante os períodos de maternidade, adopción ou acollemento e risco durante o embarazo e lactancia.

Estes beneficios non serán de aplicación cando o traballador interino sexa cónxuxe, ascendente, descendente ou parente do empresario por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao, ou membro dos órganos de administración empresarial. Tampouco serán aplicables nos contratos realizados coa Administración Pública ou por medio de ETT.


Terceira modalidade. Representa o 9,63% do total da contratación. En 2003 se concertaron 68.898 interinidades (2002: 61.098 (cadro 5.12). Subscribíronse por tanto 7.800 contratos máis, un incremento do 12,76%. Este é un contrato onde a contratación feminina é predominante, sendo mulleres case un 71%, en tanto que homes un 29%. Por grupos de idade ata un 77% da contratación realízase con menores de 39 anos en ámbolos sexos, sendo a diferenza porcentual obxecto de contratación nun 9,84 para os homes, 11,41% das mulleres do grupo de idade de 40 a 44 anos, e do 13% nos homes e 12% nas mulleres do grupo de idade de 45 ou maiores desta idade.

■ Cadro 5.12

Contratos de interinidade. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2003

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	1.991	2.040	1.994	438	604	4.745	4.505	5.130	1.931	2.275	25.653
Lugo	273	224	350	112	195	403	603	1.188	612	729	4.689
Ourense	235	261	262	71	194	524	909	767	283	434	3.940
Pontevedra	2.387	2.627	2.877	1.359	1.621	3.886	6.456	8.176	2.741	2.486	34.616
Galicia	4.886	5.152	5.483	1.980	2.614	9.558	12.473	15.261	5.567	5.924	68.898

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003



Por sectores de actividade (cadro 5.3) a contratación realízase nun 95,20% en Servizos, un 3,34% en industria, un baixísimo 1,09% en agricultura e un inapreciable 0,36% en construción.

En canto á duración (cadro 5.13) dada a apuntada natureza desta contratación o 63,65% da contratación é de duración indeterminada. Un 35% non supera os seis meses de duración. Desta porcentaxe un 19% non supera sete días, e un 17% non chega ó mes de duración.

■ Cadro 5.13

Contratos de interinidade. Por duración e provincias. Galicia. 2003

	Duración en meses										Total
	<=7 días	>7 a <=15 días	>15 días a <=1 mes	>1 a <=3 meses	>3 a <=6 meses	>6 a <=12 meses	>12 a <=18 meses	>18 a <=24 meses	>24 meses	Indeterminados	
A Coruña	3.342	2.025	3.395	1.857	1.057	157	18	8	6	13.788	25.653
Lugo	492	426	841	366	162	112	4	0	1	2.285	4.689
Ourense	747	304	454	286	184	132	3	6	1	1.823	3.940
Pontevedra	2.492	1.328	2.601	1.340	795	82	10	5	6	25.957	34.616
Galicia	7.073	4.083	7.291	3.849	2.198	483	35	19	14	43.853	68.898

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003

■ Cadro 5.14

Contratos de interinidade. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. Decembro 2003

	Homes			Mulleres			Total		
	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa	Total	Parcial	Completa
A Coruña	7.067	742	6.325	18.586	5.135	13.451	25.653	5.877	19.776
Lugo	1.154	67	1.087	3.535	521	3.014	4.689	588	4.101
Ourense	1.023	97	926	2.917	554	2.363	3.940	651	3.289
Pontevedra	10.871	477	10.394	23.745	2.589	21.156	34.616	3.066	31.550
Galicia	20.115	1.383	18.732	48.783	8.799	39.984	68.898	10.182	58.716

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003

A variable xornada (completa ou parcial) unida a esta modalidade contractual reflicte que un 85,22% corresponde a traballo a tempo completo, tan só un 14,78% se materializa a tempo parcial. De novo o contrato a tempo parcial amosa maiores porcentaxes cando se asocia ó de interinidades con mulleres (19,26%) que con homes (6,87%).

As estatísticas non nos permiten chegar a un maior detalle e analizar unha desagregación a nivel de diferencia-las distintas posibilidades que habilita o contrato de interinidades, as de mera substitución, as de cobertura de vacantes en procesos selectivos e as de protección de situacións familiares descritas.

5.2.4. Contrato para a formación

A finalidade do contrato para a formación reside na recepción polo traballador dos coñecementos teóricos e prácticos necesarios para o desempeño dun oficio ou postos de traballo cualificado, non sendo posible utilizar este contrato para cubrir postos de traballo non cualificados (art. 11. 2 ET).

Os postos de traballo cualificados ou oficios serán os definidos como tales nos convenios colectivos de ámbito sectorial estatal ou, no seu defecto, nos convenios sectoriais de ámbito inferior (art. 11. 2 b) ET).

Entenderase por **nivel de cualificación** cuxa adquisición pode ser obxecto deste contrato para a formación “un nivel susceptible de acreditación formal ou, no seu defecto, o nivel de cualificación base de cada ocupación no sistema de clasificación profesional da empresa” (art. 5 Rd 488/1998).

Todo o cal significa que o traballador se compromete tanto a traballar como a recibir formación e o empresario tanto a retribuí-lo traballo como a proporcionar formación ó traballador.

Poderanse celebrar contratos para a formación cos traballadores que reúnan os tres requisitos seguintes:

a) Teñan unha **idade** comprendida entre os 16 e os 21 anos de idade (art. 11. 2. a) ET). Non existe límite de idade para os traballadores minusválidos, para os traballadores estranxeiros durante os dous primeiros anos de vixencia do seu permiso de traballo (agás que acrediten a formación e experiencia necesarias para o desempeño do posto de traballo), para os desempregados que leven máis de tres anos sen actividade laboral, para os desempregados en situación de exclusión social e para os desempregados que se incorporen ós programas de escolas-obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego (art. 11. 2 a) ET).

b) Non teñan a **titulación** requirida para formalizar un contrato de traballo en prácticas no oficio ou posto de traballo cualificado obxecto do contrato (arts. 11. 2 a) ET e 6 Rd 488/1998).

c) Non **desempeñaran con anterioridade** na mesma empresa por tempo superior a doce meses o **posto de traballo** obxecto do contrato para a formación (art. 11. 2 d) ET).

O número máximo de traballadores contratables poderá fixalo o **convenio colectivo** (tanto o sectorial como o de empresa, sempre que haxa un “plan formativo de empresa” en función do tamaño do cadro de persoal) e, no seu defecto, será aplicable o número máximo establecido no **art. 7 do Rd 488/1998**, de acordo cunha escala en función do número de traballadores da empresa, incluíndo no cómputo de traballadores con independencia da modalidade contractual (fixos, temporais, a tempo parcial ou total, a domicilio, etc.) (art. 7 Rd 488/1998).

Os contratos para a formación dos traballadores minusválidos (art. 7. 3 RD 488/1998) e os que se realicen no marco dos programas de garantía social, en escolas obradoiro e casas de oficios (disposición adicional segunda Rd 488/1998) non computarán a efectos destes límites.

Enténdese por **plan formativo**, “un conxunto estruturado de accións formativas coherentes coa actividade empresarial que inclúen accións especificamente dirixidas a traballadores para a formación e que contemple, como mínimo, os obxectivos e contidos normativos de ditas accións, así como os recursos necesarios para a súa financiación” (art. 7.1 RD 488/1998).

Os contratos para a formación formalízanse **por escrito, segundo o modelo oficial** (arts. 11. e 17. 1 Rd 488/1998).

O contrato comunicárase á oficina pública de emprego correspondente (arts. 16. 1 ET e 17. 2 e 3 Rd 488/1998).

A duración do contrato para a formación non poderá ser superior a dous anos nin inferior a seis meses, agás que por convenio colectivo sectorial -non por convenio colectivo de empresa-, se fixen duracións distintas, en atención ás características do oficio e ós requirimentos formativos, sen que en ningún caso a duración sexa inferior a seis meses nin superior a tres anos ou a catro anos cando o contrato se concerta cun **traballador minusválido**, debendo ter en conta o grao de minusvalía e as características do proceso formativo a realizar (art. 11. 2 c) ET).

Se o contrato se concertara por tempo inferior ó máximo permitido, poderán pactarse ata dúas prórrogas, dunha duración que non poderá ser superior á duración mínima do contrato establecida legal ou convencionalmente (art. 19. 1 Rd 488/1998).

Expirada a duración máxima do contrato para a formación, ningún traballador poderá ser contratado baixo esta modalidade pola mesma ou por distinta empresa (art. 11. 2 d) ET).

O que si se permite é un novo contrato para a formación pola mesma ou distinta empresa ata cubrir a duración máxima legal ou convencional.

Este límite opera tamén cando se celebra un contrato para a formación despois dun contrato de aprendizaxe ou de formación da normativa anterior (Disposición transitoria primeira ET).

A estes efectos, o empresario poderá recabar por escrito, antes de celebra-lo contrato, certificación do INEM na que conste o tempo no que o traballador estivo contratado para a formación con anterioridade á contratación que pretende realizar. Esta certificación deberá emitirse no prazo de dez días, transcorrido-los cales o empresario queda exonerado das responsabilidades derivadas dun posible incumprimento (art. 22. 2 Rd 488/1998), tanto da contractual (art. 23 Rd 488/1998) como da administrativa (art. 7. 2 LISOS).

O traballador está obrigado a presta-lo traballo efectivo, como calquera outro traballador, e a recibi-la formación (art. 9.1 Rd 488/1998).

As faltas de asistencia e de puntualidade ás ensinanzas teóricas serán cualificadas de faltas ó traballo a efectos disciplinarios (art. 9. 2 Rd 488/1998).

O empresario está obrigado a proporcionar ó traballador a formación teórica para o desempeño do oficio ou posto de traballo cualificado obxecto do contrato (art. 11. 2 ET).

A formación teórica vén regulada polos arts. 11. 2 e) do ET e 10 do Rd 488/1998, pola OM do 14 de xullo de 1998 e pola Resolución do 26 de outubro de 1998.

A formación teórica do traballador esixe a concesión de **permisos** para asistir á mesma, sexa nun centro de formación propio da empresa ou alieo a ela (art. 8.2 Rd 488/1998).

Aínda que a formación teórica persigue a adquisición de coñecementos para o desempeño do oficio ou posto de traballo cualificado obxecto do contrato, excepcionalmente, cando os traballadores non estean en posesión do **título de gra-**

duado escolar, a formación teórica perseguirá completa-la formación básica (arts. 11.2 e) ET e 10.6 Rd 488/1998).

O contido da formación teórica, ou está regulado xunto co **certificado de profesionalidade** do oficio de que se trate, ou terá que seguir os contidos establecidos polo INEM (arts. 10 Rd 488/1998 e 1 OM 14 de xullo de 1998).

Cando o traballador acredite, mediante certificación administrativa, que realizou con anterioridade un curso de formación profesional axeitado ó oficio obxecto do contrato, amortizarase a formación teórica, incrementándose a retribución proporcionalmente ó tempo non dedicado á formación teórica e si ó traballo (art. 11.2 e) ET).

O **tempo dedicado á formación teórica** variará en función das características do oficio e do número de horas establecidas para o módulo formativo en cuestión, no podendo ser inferior ó 15 por 100 da xornada máxima prevista no convenio colectivo aplicable, podendo ser aumentado por este (arts. 11.2 e) ET e 10.2 Rd 488/1998).

A **distribución do tempo** dedicado á formación teórica ó longo da xornada laboral será fixado polo convenio colectivo aplicable, podendo alternarse co tempo de traballo efectivo ou concentrarse en determinados días ou semanas ou concentrarse ó final do contrato, se así o establece o convenio colectivo (art. 11.2 e) ET e 10.2 Rd 488/1998).

A formación teórica pode ser **presencial** en centros de formación da empresa ou alleos a elas (públicos o privados) ou **a distancia**, cando no existan centros de formación presencial idóneos na localidade onde radique o centro de traballo da empresa (art. 10.2, 3 e 4 Rd 488/1998). En todo caso, non se cumpre coa obriga de proporcionar formación teórica ó traballador traballando este a xornada completa e estudando a distancia fóra da xornada laboral (STS do 20 de maio de 1997).

A formación teórica **financiarase** con cargo ó presuposto de formación continua do INEM (arts. 10.5 Rd 488/1998 e 8 e ss. OM do 14 de xullo de 1998 e Acordo Tripartito sobre formación profesional).

En caso de **incumprimento empresarial** da totalidade da obriga de dar formación teórica, presumirase que o contrato para a formación é un contrato de traballo común (arts. 11.2.k) ET e 22.4 Rd 488/1998), sen prexuízo da sanción administrativa correspondente (art. 7.2 LISOS). A xurisprudencia sinalou que a falta de formación teórica, aínda que a formación práctica se realizara e adquirira a través seu, o adestramento no oficio, supón unha desnaturalización do contrato, existindo por isto fraude de lei.

O contrato de traballo para a formación poderá celebrarse a tempo total ou a tempo parcial (art. 12.2 ET).

A xornada laboral réxese pola normativa común do ET (arts. 34 e ss ET), coas peculiaridades establecidas para os menores de 18 anos (arts. 6.2 e 3 e 34.3 e 4 ET).

O empresario está obrigado a designar un titor a cada traballador contratado para a formación, podendo se-lo propio empresario -se traballa na empresa-, ou outra persoa que posúa a cualificación profesional requirida. Cada titor non poderá ter a seu cargo a máis de tres traballadores para a formación, agás o establecido en convenio colectivo (art. 8.3 Rd 488/1998).

As súas **funcións** serán as de controlar e valora-lo aproveitamento do traballador na súa formación práctica na empresa, debendo informar ó empresario para a confección por este do certificado de formación práctica.

Os contratos para a formación extinguiranse pola chegada do termo convindo, previa denuncia dunha das partes, cun preaviso mínimo de quince días, (arts. 49. I c) ET e 21 Rd 488/1998) e, naturalmente, por calquera das causas previstas no art. 49.I do ET (art. 19.I Rd 488/1998).

Sei non houbera denuncia e o traballador continuara traballando:

- a) De no terse esgotado a duración máxima do contrato, prorrogarase automaticamente ata o prazo.
- b) De terse esgotado a duración máxima do contrato, considerarase prorrogado tacitamente por tempo indefinido, como traballador común, agás proba en contrario que acredite a temporalidade da prestación (arts. 49.I c) ET e 20 Rd 488/1998).
- c) No caso de incumprirse soamente o prazo de preaviso, o traballador terá dereito a unha indemnización equivalente ó salario correspondente ós días en que o prazo se incumprira (art. 21 Rd 488/1998).

Os contratos celebrados por duración inferior á máxima establecida, poderán prorrogarse ata dúas veces, agás disposición convencional en contrario, sen que cada prórroga poida ser inferior á duración mínima do contrato legal ou convencional e, desde logo, sen que a duración total do contrato poida ser superior á duración máxima (art. 19. I Rd 488/1998).

O contrato para a formación pode converterse nun contrato laboral común por tempo indefinido ou de duración determinada sen solución de continuidade, en cuxo caso o tempo do contrato para a formación computará a efectos de antigüidade e non se poderá pactar un novo período de proba (art. 11. 2 j) ET).

Nos convenios colectivos poderán establecerse compromisos de conversión dos contratos para a formación en contratos de traballo por tempo indefinido (art. 11. 3 ET).

O empresario está obrigado a entregar ó traballador ó finaliza-lo contrato un certificado no que conste a duración da formación teórica e o nivel de formación práctica adquirido, valorado discrecionalmente polo empresario (arts. 11. 2 g) ET e 12.1 Rd 488/1998 e 13 OM 14 de xullo de 1998), de acordo co modelo que figura na Resolución do 26 de outubro de 1998. O incumprimento empresarial desta obriga será sancionable administrativamente (art. 6.6 LISOS).

O centro onde recibira o traballador a formación teórica debe emitir un certificado onde conste o contido formativo e o grao de aproveitamento (art. 13 OM do 14 de xullo de 1998). O modelo de certificación contense no anexo da Resolución do 26 de outubro de 1998.

O traballador pode solicitar da administración competente que, previas as probas de avaliación a que se refire o Rd 797/1995, do 19 de maio, lle expida o certificado de profesionalidade (art. 11. 2 g) ET e 12.2 Rd 488/1998), equivalente a un título de formación profesional habilitante para ser contratado en prácticas.

O número de contratos de formación (cadro 5.15) realizados en Galicia, en 2003, foi de 15.298 (en 2002: 14.842). Isto é, un 2,14% do total de contratos, 456 con-


tratos máis que os realizados no pasado ano. En canto á variable sexo, o 61,87 dos contratos desta modalidade realízanse con homes, con mulleres o 38,13% deles. En canto á idade e aínda que o límite de idade dos 21 anos non existe para os traballadores minusválidos, para os traballadores estranxeiros durante os dous primeiros anos de vixencia do seu permiso de traballo (agás que acrediten a formación e experiencia necesarias para o desempeño do posto de traballo), para os desempregados que leven máis de tres anos sen actividade laboral, para os desempregados en situación de exclusión social e para os desempregados que se incorporen ós programas de escolas-obradoiros, casas de oficio e obradoiros de emprego, o groso da contratación de formación, case un 85%, materialízase con menores de 25 anos. Por isto cabería estimar en algo máis dun 16% os contratos formativos destinados á contratación dos colectivos maiores de 21 anos mencionados.

■ Cadro 5.15

Contratos en formación. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2003

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	3.098	50	89	30	130	2.032	76	167	57	92	5.821
Lugo	1.061	41	50	31	87	518	60	81	46	50	2.025
Ourense	1.068	30	54	30	136	438	35	109	44	96	2.040
Pontevedra	3.245	50	95	28	62	1.472	99	219	66	76	5.412
Galicia	8.472	171	288	119	415	4.460	270	576	213	314	15.298

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003



A porcentaxe de uso desta modalidade de contrato, segundo o sector de actividade. O 60% corresponde a servizos, un 25% en construción, case un 14% na industria e non alcanza o 1% en agricultura e pesca (cadro 5.3).


En canto á duración media destes contratos (cadro 5.16), chama a atención que podendo celebrarse legalmente entre seis meses e ata dous anos, podendo incluso ampliarse por convenio colectivo sectorial a tres anos ou a catro anos (cando se concerte cun **traballador minusválido**) o 99,19% non supere os doce meses, e máis aínda, que o 90,46% non supere os seis meses.

Contratos en formación. Por duración e provincias. Galicia. 2003

■ Cadro 5.16

	Duración en meses					Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	> 24	
A Coruña	5.070	688	25	33	5	5.821
Lugo	1.783	228	0	11	3	2.025
Ourense	1.910	118	2	8	2	2.040
Pontevedra	5.075	302	15	14	6	5.412
Galicia	13.838	1.336	42	66	16	15.298

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003



5.2.5. Contrato de traballo en prácticas

O obxecto do contrato de traballo en prácticas é dobre. Por unha banda, trátase dun contrato de traballo, coa finalidade de intercambiar traballo dependente e retribución garantida e, doutra, persegue a obtención dunha experiencia práctica profesional, imprescindible para inserirse establemente no mercado de traballo. Así, o posto de traballo deberá permitirla obtención da práctica profesional adecuada ó nivel de estudos cursados. Mediante convenio colectivo sectorial se determinarán os postos de traballo, grupos, niveis e categorías profesionais obxecto deste contrato (art. 11.1 a) ET).

O tipo de traballo a desenvolver está intimamente unido co título do traballador e co seu nivel de estudos. O que necesariamente ten que influír na clasificación profesional na que se contrate ó traballador (art. 22.3 Rd 488/1998). Para poder celebrar un contrato de traballo en prácticas, o traballador deberá estar en posesión dun título universitario (diplomado ou licenciado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, enxeñeiro ou arquitecto), de formación profesional de grao medio ou superior (técnico ou técnico superior de formación profesional) ou oficialmente recoñecido como equivalente (arts. 11.1 ET e 1.1 Rd 488/1998).

Quedan expresamente excluídas as prácticas profesionais realizadas por **estudantes** como parte integrante dos seus estudos académicos ou dos cursos de formación profesional ocupacional, ó amparo da lexislación vixente (Disposición adicional primeira Rd 488/1998) ós **médicos internos residentes** (MIR) que se rexan pola súa normativa específica (Lei 24/1982, do 16 de xuño, Rd 127/1984, do 11 de

xaneiro e OM do 27 de xuño de 1989). Igualmente resultan excluído-los **bolseiros** nas empresas.

Por outra parte, o contrato de traballo en prácticas haberá de celebrarse dentro dos catro anos inmediatamente seguintes á terminación dos estudos ou dos seis anos se se trata de traballadores minusválidos (art. 11.1 ET).

O cómputo deste período iniciárase desde o momento da terminación dos estudos e non desde a data de obtención do título (art. 1.2 Rd 488/1998). Cando se teñan cursado estudos no estranxeiro, o cómputo iniciárase desde a data da validación dos estudos en España (art. 1.2 Rd 488/1998).

O contrato de traballo en prácticas debe formalizarse sempre **por escrito** (arts. 8.2 ET e 3 Rd 488/1998) **e en modelo oficial** proporcionado polo INEM.

No contrato terán que mencionarse necesariamente a duración, a titulación do traballador e o posto de traballo a desempeñar durante as prácticas (art. 3 Rd 488/1998).

O contrato -e, no seu caso, as prórrogas, e a terminación-, deberán comunicarse á oficina pública de emprego (art. 10.1 ET e 3 Rd 488/1998).

O **incumprimento da forma escrita** converterá o contrato de traballo en prácticas nun contrato laboral común a tempo completo e de duración indefinida, agás proba en contrario que acredite a natureza temporal ou parcial do mesmo (art. 22.1 Rd 488/1998), constituíndo tamén unha infracción laboral grave para o empresario sancionable administrativamente (art. 7.1 LISOS). O simple incumprimento do modelo oficial constitúe unha infracción laboral leve (art. 6.6 LISOS).

O contrato non poderá ter unha duración inferior a seis meses ou superior a dous anos, dentro de cuxos límites os convenios colectivos poderán determinala súa duración, atendendo ás características do sector e das prácticas a realizar (arts. 11.1 ET e 19 e 20 Rd 488/1998).

En ausencia de convenio colectivo, os contratos en prácticas concertados por unha duración inferior á máxima poderán prorrogarse por acordo expreso entre as partes ata dúas veces por períodos non inferiores ó mínimo de duración do contrato establecido legalmente, sempre que a duración inicial máis a da prórroga non superen o máximo de dous anos (art. 3.2 Rd 488/1998).

Por outra parte, ningún traballador poderá estar contratado en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a dous anos en virtude da mesma titulación (art. 11.1 c) ET).

A estes efectos, o traballador poderá recabar por escrito, antes de celebra-lo contrato, certificación do INEM na que conste o tempo en que o traballador estivo contratado en prácticas con anterioridade á contratación que se pretende realizar. Esta certificación deberá emitirse no prazo de dez días, transcorridos os cales o traballador resultará exonerado da responsabilidade derivada dun posible incumprimento contractual (art. 23 Rd 488/1998) ou administrativo (art. 7.1 LISOS).

Será posible pactar un período de proba de duración non superior a un mes para os traballadores con título de grao medio e a dous meses para os traballadores con título de grao superior, agás o disposto no convenio colectivo aplicable (arts. 11.1 d) ET e 19.2 Rd 488/1998).

A retribución do traballador en prácticas non poderá ser inferior ó salario mínimo interprofesional (art. 2. 1 RD 488/1998). A retribución será fixada por convenio colectivo e, no seu defecto, non poderá ser inferior ó 60 ou ó 75 por 100, durante o primeiro e o segundo ano de contrato respectivamente, do salario fixado en convenio para un traballador que desempeñe o mesmo ou equivalente posto de traballo (art. 11.1 e) ET).

Os contratos de traballo en prácticas extinguiranse pola chegada do termo convindo, previa denuncia dunha das partes, cun preaviso mínimo de quince días, (arts. 49. 1 c) ET e 21 RD 488/1998) e, naturalmente, por calquera das causas previstas no art. 49. 1 do ET. Se non houbera denuncia e o traballador continuara traballando:

- a) De no haberse esgotado a duración máxima do contrato, se prorrogará automaticamente ata dicho prazo.
- b) De haberse esgotado a duración máxima do contrato, se considerará prorrogado tacitamente por tempo indefinido, como traballador común, agás proba en contrario que acredite a temporalidade da prestación (arts. 49. 1 c) ET e 20 RD 488/1998).
- c) No caso de incumprirse soamente o prazo de preaviso, o traballador terá dereito a una indemnización equivalente ó salario correspondente a los días en que dicho prazo se incumprira (art. 21 RD 488/1998).

Nos convenios colectivos poderán establecerse compromisos de conversión dos contratos de traballo en prácticas en contratos de traballo por tempo indefinido (art. 11.3 ET).

Á terminación do contrato de traballo en prácticas o empresario deberá expedir un certificado en o que conste a duración das prácticas, o posto o postos de traballo ocupados e as principais tarefas realizadas en cada uno deles (art. 4 RD 488/1998).

Esta modalidade contractual alcanzou en 2003 un número de 6.565 (2002: 6.354) contratos, lo que representa o 0,92% do total. Respecto ó ano anterior se han realizado 211 contratos máis. Se contrata en un 52,32% de veces con homes e un 47,67% con mulleres. É o sector servizos o que maior uso fai desta contratación en case un 70% de veces, en un 18% faino a industria, case un 12 % a construción e no chega o 1% a agricultura e pesca.

Por grupos de idade, a natureza destes contratos arroxa a maior porcentaxe de uso, o 59,90% nos menores de 25 anos, seguido do grupo de idade de 25-29 anos que representa o 34,12%; repartíndose un 6% restantes los grupos de idade de maiores de 30 anos.


En canto a duración (cadro 5.18) un 39,83% non supera os seis meses mínimos, un 52,79% non superan os 12 meses e non chegan ó 3% os que se aproximan ó período máximo de duración legal. En canto ó tipo de xornada (cadro 5.19) en o 86,72% das veces o contrato se realiza tempo completo e en 13,28% a tempo parcial, media que varía levemente incrementando novamente a parcialidade en o caso das mulleres en 6 puntos.

Contratos en prácticas. Por sexos, idade e provincias. Galicia. 2003

■ Cadro 5.17

	Homes					Mulleres					Total
	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	< 25	25-29	30-39	40-44	>= 45	
A Coruña	982	530	102	2	2	828	584	72	5	2	3.109
Lugo	251	96	13	0	0	174	118	16	3	0	671
Ourense	169	71	14	0	0	119	77	11	1	0	462
Pontevedra	730	386	85	1	1	680	378	59	3	0	2.323
Galicia	2.132	1.083	214	3	3	1.801	1.157	158	12	2	6.565

Fonte: INEM. Estatística de Contratos Rexistrados. Decembro 2003




Contratos en prácticas. Por duración e provincias. Galicia. 2003

■ Cadro 5.18

	Duración en meses				Total
	<= 6	> 6 a <= 12	> 12 a <= 18	> 18 a <= 24	
A Coruña	1.485	1.530	30	64	3.109
Lugo	208	450	8	5	671
Ourense	233	221	5	3	462
Pontevedra	989	1.265	26	43	2.323
Galicia	2.915	3.466	69	115	6.565

O informe xeral da inserción laboral dos cursos da programación de 2002 reflicte, aos 12 meses desde a data límite para a finalización dos cursos, unha cifra de 56,67 % de alumnos inseridos laboralmente.

■ Cadro 6.9

Evolución dos compromisos de contratación nos últimos 3 anos

	1998/99	1999/00	2000/01	2001/02	2002/03
Agraria	46,98	39,89	45,11	42,13	48,11
Administración e oficinas	50,45	44,80	47,04	47,48	52,86
Artesanía	31,68	34,36	33,78	32,50	40,91
Automoción	84,76	85,46	96,42	87,50	84,77
Comercio	58,52	61,87	61,61	60,04	60,27
Docencia e investigación	46,84	45,64	39,49	59,26	65,98
Servizos ás empresas	53,37	47,04	48,81	49,69	51,13
Edificación e obras públicas	63,82	60,11	61,09	61,26	62,75
Fabricación de equipos electromecánicos	62,50	60,87	63,86	67,74	68,70
Industrias agroalimentarias	48,75	52,80	58,74	49,26	50,67
Industrias gráficas	44,21	48,15	52,54	55,71	50,00
Información e manifestacións artísticas	55,27	44,09	52,76	47,69	52,25
Industria pesada e construcións metálicas	79,45	76,05	82,82	81,67	83,79
Industrias químicas	60,53	60,29	65,58	56,41	52,31
Industrias téxtiles, da pel e o coiro	54,66	59,01	66,80	61,80	55,66
Industrias da madeira e a cortiza	57,98	51,75	51,16	44,51	64,65
Montaxes e instalacións	62,91	60,57	63,13	57,14	63,11
Mantemento e reparación	70,40	63,34	63,49	62,50	71,81
Industrias manufactureiras diversas	-	-	94,42	99,44	-
Pesca e acuicultura	42,00	45,45	-	53,85	42,86
Prod., transf. e distrib. de enerxía e auga	58,00	50,82	68,75	70,00	66,00
Sanidade	47,61	44,75	48,96	49,48	51,70
Seguros e finanzas	54,55	56,06	44,32	50,76	54,83
Servizos á comunidade e persoais	48,16	45,93	49,22	51,69	50,84
Transportes e comunicacións	64,36	64,24	70,73	66,27	71,52
Turismo e hostalería	51,21	47,82	53,90	54,43	56,72

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

De acordo coa definición anterior de inserción laboral, os datos de cada ano refírense a aquel en que se impartiron os cursos; así, por exemplo, a columna do ano 2002 refírese a alumnos que foron formados nese ano e atoparon traballo antes do 30 de novembro do ano 2003.


Pódese observar que sistematicamente hai seis especialidades que sempre superan o 60%: Automoción, Edificación e Obras Públicas, Fabricación de equipos electromecánicos, Industria pesada e Construción Metálica, Industrias Químicas e Transporte e comunicacións. Entre todas destaca Automoción, que nunca baixa do 84% e, incluso, chega no ano 2000 ao 96,42%.

Pola contra, e fronte ao resto das especialidades que se sitúan moi preto da media, figuran con niveis máis baixos Agraria e Artesanía (que en ningún dos anos estudados acadou o 50%).

CLASIFICACIÓN POR PROVINCIAS FIP'02

Obsérvase que Pontevedra e A Coruña superan a media, mentres que Ourense e Lugo quedan un pouco por debaixo dela.


	%
A Coruña	57,42
Lugo	56,08
Ourense	50,74
Pontevedra	59,72
TOTAL	56,77



CLASIFICACIÓN POR CENTROS FIP'02

Obsérvase que, como é lóxico, son os compromisos de contratación os que teñen un índice de inserción laboral máis elevado (88,30%), moi por riba da media.


	%
Centros colaboradores	53,31
A) Compromisos de contratación	88,30
B) Medios propios	65,50



CLASIFICACIÓN POR SEXO FIP'02

Obsérvase que o índice que corresponde aos homes (63,90%) é superior ao das mulleres (52,26%), aínda que a porcentaxe de mulleres formadas (56,22%) supera á dos homes (43,78%).

	%
Homes	63,90
Mulleres	52,26



A continuación xúntanse dúas táboas nas que figuran as especialidades de formación profesional ocupacional programadas no ano 2002 que contan con maiores porcentaxes de inserción. As especialidades están ordenadas de máis a menos

inserción total, sen atender a que sexan homes ou mulleres os inseridos. Figuran cun (*) as especialidades que agora están dadas de baixa. Nesta táboa están excluídos os proxectos formativos con compromisos de contratación.

Na segunda táboa figuran os datos referidos aos contratos e demandas asociadas ás especialidades formativas calculando o saldo neto (contratos do ano 2003 e a base de demandantes en decembro de 2003). Nesta táboa xa non aparecen as especialidades da anterior que estaban marcadas cun (*) porque na correlación actual de especialidade formativa-ocupación xa non aparecen referenciadas. A orde da táboa é de máis a menos saldo neto.

PROGRAMACIÓN DE MEDIOS PROPIOS

Con cargo ao orzamento do Plan FIP impartíronse, na programación do ano 2003, un total de 250 cursos de formación profesional ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe total de 7.044.507 euros. Nestes cursos participaron 3.616 alumnos.

No exercicio de 2003 continuouse coa impartición de dous cursos (Ofimática e Programas de retoque dixital e escaneado de imaxes) a través de Internet, que comezara con carácter experimental en 2002. A consellería convocara un concurso no ano 2002 para a adxudicación da elaboración en soporte multimedia do material didáctico destes dous cursos. O número de alumnos que participaron nesta edición foi de 300.

Hai que destacar o aumento, respecto de anos anteriores, tanto do número dos cursos, nun 11,60%, como do número de alumnos, un 8,78%, e a dotación orzamentaria, un 34,66%.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

A distribución xeográfica destes cursos foi a seguinte:

Formación ocupacional. Plano FIP. Programación de medios propios. Por provincias. Galicia. 2003

■ Cadro 6.10

	Cursos	Alumnos	Orzamento
A Coruña	108	1.587	3.357.021
Lugo	57	836	1.668.703
Ourense	65	897	1.613.750
Pontevedra	20	296	405.032
Totais	250	3.616	7.044.507

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

Estes cursos impartíronse nos centros propios dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, que son: o Centro Nacional de Formación Ocupacional (CNFO) de Santiago de Compostela, os centros de formación ocupacional de Santa María de Europa (Ourense), Coia (Vigo), Ferrol, Lugo

e Viveiro; nas unidades de acción formativa (UAF) de Ames, Melide, Negreira e Monforte de Lemos e nas aulas de Labañou (A Coruña). Tamén se impartiron cursos noutros centros mediante convenios coas consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, a de Pesca e Asuntos Marítimos e a de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Continuando co procedemento iniciado en 2001 impartíronse cursos adxudicados mediante concurso público. A situación física dos centros de formación ocupacional da consellería e dos centros colaboradores, e a carencia de equipamento móbil suficiente para atender tódalas posibilidades fai que, en ocasións, se produza un desaxuste entre a oferta formativa dunha comarca e os datos máis relevantes do seu mercado de traballo (profesións máis ofrecidas polas empresas, maior número de contratos laborais, etc.) O Instituto Galego das Cualificacións fixo un estudo sobre estes desaxustes e adoptouse como solución para este problema a contratación, a través de concurso público, daqueles cursos que, tendo unha demanda empresarial evidente, se teñen en conta os contratos e ofertas de traballos nunha comarca empresarial determinada, non se podían facer por falta de equipamento propio ou alleo homologado. No ano 2003, once entidades impartiron mediante esta modalidade 38 cursos a 549 alumnos, cun orzamento de 921.087 euros.

DISTRIBUCIÓN SECTORIAL

A continuación, e por último, preséntase a análise por sectores da programación de cursos de formación ocupacional impartidos en centros da titularidade da Xunta de Galicia na programación do ano 2003.

Formación ocupacional. Plano FIP. Programación de medios propios. Por sectores. Galicia. 2003

■ Cadro 6.11

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamento
Administración e oficinas	8	121	172.995
Agricultura	14	197	359.583
Artesanía	5	70	210.422
Automoción	5	77	262.363
Comercio, marketing e vendas	12	150	240.733
Comunicación	1	15	14.370
Construción	33	478	1.023.343
Industria	30	436	1.061.384
Industria agroalimentaria	5	74	108.611
Madeira e moble	19	261	618.902
Mantemento instalacións	27	412	845.790
Minería	1	15	34.435
Sanidade	6	94	126.167
Servizos	60	862	1.153.164
Téxtil	8	119	151.838
Turismo e hostalería	16	235	660.408
Total	250	3.616	7.044.507

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional

CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

A Lei 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional prevé a creación de centros integrados de formación profesional, e establece que este tipo de centros impartirán as ofertas formativas relativas aos títulos e certificados de profesionalidade referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

O Decreto 325/2003, do 18 de xullo, polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia establece que terán a consideración de centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia aqueles que ofrezan e impartan formación profesional inicial ou regrada, formación profesional continua e formación profesional ocupacional.

Os centros integrados de formación profesional terán, entre outros, os seguintes obxectivos:

■ Asegurar o desenvolvemento das funcións xerais do sistema de formación profesional que expresamente se lles encomenden, relativas á formación do profesorado, á información e orientación profesional ou á innovación e desenvolvemento da didáctica da formación profesional.

■ Asistir tecnicamente aos restantes centros de formación profesional na elaboración de materiais e caracterización de equipamentos didácticos de referencia, así como no desenvolvemento da formación en centros de traballo.

Reforzar os vínculos entre o sistema formativo e o sistema produtivo.

■ O aproveitamento de recursos formativos públicos, xestionados de forma integrada.

Asegurarlle á xuventude e á poboación activa a oferta de formación asociada ás cualificacións demandadas nestes sectores.

Os centros integrados que se autorizan e as familias profesionais asociadas son os seguintes:

Provincia	Concello	Denominación do centro	Consellería titular	Familias profesionais/ámbitos de integración
A Coruña	A Coruña	IES Paseo das Pontes	C. Educación e Ordenación Universitaria	Hostalería (restauración) + téxtil, confección e pel
A Coruña	Ribeira	IES Coroso	C. Educación e Ordenación Universitaria	Mantemento e servizos á produción + mantemento de vehículos autopropulsados + industrias de fabricación de equipos electromecánicos
A Coruña	Santiago de Compostela	IES Compostela	C. Educación e Ordenación Universitaria	Hostalería (restauración e aloxamento)
Lugo	Ribadeo	IES Porta da Auga (Ribadeo)	C. Educación e Ordenación Universitaria	Edificación e obra civil (obras de albanería e acabados de construción) + mantemento de vehículos autopropulsados + electricidade e electrónica
A Coruña	Santiago de Compostela	Centro Nacional de FPO de Santiago	C. Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais	Madeira e moble
Pontevedra	Vigo	Centro de Formación Ocupacional de Coia	C. Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais	Fabricación mecánica + mecánica de mantemento hidráulica e pneumática

Programación 2003 centros integrados

Centro	Especialidade	Total centro
IES "COMPOSTELA"	COCIÑEIRO	1
IES "COROSO"	INGLÉS: XESTIÓN COMERCIAL EXPERTO XESTIÓN SALARIOS E SEGUROS SOCIAIS EXPERTO XESTIÓN SALARIOS E SEGUROS SOCIAIS AUTOMATISMO CON CONTROL PROGRAMABLE ELECTRICISTA INDUSTRIAL FRIGORISTA	6
IES "PASEO DAS PONTES"	MAQUINISTA DE CONFECCIÓN INDUSTRIAL	1
IES "PORTA DA AUGA"	MECÁNICO DE VEHÍCULOS LIXEIROS DESEÑO DE PÁXINAS WEB PINTOR ALBANEL FONTANEIRO ELECTRICISTA DE EDIFICIOS	6
CENTRO NAC. DE FORMACIÓN OCUPACIONAL DE SANTIAGO	TRABALLADOR FORESTAL TRABALLADOR FORESTAL VIVEIRISTA XARDINEIRO DESEÑO DE PÁXINAS WEB TAPICEIRO DE MOBLES TAPICEIRO DE MOBLES CARPINTEIRO EBANISTA PROXECTISTA DE CARPINTERÍA E MOBLE CACHOTEIRO PINTOR OPERADOR DE ARMADO E MONTAXE CARPINTERÍA E MOBLE OPERADOR DE ARMADO E MONTAXE CARPINTERÍA E MOBLE OPERADOR MÁQUINAS CONTROL NUMÉRICO INDUST. MADEIRA APLICADOR ACABADOS PISTOLA EN INDUSTRIAS MADEIRA APLICADOR ACABADOS DECORATIVOS INDUSTRIAS MADEIRA RESTAURADOR EN MADEIRA MECANIZADOR DE MADEIRA E TABOLEIROS ELABORADOR PEZAS CARPINTERÍA E MOBLES ORDENADOR ELABORADOR PEZAS CARPINTERÍA E MOBLES ORDENADOR OFIMÁTICA OFIMÁTICA CAMAREIRA DE PISOS AUXILIAR DE BIBLIOTECA E CENTROS DE DOCUMENTACIÓN INICIACIÓN Á REDE INTERNET INICIACIÓN Á REDE INTERNET PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN DIRECCIÓN DE PROCESOS DE APRENDIZAXE AVALIACIÓN DA FORMACIÓN PROCESO DE MELLORA DA CALIDADE DA FORMACIÓN PROCESO DE MELLORA DA CALIDADE DA FORMACIÓN AVALIACIÓN DA FORMACIÓN INTELIXENCIA EMOCIONAL	34
CENTRO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL DE COIA	PREPARADOR-PROGRAMADOR MÁQUINAS FERRAMENTAS CNC SOLDADOR DE ESTRUTURAS METÁLICAS PESADAS SOLDADOR DE ESTRUTURAS METÁLICAS LIXEIRAS SOLDADOR DE ESTRUTURAS METÁLICAS PESADAS CHAPISTA PINTOR DE VEHÍCULOS OFIMÁTICA OFIMÁTICA FORMADOR OCUPACIONAL FORMADOR OCUPACIONAL AVALIACIÓN DA FORMACIÓN PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN DIRECCIÓN DE PROCESOS DE APRENDIZAXE DIRECCIÓN DE PROCESOS DE APRENDIZAXE AVALIACIÓN DA FORMACIÓN PROCESO DE MELLORA DA CALIDADE DA FORMACIÓN RESOLUCIÓN DE CONFLITOS HABILIDADES SOCIAIS E AUTOESTIMA	17
TOTAL:		65

PLAN AUTONÓMICO DE FORMACIÓN DE FORMADORES

Continuando coa aplicación do Decreto 292/2000, sobre formadores de formación ocupacional, en 2003 publicouse a Orde do 14 de abril, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, pola que se establecía a convocatoria pública para participar na programación de cursos de carácter presencial do Plan autonómico de formación de formadores de formación profesional ocupacional do ano 2003

Estes cursos van dirixidos aos profesionais que participen como docentes nos plans de formación ocupacional da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais tendentes a capacitar para programar, impartir e avaliar cursos de formación profesional ocupacional. Impártense nas delegacións provinciais da consellería, de acordo co previsto no certificado de profesionalidade da ocupación Formador ocupacional. Os cursos de formación metodolóxica que se ofertan son os seguintes: Planificación e deseño de programas de formación (DOFF17): 80 horas, Dirección de procesos de aprendizaxe (DOFF13): 180 horas, Avaliación da formación (DOFF14): 70 horas, Procesos de mellora da calidade da formación (DOFF15): 50 horas.

CURSOS DE FORMADOR OCUPACIONAL NA MODALIDADE PRESENCIAL-

No exercicio de 2003 programáronse 30 cursos de formador ocupacional, na modalidade de presencial nas catro delegacións provinciais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

CURSOS DE MODALIDADE MIXTA

Como novidade no ano 2003, impartíronse na modalidade mixta (presencial e a distancia) os catro cursos que compoñen o certificado de profesionalidade da ocupación Formador Ocupacional. Con esta finalidade, previamente, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais convocara un concurso público para a impartición destes cursos a través de Internet. O número total de alumnos participantes foi de 500.

CURSOS MONOGRÁFICOS

Coa finalidade de completar a formación didáctica dos docentes do Plan FIP, programáronse 5 cursos monográficos nos que se esixía como requisito previo o de ter realizado xa o curso de metodoloxía didáctica.

Os cursos impartidos dentro desta modalidade foron os seguintes: Intelixencia emocional. Comunicación asertiva: cómo defenderse sen atacar. Administración básica dunha rede informática na aula. Power Point. Internet. Resolución de conflitos. Habilidades sociais e autoestima.

ACCIÓNS FORMATIVAS EXPERIMENTAIS E COMPLEMENTARIAS ao PLAN FIP

A Dirección Xeral de Formación e Colocación programou no exercicio do ano 2003 unha serie de accións formativas experimentais e complementarias dos cursos do Plan de Formación e Inserción Profesional (FIP), debido a que a regulación deste Plan, que conta cun catálogo preestablecido de especialidades homologadas,

pode deixar sen atender especialidades formativas de especial interese, tanto desde o punto de vista do colectivo que atenden como dos sectores produtivos aos que se dirixe.


Estas accións reguláronse a través da Orde do 21 de marzo de 2003, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan FIP cofinanciadas polo Fondo Social Europeo na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao exercicio do ano 2003.

Ao amparo desta orde, programáronse un total de 679 accións formativas incluídas en dous programas, un dirixido a desempregados e outro dirixido a ocupados. Nelas participaron un total de 11.100 alumnos. O orzamento total foi de 4.021.244 euros.

	Nº cursos	Nº Alumnos	Orzamento
I. DESEMPREGADOS			
a) Compromisos de contratación	131	1.856	213.334,60 €
b) Cursos de posgrao e cursos organizados por escolas de especialización profesional das universidades galegas	11	198	216.785,36 €
c) Accións de carácter experimental complementarias das reguladas no Plan FIP	60	906	776.782,11 €
II. OCUPADOS			
a) Accións formativas referidas unicamente ás especialidades formativas incluídas no Fichero de especialidades do Instituto Nacional de Empleo (INEM)	27	412	280.137,75 €
b) Plans de formación formulados polos conglomerados industriais ou clúster constituídos no ámbito da Comunidade Autónoma, organismos sectoriais e paritarios e outras organizacións empresariais e sindicais representativas no ámbito sectorial ou territorial	226	4.375	1.426.204,90 €
c) Plans de empresas, individualmente consideradas, que presenten proxectos formativos que poidan considerarse de carácter estratéxico.	224	3.353	1.107.999,35 €
TOTAL	679	11.100	4.021.244,07 €

Esta programación supón un incremento no ano 2003 respecto de 2002 dun 31,08 % nos cursos, 30,79 % nos alumnos e 16,70 % no orzamento.

A evolución dos cursos do Fondo Social Europeo impartidos nos últimos anos reflíctese no seguinte cadro:



O PLAN DE PERFECCIONAMENTO TÉCNICO

Tódolos anos o Instituto Nacional de Emprego convoca unha serie de cursos de perfeccionamento técnico para os docentes dos cursos de formación ocupacional, que se levan a cabo nos centros nacionais de formación profesional ocupacional distribuídos por todo o territorio do Estado.

Neste apartado a Dirección Xeral de Formación e Colocación realiza unha función de intermediación en catro fases:

- a.** Dar a publicidade necesaria á convocatoria do INEM entre os docentes que realizen o seu labor no ámbito da comunidade autónoma.
- b.** Remitir, informadas favorablemente polo director xeral de Formación e Colocación, as solicitudes de participación nestes cursos presentados polos docentes.
- c.** Comunicar aos docentes a súa admisión nos cursos solicitados, así como, aqueles datos que deban coñecer para participar nestes.
- d.** Poñer en coñecemento dos servizos centrais do INEM a relación dos seleccionados que manifesten a súa dispoñibilidade para asistir a estes.

No ano 2003, na Comunidade Autónoma de Galicia programáronse sete cursos no CNFO de Santiago de Compostela e un no Centro de Arousa dependente da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, aos que asistiron un total de 105 docentes do Plan FIP ou escolas obradoiro de diversas comunidades do Estado. Por outra banda, 90 docentes desta comunidade acudiron aos cursos impartidos en centros nacionais da rede.

Participamos tamén impartindo cursos do Plan correspondentes á familia Agraria (forestal) e Industrias da madeira e a cortiza no Centro do Pedroso na súa condición de Centro Nacional de FPO.

Os cursos de Perfeccionamento Técnico que se impartiron no Centro Nacional de Santiago de Compostela no ano 2003 foron os seguintes:

- Viveirista forestal.
- Maquinaria e equipo de corte explotacións forestais.
- Patoloxía forestal.
- Aplicacións forestais do G.I.S.
- Técnicas de secado e tratamento madeiras.
- Técnicas de poda forestal.
- Control numérico equipos mecanizado de madeira.

PLAN DE CALIDADE EN CENTROS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL

Desde que a Xunta asumiu as competencias de xestión da formación profesional ocupacional en 1993, fixouse como obxectivo a mellora da calidade dos cursos, axustándoos aos obxectivos de acadar a competencia profesional do alumnado para a súa inserción laboral. Para lograr este obxectivo establecéronse as seguintes actuacións:

Primeira: dirixida aos centros e ás dotacións utilizadas na formación. Para isto aprobáronse os correspondentes decretos de homologacións.

Segunda: orientada á calidade do profesorado, con dúas accións: o Plan de perfeccionamento teórico de formadores do Plan FIP, xestionado polo INEM, e o Plan autonómico de formación de formadores de formación profesional ocupacional.

Terceira: dirixida á mellora dos procedementos de planificación, xestión, seguimento e avaliación das accións formativas por parte da propia consellería. A Dirección Xeral de Formación e Colocación puxo en marcha diferentes medidas orientadas á garantía da calidade e obxectividade nas súas programacións anuais.

En 1999 iniciouse un proceso, que continúa na actualidade, para o que se contrataron os servizos dunha empresa allea á Administración para redactar un modelo matriz de control de calidade na xestión, segundo o modelo europeo de calidade total, co obxecto de incorporar os máis novos conceptos da calidade, entendida como a busca da excelencia na formación ocupacional.

No ano 2001 rematou a primeira fase do proxecto, e para proseguir apoiando activamente a implantación do modelo de excelencia desenvolvido e estendelo á totalidade de centros de formación profesional ocupacional, a Dirección Xeral de Formación e Colocación convocou un novo concurso, de carácter plurianual para os anos 2002 e 2003, no que se incluíron tres grupos de centros: os 80 centros colaboradores incluídos no proxecto de 2001; 117 centros colaboradores non incluídos no proxecto de 2001, e, como novidade, os seis centros propios dependentes da consellería e as unidades de acción formativa de Bertamirás e Monforte de Lemos.

O PLAN GALEGO DE FORMACIÓN

As actuacións levadas a cabo, durante o ano 2003, polo Instituto Galego das Cualificacións en relación aos diferentes programas de actuación recollidos no Plan Galego de Formación Profesional son os seguintes:

1. Programa de mellora do sistema de F.P. de Galicia: cara a un sistema integrado de orientación, formación e cualificación profesional.

As actuacións dirixíronse basicamente a conseguir o incremento da participación ou corresponsabilización dos axentes sociais no sistema de F.P. Para isto, na Comisión permanente do Consello Galego de Formación Profesional do día 25 de marzo de 2003 presentouse unha proposta de creación de catro comisións de estándares profesionais nos sectores de Construción Naval, Pedra Natural, Acuicultura e Audiovisual.

2. Programa de mellora da ordenación do sistema de formación profesional

Unha das actuacións para dar cumprimento a este programa foi a elaboración dun Mapa integrado de recursos de formación profesional en Galicia, que se publicou no mes de xullo do 2003.

Outra actuación foi a elaboración dos Indicadores para a programación de Formación Profesional Ocupacional (Anual), co fin de poder distribuír as accións formativas entre os colectivos definidos, e programar, polo tanto, tendo en conta as necesidades territoriais e sectoriais.

3. Programa de investigación e desenvolvemento das cualificacións e da relación formación-emprego

As actuacións que se levaron a cabo para dar cumprimento ás citadas medidas foron:

- Informe do mercado do traballo para a cualificación do sector de acuicultura
- Informe de caracterización do sector téxtil
- Informe do mercado de traballo para a cualificación do sector da madeira, no relativo á primeira transformación.
- Estudio das necesidades formativas no sector audiovisual de Galicia
- Aproximación ao sector da xoiería en Galicia.
- Principais indicadores dos sectores económicos de Galicia.
- Estudio de necesidades formativas nos sectores téxtil e da confección en Galicia.
- Estudio de necesidades formativas no sector forestal en España.
- Estudio de necesidades formativas no sector da madeira.
- Estudio das necesidades de formación e prospectiva da innovación no sector da xoiería en Galicia.
- Informe de recursos para a dinamización da iniciativa empresarial e do emprego nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- Estudio do mercado de traballo en Galicia e provincias (periodicidade anual)
- Informe comarcal do mercado laboral (periodicidade trimestral)
- Informe de ocupacións en progresión.
- Ocupacións desde a perspectiva dos novos filóns de emprego

■ Datos sobre ocupacións

■ Perfís profesionais

Outras actuacións en relación ao I+ D sobre as cualificacións e a relación formación-emprego plasmáronse en catro estudos:

- Informe sobre a inserción laboral dos alumnos de FPO/ Ano 1999 e 2001.
- Formación universitaria e demanda empresarial
- Estudio sobre as demandas de postgrao no ámbito empresarial nas provincias de Ourense e Pontevedra
- Estudio sobre necesidades formativas nas áreas: Ourense- Centro e Ourense- Oeste.

Por outra banda en relación á elaboración das cualificacións vinculadas á estrutura produtiva de Galicia no ano 2003 rematáronse os proxectos de elaboración de cualificacións profesionais no sector de Acuicultura e no sector Audiovisual .

Neste ano 2003 iniciouse a colaboración co Ministerio de Educación e Ciencia para a elaboración do Catálogo Nacional de Cualificacións, participando no proxecto de elaboración de cualificacións na familia marítimo-pesqueira. A finais de 2003 rematouse a primeira fase na que se definiron un total de oito cualificacións profesionais.

4. Programa de implantación do sistema de cualificacións

As nosas actuacións concretáronse no estudio dos diferentes borradores que presentou o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para o desenvolvemento da Lei Orgánica 5/2002 do 19 de xuño das Cualificacións e da Formación Profesional, concretamente no que respecta ao RD 1128/2003 do 5 de setembro polo que se regula o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e ao documento “Bases metodolóxicas para a elaboración do Catálogo de Cualificacións Profesionais.”

Realizouse a elaboración con carácter experimental, dos módulos de formación asociados ás cualificacións profesionais identificadas nos sectores de construción naval e pedra natural.

E por último, participouse no seguimento e control do “Proxecto experimental para a avaliación e o recoñecemento das cualificacións profesionais (ERA)” en colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

5. Programa de cualificación e formación profesional inicial/ocupacional

Ao longo do ano 2003 fíxose o contraste mediante a presentación de alegacións a diferentes borradores de certificados de profesionalidade remitidos polo INEM para a súa análise, en diferentes ocupacións das familias profesionais de “Agraria”, “Industrias da Madeira e a Cortiza”.

Participouse na elaboración da normativa básica sobre certificados de profesionalidade mediante a presentación de alegacións aos distintos borradores enviados polo INEM, en concreto:

- Real Decreto 1506/2003, de 28 de novembro, polo que se establecen as directrices dos certificados de profesionalidade.

- Orde TAS/2004, de 19 de febreiro, pola que se desenvolve o Real Decreto 1506/2003, de 28 de novembro, polo que se establecen as directrices sobre os certificados de profesionalidade.

6.3. Formación ocupacional

6.3.1. Programación da formación ocupacional

O resumo ou avance de memoria subministrado pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que transcribimos no epígrafe anterior (6.2), debe necesariamente, acompañarse dos comentarios que a súa lectura suxire e tomando como ferramentas de traballo imprescindible o Plan Galego de Formación Profesional (PGFP) de xuño de 2001.

O balance de resultados en canto ao subsistema de formación ocupacional comparada coa memoria de resultados do ano 2003 (comparación dos cadros 6.1 de ámbolos informes), permítenos establecer os seguintes comentarios:

As dúas vías coas que conta a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, para a elaboración da programación anual de formación profesional ocupacional, son as seguintes:

- Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional, Plan FIP.
- O Fondo Social Europeo, FSE.

Do cadro 6.1, que resume a programación anual de Galicia podemos extraer-las notas que caracterizaron, a grandes trazos, a formación ocupacional en 2003.

A evolución nos últimos cinco anos amosa cambios nas cifras de actividade. Así, contemplando os informes dos últimos anos variaron as cifras globais de orzamentos –comprendendo a totalidade, é dicir, FIP e FSE- asignada á materia formativa; asemade, o número de alumnos formados anualmente, e mesmo o número de cursos. Outro cambio produciuse polo transvase de recursos, antes canalizados a programas do Fondo Social Europeo e hoxe reorientados a programas FIP, o que non deixa de ter a súa lóxica xa que ámbolos programas tenden a buscar complementariedade e especialización.

6.3.1.1. Plan FIP

É patente a absoluta preponderancia que o Plan FIP ten no global da programación como a continuación examinaremos.

As áreas funcionais son unha agrupación de comarcas en conxuntos territoriais axeitados ás necesidades do servizo, tomando sempre como base a división territorial do Mapa Comarcal de Galicia. Con tal figura se pretende agrupar a aqueles concellos que teñen unhas características comúns no relativo ás necesidades de formación e ás características do desemprego neles.

A continuación recollémo-la programación correspondente ao exercicio de 2003 distribuída polas áreas funcionais das catro provincias (cadro 6.3). O desenvolve-

mento da programación dos cursos do Plan FIP para o exercicio de 2003 estivo centrada nos sectores que se especifican no cadro 6.4.

Tendo en conta o tipo de entidades que colaboran na impartición dos cursos de programación da formación profesional ocupacional do Plan FIP dirixido aos desempregados, estes se distribúen en tres categorías:

A) Cursos Centros Colaboradores (cadro 6.5)

Os datos do informe 2003, ofrecen un aumento global tanto do número de cursos 2.417 (2002: 2.212), como do número de alumnos 38.585 (2002: 35.804), como do presuposto 54.357.372 (2002: 49.469.093) euros. Aumentan así, coa única excepción do Plan Autonómico de Formación de Formadores, (o número de cursos (9,26%), alumnos (7,76%) e presupostos asinados (9,88%)), os demais programas formativos.

O 75% (ano 2002: 78,01%) do presuposto do Plan FIP destínase á formación a través de centros colaboradores de formación.

Estes cursos aprobáronse, como xa queda dito, segundo o establecido na Orde do 15 de novembro de 2002 pola que se establecía a convocatoria pública para a programación do Plan FIP correspondentes ao exercicio de 2003, a través das Comisións de Avaliación constituídas nos servizos centrais e en cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Como xa comentamos en anteriores informes e desde a perspectiva de obxectivos deseñada no Programa Nacional, bótase en falta unha maior concreción, cando menos explicitada publicamente no contido da programación de cada ano para Galicia, as proxeccións e decisións económico-financeiras, que deben, nos termos do capítulo VI do referido Programa Nacional, expresarse anualmente nas correspondentes memorias de xestión ou como observa o obxectivo quinto do capítulo IV, se concreten plans de actuación formativa a partir da información obtida polos observatorios e priorizalo de acordo cos plans anuais de emprego. Xa referimos a importancia dos traballos que está a realiza-lo recentemente creado Instituto Galego das Cualificacións, dos que cabe subliñar o “Estudio do mercado laboral” en cada unha das catro provincias galegas no que se están a detectar as ocupacións nas que as ofertas de emprego exceden á demanda segundo as áreas funcionais, o que permite orientar ou induci-la homologación destas especialidades territorialmente nos centros colaboradores de formación ocupacional. A necesidade de tales axustes aparece acertadamente exposta na análise xa comentada contida no Plan Galego de Formación Profesional.

Na memoria da consellería que ocupa o apartado 2º desde capítulo contense o informe de inserción-metodolóxica de elaboración, e nel se nos di que a planificación e a programación dos cursos seguintes pútase en función do balance tras terminar un determinado curso nun territorio o ano anterior e a obtención dunha inserción laboral mínima. Con tales parámetros non se imparte o curso no ano seguinte ou cámbiase a outra especialidade. Parece tratarse dunha metodoloxía ex post, que garda pouca relación cos estudos previos de necesidades formativas ex ante, sen que tampouco se especifique o parámetro “inserción laboral mínima”, que evitaría a financiación de cursos previsiblemente de escasa ou nula demanda formativa.

En 2003 o número de cursos impartidos polos centros colaboradores, previamente homologados, é de 1.363 (2002:1.333) aous que asistiron un total de 21.993 (2002:22.005 alumnos), cun orzamento de 40.771.443 euros (2002:38.590.941 euros).

O cadro 6.4 informa da distribución sectorial por cursos, alumnos e orzamento asignada a centros colaboradores.

B) Cursos con compromiso de contratación

Os cursos *con compromiso de contratación* (cadro 6.1 FIP, FSE) foron 92 (2002) e 91 este ano, o número de alumnos 1.377 (2002: 1.374). Polo programa do FSE realizáronse 114 cursos (171 en 2002) formándose 1.612 alumnos (2.438 en 2002), cun orzamento 213.335 (255.506 no 2002). Non obstante sendo esta unha fórmula formativa de sumo interese as súas cifras no total da formación, tan só representan un 4,31% (6% en 2002) do presuposto de formación, e os alumnos formados mediante esta modalidade representan o 10,64% (2002: 10,64%) do total de alumnos formados neste ano. Nos cadros 6.6 e 6.7 reflíctese a distribución provincial de cursos FIP, alumnos e orzamento por sectores de actividade.

Chama a atención que sendo esta a fórmula que máis se aproxima ao modelo ideal de formación ocupacional, a que pon de evidencia unha necesidade formativa demandada con compromiso de inserción laboral vinculada a esa formación, os resultados lonxe de arrojar unha potenciación desta formación veña nos últimos anos diminuindo en tódolos seus datos.

C) Cursos Centros Propios (cadros 6.8 e 6.9)

Por último, os cursos impartidos polos Centros Propios da Xunta, representan un 7,48% dos seus recursos económicos, un 9,37% (2002:7,40%) do total de alumnos formados e un 12,95% (2002: 8,37%) do total de cursos.

Con cargo ao orzamento do Plan FIP impartíronse na programación de 2003 un total de 250 cursos (2002:155) de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe total de 7.044.507 (5.231.049). Nestes cursos participaron 3.616 (2002: 2.254) alumnos.

A programación impartida a través destes centros de formación propios da Xunta, trata de incorporar aquelas especialidades que os centros colaboradores non poden impartir ao non estar homologados, ben nalgúns dos concellos galegos ou nalgúns especialidades, coa finalidade de cubri-las lagoas territoriais e formativas da Programación do Plan FIP.

O cadro 6.9 expresa a distribución da mesma modalidade de cursos segundo os sectores.

6.3.2. Inserción Laboral

A través do cruce dos datos do sistema informático de formación profesional ocupacional e os do Servizo Público de Emprego de Galicia elabórase un informe anual sobre a inserción laboral dos alumnos participantes nos cursos de formación profesional ocupacional, que remataron o curso con avaliación positiva. A resultante de calcular o número de alumnos que remataron eses cursos con avaliación positiva e

que atoparon emprego nos doce meses posteriores, establecéndose como data límite o 30 de novembro do seguinte ano ao que recibiron o curso de formación profesional ocupacional, supón a cifra de inserción laboral.

Os datos de inserción laboral refírense á programación de 2002.

O informe xeral da inserción laboral dos cursos da programación de 2002 reflicte, aos 12 meses desde a data límite para a finalización dos cursos, unha cifra de 56,67% de alumnos inseridos laboralmente.

De acordo coa definición anterior de inserción laboral, os datos de cada ano refírense a aquel en que se impartiron os cursos; así, por exemplo, a columna do ano 2002 refírese a alumnos que foron formados nese ano e atoparon traballo antes do 30 de novembro do ano 2003.

Desde a nosa perspectiva continúaase sen definir qué debemos entender por inserción laboral derivada da formación e establecer unha metodoloxía que permita analizar e avalia-lo obxectivo esencial da formación. Non se pode entender por inserción laboral a situación dos alumnos do Plan FIP 2002 con avaliación positiva que, a data do estudio, estiveran de baixa como demandantes de emprego por colocación, outras causas, ou demanda suspendida, posto que os tres casos supoñen que deixan de considerarse como parados rexistrados. É necesario buscar un indicador máis preciso e axeitado. As ordes polas que se aprobaban o programa de fomento da contratación por conta allea para os últimos anos, establecía, como axuda á contratación indefinida inicial, a xornada completa ou parcial e a contratación inicial dos colectivos de desempregados obxecto de protección, a isto se complementaba ou sumaba con outra axuda, dun maior importe, cando se trataba da contratación de desempregados que realizaran cursos do Plan FIP nas programacións correspondentes a tales anos. Os datos que ofrece tal formulación son facilmente accesibles, unidos aos que se determinaran as demais modalidades contractuais, e unidos ao seguimento doutras alternativas de emprego, que relacionasen a formación impartida coa posterior colocación, de maneira directa ou indirecta, nun período temporal prudencial tralas accións formativas, permitiría aproximarse a un razoable estudio da inserción conseguida por esta concreta acción, permitindo afinar, coas demais medidas xa comentadas, os sucesivos programas anuais. A tal fin resultan de sumo interese os estudos de mercado laboral por provincia publicados nos últimos anos. Tales estudos delimitan por áreas funcionais o paro rexistrado, as ofertas de emprego recibidas no Servizo Galego de Colocación, as demandas de emprego e os centros homologados para a formación. Tales instrumentos permiten axotar ou delimita-la acción formativa eficaz, a tendente a realizar axilmente unha formación demandada e vincular a un obxectivo apreciable de inserción profesional, claramente verificable por tales indicadores.

O cadro de inserción laboral por especialidades (cadro 6.11) permítenos, aínda con tales reservas, observar como xa reflicte o informe da consellería que sistematicamente hai seis especialidades que sempre superan o 60%: Automoción, Edificación e obras públicas, Fabricación de equipos electromecánicos, Industria pesada e construción metálica, Industrias químicas e Transporte e comunicacións. Entre todas destaca Automoción, que nunca baixa do 84% e, incluso, chega no ano 2000 ao 96,42%.

■ Cadro 6.9

Inserción laboral por familias profesionais. 1998/2003

	1998/99	1999/00	2000/01	2001/02	2002/03
Agraria	46,98	39,89	45,11	42,13	48,11
Administración e oficinas	50,45	44,80	47,04	47,48	52,86
Artesanía	31,68	34,36	33,78	32,50	40,91
Automoción	84,76	85,46	96,42	87,50	84,77
Comercio	58,52	61,87	61,61	60,04	60,27
Docencia e investigación	46,84	45,64	39,49	59,26	65,98
Servizos ás empresas	53,37	47,04	48,81	49,69	51,13
Edificación e obras públicas	63,82	60,11	61,09	61,26	62,75
Fabricación de equipos electromecánicos	62,50	60,87	63,86	67,74	68,70
Industrias agroalimentarias	48,75	52,80	58,74	49,26	50,67
Industrias gráficas	44,21	48,15	52,54	55,71	50,00
Información e manifestacións artísticas	55,27	44,09	52,76	47,69	52,25
Industria pesada e construcións metálicas	79,45	76,05	82,82	81,67	83,79
Industrias químicas	60,53	60,29	65,58	56,41	52,31
Industrias téxtiles, da pel e o coiro	54,66	59,01	66,80	61,80	55,66
Industrias da madeira e a cortiza	57,98	51,75	51,16	44,51	64,65
Montaxes e instalacións	62,91	60,57	63,13	57,14	63,11
Mantemento e reparación	70,40	63,34	63,49	62,50	71,81
Industrias manufactureiras diversas	-	-	94,42	99,44	-
Pesca e acuicultura	42,00	45,45	-	53,85	42,86
Prod., transf. e distrib. de enerxía e auga	58,00	50,82	68,75	70,00	66,00
Sanidade	47,61	44,75	48,96	49,48	51,70
Seguros e finanzas	54,55	56,06	44,32	50,76	54,83
Servizos á comunidade e persoais	48,16	45,93	49,22	51,69	50,84
Transportes e comunicacións	64,36	64,24	70,73	66,27	71,52
Turismo e hostalería	51,21	47,82	53,90	54,43	56,72

Fonte: Dirección Xeral de Formación e Colocación. Subdirección Xeral de Formación Ocupacional.

Pola contra, e fronte ao resto das especialidades que se sitúan moi preto da media, figuran con niveis máis baixos Agraria e Artesanía (que en ningún dos anos estudados acadou o 50%).

6.4. Formación continua

Finalizada a vixencia dos II Acordos de Formación Continua, firmados en decembro de 1996 por un período de catro anos, e no marco do diálogo social e en desenvolvemento do Acordo de Bases sobre a Política de Formación Profesional e do II Programa Nacional de Formación Profesional, o Goberno e as organizacións empresariais e sindicais conviñeron a súa renovación, unha vixencia temporal, que comezará a partir do ano 2001 e rematará o 31 de decembro de 2004, mantendo os elementos positivos do sistema e recollendo, nos dous acordos que configuran o marco da formación continua, III Acordo Bipartito da Formación Continua e Acordo Tripartito, os principios e liñas esenciais da formación continua necesarios para cumprí-los retos que a formación ao longo de toda a vida debe afrontar.

Así, o III Acordo consolida o protagonismo das organizacións empresariais e sindicais no desenvolvemento do sistema e a articulación do mesmo en base, principalmente, **á negociación colectiva sectorial**, reforzando, por tanto, o diálogo social, como instrumento esencial para a regulación e funcionamento de ámbitos moi importantes das relacións laborais. O modelo xa vixente se adecúa á Estratexia Europea de Emprego, nacida a raíz do Cume Europeo sobre o Emprego de Luxemburgo, que outorga aos interlocutores sociais un papel fundamental e crecente na configuración e posta en práctica da formación ao longo da vida, elemento fundamental da adaptabilidade das empresas ao novo entorno económico.

O novo acordo tripartito introduce modificacións que permitirán un mellor acceso das empresas e traballadores que se podan beneficiar do Sistema de Formación Continua e súa adaptación ás necesidades de formación dos traballadores:

Consideración específica de Plans de Formación Profesional para a Economía Social, tendo en conta o seu maior desenvolvemento e as súas particularidades, aínda cando o devandito sector tivo acceso ás Axudas de Formación Continua.

Compromisos orzamentarios específicos para dotar de formación a traballadores que, nin eles nin as empresas nas que traballan, teñen a obriga legal de cotizar pola continxencia de formación profesional, consolidándose así un dos principios que configuran o noso modelo social: o principio de solidariedade entre os que aportan recursos e os que se benefician do sistema.

Asignación da parte de cota de formación profesional que se destinará anualmente **a formación de desempregados e a formación de ocupados, de acordo coa evolución do mercado de traballo e as necesidades de formación de cada grupo. Adecuación das Axudas de Formación Continua ás prioridades de formación de traballadores marcadas na Estratexia Europea de Emprego e Fondo Social Europeo.**

O Subsistema Nacional de formación continua, no marco do Programa Nacional de Formación Profesional, artículase en base ao III Acordo Nacional de Formación Continua, de carácter bipartito, que configura a estrutura participativa do devandito subsistema e ao presente acordo de carácter tripartito, que dispón a xestión e financiamento do mesmo.

A consideración da Formación Continua como instrumento esencial para garantir a formación ao longo da vida; a necesaria adaptación dos traballadores e das empresas á nova sociedade baseada no coñecemento e o mantemento da capacidade profesional dos traballadores nos supostos de cambios e mutacións dos procesos productivos, todo elo no marco da estratexia europea de emprego.

As Iniciativas de Formación Continua, financiadas ao abeiro do presente acordo e de conformidade co establecido no III Acordo Nacional, son:

- Plans de formación de empresas, presentados por empresas de 100 ou máis traballadores.
- Plans de formación agrupados de ámbito sectorial, dirixidos a dous ou máis empresas do mesmo sector; que agrupen, no seu conxunto, ao número mínimo e máximo de participantes que, no seu caso, se estableza na correspondente convocatoria.

Poderán ser solicitantes destes plans:

a) Calquera das empresas agrupadas no plan de formación, que solicite a subvención no seu nome e en representación doutras do mesmo sector; acreditando dita representación mediante a presentación dos correspondentes documentos de apoderamento.

b) As organizacións sindicais e empresariais máis representativas, así como as representativas no ámbito sectorial e territorial igual ou superior ao que pertencen as empresas ou colectivos que conformen o plan. A estes efectos se acreditará a representatividade das referidas organizacións en virtude da súa participación na negociación colectiva directamente a través das organizacións que as integran.

Poderán así mesmo solicitar plans agrupados para os seus respectivos ámbitos as fundacións bipartitas nadas ou amparadas na negociación colectiva sectorial estatal e que estatutariamente teñan encomendada a formación dos traballadores.

c) Cando as empresas agrupadas pertencentes ao mesmo sector sexan cooperativas e/ou sociedades laborais, poderán solicitar estes plans as súas organizacións sempre que teñan notable implantación no ámbito sectorial igual ou superior ao que pertencen as empresas e colectivos que conformen o plan.

O solicitante dun plan agrupado ostentará a representación do conxunto das empresas agrupadas e asumirá os dereitos e obrigas derivados da concesión das axudas públicas.

■ Plans intersectoriais, que terán por obxecto a formación dos traballadores en competencias transversais e horizontais a varios sectores da actividade económica. Poderán presentar plans intersectoriais as organizacións empresariais e/ou sindicais máis representativas no ámbito territorial correspondente.

■ Plans de formación específicos da economía social. Dadas as especiais características da economía social e sen prexuízo do establecido para os plans de formación de empresa e plans de formación agrupados, poderanse presentar plans de formación, de ámbito estatal ou autonómico dirixidos a dous ou máis cooperativas e/ou sociedades laborais que, sen pertencer a un mesmo sector productivo, atendan demandas formativas derivadas da natureza xurídica de aquelas ou de necesidades de carácter transversal.

Poderán solicitar estes plans as federacións e confederacións de cooperativas e/ou sociedades laborais con notable implantación no ámbito estatal ou autonómico a que se dirixa o plan.

■ Medidas complementarias e de acompañamento á formación que pretendan a realización de estudos de detección de necesidades formativas, a elaboración de ferramentas e/ou metodoloxías aplicables á formación continua. Anualmente farase unha convocatoria pública na que se especificarán os estudos, ferramentas e metodoloxía a realización da cal se considere necesaria para o mellor funcionamento e eficacia da formación continua. Teranse en consideración as propostas que neste sentido podan realizar as comisións paritarias sectoriais correspondentes.

Sen prexuízo do anterior, excepcionalmente poderanse solicitar axudas para realizar outros estudos ou proxectos que, non habendo sido previstos en dita convocatoria, se consideren de interese para a formación continua.

- En ambos casos poderán ser solicitantes das axudas para financiar as medidas complementarias e de acompañamento calquera empresa, entidade ou organización que, observando as bases e criterios para a súa concesión, se axuste aos obxectivos esixidos para este tipo de iniciativas.

Estableceranse as medidas oportunas para que o resultado das accións complementarias e de acompañamento á formación continua repercuta na mellora do sistema, debendo garantirse para elo a súa máxima difusión.

- Permisos individuais de formación, dirixidos a traballadores asalariados que pretendan o desenvolvemento ou adaptación das súas cualificacións técnico-profesionais ou da súa formación persoal, cando ditas formacións estean recoñecidas nunha titulación oficial.

	Total		Con senten. favor. ó traballador		Con senten. favor. en parte ó traball.		Con senten. desfav. ó traballador		Por conciliación		Por desistimento		Por outras causas	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
A Coruña	1.143	1.076	518	399	42	39	126	100	298	335	107	156	52	47
Lugo	283	263	122	102	5	18	46	41	75	63	33	31	2	8
Ourense	286	253	108	111	30	22	36	52	55	48	26	13	31	7
Pontevedra	1.128	1.148	335	406	58	56	147	136	380	351	135	125	73	74
Galicia	2.840	2.740	1.083	1.018	135	135	355	329	808	797	301	325	158	136

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais



9.4.2. Por provincias

Internamente, a nivel autonómico (cadro 9.21), o maior volume de asuntos resoltos do total galego corresponde, no ano 2003, en primeiro lugar á provincia da Coruña, cun 36,06%; séguenlle Pontevedra, cun 33,40%; Lugo cun 15,50% e Ourense, cun 14,54 %.

9.5. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social

Este tribunal ten atribuída, en primeira instancia, a competencia territorial de ámbito intracomunitario e tamén a función de actuar como segundo e último grao xurisdiccional, na inmensa maioría dos preitos laborais, exercendo o control de legalidade sobre as resolucións ditadas polos xulgados do social. A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia iniciou a súa andadura o 23 de maio de 1989, compoñéndose, no seu inicio e ata xullo de 1990, dun presidente e doce maxistrados. Na actualidade componse de catro seccións.

Todo isto foi notoriamente insuficiente para atende-lo alto volume de actividade que se foi acumulando á actividade deste órgano, ó longo dos anos en funcionamento, xerando unha situación de colapso, xa evidenciada en anteriores informes, sendo elocuente o número de asuntos pendentes que se reflicte no cadro 9.24 relativo á evolución de asuntos pendentes de sentencia dos últimos anos. A 31 de decembro de 2003 penden de resolución 8.810 asuntos, que aínda que se están a reduci-los pendentes dos anos anteriores, segue sendo un considerable volume de asuntos sen resolver no tempo, o que segue a cuestionar un dos aspectos (pronta resolución) do principio constitucional de tutela xudicial efectiva.

■ Cadro 9.24

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social. Evolución dos asuntos pendentes ó inicio do ano.1995-2003

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2002
Pendientes o 1 de xaneiro	11.397	12.920	13.392	12.872	12.167	11.296	10.771	8.810	9.595 (CGPJ)

Fonte: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Maior importancia amosa a actividade revisora a través dos recursos de suplicación, cuantitativamente moito maior. No cadro 9.25, obsérvase que o número de asuntos que entran por ano na sala é un promedio, nos últimos cinco anos, de 6.356 por ano, en tanto que se ditan -no mesmo período- un promedio anual de 7.169 resolucións (número que foi mellorando nos derradeiros anos como amosa o cadro indicado).

■ Cadro 9.25

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social. Evolución dos asuntos pendentes, rexistrados e resoltos.1999-2003

	1999	2000	2001	2002	2003
Pendientes o 1 de xaneiro	12.872	12.167	11.306	10.762	9.595
Rexistrados/ano	5.891	6.032	6.681	6.346	6.833
Resoltos/ano	6.596	6.901	7.216	7.513	7.618

Fonte: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia


Dentro deste papel, en orde á importancia cuantitativa que por materias ocupan á sala, e con referencia ós datos que amosa o cadro 9.26, é claro que o maior número de asuntos resoltos, e que ocupan á Sala, son os concernentes ós recursos sobre prestacións da Seguridade Social, un 65,54% do total de asuntos tramitados. Así, e en tales cadros, obsérvase que sobre un total de 6.254 resoltos mediante sentenza, 4.099 concirnen a aquela materia. A considerable distancia séguenlle, a xenérica doutros extremos, 857 sentencias ditadas (13,70%), 500 sentencias en despedimentos (7,99%), 242 sentencias en materia de salarios (3,87%) y 357 sentencias ditadas en materia de accidentes (5,71%).


Cadro 9.26

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social. Asuntos resoltos por sentenza. Por materias. 2001-2003

	Revogando			Confirmando			Total			% do total		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Conflictos colectivos	10	7	10	27	24	43	37	31	53	0,57	0,46	0,85
Cuestión Competencia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,00	0,00	0,00
Despedimentos	107	133	116	353	284	384	460	417	500	7,06	6,14	7,99
Salarios	39	58	63	90	154	179	129	212	242	1,98	3,12	3,87
Prestacións S. Social	1.316	1.175	1.060	3.368	3.032	3.039	4.684	4.207	4.099	71,91	61,94	65,54
Accidentes	121	129	78	393	519	279	514	648	357	7,89	9,54	5,71
A.B.C.S.S. (1)	26	20	33	59	89	113	85	109	146	1,30	1,60	2,33
Outros extremos	160	370	299	445	798	558	605	1.168	857	9,29	17,20	13,70
Total	1.779	1.892	1.659	4.735	4.900	4.595	6.514	6.792	6.254	100	100	100

(1) Afiliacións, altas e baixas
Fonte: Tribunal Superior de Galicia





Outro punto de interese constitúeo o coñece-lo número e porcentaxes de sentencias da sala, que confirman as dos xulgados de instancia e aquelas outras que revogan estas. Isto amósano o mesmo cadro 9.26. Tomando en consideración os mesmos datos referidos a 2003, confirmáronse, sobre un total de 6.254 sentencias ditadas (noutros casos o recurso interposto foi resolto por auto), en 4.595 ocasións, a sentencia de instancia recorrida foi confirmada, o que equivale a un 73,85%. Pola contra, revogáronse tales sentencias de instancia en 1.659 ocasións, é dicir, nun 26,15 % dos recursos formulados.

Os procesos en única instancia (cadro 9.27) son cuantitativamente escasos, tan só 13 asuntos desta índole rexistráronse en 2003.

■ **Cadro 9.27**

**Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do Social.
Evolución do movemento de asuntos. 2001-2003**

	Procesos en única instancia											
	I trim.			II trim.			III trim.			IV trim.		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Pendientes trim. anterior	3	0	1	3	2	1	2	2	2	1	4	5
Rexistrados	3	5	1	2	2	2	1	2	4	5	1	6
Resoltos	3	3	1	3	2	1	2	0	1	3	4	5
Pendientes ó finalizar o trim.	3	2	1	2	2	2		4	5	3	1	6

	Recursos presentados relativos á unificación de doutrina				Total
	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	
Presentados					
Elevados	97	87	71	76	—
Devoltos					
Confirmando	54	48	32	54	188
Revogando	7	9	4	5	25
Anulando	1	59	0	0	60

	Recursos de casación ordinaria				Total
	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	
Confirmando	2	0	1	52	56
Revogando	1	—	—	2	3
Anulando	0	—	—	2	2

Fonte: Consello Xeral do Poder Xudicial

As estatísticas que se elaboran para o Consello Xeral do Poder Xudicial permiten coñecer, ademais, un último dato a este informe. Referímonos ó número de recursos presentados contra sentencias do Tribunal, ditadas en última instancia, relativos ó recurso extraordinario de unificación de doutrina. O número de recursos DE CASACIÓN PARA UNIFICACIÓN DE DOCTRINA en 2003, elevados ó Tribunal Supremo por tan excepcional canle, infórmanos dun número anual inferior a 331 recursos fronte un volume de 6.254 sentencias ditadas ó longo do ano. Durante o ano recibíronse 273 sentencias, delas, 188 confirmando (68,86%), 60 anulando (21,97%) e tan só 25 (9,16%) revocando a do TSJ de Galicia. O cadro 9.27 tamén amosa os recursos presentados cando o TSX actúa en única instancia e as súas sentencias son recorribles en casación ordinaria. De 61 sentencias ditadas en casación ordinaria, 56 foron confirmatorias das ditadas polo TSJ de Galicia, revocándose 3 e anulándose 2. Os números e resultados falan por si mesmos o que amosa que este tribunal constitúe, en boa medida, o último anel de solución xudicial de conflitos na orde social no ámbito galego, como o evidencian tanto o baixísimo número de veces en que son recorridas as súas sentencias, ditadas en segunda e última instancia, como o escaso número comparativo de veces en que se ve obrigado a intervir en primeira e única instancia.

■ Cadro 9.28

Inspección de Traballo e Seguridade Social. Actuacións. Galicia. 2001-2003

1. Actuacións	2001	2002	2003
Traballo	3.794	6.103	4.850
Seguridade e hixiene	19.177	19.310	24.006
Emprego e migracións	10.358	8.473	7.682
Seguridade Social	54.324	49.794	49.780
Varios ⁽¹⁾	2.428	4.612	4.391
ORVE ⁽²⁾	1.197	643	1.441
Total	91.278	88.935	92.150

2. Actas de infracción	Nº de actas			Nº Infr. 2003	Importe			Trab. afectados		
	2001	2002	2003		2001	2002	2003	2001	2002	2003
Traballo	374	480	259	288	392.239,57	646.092,01	398.999,23	2.248	2.423	1.618
Seguridade e hixiene	1.592	1.615	1.474	1.794	12.428.468,36	3.340.245,84	3.935.597,51	8.727	8.041	7.096
Emprego e migracións	86	576	213	487	441.972,31	1.944.927,79	2.681.285,12	122	339	501
Seguridade Social	2.288	2.405	2.304	2.810	1.918.625,42	1.575.272,18	1.387.609,79	5.431	23.387	3.773
Varios ⁽¹⁾	260	311	229	322	231.536,82	534.772,25	279.727,52	642	302.691	4.156
Total	4.600	5.387	4.479	5.701	15.412.842,48	8.041.310,07	8.683.219,17	17.170	336.881	17.144

3. Expedientes liquidatorios	Nº de actas			Importe			Trab. afectados		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Actas de liquidación	2.102	1.987	1.429	22.590.881,24	14.533.150,23	8.554.647,33	15.110	12.342	6.757
Propostas de liquidación	205	622	1.243	979.290,15	2.041.509,77	1.868.975,99	1.931	3.235	3.734
Subtotal	2.307	2.609	2.672	23.570.171,39	16.574.660,00	10.423.623,32	17.041	15.577	10.491
ORVE	1.183	733	458	6.570.386,42	4.057.295,26	8.359.144,83	14.771	11.296	4.138
Total	3.490	3.342	3.130	30.140.557,81	20.631.955,26	18.782.768,15	31.812	26.873	14.629

Elaboración propia

(1) Mediación, arbitraje, reunión representantes traballadores ou empresas, advertencia ou recomendación, paralización ou suspensión de traballos, requirimentos, proposta recargo prestacións, outras reclamacións de oficio, consultas e asesoramento, verificación actas controladores laborais, descargos e recursos actas, imputación responsabilidade solidaria seguridade social, imputación reponsabilidade concorrencia seguridade e hixiene, sinalamento de bens e obstrucións

Fonte: Inspección de Traballo e Seguridade Social

■ Cadro 9.29

Inspección de Traballo e Seguridade Social. Actuacións. Provincia da Coruña. 2001-2003

1. Actuacións	2001	2002	2003
Traballo	2.521	2.626	2.319
Seguridade e hixiene	6.729	7.791	9.153
Emprego e migracións	3.009	1.865	1.965
Seguridade Social	20.464	18.237	18.592
Varios ⁽¹⁾	1.213	1.782	1.633
ORVE	553		913
Total	34.489	32.301	34.575

2. Actas de infracción	Nº de actas			Nº infr.	Importe			Trab. afectados		
	2001	2002	2003	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Traballo	181	222	122	135	228.988,30	377.209,30	211.599,79	1.073	889	493
Seguridade e hixiene	689	725	636	819	1.460.811,84	1.392.351,63	1.681.246,86	3.818	3.524	1.869
Emprego e migracións	18	31	44	139	68.002,75	778.973,41	786.707,55	19	115	132
Seguridade Social	867	958	931	1.144	548.072,40	585.504,95	532.953,41	2.517	20.222	1.676
Varios ⁽¹⁾	120	170	108	193	91.208,68	364.525,00	104.261,89	281	389	150
Total	1.875	2.106	1.841	2.430	2.397.084	3.498.564,29	3.316.769,50	7.708	25.139	4.320

3. Expedientes liquidatorios	Nº de actas			Importe			Trab. afectados		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Actas de liquidación	942	769	815	6.304.516,74	3.569.504,31	3.019.799,89	6.138	5.049	2.821
Propostas de liquidación	124	548	1.157	479.561,12	1.162.277,77	1.390.042,99	850	2.829	3.317
Subtotal	1.066	1.317	1.972	6.784.077,86	4.731.782,08	4.409.842,88	6.988	7.878	6.138
ORVE	541	658	846	2.104.262,83	1.612.204,96	2.126.228,62	4.604	4.216	3.577
Der./V. Responsabilidade	42	105	87	8.622.805,66	13.512.491,18	6.902.049,83	300	280	270
Total	1.607	2.080	2.905	8.888.341	19.856.478,22	13.438.121,33	11.592	12.374	9.985

Elaboración propia

(1) Mediación, arbitraje, reunión representantes traballadores ou empresas, advertencia ou recomendación, paralización ou suspensión de traballo, requirimentos, proposta recargo prestacións, outras reclamacións de oficio, consultas e asesoramento, verificación actas controladores laborais, descargos e recursos actas, imputación responsabilidade solidaria seguridade social, imputación responsabilidade concorrencia seguridade e hixiene, sinalamento de bens e obstrucións.

Fonte: Inspección de Traballo e Seguridade Social

■ **Cadro 9.30**

Inspección de Traballo e Seguridade Social. Actuacións. Provincia de Lugo. 2001-2003

1. Actuacións	2001	2002	2003
Traballo	312	510	538
Seguridade e hixiene	1.758	1.560	1.663
Emprego e migracións	622	671	891
Seguridade Social	2.809	3.589	4.229
Varios ⁽¹⁾	243	318	344
ORVE ⁽²⁾	87	78	188
Total	5.831	6.726	7.853

2. Actas de infracción	Nº de actas			Nº infr.	Importe			Trab. afectados		
	2001	2002	2003	2002	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Traballo	22	61	26	26	16.263,59	59.363,88	27.647,63	104	181	126
Seguridade e hixiene	155	176	178	185	401.524,74	357.188,83	418.021,15	561	570	1.534
Emprego e migracións	23	30	53	63	77.609,42	130.472,40	96.546,83	35	36	64
Seguridade Social	203	253	252	329	102.939,49	126.451,41	135.744,92	300	436	505
Varios	17	36		27	25.684,00	32.599,28	21.428,01	90	123	68
Total	420	556	509	630	624.021,24	706.075,80	699.388,54	1.090	1.346	2.297

3. Expedientes liquidatorios	Nº de actas			Importe			Trab. afectados		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Actas de liquidación	311	340	379	3.529.437,48	1.366.677,15	916.366,16	1.564	2.315	1.836
Propostas de liquidación	25	31	16	118.839,78	626.741,69	47.238,43	118	108	76
Subtotal	336	371	395	3.648.277,20	1.993.418,84	963.604,59	1.682	2.423	1.912
ORVE	87	78		121.154,11	369.395,43		237	2.040	
Total	423	449	395	3.769.431,31	2.362.814,27	963.604,59	1.919	4.463	1.912

Elaboración propia

(1) Mediación, arbitraje, reunión representantes traballadores ou empresas, advertencia ou recomendación, paralización ou suspensión de traballo, requirimentos, proposta recargo prestacións, outras reclamacións de oficio, consultas e asesoramento, verificación actas controladores laborais, descargos e recursos actas, imputación responsabilidade solidaria seguridade social, imputación responsabilidade concorrencia seguridade e hixiene, sinalamento de bens e obstrucións

Fonte: Inspección de Traballo e Seguridade Social

■ **Cadro 9.31**

Inspección de Traballo e Seguridade Social. Actuacións. Provincia de Ourense. 2001-2003

1. Actuacións	2001	2002	2003
Traballo	740	715	586
Seguridade e hixiene	2.263	1.702	1.962
Emprego e migracións	640	534	364
Seguridade Social	3.651	3.426	3.578
Varios ⁽¹⁾	294	1.776	1.640
ORVE ⁽²⁾	100	198	75
Total	7.688	8.351	8.205

2. Actas de infracción	Nº de actas			Nº infr.	Importe			Trab. afectados		
	2001	2002	2003	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Traballo	65	89	45	50	52.537,84	108.612,34	37.957,73	795	903	160
Seguridade e hixiene	207	198	169	218	511.065,43	450.654,04	489.489,30	1.502	1.366	396
Emprego e migracións	14	34	14	24	65.510,50	145.231,20	127.153,43	22	37	24
Seguridade Social	259	166	159	206	170.485,11	188.634,77	125.121,34	543	601	242
Varios	29	23	8	8	11.479,44	7.843,97	5.108,71	147	37	9
Total	574	510	395	506	811.078,32	900.976,32	784.830,51	3.009	2.944	831

3. Expedientes liquidatorios	Nº de actas			Importe			Trab. afectados		
	2001	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
Actas de liquidación	305	287	154	1.736.478,80	1.911.034,57	415.693,52	1.640	1.736	486
Propostas de liquidación	32	28	50	296.478,41	157.856,25	277.381,97	246	188	218
Subtotal	337	315	204	2.032.957,21	2.068.890,82	693.075,49	1.886	1.924	704
ORVE	98	183	0	680.818,27	570.229,07	0,00	1.336	2.260	0
Total	435	498	204	2.713.775,48	2.639.119,89	693.075,49	3.222	4.184	704

Elaboración propia

(1) Mediación, arbitraje, reunión representantes traballadores ou empresas, advertencia ou recomendación, paralización ou suspensión de traballo, requirimentos, proposta recargo prestacións, outras reclamacións de oficio, consultas e asesoramento, verificación actas controladores laborais, descargos e recursos actas, imputación responsabilidade solidaria seguridade social, imputación responsabilidade concorrencia seguridade e hixiene, sinalamento de bens e obstrucións

Fonte: Inspección de Traballo e Seguridade Social

Cadro 9.32 Inspección de Traballo e Seguridade Social. Actuacións. Provincia de Pontevedra. 2001-2003

1. Actuacións	2001	2002	2003
Traballo	221	2.252	1.407
Seguridade e hixiene	8.427	8.257	6.378
Emprego e migracións	6.087	5.403	4.462
Seguridade Social	27.400	24.542	23.381
Varios ⁽¹⁾	678	736	774
ORVE ⁽²⁾	457	367	265
Total	43.270	41.557	36.667

2. Actas de infracción	Nº de actas			Nº infr.	Importe			Trab. afectados		
	2001	2002	2003		2001	2002	2003	2001	2002	2003
Traballo	106	108	66	77	94.449,84	100.906,49	121.794,08	276	450	839
Seguridade e hixiene	541	516	491	572	10.055.066,35	1.140.051,34	1.346.840,20	2.846	2.581	3.297
Emprego e migracións	31	56	102	281	230.849,64	890.250,78	1.670.877,31	46	151	281
Seguridade Social	959	1.028	962	1.255	625.408,25	674.681,05	593.790,12	2.071	2.128	1.350
Varios	94	110	113	121	103.164,70	129.804,00	148.928,91	124	142	156
Total	1.731	1.818	1.734	2.306	10.483.530,53	2.935.693,66	3.882.230,62	5.363	5.452	5.923

3. Expedientes liquidatorios	Nº de actas				Importe			Trab. afectados		
	2001	2002	2003		2001	2002	2003	2001	2002	2003
Actas de liquidación	524	591	423		11.020.448,22	7.685.934,20	4.202.787,76	5.768	3.242	1.614
Propostas de liquidación	24	15	20		84.410,84	94.634,06	154.312,60	92	110	123
Subtotal	548	606	443		11.104.859,06	7.780.568,26	4.357.100,36	5.860	3.352	1.737
ORVE	457	367	265		1.631.194,00	1.505.465,80	1.457.095,00	6.483	2.780	3.868
Total	1.005	973	708		12.736.053,06	9.286.034,06	5.814.195,36	12.343	6.132	5.605

Elaboración propia

(1) Mediación, arbitraje, reunión representantes traballadores ou empresas, advertencia ou recomendación, paralización ou suspensión de traballo, requirimentos, proposta recargo prestacións, outras reclamacións de oficio, consultas e asesoramento, verificación actas controladores laborais, descargos e recursos actas, imputación responsabilidade solidaria seguridade social, imputación responsabilidade concorrencia seguridade e hixiene, sinalamento de bens e obstrucións

Fonte: Inspección de Traballo e Seguridade Social

10.1. Introducción

Neste apartado, no que se examinan os expedientes de regulación de emprego tramitados e os traballadores afectados polos mesmos, téñense en conta, fundamentalmente, no referido a Galicia, os datos facilitados pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, competente nesta materia; completados con aqueles nos que, a súa competencia, se reserva á Administración Central, segundo os datos publicados polo Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Así mesmo, hai que facer constar que a existencia de pacto refírese a aqueles casos en que se chegou a acordo cos representantes legais dos traballadores, non incluíndose, polo tanto, aqueles en que, aínda existindo algún tipo de acordo, este non vincula á autoridade laboral.

As variacións legais fan que se canalicen á vía xudicial posterior; extincións de contratos que antes requirían a autorización administrativa previa, non obstante é interesante o exame dos datos, xa que tódalas suspensións de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ou as derivadas de forza maior canalízanse por esta vía, así como as extincións nos, agora denominados, despedimentos colectivos.

Inclúese tamén neste capítulo ó Fondo de Garantía Salarial (FOGASA) por estar intimamente relacionado coa regulación de emprego.

10.2. Regulación de emprego

No primeiro cadro ofrécese, con datos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, unha visión xeral dos traballadores afectados en Galicia polos efectos dos expedientes de regulación de emprego en base á información subministrada pola Dirección Xeral de Traballo, a Comunidade Autónoma Galega ou as Áreas de Traballo e Asuntos Sociais dependendo da autoridade laboral á que compete a súa resolución. Examinando as cifras pódese ver que é lixeiramente maior o número de traballadores afectados pola extinción de contratos e que os traballadores da provincia de Pontevedra son os máis afectados polos expedientes.

**Traballadores afectados por efecto do expediente.
Galicia.2003**

■ Cadro 10.1

	Extinción	Total ⁽¹⁾
A Coruña	446	738
Lugo	66	141
Ourense	120	146
Pontevedra	476	1.324
Galicia	1.108	2.349

Fonte: Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais
Do resto dos traballadores, 1.065 foron afectados por suspensión e 176 por redución de xornada

No que se refire concretamente ós tramitados pola comunidade autónoma, no cadro de expedientes resoltos (cadro 10.2), a provincia de Pontevedra, en xeral, é a que maior número de expedientes e traballadores afectados reflicte. Obsérvase un maior número de expedientes que teñen acordo que os non pactados aínda que concretamente na provincia da Coruña superan os sen acordo.

Regulación de emprego. Total de expedientes resoltos. Galicia. 2003

■ Cadro 10.2

	Total cadro de persoal	Total expedientes	Autorizados pactados	Autorizados non pactados	Non autorizados	Desistidos	Total trab. afectados
A Coruña	786	92	28	47	7	10	400
Lugo	158	13	9	1	1	2	105
Ourense	160	15	13	1	1	0	121
Pontevedra	2.404	137	67	53	8	9	1.216
Galicia	3.508	257	117	102	17	21	1.842

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

No desglose dos expedientes pola medida autorizada (cadro 10.3), pódese ve-la afectación maioritaria de traballadores nos expedientes pactados e o maior volume de expedientes e traballadores afectados coa consecuencia de suspensión das relacións laborais.

■ Cadro 10.3 Regulación de emprego. Expedientes resoltos segundo a medida autorizada. Galicia. 2003

1. Medida autorizada: suspensión das relacións laborais

	Total expedientes	Exptes. autoriz. pactados	Pactados traballadores	Exptes. autoriz. non pactados	Non pactados traballadores	Total traballadores	Total días afectados
A Coruña	57	19	156	38	119	275	6.818
Lugo	7	7	75	0	0	75	309
Ourense	2	2	26	0	0	26	150
Pontevedra	85	48	407	37	267	674	8.884
Galicia	151	76	664	75	386	1.050	16.161



2. Medida autorizada: redución de xornada

	Total exptes.	Exptes. autoriz. pactados	Pactados traballadores	Exptes. autoriz. non pactados	Non pactados traballadores	Total traballadores	Total días redución	Total horas redución
A Coruña	2	0	0	2	2	2	270	35
Lugo	0	0	0	0	0	0	0	0
Ourense	0	0	0	0	0	0	0	0
Pontevedra	15	3	7	12	167	174	3.201	311
Galicia	17	3	7	14	169	176	3.471	346

3. Medida autorizada: rescisión de contratos

	Total exptes.	Exptes. autoriz. pactados	Pactados traballadores	Exptes. autoriz. non pactados	Non pactados traballadores	Total trab. rescisión
A Coruña	16	9	96	7	27	123
Lugo	3	2	28	1	2	30
Ourense	12	11	78	1	17	95
Pontevedra	20	16	341	4	27	368
Galicia	51	38	543	13	73	616

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais



10.3. Causas dos expedientes

No capítulo das causas dos expedientes (cadro 10.4), resalta a forza maior como a que dá lugar ó maior número de expedientes e traballadores afectados, maioritariamente na medida de suspensión de contratos. No que se refire á extinción os problemas de tesourería ou financiamento e os de produción son as causas que a maior número de traballadores afectan.

■ Cadro 10.4 **Expedientes resoltos segundo a causa e os traballadores afectados. Por provincias. Galicia. 2003 ⁽¹⁾**

		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	Total
A Coruña	Nº exptes. autorizados	0	0	0	9	0	0	0	0	45	0	0	17	1	3	0	75
	Trab. afectados	0	0	0	122	0	0	0	0	126	0	0	119	10	23	0	400
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	2
	Trab. rescisión	0	0	0	76	0	0	0	0	14	0	0	10	10	13	0	123
	Trab. suspensión	0	0	0	46	0	0	0	0	110	0	0	109	0	10	0	275
Lugo	Nº exptes. autorizados	0	1	0	1	1	1	0	0	2	0	0	3	1	0	0	10
	Trab. afectados	0	9	0	15	8	13	0	0	10	0	0	35	15	0	0	105
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Trab. rescisión	0	0	0	15	0	13	0	0	2	0	0	0	0	0	0	30
	Trab. suspensión	0	9	0	0	8	0	0	0	8	0	0	35	15	0	0	75
Ourense	Nº exptes. autorizados	0	0	2	3	0	0	0	0	9	0	0	0	0	0	0	14
	Trab. afectados	0	0	22	36	0	0	0	0	63	0	0	0	0	0	0	121
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	Trab. rescisión	0	0	22	10	0	0	0	0	63	0	0	0	0	0	0	95
	Trab. suspensión	0	0	0	26	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	26
Pontevedra	Nº exptes. autorizados	0	0	1	17	0	8	0	0	51	0	0	24	11	8	0	120
	Trab. afectados	0	0	6	324	0	73	0	0	453	0	0	104	36	220	0	1.216
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	2	0	0	0	0	166	0	0	0	0	6	0	174
	Trab. rescisión	0	0	6	107	0	23	0	0	20	0	0	10	7	195	0	368
	Trab. suspensión	0	0	0	215	0	50	0	0	267	0	0	94	29	19	0	674
C. Autónoma	Nº exptes. autorizados	0	1	3	30	1	9	0	0	107	0	0	44	13	11	0	219
	Trab. afectados	0	9	28	497	8	86	0	0	652	0	0	258	61	243	0	1.842
	Trab. reduc. xornada	0	0	0	2	0	0	0	0	168	0	0	0	0	6	0	176
	Trab. rescisión	0	0	28	208	0	36	0	0	99	0	0	20	17	208	0	616
	Trab. suspensión	0	9	0	287	8	50	0	0	385	0	0	238	44	29	0	1.050

(1) Explicación das causas:

1. Falta de produtividade
2. Empresas acollidas a decretos de reconversión
3. Quebra, suspensión de pagos, débeda
4. Problemas de tesourería ou financiamento
5. Ruínas ou obras de inmobles
6. Restrición da demanda ou consumo
7. Rescisión de contratos (subcontratistas)
8. Falta de materia prima
9. Forza maior
10. Aplicación medidas económicas
11. Reestruturación de empresas de sectores non afectados por Decretos de Reconversión
12. Técnicas e/ou tecnolóxicas
13. Organizativas
14. De produción
15. Outras

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Empleo e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

10.4. Actividades económicas afectadas

En xeral, a pesca é a actividade que segue provocando, con diferenza, o maior número de expedientes e, en relación directa, afecta a máis traballadores (cadro 10.5), o que dá idea da súa conexión coa forza maior examinada nas causas e en relación cos problemas que atravesa este sector.

■ Cadro 10.5

Actividades económicas: expedientes e traballadores. Por provincias. Galicia. 2003

Cód.	Actividade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
		Expt.	Trab.	Expt.	Trab.	Expt.	Trab.	Expt.	Trab.	Expt.	Trab.
1	Agricultura, gandería, caza e servs. relacionados	1	9	0	0	0	0	0	0	1	9
2	Silvicultura, explot. forestais e servs. relacionados	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
5	Pesca, acuicultura e servizos relacionados	27	136	6	67	0	0	78	514	111	717
10	Extr. e aglom. antracita, hulla, lignito e turba	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
11	Extr. petróleo e gas natural e servs. relacionados	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
12	Extraccións minerais de uranio e torio	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
13	Extraccións minerais metálicos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
14	Extr. minerais non metálicos nin enerxéticos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
15	Industria de produtos alimenticios e bebidas	1	10	0	0	0	0	0	0	1	10
16	Industria do tabaco	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
17	Industria téxtil	0	0	0	0	1	17	2	13	3	30
18	Industria da confección e peletería	1	13	0	0	1	9	1	8	3	30
19	Industria do coiro e do calzado	0	0	0	0	0	0	1	8	1	8
20	Industria da madeira e cortiza (agás mobles)	6	24	0	0	1	13	2	76	9	113
21	Industria do papel	0	0	0	0	0	0	1	12	1	12
22	Edic. artes gráfs. e reprod. soportes gravados	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
23	Coquerías, refino petró., e trat. comb. nucleares	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
24	Industria química	1	18	0	0	0	0	1	7	2	25
25	Fabr. produtos caucho e materias plásticas	0	0	0	0	1	10	1	125	2	135
26	Fabr. doutros produtos minerais non metálicos	0	0	0	0	0	0	1	6	1	6
27	Metalurxia	1	13	0	0	0	0	0	0	1	13
28	Fabr. prods. metáls., agás maquirar. e equipo	0	0	0	0	0	0	1	9	1	9
29	Inds. construc. maquinaria e equipo mecánico	0	0	0	0	0	0	1	20	1	20
30	Fabr. máquinas oficina e equipos informáticos	0	0	0	0	0	0	2	3	2	3
31	Fabricación de maquinaria e material eléctrico	0	0	0	0	8	46	0	0	8	46
32	Fabr. mater. electrón., radio, TV e comunicacións	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
33	Fabr. eq. e instr. cirúrx. prec., ópt. e relojería	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
34	Fabr. vehíc. motor, remolques e semiremolques	0	0	0	0	0	0	1	14	1	14
35	Fabricación doutro material de transporte	3	51	0	0	0	0	7	271	10	322
36	Fabr. mobles; outras indus. manufactureiras	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
37	Reciclaxe	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
40	Prod. e distr. en. electr., gas, vapor e auga quente	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
41	Captación, depuración e distribución de auga	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
45	Construción	0	0	0	0	0	0	1	8	1	8
50	Venda, rep. vehíc. motor, venda miúdo comb.	1	1	1	15	0	0	0	0	2	16
51	Com. por xunto e interm., agás vehíc. motor	11	18	0	0	0	0	2	23	13	41
52	Com. miúdo, agás vehíc. motor, repar. domés.	10	20	2	15	0	0	6	12	18	47
55	Hostalería	6	23	1	8	1	10	2	8	10	49
60	Transporte terrestre: transporte por tubos	0	0	0	0	1	16	2	30	3	46
61	Transporte marítimo, de cabotaxe e interior	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
62	Transporte aéreo e espacial	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
63	Activs. anexas ós transportes: axencias de viaxes	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
64	Correos e telecomunicacións	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
65	Interm. financ., agás seguros e plans pensións	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
66	Seguros e plans pensións, agás S.S. obrigatoria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
67	Activs. auxiliares e intermediación financeira	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
70	Actividades inmobiliarias	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
71	Alugueiro de maquin. e equipo sen operario	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
72	Actividades informáticas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
73	Investigación e desenvolvemento	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
74	Outras actividades empresariais	1	8	0	0	0	0	4	22	5	30
75	Admón. Pública, Defensa e S.S. obrigatoria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
80	Educación	5	56	0	0	0	0	1	7	6	63
85	Activs. sanitarias e veterinarias, servs. sociais	0	0	0	0	0	0	1	19	1	19
90	Actividades de saneamento público	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
91	Actividades asociativas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
92	Activs. recreativas, culturais e deportivas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
93	Actividades diversas de servizos persoais	0	0	0	0	0	0	1	1	1	1
95	Fogares que empregan persoal doméstico	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
99	Organismos extraterritoriais	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total		75	400	10	105	14	121	120	1.216	219	1.842

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

Expedientes Tramitados na DXRRLL. 2003

■ Cadro 10.6

	Nº expedientes
Recursos de alzada	9
Informes Exp. Administración Central	23
Total	32

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Empleo e Relacións Laborais. Dirección Xeral de Relacións Laborais

10.5. Evolución experimentada



As consideracións apuntadas ó comezo deste capítulo impiden extraer conclusións na evolución dos expedientes de regulación de emprego dada a variación normativa, aínda que unha observación simple dos últimos anos (cadro 10.7), sen entrar na súa análise, reflicte unha clara diminución en relación cos inmediatamente anteriores, tanto no número de expedientes como nos traballadores afectados por eles.

Evolución dos expedientes de regulación de emprego autorizados e traballadores afectados. Galicia. 1991-2003

■ Cadro 10.7

	Nº expedientes	Traballadores afectados
1991	978	28.370
1992	1.007	26.019
1993	1.312	43.968
1994	1.006	20.995
1995	943	27.260
1996	588	10.030
1997	543	8.005
1998	508	7.900
1999	642	8.247
2000	453	7.505
2001	608	6.599
2002	407	3.533
2003	301	2.349

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais



10.6. O Fondo de Garantía Salarial

A información que aquí se ofrece refírese ás prestacións económicas satisfeitas polo Fondo de Garantía Salarial. Ditas prestacións teñen fundamentalmente dúas finalidades:

■ Garantir ós traballadores por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pago como consecuencia dos desequilibrios patrimoniais das empresas, nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagos, quebra, forza maior ou concurso de acredores. Estas circunstancias deben ser recoñecidas pola sentenza ou resolución da autoridade laboral, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación ou sentenza de recoñecemento, nos supostos de salarios.

■ Aboar o 40 por cento das indemnizacións legais que correspondan ós traballadores derivadas do despedimento colectivo ou despedimento por causas obxectivas nas empresas de menos de vintecinco traballadores, segundo se establece no art. 33.8 do Estatuto dos traballadores.

As principais disposicións legais vixentes durante o período de referencia dos datos son as seguintes: Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo que se establece a natureza, organización e funcionamento do Fondo de Garantía Salarial; Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei do Estatuto dos Traballadores.

Os datos proceden da estatística que elabora o Fondo de Garantía Salarial en base ós expedientes tramitados por dito organismo e que publica, mensualmente, na súa publicación.

As prestacións “por insolvencia” inclúen o importe das indemnizacións e dos salarios pendentes de pagamento motivados por declaración de insolvencia das

empresas, suspensión de pagamentos, quebra, concurso de acredores e forza maior así como os salarios de tramitación acordados pola xurisdición competente.

As prestacións “por regulación” inclúen, unicamente, os supostos derivados do artigo 33.8 do Estatuto dos traballadores, é dicir, as indemnizacións correspondentes ó 40 por cento da indemnización legal que corresponda ós traballadores de empresas de menos de vinte e cinco traballadores nos casos de despedimento colectivo e despedimento por causas obxectivas derivadas da necesidade de amortizar postos de traballo fundada en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción; en ámbolos supostos, o Fondo faise cargo de ditas prestacións sen necesidade de declaración de insolvencia das empresas.

Nos casos de despedimento colectivo e despedimento por causas obxectivas en empresas de máis de vinte e cinco traballadores, o Fondo unicamente intervéen cando posteriormente se declara a insolvencia das empresas; en consecuencia, as cantidades satisfeitas en ditos supostos inclúense no apartado “por insolvencia”.

Os datos dos cadros 10.8 e 10.10 permítenos observar que o importe total das prestacións económicas, aboadas en 2003 en Galicia é de 14.512,0 (2002: 17.361,3) miles de euros, o que representa un 7,89% do total de España (220.596,7). De tales importes o 90,35% ten a súa causa na insolvencia empresarial, en tanto que un 9,64% teñen a súa orixe na regulación de emprego. Do total das prestacións acordadas en Galicia derivadas da insolvencia (13.112,0 euros) un 40,80% serviron para aboar salarios debidos e garantidos, en tanto que o 59,20 do aboado, o foi por indemnizacións.

O cadro 10.9 infórmanos, así mesmo, do número de empresas afectadas e de traballadores beneficiarios do FOGASA. En 2003, o número de empresas foron 1657 (2002: 1.301) e o número de traballadores 4.713 (en 2001: 4.581).

Os cadros que seguen, informan con maior detalle doutros indicadores desagregados (cadros 10.11 e 10.12).

Importe das prestacións acordadas polo FOGASA. Por provincias. Galicia/España. 2002-2003

■ Cadro 10.8


	Valores absolutos ⁽¹⁾		Variacións sobre ano anterior					
	2002	2003	Absolutas ⁽¹⁾			Relativas ⁽²⁾		
			2001	2002	2003	2001	2002	2003
A Coruña	5.189,4	5.422,6	-2.338,1	1.696,6	233,3	-40,1	48,6	4,5
Lugo	1.082,2	1.376,1	360,2	-72,1	294,0	45,4	-6,2	27,2
Ourense	698,9	560,1	-378,8	32,1	-138,7	-36,2	4,8	-19,9
Pontevedra	10.390,9	7.153,2	-1.034,8	6.168,6	-3.237,7	-19,7	146,1	-31,2
Galicia	17.361,4	14.512,0	-3.391,5	7.825,2	-2.849,1	-26,2	82,1	-16,4
España	220.005,7	220.596,7	-13.978,7	5.162,1	591,0	-6,1	2,4	0,3

(1) Datos en miles de euros

(2) Datos en porcentaxes

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Evolución dos valores absolutos dos importes das prestacións




**Empresas afectadas e traballadores beneficiarios do FOGASA.
Pola causa da prestación e provincias. Galicia/España. 2002-2003**

■ Cadro 10.9


	Total				Por insolvencia				Por regulación			
	Empresas		Traballadores		Empresas		Traballadores		Empresas		Traballadores	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
A Coruña	563	826	1.690	1.896	389	618	1.291	1.512	174	208	399	384
Lugo	206	184	450	386	172	153	325	331	34	31	125	55
Ourense	136	147	253	232	113	113	208	172	23	34	45	60
Pontevedra	396	500	2.188	2.199	350	428	2.018	2.015	46	72	170	184
Galicia	1.301	1.657	4.581	4.713	1.024	1.312	3.842	4.030	277	345	739	683
España	27.195	29.803	73.538	76.260	18.889	21.084	56.438	58.203	8.306	8.719	17.100	18.057

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Evolución dos traballadores beneficiarios



Evolución das empresas afectadas



**Evolución do importe das prestacións acordadas polo FOGASA.
Pola causa e provincias. Galicia / España. 2003**

■ Cadro 10.10

	Total	Prestacións por insolvencia			Prestacións por regulación
		Subtotal	Salarios	Indemnizacións	
A Coruña	5.422,7	4.646,9	2.230,5	2.416,4	775,8
Lugo	1.376,1	1.232,9	628,1	604,8	143,2
Ourense	560,1	432,0	281,7	150,3	128,1
Pontevedra	7.153,1	6.800,2	2.209,6	4.590,6	352,9
Galicia	14.512,0	13.112,0	5.349,9	7.762,1	1.400,0
España	220.596,6	189.763,8	95.975,3	93.788,5	30.832,8

Datos en miles de euros

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

**Evolución do importe das prestacións acordadas polo FOGASA.
Por insolvencia e provincias. Galicia/España. 2002-2003**

■ Cadro 10.11


	Valores absolutos ⁽¹⁾		Variacións sobre ano anterior					
			Absolutas ⁽¹⁾			Relativas ⁽²⁾		
	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
A Coruña	4.410,6	4.646,9	-2.196,5	1.315,1	236,2	-41,5	42,5	5,4
Lugo	875,5	1.232,9	391,5	875,5	357,4	57,0	-18,8	40,8
Ourense	617,5	432,0	-378,8	617,5	-185,5	-40,5	11,2	-30,0
Pontevedra	10.096,5	6.800,2	-1.043,7	10.096,5	-3.296,3	-20,8	153,7	-32,6
Galicia	16.000,2	13.112,0	-3.227,5	7.291,4	-2.888,2	-27,0	83,7	-18,1
España	191.166,7	189.763,9	-11.788,1	1.504,2	-1.402,9	-5,9	0,8	0,7

(1) Datos en miles de euros

(2) Datos en porcentaxes

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

Evolución dos valores absolutos. 2002-2003



**Evolución do importe das prestacións acordadas polo FOGASA.
Por regulación e provincias. Galicia/España. 2002-2003**

■ Cadro 10.12

	Valores absolutos ⁽¹⁾		Variacións sobre o ano anterior					
			Absolutas ⁽¹⁾			Relativas ⁽²⁾		
	2002	2003	2001	2002	2003	2001	2002	2003
A Coruña	778,7	775,8	-141,6	778,7	-3,0	-26,3	96,0	-0,4
Lugo	206,7	143,2	-31,3	206,7	-63,4	-29,3	174,1	-30,7
Ourense	81,3	128,1	0,0	81,3	46,8	0,0	-26,9	57,5
Pontevedra	294,4	352,9	8,9	294,4	58,5	3,8	21,0	19,9
Galicia	1.361,1	1.400,0	-164,0	1.361,1	38,9	-16,5	64,5	2,9
España	28.839,0	30.832,8	-2.190,6	3.658,0	1.993,9	-8,0	14,5	6,9

(1) Datos en miles de euros

(2) Datos en porcentaxes

Fonte: Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Subdirección Xeral de Estatísticas Sociais e Laborais. Anuario de Estatísticas Laborais e de Asuntos Sociais

11.1 Introducción

A previsión social ante situacións individuais e familiares de necesidade artículase mediante sistemas de protección social que amparan ós cidadáns e ás súas familias ante continxencias como a estabilidade no emprego, a enfermidade, a incapacidade e a morte.

Os sistemas de protección social dos modernos estados constitúen tamén un enorme mecanismo económico-social que promove a evolución das sociedades e o equilibrio territorial, e orixina un importante efecto de redistribución das rendas que comporta un valor de solidariedade que é, sen dúbida, o aspecto máis característico desta, xa que coas súas realizacións vén a atender necesidades de contido individual e social impoñendo sacrificios ós mozos respecto dos vellos; ós sans respecto dos enfermos; ós ocupados respecto dos que se atopan en situación de desemprego; ós vivos respecto dos falecidos; ós que non teñen cargas familiares respecto dos que as teñen e ós de actividades económicas en auxe respecto dos sectores deprimidos.

No noso país podemos contempla-la protección social distinguindo dous grandes apartados: dunha parte, as pensións e prestacións do sistema de Seguridade Social vinculadas ó contrato de traballo ou ó desempeño dunha actividade por conta propia que constitúen a rama contributiva do sistema, e doutra, a cobertura asistencial que abrangue xunto coas pensións non contributivas da Seguridade Social e a Renda de Integración Social (RISGA), as derivadas da Lei de integración social do minusválido (LISMI) e as prestacións a extinguir do Fondo de Asistencia Social (FAS).

Xunto a estas dúas vertentes haberá que engadir unha terceira conformada pola previsión complementaria, que como sinala a Constitución (artigo 41, último inciso) é libre e, polo tanto, non é obxecto de tratamento neste informe.

O modelo actual da Seguridade Social en España, que arrancando dos anos sesenta do pasado século, perfecciónase e consolídase nos setenta, e que ten como expresión máis significativa a Constitución Española, en concreto o seu artigo 41 impón “ós poderes públicos o mantemento dun réxime público de Seguridade Social para tódolos cidadáns que garanta a asistencia e prestacións sociais ante situacións de necesidade, especialmente no caso de desemprego...”, complementado coas imposicións a ditos poderes públicos das obrigas específicas de protección social á familia (artigo 39.1), así como ós fillos e ás nais (artigo 39.2), realizar unha política de previsión e tratamento dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos (artigo 49), ademais de garantir, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas a suficiencia económica para os cidadáns da terceira idade.

A Seguridade Social vén de experimentar nestes últimos anos importantes modificacións nas prestacións. En efecto, a partir de 1991 introdúcese no sistema as pensións non contributivas e, en 1995, créase a figura da incapacidade temporal como unha síntese das de incapacidade laboral transitoria (ILT) e a invalidez provisional, que desaparecen integrándose na nova figura. Así mesmo, desvincúlase da incapacidade temporal a continxencia de maternidade, que adquire categoría autónoma, cunha cobertura do 100 por 100 da base reguladora.

O Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, o 6 de abril de 1995, coa práctica unanimidade da Cámara, o Informe de la Ponencia para el análisis de los problemas estructurales del Sistema de la Seguridad Social y de las principales reformas que deberán acometerse, máis coñecido como “Pacto de Toledo” que representa o consenso político en torno ás liñas de futuro do sistema de pensións no noso país. O pacto, aínda que de contido xenérico, representa o compromiso sólido no mantemento e consolidación do actual sistema de protección social garantindo a súa viabilidade futura a través da adopción de medidas -o pacto contempla 15 recomendacións- que permitan a súa adaptación constante ás novas realidades e retos que se poidan presentar.

O 9 de outubro de 1996 subscríbese polo presidente do Goberno e os secretarios xerais de Comisións Obreiras e da Unión Xeral de Traballadores o *Acuerdo sobre consolidación y racionalización del sistema de la Seguridad Social* que, con vixencia ata 2000, senta as bases sobre as que se deberán desenvolver as recomendacións do Pacto de Toledo, acordo que tivo a súa plasmación na Lei 24/1997, do 15 de xullo, que contempla as seguintes medidas: 1) A separación financeira da Seguridade Social; 2) A constitución de reservas; 3) O establecemento gradual dun único tope de cotización para tódalas categorías profesionais; 4) A introducción de maiores elementos de contribución e proporcionalidade no acceso e determinación da contía das pensións de

xubilación e, coa finalidade de establecer unha maior seguridade xurídica na determinación das pensións de invalidez, prevese a elaboración dunha lista de enfermidades; 5) A mellora do tempo de duración das pensións de orfandade; 6) As melloras das contías das prestacións mínimas na súa contía inferior de viuvez; 7) O establecemento da revalorización automática das pensións, en función da variación dos prezos, a través da fórmula estable contida, de forma permanente, na propia LXSS; e 8) Previsión do desenvolvemento legal do tope de cobertura das pensións como forma de introduci-los elementos da seguridade xurídica e financeira.

A Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras establece entre outras medidas unha nova prestación dentro da acción protectora da Seguridade Social, a de risco durante o embarazo co obxecto de protexer a saúde da muller traballadora.

O 9 de abril de 2001 asinou polo goberno do Estado coa central sindical Comisións Obreiras, a CEOE e a CEPYME un novo acordo sobre a mellora e o desenvolvemento do sistema de protección social que no referente ás pensións contempla como principais acordos:

1) En materia de xubilación:

- A eliminación do requisito do comezo a cotizar antes de 1967 para ter dereito á xubilación anticipada: o dereito ó retiro anticipado estendese ós maiores de 61 anos de idade que contén como mínimo con 30 anos de cotización e que leven 6 meses no paro. Xunto a isto establécese un novo coeficiente reductor anual en función dos anos cotizados que vai desde o 6% para os que acrediten 40 ou máis anos ata o 8% de 30 a 31 anos.
- Establecemento de medidas de xubilación parcial que posibiliten a compatibilidade entre o percibo dunha pensión e o desenvolvemento de actividades laborais.

Ditos acordos implementáronse normativamente no Real decreto–Lei 16/2001, de 27 de decembro de 2001, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.

2) En materia de prestacións de morte e supervivencia:

- A base reguladora das pensións de viuvez sube do 45% no 2001 ó 52% na actualidade: 2004. No ano 2002 estableceuse no 46%. Para persoas con cargas familiares elevarase ata o 70%, sempre que a pensión constituía a principal ou única fonte de ingresos e que a contía total dos seus ingresos non superen o previsto en cada exercicio económico para o recoñecemento dos complementos por mínimos.
- Elevación a 22 anos a idade máxima para percibi-la pensión de orfandade con carácter xeral e ata os 24 anos cando faleceran os dous proxenitores.

Ámbalas dúas medidas plasmáronse normativamente no Real decreto 1465/2001, do 27 de decembro, de modificación parcial do réxime xurídico das prestacións de morte e supervivencia.

3) Compromiso de aumento das pensións mínimas de xubilación e viuvez de menores de 65 anos e as non concorrentes do extinguido SOVI.

4) Inclusión na acción protectora dos autónomos, dos autónomos do especial agrario e dos de traballadores do mar, da prestación de incapacidade total cualificada –maiores de 55 anos-.

Ademais establécense acordos sobre:

Dotación anual do fondo de reserva: -unha mensuralidade do importe total das pensións máis a parte proporcional das pagas extraordinarias-, chegando a dita contía a finais do ano 2004.

Establecemento dun prazo non superior a doce anos para levar a cabo a separación de fontes con respecto ó financiamento do complemento de mínimos.

E por último mantense o período de cálculo da pensión de xubilación que de acordo co previsto actualmente irá aumentando ata 15 anos no 2003 e nese ano as partes asinantes comprométense a toma-las medidas oportunas para a adopción da “forma máis idónea para o cálculo das prestacións”.

